

Lingua e Comunicación
IV Xornadas sobre Lingua e Usos

Edición a cargo de Xosé Ramón Freixeiro, Marisol Ríos e Lucía Filloy

A Coruña 2008

Servizo de Normalización Lingüística
Servizo de Publicacións

Universidade da Coruña

Lingua e Comunicación. IV Xornadas sobre Lingua e Usos
Edición a cargo de Xosé Ramón Freixeiro, Marisol Ríos e Lucía Filloy
A Coruña, 2008
Universidade da Coruña
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
Entidades colaboradoras: Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; Deputación da Coruña
Cursos_Congresos_Simposios, núm. 93

212 páxinas
17 x 24 cm.
Índice: páxinas 5-6

ISBN: 978-84-9749-274-4
Depósito legal: C 658 - 2008

Materia: 80: Lingüística, Filoloxía. 806.99: Lingua galega

Edición:

Freixeiro Mato, Xosé Ramón
Ríos Noya, Marisol
Filloy López, Lucía
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
<http://www.udc.es/snl>
<http://www.udc.es/publicaciones>

©Os autores
©Universidade da Coruña

Distribución:

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO, Estrada da Estación 70-A,
36818, A Portela, Redondela (Pontevedra) Tel. 986 405 051
Fax: 986 404 935, correo electrónico: pedimentos@coegal.com

España: BREOGÁN, C/ Lanuza, 11. 28022, Madrid. Tel. 91 725 90 72.
Fax: 91 713 06 31, correo electrónico: webmaster@breogan.org.
Web: <http://www.breogan.org>

Deseño da cuberta: Julia Núñez Calo
Imprime: Lugami Artes Gráficas

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do copyright.

Índice

Limiar dos editores	7
Presentación do reitor	9
Presentación do director do Servizo de Normalización Lingüística	11
Camilo Nogueira A independencia e a universalidade da lingua galega	15
Xosé Luís Vilela O papel do galego na prensa escrita maioritariamente en castelán. O caso de <i>La Voz de Galicia</i>	31
Afonso Eiré O futuro do galego nos medios de comunicación	37
Caetano Díaz Prensa en galego: entre a caldeirada e o ADN	41
Ramón Vilar Landeira A prensa dixital en galego desde a experiencia de <i>Vieiros</i>	49
Carme Hermida Gulías A cantidade e a calidade do galego nos medios	57
Raúl Veiga A lingua da ficción audiovisual	75
Ana Romani Lingua e cultura na radio. A experiencia do Diario cultural	95

Federico Pérez Rey O galego no humor	103
Luís Iglesia Besteiro O modelo de galego na dobraxe	109
Luz Méndez O modelo de galego oral na televisión	119
Ângelo Gonçalves Vicente Un cadro teórico para as relacións da Galiza co resto de países de fala galego-portuguesa	135
Miguel Túñez López As noticias en galego	153
Xosé Carlos Caneiro A negación do arquetipo (A escrita: función social e agonía)	169
Rosa Aneiros A lingua galega na prensa: unha singradura de presenzas e ausencias. O caso dos primeiros textos en galego na prensa do século XIX	181
Xurxo Souto Función dos medios de comunicación no prestixio do galego	197
Suso de Toro Lingua, literatura e medios	205

Limiar

OS EDITORES

Este volume recolle os textos que os relatores e relatoras participantes, tanto conferencistas como membros das mesas redondas, expuxeron no desenvolvemento das IV Xornadas sobre Lingua e Usos que, so a denominación nesta ocasión de Lingua e Comunicación, tiveron lugar no Paraninfo da Universidade da Coruña durante os días 7, 8 e 9 de novembro de 2007.

As xornadas, como vén sendo habitual, foron organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística desta universidade en colaboración coa Real Academia Galega e contaron coa axuda económica da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Deputación da Coruña.

O alto número de persoas inscritas e finalmente asistentes vén a demostrar a consolidación desta cita anual na UDC como foro de reflexión e debate a respecto da situación da lingua galega nos diferentes ámbitos sociais en que debe estar presente con forza para así poder garantir o seu futuro.

Ao tratar sobre a presenza do galego no mundo da comunicación, a UDC abre o campo de análise da situación sociolingüística a espazos non exclusivamente universitarios, seguindo as directrices do seu Plano de normalización lingüística, que fixa tamén como un dos obxectivos a dinamización da lingua galega no contorno social en que está inserida e o seu contributo á normalización lingüística no conxunto da sociedade galega.

Ninguén pode discutir que o mundo da comunicación está a alcanzar cada día unha maior relevancia e que ningunha lingua pode conseguir na situación actual a súa normalización se non garante unha presenza importante nese ámbito.

Nos textos que veñen a seguir analízase a presenza cuantitativa do galego nos medios de comunicación, mais tamén a calidade da lingua por eles utilizada. Se no relativo á primeira se poñen de manifesto graves carencias, canto á segunda, aínda que se observan importantes avances, tamén se constata a necesidade de mellorar.

Esperamos, pois, que a publicación destas actas poida contribuír a espallar a necesaria reflexión sobre o galego nos medios e a incrementarmos a súa presenza e calidade neles. Tamén a reafirmarmos o seu valor como lingua internacional de comunicación.

Presentación

JOSÉ MARÍA BARJA PÉREZ

Reitor

Logo das intervencións que vimos de escoitar, a min, como reitor desta Universidade da Coruña non me queda máis que pechar este prólogo protocolario co que abrimos as Cuartas Xornadas Sobre Lingua e Usos, organizadas conxuntamente polo noso Servizo de Normalización Lingüística e pola Real Academia Galega.

Pero non quixera deixar pasar a oportunidade para reiterar o compromiso da nosa universidade coa normalización lingüística en todos os eidos: docencia, investigación e xestión. Un compromiso non só selado con solemnidade nos nosos Estatutos e no vixente Plano Estratéxico, senón que tentamos desenvolver con accións de goberno como o xa mencionado aquí Plano de Normalización Lingüística, aprobado hai agora un ano.

Estamos comprometidos co seu desenvolvemento, porque pensamos que a universidade debe ser exemplo e referencia para o conxunto da sociedade galega. É evidente que partimos dunha situación que deixa moito que desexar, cun abraiante predominio do castelán en todos os ámbitos da vida cotiá en aulas, laboratorios e oficinas.

Na universidade, como nos medios de comunicación e noutros eidos, non se corresponde o nivel do coñecemento do galego co nivel do seu uso ordinario para a relación oral ou escrita. Sen dúbida, unha anomalía. Sen dúbida, un asunto complexo, cheo de matices, sobre os que se poderá reflexionar nestes tres días de conferencias e mesas redondas programadas no Paraninfo.

A este reitor gustaríalle acadar en xeral, na comunidade universitaria, o nivel de emprego do galego que temos na comunicación informativa interna e externa. Ao longo destes catro anos de goberno galeguizamos completamente tanto os medios de

información propios (sitio web, boletín informativo etc.) como a información que trasladamos á sociedade a través dos medios de comunicación. Esperamos poder completar o proceso de normalización na comunicación publicitaria, que xa se fai en exclusiva en galego cando sae da Reitoría e da maioría dos centros, pero aínda hai excepcións.

Nada máis pola miña banda. Estou seguro de que as xornadas van dar resposta á expectativa xerada entre o elevado número de estudantes e profesionais matriculados e matriculadas.

A Coruña, 7 de novembro de 2007

Presentación

XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO

Director do Servizo de Normalización Lingüística

Máis unha vez, o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, en colaboración coa Real Academia Galega, organiza unhas xornadas sobre Lingua e Usos, sobre os usos da lingua galega en definitiva, que este ano levan por título específico Lingua e Comunicación. Estas xornadas enmárcanse dentro das actividades de dinamización lingüística que o SNL ten encomendadas, xuntamente coas de formación e asesoramento, para que a lingua galega vaia ocupando o espazo que como lingua propia da institución lle corresponde en todos os ámbitos de actuación da UDC e tamén no contorno en que está inserida. Ao labor de dinamización social do uso do galego tampouco é nin pode ser allea a RAG, que, alén de veciña, é tamén entidade colaboradora neste evento. Estaba nesta ocasión programada a última sesión na súa sede da rúa Tabernas, mais por obras que alí se están a realizar todas as sesións terán lugar aquí, neste Paraninfo, onde a Universidade acolle os seus eventos máis sobranceiros.

Son moitos os ámbitos que precisarían dunhas xornadas de reflexión sobre os usos da lingua galega. No entanto, a ninguén se lle escapa que un dos máis destacados neste momento é o da comunicación, pois nunca como hoxe tivo esta tanta influencia no emprego e na difusión das linguas. Non é preciso irmos moitos anos atrás para comprobarmos que até non hai relativamente moito tempo as persoas galegofalantes só ocasionalmente recibían mensaxes noutros códigos lingüísticos, situación que nos últimos tempos mudou de forma radical. Os medios de comunicación multiplicáronse e tamén se multiplicou a súa capacidade de incidencia social, chegando na actualidade a todos os recantos do noso país.

Esta nova realidade fai que os tempos dos procesos de mudanza de lingua se vexan alterados de forma radical e, así, o proceso de substitución lingüística no noso país,

que en 500 anos non conseguiu colocar a lingua castelá por riba da lingua propia en número de falantes, pode verse agora acelerado de forma vertixinosa xustamente pola influencia dos novos e poderosos medios de comunicación. O galego necesita participar con forza neses novos ámbitos da comunicación para non ser definitivamente desprazado ou varrido no seu propio territorio. Necesita facerse un espazo propio no mundo da comunicación que lle garanta a supervivencia. Porque avisos de que esta se ve seriamente ameazada están a nos chegar constantemente, tamén nestes días e de estudos vinculados a institucións aquí representadas. De aí a oportunidade e a necesidade de reflexionarmos sobre a presenza e o uso do galego no mundo da comunicación.

Porén, aínda persisten vellos prexuízos a este respecto, talvez algo disfrazados. Se callar, xa non se nos di abertamente que o galego é unha lingua rural ou non apta para a complexidade da vida actual, mais preténdesenos persuadir –as persuasións doces do poder de que fala Jesús Tuson– de que debemos usar as grandes linguas de comunicación, renunciando a aquela que nós fomos quen de crearmos e que nos identifica. Todas as linguas son de comunicación, porque naceron para nos comunicarmos. Ou haberá linguas de enmudecemento? É que non nos podemos comunicar en galego? É que en galego non estamos no mundo?

Aínda na UDC existen esporadicamente, como existen en toda a sociedade, algunhas resistencias ou inercias que están asociadas a eses prexuízos e que afectan directamente o ámbito da comunicación. Aínda hai quen pensa que un anuncio publicitario dunha actividade universitaria nun medio de comunicación non é tan eficaz en galego, cando a experiencia e os estudos realizados ao respecto demostran o contrario. O galego vende porque ten un valor acrecentado, o valor identitario. E vende tamén na universidade, a pesar de que a súa presenza na docencia está a uns niveis moi inferiores aos que lle corresponden como lingua propia da institución.

A lingua galega, e infelizmente isto non é novidade, está nunha situación preocupante, como acabamos de constatar, máis unha vez, no Mapa Sociolingüístico de 2004 que se vén de dar a coñecer. Ou tomamos a serio esta situación ou o futuro se nos presenta cheo de nubeiros. Tamén, de certo, na Universidade. A UDC está no final dun mandato de catro anos onde por primeira vez se deron pasos para avanzarmos na normalización lingüística: dotación básica do SNL, Regulamento de usos da lingua galega, Plano de normalización lingüística (e Comisión de Seguimento) etc. No próximo mandato deberase dar un salto cualitativo importante: dotación de medios humanos e materiais para a consolidación dun SNL acorde coas funcións que debe desenvolver, cumprimento efectivo das normas de que a institución democraticamente se dotou en materia de normalización lingüística etc. A Universidade, como espello de

prestixio en que a sociedade se ollar, debe de estar á vangarda na defensa da súa lingua propia, tamén como lingua de comunicación e de proxección exterior. Este ano visitounos un grupo de estudantes de galego da Universidade alemá de Tübingen, e en xullo realizamos o noso I Curso de Verán para Estranxeiros con alta participación. Hai pouco acabamos de recibir un grupo numeroso de alumnado Erasmus que foi saudado en lingua galega e con esta como un dos atractivos da súa estadía entre nós. Varios deles están xa anotados a cursos de galego e algúns participan nestas xornadas. Como aconteceu na Idade Media, o galego volta a ser, sen nunca deixar de selo, un idioma para a comunicación, e xamais un obstáculo como ás veces nolo queren presentar.

Estas IV Xornadas sobre Lingua e Comunicación teñen, pois, un interese especial e un programa que me atrevo a cualificar de atraente e suxestivo, como tamén semella demostrar a grande participación, con arredor de 260 persoas inscritas. Estamos seguros de que as expectativas despertadas se verán confirmadas no desenvolvemento das sesións. Catro son os eixos en que se articulan: a proxección internacional do galego como lingua de comunicación mediante a vinculación coa lusofonía (ou mellor dicirmos galeguía?), a súa presenza nos medios escritos e audiovisuais, o modelo de lingua que se está a conformar (a calidade lingüística nos medios) e tamén o papel dos escritores e escritoras como comunicadores.

Na nosa condición de organizadores destas xornadas, agradecemos o apoio económico da SXPL e da Deputación da Coruña, así como a colaboración da RAG. Agardamos que un e outra teñan continuidade para así consolidarmos este foro de debate e reflexión, contando tamén de certo coa importante e imprescindible participación de todas as persoas aquí presentes, que igualmente agradecemos, moitas xa fieis asistentes en cada convocatoria e garantía última do suceso da súa anual realización. Tamén quero agradecer especialmente a colaboración do persoal do SNL, que ten de procurar tempo para atender estas e outras moitas tarefas.

Finalmente, desexo igualmente saudar e agradecer a presenza neste acto da concelleira de Mocidade e Normalización Lingüística do Concello da Coruña, institución cuxa incorporación ao proceso de normalización, longamente desexada, resulta fundamental para entre todos e todas conseguirmos os obxectivos fixados.

Obrigado, pois, a cantas persoas participan, dunha forma ou doutra, na organización e desenvolvemento destas xornadas.

A independencia e a universalidade da lingua galega

CAMILO NOGUEIRA

Exdeputado galego e europeo

Un cuarto de século despois de ser aprobada a Lei de normalización lingüística é o momento de facer unha lectura política comprensiva dos problemas existentes e das condicións necesarias para a galego conseguir definitivamente o status institucional e o uso global propio dunha lingua nacional. Sábese da experiencia contraditoria da cooficialidade do galego nunha situación constitucional subordinada. Viviuse unha radical transformación da estrutura económica e social de Galiza, tornando de basicamente rural e agraria a urbana e industrial. Se ben é certo que se esvaen os rancios argumentos –propios da ideoloxía de todos os estados negadores da diversidade nacional interna– sobre a rusticidade do galego e a súa inutilidade na sociedade contemporánea, enxérgase unha ofensiva dos poderes políticos e civís do Estado español en prol do castelán, presentándoo como «a lingua superior e de todos» e facendo todo o posíbel por potencialo –e non principalmente fronte ao inglés–, ao tempo que se pretende encerrar ao galego no seu territorio e na condición de lingua minoritaria.

Con esta experiencia, resulta obrigado resituarse a cuestión da lingua galega no terreno público e institucional que lle corresponde, superando as posicións dos seus *inimigos*, que respiran pola ideoloxía e os castizos intereses uniformizadores do Estado español e salientando que as institucións autónomas teñen que asumir a súa responsabilidade a respecto da lingua propia: como ocorre con calquera lingua nacional neste tempo, a normalización do uso do galego precisa dunha entidade territorial de tipo estatal en que estea recoñecida e empregada como oficial en todos os ámbitos da vida, sen ficar sometida a outra lingua, por moito que a xente tamén a coñeza e a utilice.

Ninguén pode pretender que nas estruturas do estado contemporáneo e da sociedade industrial e urbana, e fronte a un estado que designe a outra como a única lingua nacional, a continuidade do uso pleno dunha lingua dependa sobre todo dunha suma de decisións persoais. Os cidadáns dunha nación negada poden optar por transmitiren a lingua propia aos seus fillos, mais a reunión de esforzos individuais non abonda para convertela nunha lingua de estado usada plenamente na Administración, na economía, nos medios de comunicación.

Só nacións sen estado, como Galiza, teñen que enfrentarse a un argumento tan prepotente como absurdo de que a lingua oficial do Estado debe ser coñecida por todos, en tanto que o coñecemento da propia se somete a unha enganadora visión da liberdade individual, ocultando que –sen contradición coas liberdades individuais e de acordo con elas–, todas as linguas son sociais e todas as linguas nacionais precisan dun carácter territorial e institucional de tipo estatal.

No caso galego resulta preciso asemade convencer os sinceramente amigos da lingua –os que a teñen inequivocamente por nacional– que non acaban de aceptar que na procura da normalización do galego como lingua nacional é conveniente a converxencia da norma oficial coa do galaico-portugués de Portugal, Brasil, Angola, São Tomé e Príncipe, Cabo Verde, Guinea Bissau, Moçambique e Timor Leste: de Fisterra a Brasil e dos Ocos a Moçambique, a lingua galaico-portuguesa é falada por 238 millóns de persoas, que nunha parte gozan tamén de linguas orixinarias.

O galaico-portugués ten un futuro garantido nos estados onde dispón do carácter constitucional de lingua nacional, sendo usada na Administración, os servizos públicos ou a acción política, os medios de comunicación, a economía, a educación, os oficios relixiosos, a ciencia, a canción, o cinema, o teatro. Neles, a ninguén se lle ocorre afirmar algo tan absurdo como que o seu idioma non debe ser imposto. Constituiría unha rara brincadeira que alguén se referise ao dereito individual a non educar os fillos nesa lingua –tal como o significaría que algún cidadán inventase ese dereito en Canberra fronte ao inglés, en Lyon contra o francés ou na Habana a respecto do castelán. Para permanecer neses estados o idioma non precisa dun esforzo especial das familias, que a prolongan de xeito espontáneo. O facto de algúns deses estados, poñamos por caso Cabo Verde, contar cunha poboación reducida non leva os cidadáns a pensaren que a súa lingua é minoritaria. Sería contrario á razón dicir que está en perigo de desaparición.

Porén, entre os países do tronco galaico-portugués Galiza constitúe en todo isto unha excepción: todos eses tópicos pairan sobre a sociedade galega. É unha excepción porque entre todos aqueles países da mesma lingua é o único que non conta cun esta-

do propio, non estando tampouco integrada nun estado que se recoñeza como plurinacional e plurilingüe e acepte para o galego a función de lingua territorial, como ocorre en Suíza co francés, o alemán, o italiano ou o retorromano.

Neste contexto, a situación do galego é contraditoria. Tendo en conta as mudanzas económicas e sociolóxicas que se produciron no país, a cooficialidade evitou que as transformacións lingüísticas sufridas fosen moito máis destrutivas. Non obstante, mostrando un desleixo culpábel, en tanto que se fortalecía a acción obxectiva do Estado para substituír o galego polo castelán, as institucións de goberno saídas do Estatuto de Autonomía estragaron en boa medida os largos anos en que dispuxeron instrumentos de normalización de que se carecera durante centurias.

O galego mantense como maioritario fronte ao castelán, mais esta realidade responde ao que sucede no ámbito familiar e nas relacións sociais, non nas económico-empresariais, nin noutros ámbitos públicos determinantes. Sendo a lingua das institucións políticas, principalmente do Parlamento, padece a negligencia na aplicación de normas autonómicas que afectan o seu uso. As escolas e os institutos seguen a ser instrumentos de castelanización de alumnos galegofalantes. A presenza nos medios de comunicación é abertamente minoritaria. No culto católico non ten máis que unha presenza residual. Se na creación cultural e literaria en Galiza dispón dunha posición hexemónica, a influencia diaria en Galiza das expresións estatais a través do castelán é esmagadora.

A xente acepta maioritariamente os procesos de normalización que se emprenden, existindo unha poboación relativamente educada na lingua, e experimentándose unha fortaleza admirábel no uso familiar e público do galego en largas capas sociais e zonas xeográficas, mais as intencións normalizadoras atopan a oposición expresa ou raposa, mesmo en contra da legalidade, das *elites* altas ou medias, interesada e ideoloxicamente *españolizadas*.

Neste marco, a realidade da universalidade da súa lingua fornece a Galiza un decisivo factor de independencia lingüística e cultural.

CINCO SÉCULOS DE RESISTENCIA

Marxinado polas institucións da monarquía e do Estado, o galego resistiu como lingua popular durante unha longa travesía de 500 anos. Superou a brutal transformación da estrutura económica e social que se produciu no século XX, cando os traballadores nas economías agraria e pesqueira pasaron de suporen o 80% a seren o 10% da popu-

lación activa. Mantívose inclusivamente como lingua maioritaria durante as dúas últimas décadas de intensa urbanización.

Fronte ao castelán, aínda agora privilexiado constitucional e materialmente, despois de ser maioritario no país e lingua única no ámbito agrario e rural, o galego puido ser engulido e apagado irremediabelmente no buraco negro da lingua estatal dominante na economía industrial das cidades.

Non foi así. Ademais de razóns próximas, ligadas á batalla do movemento nacional galego e da existencia recente da autonomía política e do esforzo das organizacións políticas, das asociacións e institucións culturais e das persoas que manteñen a concepción sobre o galego como fundamento básico da nación, a explicación sobre a excepcional resistencia moderna e contemporánea en condicións moi adversas é inseparábel da realidade e da memoria do seu pasado institucional: a lingua que resistiu durante séculos na economía e na cultura popular non era unha fala sen tradición institucional, administrativa, económica e cultural, senón un idioma experimentado.

Fronte á ideoloxía interpretativa dominante no Estado español e na mesma Galiza, resulta preciso salientar que, evoluído a partir do latín do Imperio Romano, o galego tomou unha forma culta diferenciada no reino de Gallaecia, independente durante sete séculos, entre o V e o XIII. Cara ao final da Alta Idade Media fora, antes que o castelán, a lingua da cultura en todos os reinos cristiáns do occidente da península, de Santiago a Coimbra, Lisboa, León, Toledo e Sevilla. Fíxoo baixo a hexemonía inequívoca de Compostela e da Escola de Santiago, que desde o século XI foi precursora de todas as universidades peninsulares, estando directamente na orixe da Universidade de Salamanca e permanecendo a Igrexa compostelá na reitoría desta durante o resto do Medievo. Nos séculos dos cancioneros, os trobadores e xoglares de aquí e de alén Miño expresábanse na mesma lingua, non tendo sentido procurar entre eles diferenzas lingüísticas que, usando criterios territoriais presentistas, os identificasen como galegos ou portugueses.

Foi na Baixa Idade Media, desde fins do XIII, cando o romance galego se tornou lingua da Administración no Portugal do rei Dom Dinis –como ocorreu co castelán con Afonso X desde Toledo– e tamén da Administración no reino de Galiza, malia estar unido ao de Castela desde 1230 na cabeza de Fernando, o fillo do rei galego Afonso IX, que antes herdara o reino de Castela da súa nai. Como proban os documentos históricos de entre o século XIII e finais do XV, o romance utilizado nos documentos e na Administración polas clases dirixentes do reino de Galiza era o galego, tal como en Portugal, e non o castelán da coroa que partillaba.

Non pode ser esquecido, ademais, que na Baixa Idade Media a nobreza galega estaba presente indiferentemente tanto no reino de Portugal como na coroa de Castela e Galiza. Tampouco ocultar, de modo especial polo que supón para a explicación da identidade lingüística, que até o Cisma de Occidente, entre o final do século XIV e o principio do XV, dioceses portuguesas como Lisboa, Évora, Guarda, Lamego e Idaña –ademais das de Zamora, Salamanca, Ávila, Ciudad Rodrigo, Coria, Plasencia e Badaxoz– dependían da metrópole de Compostela e que todas as dioceses galegas, salvo Santiago, eran sufragáneas da metrópole de Braga. Tanto Compostela como Braga eran metrópoles galego-portuguesas.

Esa realidade é ignorada tanto nas miradas oficiais do Estado español como nas do Estado portugués, e mesmo nas de lingüistas galeguistas, cando analizan a evolución do galego en relación co portugués e co castelán. Unha persoa como o historiador Sánchez Albornoz, partindo dunha concepción castelanista da historia peninsular, interrogouse sobre o facto de o galego ser a lingua da cultura na maior parte da península, estrañándose diso dado que, nas súas palabras, «Galiza nunca fora un imperio». Non podía aceptar a idea obxectiva de que os reis galegos foron efectivamente os que ostentaron o Imperio galaico con capitais en Compostela e León.

A lingua foi negada na propia Galiza a partir de Isabel e Fernando, os Reis Católicos usurpadores da coroa da súa sobriña e curmá, Xoana de Trastámara, a herdeira defendida por parte da nobreza galega e castelá e polo seu home, o rei Afonso V de Portugal.

A marxinación do galego produciuse nun momento histórico en que, por obra dos portugueses, a lingua comezaba a converterse en ultramarina. Evoluíndo normalmente, acompañou a aventura marítima que abría desde Portugal as portas dunha nova época, tornando en lingua franca nas rotas de Oriente e facéndose tamén presente en América.

Así, no comezo da Idade Moderna, sometida Galiza por eses monarcas, de ser usado sen reservas pola nobreza e na vida eclesiástica, ademais de selo polo povo, o galego foi reducido ao uso familiar e ás actividades económicas tradicionais. Ficou excluído da vida pública precisamente cando se inventou a imprenta e os idiomas comezaban a difundirse por escrito, en grande medida ao servizo do poder político. Con consecuencias transcendentales que aínda se sofren, foi marxinado de modo especial por unha Igrexa galega castelanizada e rexida de costas ao povo principalmente por bispos de fóra.

Nun país que non contaba con institucións políticas ou culturais autónomas, o castelán non se impuxo na Administración, nas actividades eclesiásticas e nas clases dirixentes ligadas ao poder por hexemonía cultural, senón mediante o poder coercitivo do sistema monárquico. Dominados e integrados os poderes nobiliarios e eclesiásticos, substituídos en Galiza por unha mestura do poder centralizador da Capitanía Xeneral e da Audiencia e da limitada e dependente Xunta do Reino, todo o proceso peninsular de centralización baixo as monarquías Habsburgo e Borbón, así como a relación con América, produciuse en Galiza a través do castelán.

A forma de integración de Galiza na monarquía católica dos Habsburgo non propiciou, por outra parte, a reivindicación da lingua propia como forma de achegamento popular aos textos bíblicos, nin a manifestación dun protonacionalismo de raíz relixiosa, a diferenza do ocorrido noutros países de Europa onde se presentou o conflito da Reforma.

Porén, contra o que pretende esta tópica expresión, enchoupada de ideoloxía española, o galego nunca esmoreceu. Deulle vida á cultura agraria, mariñeira e artesá. Erradicado das institucións, permaneceu como lingua do pobo en Galiza e como lingua política, administrativa, económica, literaria e de cultura, relixiosa, na constitución e no desenvolvemento do Estado portugués e nos países que coa súa independencia configurarían novos estados en varios continentes.

Desde a consolidación da fronteira galego-portuguesa, a norma oficial do portugués, mais non tanto a fala popular na maior parte do territorio veciño, sufriu mudanzas diferenciadoras como resultado da súa adaptación ás transformacións históricas. Tamén evoluiu o galego e o fixo durante séculos en paralelo ao portugués de Portugal e ao ultramarino, mesmo nun sentido basicamente semellante. O galego e o portugués designaban igual todo o referente ao tempo, á natureza, á fauna e á flora, aos instrumentos de traballo, ao corpo, ás doenzas, ás festas, á economía, aos sentimentos... Na lingua falada, todo o existente en Portugal estaba en Galiza, e todo o galego no portugués: as diferenzas entre as dúas variantes non eran superiores ás existentes entre as diversas formas lingüísticas dentro de cada un dos dous países, de tal maneira que, aínda as formas dialectais entre si máis extremas, que en todo caso non se correspondían coa fronteira do Miño, serían perfectamente integrábeis nunha norma común.

Houbo que agardar ao século XVIII, especialmente a partir da figura singular de Sarmiento, para que principiase a reivindicación do galego.

Durante séculos Galiza carecera de institucións económicas, mercantís ou produtivas dotadas do poder necesario para acompañaren un movemento nacional expresado na lingua propia. Tampouco as viu nacer no XIX, no momento da emerxencia das nacións. Eliminada a Xunta do Reino no primeiro terzo dese século, no comezo da Revolución Industrial non se dispuxo de institucións lideradas por clases dirixentes educadas na estima e na responsabilidade do país.

Cos galeguistas do Rexurdimento e a realidade e símbolo extraordinarios de Rosalía de Castro, a reivindicación do galego constituíu o cerne do movemento nacional, ligada a lingua ás propostas sobre o autogoberno e os programas económicos e sociais da época. Cando emerxeu o movemento nacional, o galego era a lingua única do 95% da poboación. Só a separación política e a influencia do poder dominante no Estado español, de par do descoñecemento da tradición lingüística medieval, explica que a lingua común galaico-portuguesa non se tomase como referencia escrita. A carencia de espazos políticos de liberdade para o uso das linguas diferentes do castelán pode explicar que baixo a influencia desa lingua e malia o recoñecemento expreso da identidade entre o galego e o portugués, as formas ortográficas e fonéticas xenuínas do galego, que se albiscan a pesar de todo nos escritos de Rosalía de Castro, Pondal e outros autores, fosen relegadas na fala considerada culta. Desta maneira, a forma escrita, por outra parte tan pouco regulada, non respondeu nin á histórica galega nin á que evoluíra en Portugal.

A loita polo recoñecemento no Estado español das reivindicacións socioeconómicas e políticas e da diferenza nacional galega era por si mesma abondo esforzada. O sistema político, dominado durante o século XIX e parte do XX por unha monarquía liberal-caciquil, e xa en momentos transcendentais polas ditaduras de Primo de Rivera e de Franco, con só as parénteses democráticas frustradas da Primeira e a Segunda República, non permitía outra representación política e institucional significativa máis que a dos partidos turnantes baixo a determinación do monarca ou a imposta polos ditadores. Ao mesmo tempo, o Estado, que se centralizaba e uniformizaba baixo o poder de Madrid, fundamentábase política e ideoloxicamente en Castela e na lingua castelá.

Foi xa no século XX cando o movemento nacional tomou o galego como o seu idioma oficial exclusivo e, aínda así, entre os galeguistas, que pertencían en xeral á minoría que tamén falaba castelán, a práctica monolingüe en galego tardou en constituírse como un comportamento habitual. O monolingüismo na práctica política ou literaria foi unha conquista do século pasado, e mesmo en determinados aspectos, tendo en conta a represión da Guerra Civil e da Ditadura, se evidenciou apenas nos anos sesen-

ta, coa emerxencia das asociacións culturais nacionalistas, o sitio principal do rexurdimento político nacional dese tempo.

Con todo, a identidade da lingua galega e do portugués fora claramente defendida polo galeguismo histórico. Así o fixo Manuel Murguía sempre e significativamente en 1906, no discurso pronunciado na sesión inaugural da Real Academia Galega. Tamén Castelao en plena Segunda Guerra Mundial, asegurando que o castelán se impuxera en Galiza non por superioridade cultural de Castela, senón por imposición oficial do Estado, non podendo impedir, a pesar de todo, que Galiza conservase o seu idioma. Para el o galego tiña unha dimensión universal, sendo un idioma extenso e útil que «con pequenas variantes» se falaba «no Brasil, en Portugal e nas colonias portuguesas».

Mais, despois da ruptura dos galeguistas do interior con Castelao e da morte do dirixente histórico en Bos Aires, coa disolución do Partido Galeguista, aquela posición a respecto da lingua non foi partillada por un sector do galeguismo cultural do interior.

Na transición democrática, cando o nacionalismo político se encontraba aínda nun proceso de difícil reestruturación, na Constitución española admitiuse a cooficialidade do galego, o catalán e o éuscaro. Porén, a oficialidade foi limitada ao ámbito dos seus territorios, designándose o castelán como a única lingua oficial do Estado e facendo obrigatorio o seu coñecemento. Negándose un dereito humano e democrático fundamental, esa obriga nin sequera foi compensada co deber de coñecer o galego en Galiza.

Aínda que con ese rango inferior, conseguida a autonomía o galego foi confirmado como lingua propia e oficial de Galiza. A aprobación da Lei de normalización lingüística en 1983 culminou o proceso iniciado en 1981 coa Proposición de lei de normalización lingüística en Galiza¹, asinada por Esquerda Galega. Era a primeira Lei presentada no Parlamento e tamén, por tanto, a primeira das escritas en galego.

¹ A Exposición de Motivos da Proposición non de Lei de normalización lingüística en Galiza, apresentada por este autor como deputado, estaba encabezada polos seguintes parágrafos: «O idioma galego, nacido en ambas ribeiras do Miño, é a máis grande creación cultural do pobo galego e símbolo permanente da súa identidade histórica. A lingua que os galegos veñen falando ininterrompidamente desde hais mil anos aínda é hoxe absolutamente maioritaria en Galiza, despois de séculos de asimilismo cultural e abandono, e forma parte dunha familia lingüística universal que serve actualmente de medio de comunicación aos cento cincuenta millóns de habitantes da área galego-luso-brasileira, constituindo a segunda lingua románica en número de falantes» (O texto completo da Exposición de Motivos aparece en: Camilo Nogueira (2006): *A Terra Cantada*. Vigo: Xerais, 100-103.)

A Lei aprobada pola Cámara introducía o deber de coñecer o galego e non só o dereito de usalo, mais o Goberno central, por medio da súa representación en Galiza, que coincidía na persoa que ostentaba a Presidencia da Real Academia Galega, presentou un recurso perante o Tribunal Constitucional que determinou a eliminación do precepto.

A Lei non constituía un instrumento óptimo, mais si un elemento que permitía un proceso de normalización enormemente útil despois de séculos de marxinação do galego. Sen que a Lei o obstaculizase por si mesma, era o momento da converxencia da norma galega coa súa histórica e coa común nos países de fala galaico-portuguesa.

UNHA REALIDADE AFORTUNADA

Sendo propio de Galiza, o galego tivo sempre unha presenza que ía para alén. Primeiro, sendo lingua de cultura en todos os reinos centro-occidentais da península. Despois desde Portugal, constituíndose como lingua franca no comercio con Oriente entre os séculos XV e XVI e difundíndose por América, África, o Índico e o Pacífico. Hoxe é ademais, grazas á nación veciña, unha das linguas oficiais da Unión Europea.

Brasil encóntranse entre os máis extensos e habitados estados do mundo, dándolle unha especial personalidade a súa lingua, o carácter e a creatividade da súa xente, a súa natureza, de que depende en boa medida a de todo o planeta, e o seu potencial de desenvolvemento económico. É un estado-continente considerado entre os que, xunto cos EEUU, a Unión Europea como tal, China, India e a Federación Rusa, e potencialmente a nova África que se albisca, terán un papel decisivo no mundo. Con perto de 200 millóns de habitantes, tendo por súa unha lingua irmá do galego, conta con máis falantes de portugués que todos os estados sudamericanos de fala castelá. En Brasil a ninguén se lle ocorre responderlle a un galegofalante noutra lingua máis que no portugués brasileiro. Comprenden mesmo o galego mellor que o portugués de Lisboa. Se unha persoa descoñecida lles fala en galego preguntan en todo o caso «de que parte do Brasil é o senhor»². Máis aínda, os galegos poden descubrir alí expresións

² Camiñando certo día por Santiago atopei, xunto coa miña muller, a un amigo, membro da Real Academia Galega acompañado por un matrimonio de Recife. Cando lles comentei aspectos da súa cidade (como o inmenso Galo da Madrugada do carnaval pernambucano un galo de Barcelos de dúcias de metros de altura posto sobre unha das pontes da cidade, a sinagoga de xudeus posibelmente portugueses que desde Holanda se instalaron alí en 1637 cando os holandeses loitaban contra os Habsburgo que dominaban Portugal e negaban a independencia dos Países Baixos), despois de levarmos minutos a falar e comentarmos a relación entre as nosas linguas, o home brasileiro afirmou: «mas você esta a falar brasileiro». Foi o académico amigo quen lle fixo ver que estaba a expresarme no galego de Galiza.

cultas que en Galiza son consideradas como propias do galego popular e ocultadas no uso público.

A identidade lingüística común é especialmente útil nun momento en que as relacións de Galiza e Portugal son cada vez máis abertas e profundas e cando son habituais as establecidas coas institucións da UE e con países ultramarinos da mesma lingua. Galiza é a primeira Comunidade Autónoma do Estado español nas relacións comerciais con Portugal. Terá en prazo curto unha maior relación económica co país viciño que con calquera outra zona da península. Resulta cada vez máis normal a presenza directa de empresas galegas ao sur do Miño. Son miles os portugueses que traballan en Galiza, mesmo sen abandonaren a súa residencia. Cousa semellante acontece con profesionais galegos traballando no sur. Non son xa raras as relacións universitarias ou culturais permanentes. Os rapaces e raparigas do Minho teñen Vigo como a cidade onde pasar coa mocidade as noites de fin de semana. Os escolares arraianos enchen as pontes do Miño, de Arbo a Melgaço, de Salvaterra a Monção, de Tui a Valença, de Goián a Vilanova de Cerveira, reivindicando a cultura común.

Por outra parte, malia non estar recoñecido como oficial do Estado español, non admitirse o seu uso oficial fóra do territorio galego e estando prohibido o seu uso habitual no Congreso dos Deputados e no Senado, o galego pode ser utilizado na Unión Europea, dependendo a materialización desta posibilidade dunha decisión que pode ser tomada pola Real Academia Galega e o Goberno galego. Nisto Galiza é xa unha nación independente.

De facto, a identidade práctica galego-portuguesa permitiu o uso do galego como lingua oficial no Parlamento europeo. (Voume permitir unha referencia que, sendo persoal, ten un interese xeral. Utilicei o galego sistematicamente nos Plenarios do Parlamento de Estrasburgo e Bruxelas. Fíxeno practicamente todas as semanas durante os cinco anos da lexislatura 1999-2004 tratando desde os problemas de Iraque, Chechenia, Palestina, da fame no mundo ou dos inmigrantes mortos nas costas peninsulares, até a unión de Galiza coa rede ferroviaria de alta velocidade, a pesca, as cotas lácteas, os Fondos Estruturais, o autogoberno das nacións sen estado ou o proxecto de Constitución. Traducíronme sen problemas a todas as linguas, do finés ao grego e do inglés ao francés e ao castelán, en tanto que os deputados e deputadas portugueses recibían directamente a intervención. Falei procurando utilizar o seseo da costa ou os plurais á maneira do leste do país, sempre por tanto con formas utilizadas no norte do Miño e da Raia Seca. Con formas estritamente galegas, sen necesidade de identificar o uso oral co tomado por canónico no centro de Portugal, como tampouco o fan os frecuentes utentes da forma brasileira –deputados ou intérpretes non portugueses que

o aprenderon no Brasil, intérpretes ou funcionarios de orixe brasileira— ou de calquera das outras variantes desta lingua. Nos diarios oficiais do Parlamento constan textualmente esas intervencións, escritas para iso na norma ortográfica oficial en Portugal).

Esa experiencia confirma por si mesma que a decisión de o galego ser formal e plenamente oficial na UE depende daquelas institucións galegas: trátase de aprobar unha norma converxente coa galego-portuguesa, sen nin sequera ser preciso, como tamén ocorre co brasileiro, que sexa exactamente igual á tida por oficial no Estado veciño.

A normalización do seu uso non pode ignorar este carácter universal do galego. Non existe ningunha outra lingua entre as tratadas institucionalmente como minoritarias que teña tal condición³.

A identidade dos países que falan galego-portugués enriquece a de Galiza e a de Galiza a deles. O facto de falar a mesma lingua constitúe un elemento fundamental da personalidade galega e da súa independencia cultural. Visto desde o mundo actual carece de sentido desprezar a valiosa ferramenta de autoestima que supón que neses estados se fale galego-portugués. Constituiría, por iso, un desatino que determinados elementos da norma ortográfica ou do léxico pexasen a comunicación na lingua común, podendo chegar mesmo a que en certos sectores, como o económico, esas relacións se fixesen absurdamente en castelán.

A INDEPENDENCIA E A CONVERXENCIA

Se unha lingua nacional como a galega necesita dunha institución de carácter estatal, de convivir con outras nun mesmo estado a única alternativa lingüística democrática sería unha reforma estatutaria e constitucional que a defina como un dos idiomas plenamente oficiais. Así e todo, e entre tanto, no proceso de normalización da lingua propia o Goberno e o Parlamento autonómicos deben axir xa sen reservas e de forma independente coa responsabilidade propia das institucións dun estado.

(Para pór en evidencia o que isto significa debe considerarse a política levada a cabo polo Goberno de Quebec —precisamente durante as décadas de vixencia do Estatuto

³ Unha persoa que fale un galego non deturpado nin dialectalizado polo castelán pode comunicarse na súa lingua sen ningún problema cun angolano, un mozambiqueño, un caboverdiano, un brasileiro ou un miñoto. Mesmo cun lisboeta, despois dun certo tempo de adaptación do ouvido á extrema consonantización típica da variante do portugués falada no Mar da Palha.

de Autonomía de Galiza— en favor do uso institucional e social do francés fronte á tendencia a ser substituído polo inglés do resto do Canadá e do veciño EEUU).

Con esa orientación política, agora parece máis posíbel un acordo interno sobre o recoñecemento da dimensión universal do galego. Non se está no tempo problemático da transición da ditadura á democracia, en que moitas veces dominaron posturas políticas e culturais condicionadas pola incerteza da situación, non querendo despertar o demo lingüisticamente reaccionario e uniformizador do poder estatal.

Naquel momento, cando Galiza comezaba a ter a oportunidade de contar cunha entidade política de carácter semiestatal, a norma determinada polas institucións políticas e académicas introduciu formas ortográficas e léxico-morfolóxicas expresamente próximas ás castelás. Rexeitouse incluso unha norma tendencialmente reintegracionista, que fora en principio elaborada e acordada coa participación principal das dúas persoas máis relevantes entre os profesores de lingua galega na Universidade de Santiago de Compostela: un viña do campo galeguista republicano e o outro da emerxencia nacionalista nas asociacións culturais dos anos sesenta.

Non existían naquel momento dificultades insalváveis ou obstáculos obxectivos que impedisen encetar un proceso de converxencia entre as normas escritas do galego e do portugués. No tocante ao portugués os cambios fonéticos mais salientábeis entre os existentes procedían basicamente do século XX e non cubrían a totalidade do territorio de Portugal, nin todos os estratos sociais, nin desde logo a lingua falada nos outros estados. Por outra parte, moitas das solucións léxicas ou morfolóxicas que separan as normas galega e portuguesa son o produto dunha distinta escolma de solucións comúns. En realidade, a relativa diversidade do galaico-portugués non ten un carácter basicamente diferente da propia doutras linguas intercontinentais como o inglés ou o castelán.

O uso sen problemas do plural en *-ais*, negado nun principio e afortunadamente aceptado, serve para pór en evidencia que un proceso reintegrador prudente e intelixente, que pode ser acordado por practicamente todos os que teñen o galego como lingua nacional, non encontraría en Galiza máis impedimentos que os levantados pola xente ou as institucións que queren reducila á condición de minoritaria e subordinada no Estado español, aducindo mesmo que para tratar con países estranxeiros xa se ten o castelán.

A norma quixo converter en diferentes linguas que teñen en común todo o fundamental: conxugan o infinitivo; contestan afirmativamente co verbo; teñen os mesmos subs-

tantivos, verbos ou adxectivos...; Pereiró, Gondomar, Porto e Viseu responden a unha toponimia idéntica que se manifesta nos millóns de nomes da terra a ambos os lados do Miño e da Raia Seca.

Tomouse oficialmente unha decisión diverxente malia que todo o tido como diferente no portugués, como *fechar*, *couro*, *depois*, *tu*, *fome* ou o *seseo*, está tamén en Galiza, e todo o considerado como diferenciador do galego, como *cousa*, *aforrar*, *axiña* ou a pronunciación de *chave*, está igualmente no portugués⁴.

Estraña para calquera persoa coñecedora da orixe e da realidade das linguas, a normativa oficial foi debedora de criterios que nunca serían aplicados a linguas intercontinentais, negando para o galego o carácter nacional e universal que se enxalza no caso desas outras linguas. Resulta tan contradictorio como inadmisíbel que as mesmas persoas e institucións que salientan como unha grande riqueza do castelán a súa «infinita variedade», de Madrid a Bos Aires, de Andalucía a California, de Chile a Cuba, aproveiten diferenzas semellantes ou de menor dimensión para defenderen a idea dunha lingua afastada do portugués. Asumen unha ortografía arredista e castelanizada cando, despois de todo, Galiza non ten que afirmarse como nación fronte aos países que falan portugués, cos que non corre ningún perigo, senón fronte ao estado en que está integrada e que a nega directamente como nación.

Na elección dunha norma escrita con solucións próximas ás castelás argumentouse que o dominio do galego sería así máis doado, pretendendo ademais que se baseaba no galego popular. Porén, o paso do tempo demostrou que o afastamento a respecto da norma do galaico-portugués non tivo a consecuencia da aproximación ao galego popular, senón que deu lugar a unha crecente asimilación de formas do castelán, ben visíbel na práctica institucional e nos medios de comunicación. Velaí, senón, ese dialecto fonético da lingua castelá que, fronte á riqueza expresiva da fala do povo, se impón nos medios audiovisuais para abraio de todos, mesmo para a xente de fóra de Galiza que os escoita.

⁴ Lendo un texto escrito coa ortografía oficial do galego, un portugués sen prexuízos non tería que salvar dificultades maiores. Iso sí, se a lectura se fai sen preparación psicolóxica previa, ficará enormemente sorprendido ao comprobar a abundancia de *xis* contrarios a toda norma etimolóxica. Certa vez, ollando nunha librería de Galway no oeste de Irlanda un texto sobre Galiza comprobei como para o autor o máis definitorio e sorprendente da lingua galega era a extraordinaria cantidade de *xis* que inzaban as páxinas de todos os escritos. Non son criterios lingüísticos, senón o afán de diverxencia, o que leva a considerar na norma *preto* e non *perto*, *pechar* e non *fechar*, *venres* e non *sexta feira*, *malo* e non *mao* (*Río Mao*) e mala e non *má* (*Matamá*).

Para evidenciar o grave empobrecemento da fonética do galego non é preciso máis que comparar a sonoridade da lingua de Carnota, Fisterra ou Muxía –onde talvez se fale a variante popular máis galaico-portuguesa entre todas as faladas no mundo– coa utilizada habitualmente nos discursos políticos e nas informacións e debates audiovisuais. Fronte a isto, sen dar lugar á imitación léxica, fonética ou prosódica doutras variantes do galego-portugués, a converxencia contribuiría á mellora do galego, sobre todo do falado, e contribuiría á resistencia definitiva fronte ao proceso de dialectización presente no galego oficial, que constitúe o maior dos perigos que ameazan neste momento o idioma en Galiza.

(Debo insistir, para expresar de novo o sentido desta análise, que esta crítica da decisión política tomada non pretende descualificar o valiosísimo traballo dos lingüistas, que aprofundaron como nunca no coñecemento do galego. Para alén disto, e con independencia das posicións a respecto da norma, o seu traballo enriqueceu extraordinariamente o galego de Galiza e tamén o portugués).

A tomada na transición política foi unha decisión que rompeu coa tradición institucional do galego cando era necesario levar adiante unha pedagogía destinada a corrixir unha ideoloxía española que identificaba o galego como unha lingua rural minoritaria e sen futuro e o portugués ou o brasileiro como idiomas alleos e estranxeiros. Fronte á realidade afortunada de o galego ser tamén unha lingua universal, da que non goza ningunha outra das linguas das nacións sen estado europeas, tratouse o galego como unha lingua minoritaria dentro do Estado español, e mesmo desde certas visións dentro na «nación española».

Desde posicións antagónicas con esta, a norma foi xustificada como unha necesidade para o galego constituír unha lingua independente, como se isto fose contraditorio co feito de ser falada tamén en Brasil ou en Cabo Verde e cando a universalidade favorece precisamente ese obxectivo.

Agora a situación é moi diferente da dos anos oitenta do século pasado. Para alén mesmo das distintas posicións sobre a cuestión da normativa, existe unha maior conciencia sobre a identidade común das variantes do galego-portugués. Podería afirmarse mesmo que, fronte á dispersión ortográfica e morfolóxica do século XIX e da primeira metade do XX, o proceso de normativización realizado nas últimas décadas sitúa o galego en mellores condicións para o achegamento. Neste camiño, as diferenzas relevantes pódense preencher con caracteres lingüísticos propios do galego, de tal maneira que a normativa pode tomar unha nova orientación sen deturpar o máis mínimo a súa índole.

Sabendo que a converxencia debe ser realizada nun horizonte temporal que axude a eliminar os prexuízos históricos que tollen a visión das linguas, constituiría unha senrazón seguir negándose a recoñecer que a lingua nacida e falada en Galiza ten potencialmente todo en común coa estendida desde Portugal por catro continentes. Obviamente, o facto de o galego e o portugués seren a mesma lingua –nacida entre o Ortegal e Mondego e non na Lusitania, non se debe esquecer– non xustifica algunhas posicións, entre as lusistas, que enxergan o galego como unha máis das variedades vulgares ou dialectais do portugués, sen consideraren que esa postura reproduce obxectivamente a acción xacobina do Estado veciño sometendo as formas do galego-portugués do norte ás lisboetas tomadas como únicas e superiores. Resulta inaceptábel tomar como unha variedade vulgar un idioma coa herdanza histórica e institucional do galego, que resistiu nun estado practicamente xenuíno despois de quíntos anos de marxinação e que na batalla política dos dous últimos séculos se consolidou como lingua nacional de Galiza.

A perspectiva da converxencia aparece máis nidia após a reforma da norma oficial aprobada en 2003 pola Real Academia Galega, sobre a base do traballo realizado por unha Comisión de Estudo integrada por representantes das tres universidades de Galiza e do Instituto da Lingua Galega, respondendo a criterios e propondo solucións que implicitamente deixan de lado a idea da separación que estaba na orixe da norma oficial aprobada nos anos oitenta.

Constituiría un avance extraordinario se neste momento, lonxe dunha decisión tan carente de sentido como a de considerar o portugués unha lingua estranxeira, como se estivésemos en Estremadura ou Madrid –onde teñen que aprender o significado de *cellas*, *pé*, *ris*, *enxergar*, *cu*, *peito*, *falastes*, *terdes*, *caiba*, *rir* e todo o léxico común galaico-portugués–, nas aulas de galego nas escolas e institutos públicos e privados se xeneralizase a ben doada aprendizaxe comparativa das diferenzas entre a norma oficial galega e a portuguesa.

Resulta igualmente preciso evitar as pexas administrativas que impiden ou desfavorecen a publicación de textos en galego escritos na norma reintegrada. Son estas decisións que non dependen máis que da vontade do Goberno galego.

As institucións da lingua, as autoridades educativas e os medios audiovisuais deben tomar, en todo o caso, a decisión de favoreceren o uso dun galego apropiado, especialmente na fonética, incluíndo o *seseo* como unha forma normal, e formular o propósito de abandonaren a negligencia actual combatendo explicitamente a gravísima tendencia á dialectización castelanizadora da lingua galega que infelizmente domina na comunicación pública.

Tendo en conta o traballo realizado durante todos estes anos e a crecente conciencia existente na sociedade galega sobre a identidade lingüística galaico-portuguesa, os membros da Real Academia Galega deberían manifestar unha vontade converxente. Non importa o tempo que se tarde en cumprir o obxectivo. O urxente é mudar de paradigma, abrindo a porta ao recoñecemento da lingua nacional de Galiza como lingua universal. Comezando os académicos por afirmaren que, alén do Miño e dos océanos, centos de millóns de persoas falan coma nós.

O papel do galego na prensa escrita maioritariamente en castelán. O caso de *La Voz de Galicia*

XOSÉ LUÍS VILELA

Director de *La Voz de Galicia*

Cando hai que falar de normalización é que algo non está normalizado. O problema parece como un novelo que non acaba nunca. Coñecendo que, seguramente, vai saír o tema da responsabilidade dos medios de comunicación, non vou eludir a que nos toca, mesmo aos medios de comunicación escritos; mais si me gustaría partir dun contexto un pouco máis obxectivo. Creo que si hai un problema de normalización, que o galego ten ese problema, mais que non é un problema dos medios de comunicación, é un problema da sociedade galega, que, pola razón que for, creo que todos aceptamos que considera que o galego é patrimonio seu, mais no entanto, por algunha razón non o considera o vehículo primordial de comunicación entre eles. O galego ten un problema, pero é un problema que lle corresponde á sociedade e que tamén lle correspondería á sociedade dar pasos para a súa normalización. Dentro da sociedade, naturalmente, estamos os medios, que tamén algo temos que dicir. Aínda que se nos culpa de todos os males, os males non son culpa nosa, senón que nós tamén os sufrimos.

O caso de *La Voz de Galicia* é o que di o seu propio libro de estilo, que ten un capítulo bastante amplo dedicado ao galego. É o capítulo 6, que ten desde formas sintácticas e morfolóxicas ata un diccionario de dúbidas etc., pero sobre todo tamén contén as normas con que opera o periódico no caso do galego. No punto 1 do capítulo 6 di:

«*La Voz de Galicia* publícase desde a súa fundación en castelán; porén a lingua galega, oficial no ámbito da Comunidade autónoma, ten cabida nas súas páxinas; por iso, mesmo dentro dun contexto en castelán, poderán transcribirse declaracións públicas ou testemuños persoais en galego, sempre que aparezan como citas textuais entre comiñas».

«Neste xornal o galego é vehículo normal de expresión en artigos e mais en reportaxes e informacións sobre a actividade cultural de Galicia».

La Voz considera que o galego está na comunidade en que se difunde, no seu ámbito de difusión, que é un patrimonio de Galicia e que, como tal, así o incorpora ao xornal. Dá por feito que practicamente a totalidade dos lectores coñece a lingua, polo menos os rudimentos, o que non quere dicir que se desenvolvan ben na lingua escrita especialmente. Temos a experiencia de moitos lectores galegofalantes que son incapaces de leren correctamente en galego e xa non digamos escribiren.

Todos lembramos que na miña xeración, afortunadamente na vosa xa non ocorre, este é un dos grandes cambios que se ten operado; e nas anteriores, que toda a vida falaran na casa en galego, cando marchaban e tiñan que comunicarse coa súa familia por escrito, tiñan que recorrer ao castelán para se comunicaren por escrito. Afortunadamente, nas últimas xeracións isto non ocorre. Ás veces o que pasa é ao revés, as novas xeracións están perfectamente alfabetizadas en galego, teñen un gran dominio da lingua e mesmo dos seus mecanismos e, porén, quizais o usen menos que as anteriores.

O galego ten carta de natureza no periódico. *La Voz de Galicia* ten unha contribución moito máis que notable na defensa e na utilización do galego. A súa presenza é habitual no xornal. Está presente todos os días nas páxinas de opinión, todos os días hai un ou máis artigos en galego. Está sempre ou case sempre na sección de cultura, non digo nas páxinas de suplementos como o propio suplemento de Culturas, onde todos os sábados saen artigos de persoas como Fernández del Riego ou como Alonso Montero. En opinión, con certa frecuencia, o propio Xavier Alcalá. Hai continuamente opinións en galego, este está tamén nas páxinas de cultura e parece que está menos noutras seccións, mais só é unha aparencia, porque non hai máis que coller o periódico por calquera páxina, por exemplo, da sección de Galicia para o comprobar, ou de calquera outra sección, se cadra menos presente en internacional ou en nacional pola orixe das noticias. Pero nas demais seccións do periódico, sexa en televisión (a grella da TVG aparece en galego, as citas que facemos da TVG están en galego), sexa en economía, desde os mercados gandeiros ata a páxina labrega, aparece o galego continuamente. Desde logo na sección de Galicia, na sección de Sociedade etc. Aplicando o que dicía do libro de estilo, mesmo cando fala un político, fala unha testemuña dun suceso ou por calquera outra razón, cando alguén se expresa en galego, aparece en galego no xornal. Este é un caso case, case único; é moi difícil que isto ocorra nos periódicos de hoxe en día.

Hai dous modelos sobre como afrontar a normalización e o papel que debe xogar un xornal neste campo. E os dous modelos que vos quero afrontar brevemente son *La Voz de Galicia* e *La Vanguardia*. Tendo en conta, ademais, que o modelo de *La Vanguardia* está bastante xeneralizado na prensa en galego. Poño unha referencia: se nós nas nosas páxinas entrevistásemos ao anterior relator, a Camilo Nogueira, fariámoslle a entrevista, as preguntas e as respostas en galego; noutros medios sería en castelán, salvo que non aceptase, evidentemente. Así sucede en *La Vanguardia* todos os días. En *La Vanguardia* todas as entrevistas aparecen en castelán. En *La Vanguardia* toda a información e toda a opinión aparecen sempre en castelán. Por onde entra o catalán en *La Vanguardia*. É o caso contrario ao que nos pasa en Galicia: en *La Vanguardia* é fácil atopar o catalán fundamentalmente na publicidade, trae moitos anuncios en catalán e mesmo os seus propios anuncios, os de *La Vanguardia*, fainos en catalán; mais toda a información e toda a opinión están en castelán. Tamén entra o catalán, e é a diferenza fundamental, onde operan os sectores, onde opera a sociedade catalá: nas cartas ao director si aparece o catalán e tamén aparece o catalán nas esquelas. Teño algún dato dos periódicos de hoxe en *La Vanguardia* hai 13 esquelas, 9 están en catalán. Hoxe en *La Voz de Galicia* hai 21 esquelas, unha está en galego e ademais a maior parte desas esquelas din La Coruña, en lugar de algo tan simple e normalizador como é A Coruña. Por iso dicía ao principio que é máis un problema da sociedade, porque a nós pásanos ao revés de *La Vanguardia*. Nós temos o periódico aberto en todas as seccións ao galego.

No entanto, non aparece practicamente na publicidade, salvo na institucional que ten orixe nalgunha Administración galega, ou nalgunhas grandes empresas; mais no resto é difícil atopar anuncios en galego. O xornal non pon ningunha traba a poñer os anuncios en galego, nesta lingua, é dicir, pónense no idioma que se queira, mais por aí é por onde non entra o galego. Isto quere dicir, que o periódico vai moi por diante na incorporación do galego como vehículo normal de comunicación dentro do xornal, ata o punto de que calquera declaración, sexa do tipo que for, política, de veciños, de sucesos etc., feita en galego, queda recollida en galego. E mesmo os nosos títulos ás veces dannos moitos problemas, incluso técnicos. Os títulos e os textos, porque cando teñen que operar os correctores ortográficos dá verdadeiros quebradeiros de cabeza ese continuo intercambio de idiomas. Solucionámolo dunha maneira non moi orixinal, que é tendo un equipo de editores que revisan todas as páxinas do periódico, unha vez que están xa terminadas.

Continuamente están os dous idiomas presentes. Isto é imposible de atopar, practicamente, en calquera outro periódico. Outros xornais recollen as declaracións dos políticos, sen ningún rubor, en castelán.

Outro aspecto que quero destacar de *La Voz* é o interese que temos na marca de calidade que é o galego. Tivemos un grande éxito no ano 2002 coa publicación da Biblioteca 120. Foron 120 obras en galego máis 2 apéndice, en que aparece unha escolma do mellor da literatura escrita en galego ao longo da historia. Hai moitísimos autores modernos, contemporáneos e hai autores desde os inicios do Rexurdimento. Carlos Casares, que colaborou no proxecto, mencionou na presentación da obra que se conseguise que 25.000 familias coleccionasen esta obra, sería un récord absoluto. Nós tivemos a sorte de termos máis de 70.000 familias e de chegarmos a 7.000.000 de exemplares publicados en galego; é dicir, é a maior operación de distribución de galego escrito que se lembra na historia, porque *La Voz de Galicia*, con todas as limitacións que queirades poñerlle, é un dos grandes periódicos españois, ten máis de 100.000 exemplares diarios, máis de 600.000 lectores e, por tanto, calquera operación que emprenda é unha atalaia enorme de promoción e grazas a iso autores de moitísimo mérito, mais pouco coñecidos, están a formar parte de moitas bibliotecas familiares.

Agora estamos facendo exactamente igual coa Gran Historia de Galicia. Unha promoción que está en marcha agora mesmo. Son volumes que se publican dúas veces por semana e que coordinan Ramón Villares e Xosé Ramón Barreiro. Cando o ano pasamos decidiamos cal ía ser o noso fito para celebrar o 125 aniversario, decontado nos puxemos todos de acordo, dentro do Comité de Dirección do periódico en que era unha moi boa posición facer a Gran Historia de Galicia. Logo veu a seguinte pregunta: e en que idioma? Porque sabemos que se o facemos en castelán está garantido o éxito comercial. Se o facemos en galego está garantido o éxito de prestixio, mais non o comercial, porque é unha obra moi cara por escribiren moitos autores que fan investigacións, moitas delas impelidas por esta publicación. Ten detrás uns custos brutais porque hai que coordinar moita xente e pagar moitos dereitos de autor etc. A elección que fixemos foi: se *La Voz de Galicia*, periódico vinculado con Galicia que di que o seu obxecto é defender os intereses de Galicia, vai facer esta grande obra, ten que ser en galego, independentemente de que funcione ou non funcione comercialmente. A día de hoxe, o que nos parecía unha valentía, vai vén comercialmente, é dicir, hai unha resposta do público notoria. Nesta obra, na Biblioteca 120..., mais non en todo o que facemos temos esa resposta do público.

Xa remato poñéndovos o exemplo do que nos está a pasar na web, en Internet. En Internet no hai ningún negocio de momento, en galego ou sen galego, para a prensa en ningún idioma. O momento en que vivimos os medios de comunicación neste sentido é un pouco paradoxal e mesmo desconcertante en moitos aspectos. No caso do galego en Internet, nós temos posto o tradutor, que é un tradutor automático; por tanto, como non é un ser humano, dá moitos problemas. Temos enormes problemas de desenvol-

vemento con el, porque fai a tradución de calquera palabra nova que non identifica e, ás veces, esas traducións son para poñerse un pouco ofuscado, incluso resultan irrisorias. Traduce nomes propios, Pilar del Castillo por Alicerce do Castelo. Porén, á parte dos problemas de desenvolvemento, calquera desde o Día das Letras Galegas do ano pasado, desde o 17 de maio de 2006, pode ver o periódico traducido automaticamente en Internet ao galego. Todas as seccións do periódico, desde os deportes ata calquera outra sección, calquera que se poida ver na páxina de *La Voz*, que é moi completa. Hai moitísimos contidos. Ademais, mesmo pode elixir que sempre que abra esa páxina apareza todo en galego. Ou sexa, que a elección é moi fácil de facer. Pois tendo en conta que esta elección é tan fácil de facer, os datos que temos ata o de agora non son nada afortunados: vén sendo o 1% ou menos do 1% das visitas da páxina web. Os datos de onte, 6 de novembro de 2007, eran 103.516 visitas, ou sexa, usuarios únicos, xente que entra na páxina: páxinas vistas 692.136 e en galego 9.255; é dicir, que aínda tendo toda esa posibilidade de oferta, non hai a resposta que podíamos esperar no uso diario do galego, posiblemente porque falta o hábito, porque falta, ao mellor, facerlle algo máis de publicidade e falta que a xente se decida a utilizalo como o seu primeiro vehículo. Non é que non saiban galego, mais por razóns de hábito ou polo que for elixen antes o outro vehículo. Teñen un primeiro e un segundo vehículo de comunicación.

Nós sempre podemos facer moito máis, pero necesitamos que isto vaia mellorando. Salvo eses casos que son fitos e que non se poden facer todos os días, como a Gran Historia de Galicia, como consumo diario, como periódico diario, notamos que aínda non hai masa crítica suficiente para sostener un periódico diario e forte en galego. Se non hai ese público detrás que poida pagar unha redacción, manter funcionado un periódico etc., se non hai unha masa crítica suficiente, non se pode falar máis que dunha heroicidade, dun supercompromiso co galego que leva a poñer por diante o interese no galego antes que as outras regras que son normais en calquera outra empresa como é a rendibilidade: se isto funciona, seguimos investindo; se isto non funciona, pois investimos noutra cousa. Nós aínda non notamos unha masa crítica suficiente para facer rendible unha edición en galego, mais cando teñamos 100.000 galegos dispostos a compraren todos os días un periódico en galego, desde logo que o faremos.

O futuro do galego nos medios de comunicación

AFONSO EIRÉ

Director d'*A Nosa Terra*

A recuperación das linguas minorizadas está en relación directa co aumento do poder político das comunidades falantes. Os medios de comunicación xogan un papel fundamental nesta recuperación. Medios que, máis ou menos directamente, están ligados ao poder económico e político, agás raras excepcións, pois, ao longo da historia, por medio da presión, da distribución da publicidade sempre orientada aos medios máis afíns, e, tamén as multas e actuacións xudiciais, foron realizando unha «selección natural» de adecuación ao sistema.

No Pacto da Restauración as clases dirixentes galegas decidiron aumentar o seu poder político a costa de cederen poder económico. Mais o seu poder político non o sustentaron na súa Terra, senón en Madrid. O *cunerismo* e o localismo foron dúas das expresións desta política.

Os medios de comunicación foron a expresión desta abdicación da súa nación. Desmantelouse a economía galega (cría de xatos e exportación, exportación de viños, coiros, téxtil, pesca...) para primar a emigración como grande negocio.

A maioría do capital emerxente e dos xornais naceron ligados a este negocio e cunha faciana claramente localista. *La Voz de Galicia*, que, nun primeiro momento se distinguiu posicionándose contra a emigración, mudou ao constituírse en sociedade anónima.

As liberdades de comezo do século XX e, posteriormente nos anos 30, deron lugar ao nacemento dunha pluralidade de cabeceiras, co asentamento do idioma galego.

O golpe de estado e a Guerra Civil retrotraeron a situación, de novo, á Restauración. Localismo, Madrid como prisma e medida, ausencia do galego foron os resgos distintivos da prensa que perviviu.

As burguesías locais repartíronse as cabeceiras, reservándose a Igrexa Católica *El Ideal Gallego* e incautando o Movimiento Nacional *El Pueblo Gallego*.

O franquismo só tiña unha opinión –non existía o dereito á discrepancia– e, polo tanto, unha soa prensa con distintas cabeceiras.

A chegada da autonomía, que debería servir para preparar un novo Rexurdimento, só fixo asentar nos medios de comunicación galegos o *statu quo* instaurado polo franquismo.

Non foi así nas outras nacións do Estado, e mesmo nas rexións, onde floreceron novos medios, ligados na súa maioría a unha nova visión política que se instauraba nas administracións autonómicas.

A situación periférica de Galiza foi determinante.

Na Galiza deuse a circunstancia de que o poder autonómico foi sustentado na case totalidade dos 25 anos por un partido que non cría nel; por iso digo sustentado, sen que existise vontade real de cambio nin nas relacións económicas nin nas sociais e, menos, nas políticas. Usouse o poder autonómico para seguir realizando a mesma política que en Madrid.

UNHA POLÍTICA DEPENDENTE E COLONIZADA NO ECONÓMICO E CULTURAL

A maioría dos medios de comunicación sentíronse a gusto con esta política, apoiándoa, mentres que desde a Xunta, con axudas directas e indirectas, apostaban por manter o mapa comunicacional invariábel.

Así perviviu unha propiedade dos medios familiar, fronte ao agrupamento do capital nos medios que se deu noutras latitudes.

O reparto de emisoras, de radio e televisión, acrecentou esta situación de oligopolio local e dependencia de Madrid.

Aos medios que se revelaban aplicóuselles a «industria da exclusión», que dicía Roland Barthes.

Neste panorama de control político e dependencia económica é no que nacen a radio e a televisión públicas e tamén algunhas emisoras locais.

A RTVG non só reproduce o sistema imperante (visión centralista e dependente no económico e político), senón que a aposta polo galego, que é inherente á súa fundación, foi maiormente ritual e obrigada, negándose a servir de motor á normalización lingüística e de reflexo doutra realidade.

Ao mesmo tempo, serviu para asentar as empresas familiares, que se instauraron como fornecedoras desta propia cadea convertida en soporte económico dos grandes medios locais. Deste xeito, impediuse a catarse informativa necesaria nun contraste de informacións e opinións. Facíase desde as delegacións a mesma información que nos seus medios propietarios.

A entrada de capital foráneo nos medios de comunicación de Galiza tampouco serviu, ao contrario, por exemplo, que en Cataluña, como revulsivo para o galego.

Nin a merca do *Faro de Vigo* polo grupo Moll, nin a saída de *La Opinión*, do mesmo grupo, nin as páxinas de *El Mundo* ou *ABC*, supuxeron un salto cualitativo a prol do galego ou dunha comunicación diferente.

Habería que resaltar aquí, negativamente, a aparición das páxinas galegas de *El País*, en que moitos lectores e escritores en galego puxeron tanta teima e tanta compracencia. O maior logro, negativo, por suposto, foi que moitas persoas senlleiras na defensa do idioma, que mesmo se negaban a escribiren en español nos medios preexistente, non tiveran inconveniente en se pasaren ao español, con efectos aínda non cuantificábeis para o proceso normalizador.

Así as cousas, volvendo á idea primeira, o futuro do idioma dos medios de comunicación está claro que vai ir ligado a un firme compromiso normalizador do poder político (*Galicia Hoxe*, non existiría, por exemplo, sen a axuda autonómica. O seu problema é que nace sen ser referente e tampouco opción de poder mediático, que capitaliza o seu «irmán maior» *El Correo Gallego*).

Un poder político que, en parte, tamén depende dos medios preexistentes e dos seus intereses localistas.

Polo tanto, só unha correlación de forzas diferente no poder autonómico, cunha aposta decidida pola normalización lingüística e por unha economía autocentrada, pode dar lugar a uns medios de comunicación autenticamente galegos, con poder suficiente para mudaren decididamente o proceso normalizador.

Porque o apoio do capital, a aparición de empresas fortes que aposten por medios de comunicación en galego, só é posíbel se parte do empresariado asumir Galiza e os seus intereses como propios.

Esta transformación, que xa comezou lentamente, non é posíbel tampouco sen que Galiza gañe poder político de seu e a Xunta sexa consecvente coa defensa dos nosos intereses nacionais.

A batalla por uns medios de comunicación propios vai, xa que logo, ligada directamente á batalla política polo autogoberno.

Parodiando a Mattellar, poderíamos dicir que xa non se pode falar de manipulación ou de desprezo polo galego, senón que, na actual situación «os medios son así por natureza e non poden ser doutra maneira».

Prensa en galego: entre a caldeirada e o ADN

CAETANO DÍAZ

Director de *Galicia Hoxe*

Podería dicir, e diría verdade, que facer periodismo en galego é chorar, pero non é cousa de espertar o mestre Larra do seu soño eterno e, sobre todo, non lles faría xustiza aos pioneiros, aos proxectos mediáticos que contribuíron a manter vivo o galego como idioma válido para reflectir a realidade, para a análise e para blindar os sinais que nos identifican como pobo.

Os pioneiros, si, non merecen unha mensaxe negativa, non merecen que se despache a pequena grande historia da prensa en galego con saloucos nin chorimicadas. Non o merecen eles nin o merece unha sociedade que ten no seu idioma o mellor aval dun futuro culturalmente rico, que é tanto como dicir un futuro de progreso para o noso país.

Falo hoxe aquí en calidade de director de *Galicia Hoxe*, sen dúbida o proxecto máis ambicioso de defensa do galego feito nunca desde a escrita e que en maio fará os seus primeiros cinco anos de vida. Del lles quero contar o que significa para o Grupo Correo Gallego e para a nova sociedade deste século tan convulso. Pero, antes, debo voltar ás orixes, aos pioneiros, para honrar o legado de dúcias de publicacións, desde *O Tío Marcos da Portela* até *A Nosa Terra*, que alimentaron un abraiante fenómeno de periodismo comarcal con factura galega cento por cento.

Da herdanza deses pioneiros nutríronse *O Correo Galego*, primeiro, e *Galicia Hoxe*, agora, un proxecto ambicioso, un periódico moderno, atrevido, radicalmente comprometido coa información e co país; un diario con vocación de servizo á nosa sociedade. Liberdade, obxectividade, verdade, tolerancia, Galicia. Eis o soño, eis os piares sobre

os que se sostén o edificio de *Galicia Hoxe*, eis as sementes que aventamos desde as nosas páxinas na leira deste terceiro milenio.

Permítanme que bote a vista atrás e que lembre dúas datas que xa están na historia do periodismo galego: aquel 6 de xaneiro de 1994, entrañable día de Reis en que naceu *O Correo Galego*, e o máis próximo 17 de maio de 2003, Día das Letras Galegas que alumou *Galicia Hoxe*, que alardea xa dun balance estatístico contundente: máis de cen mil páxinas editadas na nosa lingua e unha política editorial de potenciación dos suplementos específicos, que cobren todos os días da semana.

O xornal presentouse en sociedade cunha declaración de intencións rotunda: outro estilo de periodismo é posible. Barrera e Rey transmitíronlle graficamente o obxectivo ao equipo de máis de vinte redactores que puxo en marcha o proxecto: hai que trasladar ao papel a sensibilidade con que La 2 empapa os seus telediarios. Así, o de *Galicia Hoxe* quere ser só un periodismo comprometido coa sociedade de que se alimenta e a que serve. Veracidade, pluralidade e defensa do idioma matrio son os tres piares dun produto cun envoltorio moderno e cunha estrutura informativa que bascula sobre os temas sociais (papel da muller, saúde, movementos alternativos, inmigración...) e culturais, pero tamén sobre a ciencia, a tecnoloxía, as novas linguaxes urbanas; un modelo, en definitiva, obsesionado con darlle voz ao cidadán, coa tolerancia, coa curiosidade. Coa comunicación sempre.

É obrigado, pois, que as páxinas que abren o xornal, as de Opinión, reflectan ese espírito. No cadro de columnistas conviven plumas que xa enriqueceron as planas d'O Correo Galego con outras incorporadas expresamente para achegar frescura ao novo proxecto. Entre os analistas exclusivos de *Galicia Hoxe* están Miguel Anxo Fernán-Vello e Marcos Valcárcel, ambos con columna diaria, Pedro Puy, Joaquim Ventura, Pedro Rielo, Avelino Abuín, Manuel Dourado, Rivas Troitiño, Fran P. Lorenzo, Manoel Santos, Alberte Brenlla, Xosé Lois García, Vidal Villaverde, Xavier Castro, Clodio González, Albino Mallo, Laxe Freire, Xosé María Máiz, Plácido Lizancos, Henrique Alvarellos... Son as súas miradas distintas con ollos limpos, achegas plurais a unha sociedade poliédrica.

É imposible entender *Galicia Hoxe* sen o proxecto que Barrera e Rey puxeron a andar o 6 de xaneiro de 1994. Tiña que ser un Día de Reis. *O Correo Galego* vía a luz para converterse na iniciativa de Editorial Compostela que con máis intensidade conectou a longa historia do grupo mediático capitalino cos sinais de identidade máis puros de Galicia. *O Correo* naceu, agora pódese dicir, a pesar de. Outras iniciativas aspiraban á gloria e, quizais, ás presuntamente substanciosas axudas da Xunta.

Barrera e Rey, editor e director, puxeron a andar un diario sen padriños que superou o ninguneo inicial das institucións, a negativa de subvencións durante o primeiro ano, a escaseza de apoios sempre; un diario que dinamitou tópicos ao publicar no idioma matrio noticias de toda índole e non só de cultura, o oasis natural histórico da nosa lingua; un diario recoñecido ano tras ano polos equipos de investigación da USC como o medio que máis espazo lle dedicou nas súas páxinas á cultura, cunha diferenza abrumadora sobre o resto de medios; un diario que soubo crear un equipo estable de filólogos tradutores, lingüistas que tamén fan posible o *Galicia Hoxe* –agora coa axuda dun tradutor informático– e que non só revisan textos, senón que desenvolven un labor fundamental de asesoría de estilo para garantir un galego de calidade máxima.

Nace entón *Galicia Hoxe* como a evolución lóxica d’*O Correo Galego*, unha experiencia enriquecedora que o grupo mediático con sede en Compostela mantivo durante case dez anos. Nun paso cara adiante, o novo xornal amplía o número de páxinas, crea un suplemento para cada día da semana, oferta única nestes momentos na prensa do noso país, e –sen deixar de mirar ao lonxe con vocación plenamente galega– pon a andar a súa edición dixital propia.

Sen perder a perspectiva histórica, consciente da súa débeda c’*O Correo*, o novo xornal solta amarras con respecto a *El Correo Gallego*, buque insignia do grupo, para reflectir a información con outros ollos. Así, as páxinas de *Galicia Hoxe* ven a luz cada día coa vocación de ter identidade de seu, de lles achegaren aos lectores temas propios e de trataren con autonomía a actualidade para presentala cunha personalidade propia e marcadamente galega.

A maquetación creada por Ferrán Grau e Carlos Giordano, dous prestixiosos deseñadores, é o primeiro que contribúe a que os temas aparezan dun xeito directo e contundente, cunha presentación que permite a lectura rápida e o acceso fácil aos detalles, cun xeneroso espazo destinado a ofrecer unha coidada información gráfica.

Tamén a organización da información dá unha reviravolta co obxectivo de enfocar a actualidade e diseccionala para aproximala máis ao lector. O periódico opta por unha distribución temática que nos permite mirar de preto, pero tamén ao lonxe, sempre desde uns sinais de identidade absolutamente galegos.

A outra columna que vertebra a oferta informativa do xornal é Maré, con nove planas diarias para pulsar todas as inquedanzas, desde a máis tradicional á máis vangardista, e articular a maior oferta cultural diaria da prensa galega, presentada con orixinalidade

e tratada con espírito plural. *Galicia Hoxe* reforza a súa oferta informativa cun suplemento cada día da semana.

Tamén desde o 17 de maio de 2003 os lectores teñen ao seu dispor o sitio www.galicia-hoxe.com cos contidos da versión en papel do xornal. A información actualízase en función dos acontecementos. Hai algunhas canles compartidas con *El Correo Gallego*, especialmente de servizos, que ofrecen información de empresas galegas ou de concellos. Un dos obxectivos principais, ademais de dar información, emitir opinión sobre o día a día ou ofrecer servizos, é chegar a interactuar cos lectores desde Galicia e en galego.

Todo isto non outra cousa é que periodismo en galego. Posible, quero subliñalo, grazas ao risco asumido desde un grupo mediático privado máis que polo apoio da Administración autonómica. E tampouco aquí quero caer na chorimicada, malia que sen a implicación decidida dos poderes públicos na construción dun espazo galego de comunicación será case imposible para o noso periodismo competir na que o profesor Xosé López, ex-decano da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, define como a carreira por recuperar o xornalismo de calidade, a capacidade de innovación constante, unha maior comunicación coas demandas da sociedade e, en definitiva, o asentamento de periódicos en que se ofrezca rendibilidade social e económica.

Dinos o profesor López García no seu estudo sobre a prensa diaria en Galicia que os novos xornais, *Galicia Hoxe* é o máis novo de todos, atopan moitas dificultades para sobreviviren en mercados moi disputados, onde os lectores só cambian cando reciben a oferta dun produto diferente con garantías de mellores propostas informativas. Son moitas as voces que insisten na necesidade de introducir cambios para vencer os novos desafíos dos diarios, que lle deben facer fronte á perda de lectores mozos e que corren o risco de quedar condenados a sobreviviren en guetos minoritarios.

Desde distintos foros xorden propostas para a reflexión, pero moi poucas orientacións precisas para emprender o cambio que nos permita ensamblarnos na sociedade da información e, no noso caso, crear ese imprescindible espazo galego de comunicación. Non é doado ofrecer receitas, pero coincido co amigo ex-decano na necesidade de actualizar os contidos, a súa distribución en seccións, a presentación, a propia escrita; en que hai que reordenar os sistemas de produción e en que hai que renovar a xestión; tamén en que é necesario ofrecer produtos claramente alternativos aos da competencia, de maior calidade, para conseguir aumentar as vendas.

Como non vou coincidir se eses son os alicerces de *Galicia Hoxe*, que aposta por encarar os desafíos da comunicación con temperanza, compromiso e honestidade?

Pois ben, con temperanza, compromiso e honestidade, paréceme que é o momento –tamén no planeta mediático os tempos son chegados, meus amigos– de resucitar o espírito do New Deal de Franklin Delano Roosevelt para propoñerlle ao Goberno bipartito que preside o socialista Pérez Touriño unha acción que ten tanto de valente canto de imprescindible: un contrato co galego. Si, señoras e señores, un contrato co galego que lles garanta un futuro aos medios escritos na lingua matria (o audiovisual xa ten arranxado o apoio xeneroso da Administración, e paréceme ben); un contrato co galego que permita a entrada nos colexios do noso país dos periódicos editados no noso idioma para crear unha masa de lectores críticos, de mozos ben informados; un contrato co galego que converta a nosa escrita en patrimonio do país, en especie protexida, para nos entendermos; un contrato co galego que active mecanismos de discriminación positiva a favor das empresas que arriscan, e moito, para manteren viva unha aposta informativa *made in Galicia*.

Estou a falar de cartos, claro que si, pero non só. Estou a propor unha nova política de comunicación que finquite os tempos da caldeirada para todos e que lle inxecte en vea á sociedade galega o mellor, o principal do seu ADN: a lingua. Cando falou por vez primeira en galego diante do Comité das Rexións, un importante organismo da Unión Europea, aló, en Bruxelas, Emilio Pérez Touriño tivo o acerto de identificar o galego como o ADN do noso pobo. A min alegroume especialmente, porque meses antes *Galicia Hoxe* xa identificaba na súa portada, a cinco columnas, o galego co ADN deste país noso.

Todos os indicadores iluminan unha sociedade especialmente complexa, cunha realidade móbil coma un tornado na que os cidadáns teñen –e cito outra vez a Xosé López na súa obra *Desafíos da comunicación local*– dereito a informar, a informarse e a seren informados nos ámbitos locais, nos lugares onde residen habitualmente e onde desenvolven unha parte moi importante da súa actividade. Na vida cotiá existe unha dialéctica local-global en que o próximo xoga un papel importante e que conforma un novo estadio, o global, en que moitos acontecementos xa son locais e globais simultaneamente.

Pois ben, no medio e medio deste complicado escenario debe intentar sobrevivir o periodismo escrito en galego, debe intentar sobrevivir *Galicia Hoxe*, na actualidade o único diario que se edita no noso idioma. Non é que nos sintamos orfos, en absoluto; é, si, que cremos na bondade dese aínda inexistente espazo galego de comunicación, como cremos nos beneficios da competencia. Gústanos sermos pioneiros, pero entendemos que non son boas para a sociedade as aventuras prolongadas dos navegantes solitarios.

Por iso lanzo a proposta do contrato co galego que permita negociar con transparencia e responsabilidade un modelo de axudas públicas aos periódicos en galego. Cartos, claro que si, pero non só, insisto. Miramos con envexa cara aos modelos catalán e vasco, con centos de millóns de euros destinados a proxectos mediáticos que blinden as súas respectivas linguas. Aquí, un proxecto da calidade de *Galicia Hoxe* é despachado pola Xunta con menos de un millón de euros, e non se nos ocorre queixarnos, sobre todo logo dos anos de castigo, primeiro, e penuria de axudas, sempre, que resumen a década prodixiosa d'*O Correo Galego*.

Se o Goberno do presidente Touriño quere de verdade eliminar do menú a caldeirada na que as mellores talladas das subvencións ao galego van parar a empresas que o tratan como idioma residual, debe comezar a negociar cos grupos mediáticos o contrato co galego e debe instrumentar canles imaxinativas para que os cidadáns do século XXI traballen desde as escolas con información que protexa e potencie o seu ADN como pobo, o seu principal sinal de identidade.

Eis os dous piares do noso New Deal, do programa de reactivación do galego desde o planeta mediático, desde a escrita, con cartos públicos e privados, con ideas públicas e privadas que nos axuden a construír unha nova sociedade do benestar.

A proposta, en definitiva, consiste en activar a discriminación positiva para redistribuír as axudas públicas con criterios de defensa dos sinais máis singulares da sociedade galega e de respecto escrupuloso á política editorial dos medios. Ao tempo, será imprescindible poñer en valor o noso idioma como ferramenta válida para interactuar nesta sociedade global, na que o próximo e o afastado se mesturan e abren as fronteiras de territorios que piden a berros exploradores atrevidos e clarividentes.

Á fin, cando falamos de periodismo en galego estamos a falar de política. De que, se non? Serve perfectamente para o noso idioma a advertencia nun editorial d'*A Trabe de Ouro*, revista de referencia da nosa cultura, de que o futuro das linguas da Unión Europea dependerá da sorte das comunidades que as falan. Soamente na medida en que esas comunidades posúan capacidade para decidiren sobre o seu futuro, este escribírase nas súas linguas. Outramente, en poucas xeracións, estas serán restos do que un día foi a diversidade cultural, nacional e lingüística europea.

Aínda é tempo de inverter a tendencia e o contrato co galego é o instrumento. Se os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia seguen a ser válidos, o 10,6 por cento da poboación só fala castelán, o 20,8 por cento usa máis o castelán, o 29,9 por cento emprega máis o galego e o 38,7 por cento só se expresa en galego, entón algo estamos

a facer mal, rematadamente mal, cando no 2003, á volta da esquina, a media do uso do galego nos diarios do país estaba nun raquítico 6,86 por cento, sen achegarse sequer ao humilde teito do dez por cento.

Touriño ten na súa man reconverterse no Roosevelt do século XXI para que cando nos fagamos a pregunta clave, a nai de todas as preguntas, sobrevivirá o periodismo en galego?, saibamos que a resposta só pode ser si, unha e mil veces si. Desde a independencia e a liberdade de información e de opinión, fai falla dicilo?, é a hora do contrato co galego, a semente dunha sociedade mellor informada, orgullosa do seu ADN, dona do seu destino nesta nación de nacións á que lle queremos seguir chamando España.

A prensa dixital en galego desde a experiencia de *Vieiros*

RAMÓN VILAR LANDEIRA

Director de *Vieiros*

VIEIROS: OS PRIMEIROS PASOS

Vieiros botou a andar un 24 de febreiro de 1996 como portal de recursos galegos. Daquela, internet aínda comezaba a saír dos reducidos círculos universitarios. Ao pouco tempo, aquel proxecto convertíase no primeiro xornal estritamente electrónico que, por riba, empregaba exclusivamente o galego.

Poucos apostaban hai once anos que un proxecto destas características tivera viabilidade a medio prazo. Había dúas razóns de peso: o propio futuro da rede e o feito engadido de que Vieiros apostara pola chamada lingua B. O espazo para o noso idioma ficaba reducido a pouco máis que a RTVG, ao semanario *A Nosa Terra* ou a iniciativas daquela máis recentes como era o caso do diario *O Correo Galego* (antecedente do *Galicia Hoxe*) e a algunhas publicacións de ámbito máis local ou especializado.

Quince anos despois de aprobarse o Estatuto de Autonomía, a lingua propia do país seguía a ser unha extravagancia dentro do panorama mediático. Polo camiño quedarán un monllo de tentativas de cambiar aquela abouxante correlación de forzas. Porén, naquel océano mediático tan complicado, internet era un vento a favor para o proxecto. Por primeira vez, era posíbel crear un xornal sen que detrás houbera demasiados recursos económicos. A rede abría unha fiestra pequerrecha nun mundo en que era extremadamente difícil sobrevivir. Calquera proxecto alternativo, audiovisual ou en papel atopaba un valo case infranqueábel: o seu alto custo económico.

Non vou dicir eu aquí que poñer a andar un xornal electrónico en Galiza saía de balde. Mais si que é evidente que o custo é infinitamente menor ca o dun medio impreso. Vieiros, como xornal dixital, entraba en escena canecendo dous dos principais pesadelos da prensa tradicional: o prezo do papel e o da distribución.

Mais internet, como contorno novo que era, tamén presentaba numerosos problemas e non eran poucas as voces que pensaban que se trataba dunha ferramenta efémera. (Pódolles comentar unha anécdota ben ilustrativa: en 1999, un responsábel de Vieiros entrevistouse cun alto cargo da Xunta. Propúxolle un proxecto na rede dirixido aos galegos que se atopaban na diáspora. O político de marras declinou a proposta. Segundo el, tal e como estaban avanzando os mundos, axiña habería outras cousas e quen sabía se incluso non acabariamos comunicando telepaticamente).

EXTENSIÓN

Nun primeiro momento os medios tradicionais miraron con certa frialdade cara a Internet. A primeira aposta tímida foi a de *El Correo Gallego*, que comezou a experimentar na web en 1996; tres anos despois faríao *Faro de Vigo* e xa en 2000 cabeceiras da importancia de *La Voz de Galicia*, *Diario de Pontevedra*, *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol* e *La Opinión de A Coruña* comezaron tamén a dar os primeiros pasos. Hoxe en día a prensa dixital non é xa unha extravagancia e todos os medios reforzan a súa presenza en internet.

Porén, aínda está por vir a segunda revolución da prensa dixital, que irá parella á progresiva introdución de internet. Neste momento, estímase que un 32% dos galegos se conecta cunha asiduidade de polo menos unha vez ao mes. Aínda así, seguimos moi lonxe de comunidades como Madrid, Cataluña ou Euskadi, onde a cifra é trece puntos maior.

É certo que nos últimos anos o avance foi espectacular e agora mesmo o 80% dos fogares galegos teñen a posibilidade de se conectaren á banda larga. Mais non debemos esquecer dous factores decisivos que lastran, especialmente no noso país, ese mesmo paso adiante:

- Hai unha cuestión demográfica: temos unha poboación avellentada. Un segmento moi importante dos cidadáns chegaron tarde a esa primeira revolución dixital e é preciso que as administracións se esforcen para que non queden á marxe deste fenómeno.

-As tarifas: aínda que houbo avances, o custo de conexión no Estado español segue a ser maior ca en numerosos países europeos. E non debemos esquecer que en Galiza, onde as rendas familiares son inferiores á media estatal, internet segue a ser un gasto importante para un fogar.

VIEIROS E A LINGUA

Vieiros tamén intenta ser dende a rede unha ferramenta de normalización lingüística. Dende o primeiro momento, o portal apostou integramente polo idioma do país e nesa batalla segue. A idea era e é facer normal o que, lamentablemente, segue a ser moitas veces excepción: ler o que pasa no Parlamento, en Darfur ou en Riazor na lingua propia.

Mais aló de ser a ferramenta, a lingua tamén se converteu en protagonista da noticia. Un exemplo é o canal Galego.org. Vieiros debe ser un dos poucos medios, con vontade xeralista, que mantén un espazo exclusivo para as novas relacionadas coa situación das linguas minorizadas. Procuramos tamén non esquecer a nosa tradición galego-portuguesa. A Galiza que propugnamos está aberta á lusofonía, a ese mundo con que temos tantos vencellos lingüísticos e culturais.

Non quixo ser nunca o portal un lugar de exclusión para as diferentes normativas que convivían e conviven no país. Somos conscientes de que para a tarefa de normalización é preciso ter unha norma. No caso de Vieiros optouse sempre pola oficial como lingua de redacción e de traballo. Porén, iso nunca foi obstáculo para que entrasen centos de colaboracións en normativas tan dispares como a antes chamada de mínimos, a de AGAL ou a que propugna a reintegración plena co padrón lisboeta. Se deixásemos de facelo estaríamos marxinando unha parte da nosa realidade lingüística e seguramente do noso futuro.

Sabemos que unha parte moi importante dos usuarios de Vieiros teñen un compromiso coa lingua do país. De feito, non é estraño que unha nova relacionada coa situación lingüística estea ás poucas horas entre as máis visitadas e comentadas. Mais hai un feito curioso, que ten moito que ver coa propia rede: o groso dos nosos lectores procede de áreas e de segmentos de idade onde o idioma está en franca regresión.

Dentro do país, as áreas urbanas da Coruña, Vigo e Compostela, por esta orde, seguen a acaparar a maior parte das visitas. A continuación están o resto das cidades e as principais vilas. A fenda dixital é especialmente acusada nos municipios de menos de 10.000 habitantes, onde o número de conexións descende porcentualmente de xeito vertixinoso.

Canto a segmentos de idade, poderíamos concluír, polo propio perfil de internauta galego, que o lector está nunha franxa de idade que oscila entre os 20 e os 45 anos e que reside en zonas urbanas ou semiurbanas.

No ano 2001, Daniel Romero e Isabel Vaquero publicaban en Xerais un libro titulado *Da periferia á rede. Internet en Galicia. Lingua e contidos*. Nel facíase a seguinte reflexión: «O perfil dos internautas, segundo as diferentes vagas do Estudo Xeral de Medios (mozos e profesionais de áreas urbanas), correspóndese maiormente cos sectores máis castelanizados, segundo o Mapa Sociolingüístico de Galicia; isto é, nos que existe unha maior competencia pasiva en galego e nos que, asemade, diminúe considerablemente o nivel de uso da nosa lingua. Non obstante, fronte ó que se podería pensar, o feito de contarmos con plataformas atractivas na Rede nas que poder interactuar en galego fai que se incremente o uso do idioma do país».

Sexamos tamén realistas. Un medio de comunicación non é un elemento determinante para modificar os comportamentos lingüísticos. Agora ben, nunha sociedade como na que vivimos, calquera radio, televisión ou xornal contribúe a prestixiar a lingua e actúa de estímulo para os propios falantes. Ademais, non podemos obviar que no caso de internet a lingua tamén se asocia ás novas tecnoloxías, é dicir, ao futuro.

Sen dúbida, internet pode axudar a normalizar a lingua. Mais a prensa dixital trouxo tamén unha vantaxe engadida: desde calquera recuncho do planeta podemos consultar en tempo real unha publicación. Un xornal dixital, a diferenza do papel, non fica reducido a un territorio xeográfico concreto. Achégolles algúns datos que poden ilustrar esta idea. Logo do propio país, a maior parte das visitas a Vieiros chegan dende Madrid, Cataluña, Euskadi e Canarias, catro comunidades onde por razóns laborais hai unha importante colectividade galega. Fóra do Estado español, a maior parte das visitas proceden de Portugal, Francia, Suíza, Alemaña, Reino Unido, Arxentina, Uruguai e Venezuela.

Os prexuízos lingüísticos seguen a manter a idea de que o galego pode ser un atranco máis aló do Padornelo, que diría algún. Quero traer aquí dous exemplos para desmontar esa teoría. Hai poucas semanas, un lector de Valencia, sen ningún tipo de vinculación familiar co noso país, enviounos un correo matizando unha información en que se falaba da situación do valenciano. Con todo o criterio explicaba que o idioma a que nos referíamos era o catalán. O relevante, máis aló da discusión, é que este usuario lía habitualmente medios de todo o Estado, entre eles o noso, que está integramente en galego.

Outro caso, ben curioso, é o de José Antonio Guerra, un xubilado de Ávila que reside en Málaga. José Antonio, que é un namorado dos idiomas, leva anos loitando para que nesta cidade andaluz se poidan estudar todos os idiomas oficiais do Estado. Hai pouco mandábanos un correo en que nos informaba de que, polo de agora, xa conseguira que unha biblioteca da cidade crease un currunchito para libros en galego. Agora anda na teima de organizar xornadas sobre as culturas galega, catalá e vasca.

A rede pode, e debe, contribuír non só a normalizar o noso idioma, tamén a dar a coñecer a nosa realidade alén das nosas fronteiras. Igual que internet nos permite ler xornais portugueses, brasileiros, cataláns ou mexicanos, tamén mantemos as nosas modestas fiestras abertas ao mundo.

PRINCIPAL PROBLEMA DA PRENSA DIXITAL: VIABILIDADE ECONÓMICA

Comentáballes que internet posibilita montar un medio de comunicación cuns recursos máis ou menos limitados. Agora hai que preguntar: é doada a supervivencia dun medio electrónico en galego? A experiencia dínos que non.

Vieiros, cos seus 11 anos de vida, é o decano da prensa dixital en Galiza. Neste tempo naceron varios proxectos exclusivamente electrónicos que, a pesar do seu mérito, tiveron que pechar pola súa inviabilidade económica. Sen dúbida, na supervivencia de Vieiros influíu de xeito decisivo o feito de sermos pioneiros na rede galega. Aínda hoxe, segundo os datos do Alexa de setembro, Vieiros é, logo dun xigante como La Voz de Galicia, o diario máis visitado.

Agora ben, non podemos perder de vista que somos un xornal pequeno, cun equipo de só 6 persoas que non deixa de ser como unha gamela no medio dun océano inzado de petroleiros. A viabilidade dun proxecto como Vieiros sería imposible sen a colaboración desinteresada de dúzias de persoas que achegan os seus artigos de opinión e manteñen determinados canais e edicións.

A PUBLICIDADE

É a principal táboa de salvación para un medio dixital e aí comeza o primeiro gran problema. As grandes e medianas empresas, as que máis cartos gastan para se achegaren aos potenciais clientes, desconfiaron moito da rendibilidade dos anuncios en internet. A tendencia, aínda que paulatinamente, comeza a cambiar.

Aínda así, persiste outro atranco non menos grave: as principais compañías autóctonas planifican as súas campañas con grandes axencias publicitarias radicadas maiormente en Madrid ou Barcelona. Como comprenderán, ser un medio do ámbito que eles chaman «rexional» e por riba en galego non facilita precisamente a obtención de publicidade.

ESCASA IMPLICACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS

Segundo o Estatuto de Autonomía, os poderes públicos de Galiza teñen a facultade de promoveren a normalización lingüística en todos os eidos, tamén nun estratéxico como é o da comunicación. Porén, en poucos sectores foi tan estridente o fracaso das políticas de normalización coma neste.

A Xunta destinou, e destina, ducias de millóns de euros para promover a presenza do idioma sen que aumente o uso do galego na prensa diaria, por poñer un exemplo. Na actualidade só hai un medio diario (*Galicia Hoxe*) que está impreso integramente en galego. Alén disto, nin sequera podemos atopar un xornal que poidamos considerar «bilingüe». Nas grandes cabeceiras o espazo para o noso idioma, sendo moi benevolentes, pode chegar a un máximo de entre un 5 e un 10% das noticias. Este tipo de políticas na prensa impresa son perfectamente extrapolábeis ao mundo dixital.

INTERNET PODE RACHAR A SUPREMACÍA QUE O CASTELÁN TEN NOUTROS FORMATOS

A prensa dixital é aínda un planeta cativo dentro do universo mediático. Dende logo, o número de lectores en internet está aínda moi lonxe dos que pode acaparar a prensa impresa, a televisión ou a radio. Malia todo, a prensa dixital vai erguendo a súa voz e loita, como é lóxico, por ter o seu propio espazo.

En internet detéctanse síntomas de vitalidade do noso idioma que son difíciles de atopar noutros eidos. Máis aló dos portais de información de carácter local ou comarcal, na rede pelexa cada día un feixe de proxectos xornalísticos que son exclusivamente dixitais e na nosa lingua. Só nos últimos doce meses naceron dous diarios de actualización diaria: *Gznacion.com* e *Xeración.com*.

Na rede atopamos dende unha rede social de noticias como é *Chuza*, de evidente éxito, até o que seguramente é o confidencial máis seguido do país (*Galiciaconfidencial*). Existen foros con actividade diaria como pode ser o de *arroutadanoticias.com*

ou un diario tecnolóxico de notábel calidade como é *Códigocero*. Tamén hai sitio para os medios máis alternativos (véxase galizalivre.org ou galiza.indymedia)

Outros proxectos consolidados, como pode ser o caso de *Xornal.com*, aínda que non teñen o galego como única ferramenta, déixanlle ben máis espazo ao noso idioma do que o segue a facer a prensa tradicional.

Aínda deberíamos sumar outro fenómeno que non por individual ten menos importancia: o dos blogues. Neste momento temos unha lexión de blogueiros en Galiza que escriben os seus posts na nosa lingua. Abonde dicir que os últimos datos do blogomillo estiman a existencia de máis de 3.600 destas páxinas persoais.

CARA UN ECOSISTEMA FORTE DE MEDIOS DIXITAIS EN GALEGO

Mais na comunicación dixital non estamos sós os medios exclusivamente electrónicos. Por exemplo, as cabeceiras galegas cunha longa tradición en papel andan tamén á procura dos internautas. Creo que é un bo momento para reflexionar e darse conta de que máis ca nunca, son posíbeis outras actitudes lingüísticas. É certo que o perfil do lector en internet pode proceder de ambientes máis castelanizados; mais se pensamos que é certo que a pesar do fracaso das políticas de normalización, hai máis competencia lingüística e menos prexuizos, cal é o problema?

A finais do ano 2003, a Sección de Lingua do Consello da Cultura fixo unha enquisa sobre a lingua galega nos medios. Logo de 1.203 entrevistas telefónicas, o resultado foi o seguinte: un 60% dos interpelados consideraba que debería aumentar o galego tanto nas seccións informativas como nas de opinión. Cando se preguntaba que lingua preferirían para un novo xornal que se pretendese editar no país, un 51% apostaba polo galego, un 33% por un medio metade en galego e metade en castelán, e só un 11% prefería un xornal exclusivamente en castelán.

É posíbel que a sociedade a estas alturas teña xa ben menos prexuizos que as propias empresas ou que a nosa Administración. Parece ser que temos demanda pero teimamos en negar a oferta.

A cantidade e a calidade do galego nos medios

CARME HERMIDA GULÍAS

Instituto da Lingua Galega/Facultade de Ciencias da Comunicación da USC
Universidade de Santiago de Compostela

1. A CANTIDADE DE GALEGO NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

No ano 2003 con motivo dunha encarga realizada por Xosé López, coordinador do informe *A comunicación en Galicia 2004* (López 2004), realicei unha pescuda exhaustiva para coñecer cal era o panorama do galego nos medios de comunicación. Os datos obtidos daquela (Hermida 2004a) están maioritariamente vixentes na actualidade, razón pola cal os vou repetir aquí resumidamente facendo mención, iso si, dalgunha modificación que se produciu ó longo destes anos.

A presenza do galego na internet –entendida esta como un medio global– sitúanos no posto trixésimo terceiro na ratio de páxinas por habitante (0,025 p/h)¹, unha cifra que non resulta nada gratificante de a comparar coas 1,764 páxinas por habitante que ten o islandés, lingua que ocupa o primeiro posto, ou as 1,298 p/h que lle corresponden ó inglés. De tódolos xeitos, a comparanza con outras linguas máis próximas, pertencentes a estados ou a países cun desenvolvemento cultural e económico maior có noso –o euskara ten unha relación de 0,138 páxinas por habitante, o catalán de 0,104, o portugués de 0,071 e o castelán de 0,048– permite considerar que, aínda estando en último lugar entre as linguas do Estado, a nosa relación non está tan lonxe da presentada polas dúas linguas estatais da Península Ibérica.

Nas emisións televisivas o galego é a lingua maioritaria, aínda que non a única, daquelas que se realizan en Galicia e para Galicia. Nos receptores das casas galegas, non obs-

¹ Estes datos están tirados do traballo de Gómez Guinovart 2003.

tante, a cantidade de galego que entra é mínima pois queda reducida á programación total da TVG, a unha desconexión da TVE e a algunhas horas da programación das canles locais.

Nas emisións radiofónicas a presenza do galego está adscrita nas cadeas estatais a algunha programación propia moi específica –o programa de información comarcal de Radio Galicia-Cadena Ser, por exemplo– e, nas entrevistas, á lingua empregada pola persoa interpelada, que fai variar a propia do entrevistador/ora. Nas cadeas de ámbito galego a única que ten a lingua propia como base é a Radio Galega, as restantes teñen un comportamento semellante ó das desconexións rexionais das grandes cadeas estatais. Nas emisoras locais e municipais o galego ten unha presenza case única na produción propia, pero non no conxunto da programación porque hai moitas emisoras que a completan con conexións a emisoras que empregan o castelán, como acontece, por exemplo, en Radio Estrada, que realiza toda a súa programación propia en galego, pero conecta con Radio Nacional de España nos informativos horarios.

Na prensa non diaria obsérvanse dúas tendencias contrapostas, unha aposta clara polo uso da lingua galega, tanto en medios dedicados ó conxunto de Galicia –con semanarios como *A Nosa Terra*, revistas como *Tempos Novos*– coma naqueles de ámbito comarcal ou local, entre os que están cabeceiras como *A Peneira*, *O Sil* etc., e o mantemento da estrutura idiomática da prensa xeneralista: o idioma da redacción é o castelán aínda que se admiten colaboracións en galego e mesmo se emprega este idioma para a redacción das noticias. Este último é o comportamento de publicacións mensuais como *El Entorno Metropolitano*.

A prensa diaria de información xeral continúa a redactarse basicamente en castelán. A principal diferenza do ano 2007 fronte á comentada para o ano 2003 é a aparición dun xornal gratuíto, *De Luns a Venres*, escrito en galego, que se vén sumar á outra cabeceira diaria en galego, *Galicia Hoxe*.

En abril do 2007 Abad *et alia* publicaron un traballo que recolle unha nova medición do galego nos xornais realizada no ano 2006. Aínda que o sistema de análise dos dous traballos, o de Hermida 2004a e de Abad 2007, é común en varios puntos –medición en centímetros, inclusión da publicidade, non contabilización das citas etc.– non son totalmente equiparables debido á diferenza entre o número de exemplares analizados, dous, un de fin de semana, en Abad e sete, correspondentes a unha semana completa, en Hermida. Así e todo, como mostra dunha tendencia pode resultar ilustrativo facer unha comparación (cadro 1) entre as cifras dun e doutro ano.

Cadro 1: porcentaxe de uso do galego nos diarios

ANO	AD	DdA	DdF	DdP	ECG	EIG	EP	FV	LO	LR	LVG
2003	5.69	11.69	6.61	9.42	8.58	3.43	7.83	5.39	3.53	6.94	7.20
2006	14.1	24.3	9.9	4.8	4.1	2.9	4.6	5.3	16.5	8.1	4.8

Fronte ás do 2003, as porcentaxes de galego inseridas nos xornais no 2006 reflicten un forte aumento para algunhas cabeceiras, caso de *La Opinión* (LO), que sobe do 3.53% de espazo escrito en galego ó 16.5%; do *Diario de Arousa* (DdA), que ascende do 11.69% ó 24.3%; e do *Atlántico Diario* (AD), que pasa do 5.69% ó 14,1%. Menor é o aumento experimentado polo *Diario de Ferrol* (DdF), que pasa do 6.61% no 2003 ó 9.9% no 2006; e por *La Región* (LR), que sobe do 6.94% ó 8.1%. Os descenso máis salientables na cantidade de texto escrito en galego corresponden ó *Diario de Pontevedra* (DdP), que baixa do 9.42% no 2003 ó 4.8% no 2006; a *El Correo Gallego* (ECG), que pasa do 8.58% ó 4.1%; *El Progreso* (EP), que diminúe o espazo do 7.83% ó 4.6%; e *La Voz de Galicia* (LVG), cunha mingua que vai do 7.20% ó 4.8%. *El Ideal Gallego* (EIG) presenta un lixeiro descenso –do 3.42" ó 2.9%– mentres o *Faro de Vigo* (FV) mantén as mesmas porcentaxes.

As diferenzas no número de exemplares analizados, xa comentadas antes, fan recomendable non tomar estes datos ó pé da letra, senón como unha tendencia que se pode resumir así: segundo os resultados obtidos en novembro do 2006 por comparación cos do 2003, os xornais *Atlántico Diario*, *Diario de Arousa*, *Diario de Ferrol*, *La Opinión* e *La Región* demostran un certo interese por aumentar o número de textos en galego nas súas páxinas; o *Diario de Pontevedra*, *El Correo Gallego*, *El Ideal Gallego*, *El Progreso* e *La Voz de Galicia* parecen apostar pola tendencia contraria, reducir o espazo dos textos en galego. O *Faro de Vigo* é o único que mantén unha postura similar á do ano 2003.

Globalmente e á vista dos datos anteriores, cumpriría dicir que os medios escritos en castelán tenden a aumentar a cantidade de galego nas súas páxinas, aínda que este ascenso é moi pouco significativo e mesmo pode pasar inadvertido.

2. AACTITUDE PERANTE O GALEGO DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Na conclusión do estudo de Hermida 2004a: 147 afirmábase que existen determinados comportamentos –presións a comentaristas en galego para que escriban en castelán e esixencia de uso do castelán ós novos opinadores, entre elas– nos medios escritos

«que demostrarían que o principal interese das empresas é evitar unha maior visibilidade do idioma». Vendo cal é o comportamento dos medios verbo da información que se lle transmite en galego, intentarei hoxe cuantificar e mostrar a vixencia hoxe do dito naquel momento.

As casualidades fixeron que neste ano 2007 tivese acceso directo ó traballo desenvolvido polo gabinete de comunicación dun concello e tamén ó xeito en que a información xerada por el era recollida nos medios. O contraste entre a lingua da fonte da noticia e a lingua da noticia inserida nos medios escritos pareceume un bo criterio para comprobar a receptividade que os textos en galego teñen nas empresas.

Entre o 1 e o 14 de outubro do 2007, o Gabinete de Comunicación do Concello de Teo, que estrema co concello de Santiago de Compostela, emitiu en galego, único idioma que emprega, 18 notas de prensa que tiveron acollida nos xornais da zona convertidas en 31 noticias. Da confrontación das notas –fonte– coa noticia escrita obtéñense os seguintes datos:

- a) Malia que a fonte ten como lingua única de expresión o galego, ningunha das noticias que nela se basean aparece en galego. Aínda máis, hai varios casos en que palabras que na nota ían entrecomiñadas por seren citas textuais aparecen recollidas nos xornais tamén entrecomiñadas, pero en castelán.

Emitido	Publicado
«É o recoñecemento da xente de aquí, do teu concello»	«Es el reconocimiento de la gente de aquí, de tu ayuntamiento» (<i>El Correo Gallego</i> , 3 de outubro do 2007)
«Co convencemento de que o nome de Mosquera apareza en próximas revisións da obra»	«Con el convencimiento de que el nombre de Mosquera aparezca en las revisiones de la obra» (<i>El Correo Gallego</i> , 3 de outubro do 2007)
«Para trasladarlle entre outras estas reivindicacións en materia educativa»	«Para trasladarle entre otras estas reivindicaciones en materia educativa» (<i>El Correo Gallego</i> , 6 de outubro do 2007)

Independentemente de calquera valoración, este comportamento supón un incorrecto emprego das comiñas, que só se xustifican porque reproducen algo literalmente. A modificación do idioma en que se realiza esa emisión esixe a desaparición das comiñas ou a conservación das palabras no idioma en que se dixeron.

- b) Quitadas dúas novas de elaboración propia do xornalista, as restantes 29 recollen toda ou parte da información da nota de prensa. A principal contribución da redacción do xornal a esas noticias é o labor de tradución do galego ó castelán. Ben é verdade que nalgúns casos –os menos– tamén hai un esforzo suplementario para refacer os textos, entendendo como tal unha nova organización da información, unha ampliación lóxica ou unha selección de contidos, como se pode ver neste exemplo extraído do gratuito *Santiago Siete* do día 11 de outubro.



Numerosos usuarios ya hacen uso de la nueva red inalámbrica

COMUNICACIONES ■ INSTALADA UNA RED WIFI

Ya se puede navegar gratis por Internet desde el móvil o desde el portátil en Teo

REDACCIÓN - SANTIAGO

NAVEGAR GRATIS por Internet ya es posible en Teo. Y es que el departamento de Cultura del Concello ha instalado esta misma semana una antena externa en el edificio del juzgado.

La intención es dar una cobertura wifi a todos los vecinos de Teo que así lo deseen, sin coste alguno y en un radio de aproximadamente unos 700 metros cuadrados en las aproximaciones del punto

a la casa en la que está el Juzgado, a la Ramallosa y a la zona de la Casa del Concello.

La red, que nace con el nombre de Teo Dixital, dará cobertura hasta a 50 personas conectadas de manera simultánea.

¿Cómo conectarse?

Los internautas podrán conectarse a esta nueva red inalámbrica con un ordenador portátil, un pocket PC o PDA o incluso móviles, siempre y cuando tengan instalada una

La red dará cobertura a unos 50 usuarios conectados a la vez

de acceso.

ADSL de un mega

Los usuarios podrán disfrutar de una conexión ADSL de un mega y la conexión podrá ser continuada hasta un máximo de tiempo de 12 horas. La nueva red dará cobertura al parque posterior

antena wifi.

El proceso para la conexión es sencillo. Los usuarios deben buscar redes inalámbricas disponibles, de las que aparezcan deberán seleccionar Teo Dixital. A continuación deberán aceptar y disfrutar de la nueva conexión inalámbrica.

NOTA DE PRENSA***TEO DIXITAL É A PRIMEIRA ZONA WIFI
GRATUITA DO CONCELLO***

- O Departamento de Cultura instalou unha antena omnidireccional na parte traseira do Xulgado na Ramallosa
- Poderán estar conectados ata un máximo de 50 persoas de xeito simultáneo e un máximo de 12 horas continuado

05 de outubro de 2007. Os cidadáns de Teo xa contan coa primeira zona wifi gratuita no concello, Teo Dixital. O departamento de Cultura vén de instalar unha antena externa no edificio do Xulgado para dar cobertura wifi sen coste nun radio de 700 metros cadrados ó redor do punto de acceso.

Instalouse unha antena omnidireccional que facilita unha cobertura en forma de elipse ó redor da mesma. A zona de cobertura céntrase no parque posterior á casa na que está o Xulgado, na Ramallosa e na zona da Casa do Concello.

Os usuarios poden desfrutar dunha conexión ADSL dun mega e a conexión pode ser continuada ata un máximo de tempo de 12 horas. Teo Dixital, a zona wifi, dará cobertura ata a 50 persoas conectadas de maneira simultánea. Os internautas poden conectarse cun ordenador portátil, un pocket PC ou PDA ou móbiles, sempre que teñan instalada unha antena wifi.

O proceso para a conexión é sinxelo. Os usuarios deben buscar redes inalámbricas, das que aparezan deben seleccionar Teo Dixital. Aceptan en conectar e a desfrutar da conexión.

Concello de Teo
Departamento de comunicación
Cruz Devesa
comunicacion@concellodeteo.com
Tlf. 981 81 57 00// 629 631 487

Casos hai en que a noticia emitida é unha simple tradución que mesmo pode non ser correcta, como se ve neste solto publicado o 07 de outubro do 2007 en *La Voz de Galicia*, que se presenta confrontado coa nota-fonte:

Publicado	Emitido
<p>INFORMÁTICATeo. El aula de informática del Concello de Teo presenta una oferta formativa hasta finales de año destinada a todos los públicos. Se ofrecerá un curso de Windows y de Internet dirigido a personas mayores de 16 años. El plazo de inscripción termina el 10 de octubre; el curso tiene un coste de quince euros y se realizará un grupo en horario de mañana y otro de tarde. El aula de informática en A Ramallosa permanecerá abierta para uso gratuito durante varias horas al día.</p>	<p>04 de outubro de 2007. A aula de informática do concello de Teo presenta unha oferta formativa ata finais de ano destinada a todos os públicos. Entre as accións programadas destaca a celebración de cursos de Windows e de Internet dirixidos a persoas maiores de 16 anos. O prazo para inscribirse nos mesmos remata o próximo 10 de outubro. O custo por curso é de 15 euros e realizarase un grupo en horario de mañá e outro de tarde. Cada un dos cursos divídese en varios módulos e os interesados poden matricularse na totalidade ou só nalgunha parte do mesmo. A aula de informática, ubicada na Ramallosa, tamén está aberta ao público de xeito gratuito nas horas que non se desenvolve ningún curso. Así as persoas interesadas poden acudir para facer uso dun ordenador entre as 08.00 e as 09.00; de 13,00 a 14,00 horas e de 16,00 a 18,00 horas (...)</p>

O visto con anterioridade demostra que a presenza do galego nos medios de comunicación está condicionada por unha política empresarial e/ou persoal –sostida polo profesional– hostile ó idioma, que se manifesta claramente cando as reproducións case literais das notas de prensa pasan obrigatoriamente, e tamén exclusivamente, pola tradución do galego ó castelán.

3. A CALIDADE DO GALEGO NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Para a análise da calidade da lingua empregada polos medios optei por examinar a programación nocturna da Radio Galega² das 21:30 ás 23:30 horas do día 20 de outubro

² Os exemplos tomados deste medio levarán a abreviatura RG.

e as noticias recollidas nas versións electrónicas do *Xornal.com*³ do 18 e 19 de outubro e do gratuito *De luns a venres*⁴ do día 20 de outubro do 2007. Aínda que o número de erros foi considerable, o espazo aconsellable para un traballo destas características recomenda recoller neste capítulo só os erros que se repiten máis dunha vez nos textos analizados e empregar para exemplificalos un número de exemplos reducido. Esta escolma necesaria fai que nos textos usados como exemplos duns erros aparezan outros que, polo dito, non son comentados no apartado correspondente.

3.1. Plano fonético

Os trazos suprasegmentais incorrectos detéctanse fundamentalmente en intervencións non espontáneas, en lecturas en que se aposta por unha entoación moi pouco marcada das oracións interrogativas, cun comezo moi baixo e unha cadencia pouco pronunciada; e o emprego da anticadencia nas pausas remarcadoras.

A pronuncia dos fonemas consonánticos presenta os seus maiores erros na realización como alveolar da nasal velar⁵ en casos como *administració[n]*, *Breogá[n]*, *actuació[n]*, *chega[n]* as *emocións*...

Entre os xornalistas que participan no programa examinado⁶ o sistema vocálico caracterízase, en xeral, por presentar unha realización das vogais medias con moi pouca distancia entre as abertas e as pechadas. De feito, hai un conxunto de palabras que se deben pronunciar cunha vogal media aberta e o que se escoita é unha media pechada. Iso é o que acontece con *qu[e]res*, *t[e]ñen*, *mull[e]res*, *f[o]rte*, *[é] v[e]nres*, *oit[e]nta*, *n[o]so*, *trint[e]n[o]ve*, *interfer[e]ncia*.

A tendencia contraria, a de pronunciar unha vogal media aberta onde corresponde unha media pechada escóitase en *b[ɔ]as* ou nalgunhas palabras do enunciado *se v[ɛ]s un accidente*, *s[ɛ] prudente*.

³ A abreviatura XC acompañará os exemplos escolmados deste xornal.

⁴ Os exemplos deste gratuito estarán acompañados da abreviatura LV.

⁵ En todo o tempo analizado só se detectou un caso, na palabra *dixo*, en que a fricativa palatal xorda non aparece suficientemente palatalizada.

⁶ Deixamos á marxe desta análise os personaxes entrevistados e as persoas participantes no faladoiro.

3.2. Plano ortográfico

A prensa escrita analizada conculca as regras de acentuación en dous aspectos fundamentais e contrapostos, a presenza do acento ortográfico en palabras que non deben levalo⁷ e a súa ausencia cando é obrigatorio o uso desta marca gráfica. Exemplos do primeiro erro vense en palabras como *principáis* [principais], *residuáis* [residuais], *sí* [sí], *¿por qué?* [¿por que?], *sentíuse* [sentíuse], *demáis* [demaís], *estáse* [estase], *cíclicamente* [cíclicamente]; *mín* [mín], *exhibíu* [exhibiu], tomados todos de *Xornal.com*. Pola contra, nas palabras *substituíndo* [substituíndo] e *melloraran* [mellorarán] –futuro–, do *Xornal.com*, e *ven* [vén] –de vir– (*De luns a venres*), falta o necesario acento.

Aínda que, en xeral, as amálgamas e contraccións de preposición e determinante aparecen ben resoltas, hai algúns casos en que non se presentan correctamente, como en *de unha* [dunha], *en este* [neste] –que se escoitaron na *Radio Galega*–, *en outras* [noutras] e *con o ruído* [co ruído] (XC). Este erro detéctase con máis asiduidade cando a preposición se acha ante o artigo dun nome propio, encontro que adoita presentarse sen amalgamar en moitos casos: *barrio de Os* [dos] *Rosales en A* [na] *Coruña* (XC).

A mala segmentación das palabras detéctase en *asimesmo* (LV) e *aparte* (XC), que deben escribirse separadas, e a segunda con acento: *así mesmo*, *á parte*. O numeral *vintecatros* (XC) debe grafarse *vinte e catros*⁸, de acordo coa última reforma ortográfica.

A falta de adecuación do escrito ás modificacións incluídas na edición das *Normas* do 2003 tamén se detecta na solución dada á primeira consoante dos grupos cultos, ben porque falta –*sustancia* [substancia] (LV)–, ben porque sobra –*infraestructuras* [infraestruturas] (XC), *dictar* [ditar] (LV), *traducción* [tradución] (LV).

Verbo da puntuación, os numerosos usos incorrectos detectados están relacionados co emprego da coma, tanto pola súa presenza cando é innecesaria, como pola súa ausencia cando sería precisa.

⁷ Así acontece en exemplos.

⁸ Así é desde o ano 2003 (*Normas* 2003: 100).

Exemplos de puntuación incorrecta por ausencia dunha coma:

Na Coruña, á unha e media da tarde [,] o tenente de alcalde... (XC)

E que [,] a continuación, se debaterá no pleno... (XC)

Advertindo que [,] en caso de chegar a un conflito armado, a culpa sería exclusivamente «da política arrogante e expansionista». (LV)

Inclíen, ademais [,] a consolidación e ampliación do equipo... (XC)

Exemplos de puntuación incorrecta por unha presenza abusiva da coma en circunstancias en que resulta innecesaria, especialmente antes da coordinación con *e*, colocada entre o suxeito e o verbo ou para separar un verbo do seu complemento obsérvanse nos seguintes casos:

Blick tivo que emigrar a Portugal en 1971, [] e ali foi onde... (XC)

A creación de 32.400 empregos, [] e o incremento do 2,4% na ocupación... (XC)

Acaban afectando á poboación civil, [] e só conseguen radicalizar máis a postura... (LV)

Todas estas actuacións que están en marcha neste concello, [] supoñen un investimento... (XC)

O vindeiro 19 de outubro, venres, o Gran Hotel da Toxa (Pontevedra), [] acollerá a XII edición da Noite Galega... (XC)

Deixou hoxe o seu cargo, [] co beneplácito do presidente... (LV)

A Consellaría de Innovación e Industria vén de poñer en marcha o portal web do Observatorio Galego da Sociedade da Información (OGSI), [] co obxectivo... (XC)

Para impulsar unha baixada no prezo do cereal, [] o Estado incorporará ao cultivo 730.000 hectáreas de terra... (LV)

O mellor resumo deste apartado aparece no enunciado *Putin esixíalle a Bush que deixase en paz a Irán, e de paso, que se retirase de Iraq* (LV) que presenta os dous erros máis comúns detectados na puntuación na medida en que lle sobra a primeira coma e falta a que debería marcar o inicio do inciso: *Putin esixíalle a Bush que deixase en paz a Irán e, de paso, que se retirase de Iraq*.

A importancia que ten unha correcta puntuación vese no seguinte exemplo que, pola ausencia dunha coma, resulta de difícil comprensión: *O portal, que segue a desenvolverse, foi realizado na súa totalidade en código aberto, utilizando a ferramenta de xestión de contidos (CMS) Typo3[,] e conta con avanzados criterios de accesibilidade e licenzas Creative Commons (XC)*

3.3. Plano morfolóxico

Neste apartado son escasos os erros detectados. Límitanse á presenza de dúas formas verbais, *din* (XC) e *podan* (RG), no canto das correctas *dei* e *poidan*; e á mala escolla do alomorfo *gran* cando o substantivo ó que modifica comeza por vogal, circunstancia en que é obrigatorio a presenza de *grande*: *gran* [grande] *oportunidade* (XC).

3.4. Plano sintáctico

A sintaxe é, sen dúbida, o campo en que a lingua empregada polos medios presenta un número maior de erros, que afecta especialmente á colocación do pronome átono, ó uso das preposicións, ó emprego dos tempos verbais ou á falta de concordancia.

- *Colocación do pronome*

Os erros na colocación do pronome átono maniféstanse porque este se antepón ó verbo cando é de regra a súa posposición ou, á inversa, porque se pospón ó verbo cando o axeitado é a súa anteposición:

Pronomes antepostos incorrectamente:

Ademais se atopa en trámite unha queixa... (XC)

Que a nación española non existe o sabe tamén até o máis burro... (XC)

Me deixa vostede asombrado (RG)

Ti nos contabas que non era así (RG)

E lle din que si (RG)

Pronomes pospostos indebidamente:

Xa que desde o departamento de Participación Cidadá preténdese reforzar...
(XC)

Apunta que dende a concellaría calquera medida artellarase... (XC)

A foto que Alberto Díaz, Korda, tiroulle... (LV)

Na lingua espontánea actual é de norma que a presenza do complemento indirecto na oración sexa anticipada pleonasticamente polo pronome correspondente (*non llo deas a Ana*). Aínda que esta repetición funcional é unha redundancia clara que mesmo

contradí o espírito do pronomes –substituto do nome–, a percepción do falante e o espírito da lingua fan recomendable a extensión deste uso á lingua escrita⁹:

Para [lle] facer fronte ao incremento das pensións... (XC)

Problemas que o botellón [lles] ocasiona aos veciños da Cidade Vella... (XC)

Unha norma, vixente dende hai 15 anos, que [lles] esixe aos produtores deixar de semantar... (LV)

- *Usos das preposicións*

Verbo das preposicións detectáronse ausencias incorrectas das preposicións *con* (*que non conte entre os seus produtos ou decoración algunha referencia LV*) e *a* (*grazas a súa bagaxe XC; privilexiar a maternidade fronte a paternidade XC*), pero, sen dúbida, os erros máis repetidos son os que fan referencia á presenza innecesaria da preposición *a* co complemento directo ou coa perífrase de futuridade con *ir*:

Reúne a 300 profesionais... (XC)

Quen ataca á coroa? (XC)

Para asesorar ós concellos... (LV)

Acompañarán ao compositor... (LV)

Que se van a detaber... (RG)

A locución propositiva *cara a*, que só se debe empregar para indicar dirección, úsase indebidamente cando se lle dá o valor de finalidade que lle corresponde a *para*:

Nunha situación de maior fortaleza de cara ao futuro... (XC)

Manteña unhas boas perspectivas cara o próximo exercicio... (XC)

Aínda que nas gramáticas do idioma nada se di ó respecto, particularmente considero que a non repetición da preposición –e mesmo do determinante– nas coordinadas é un uso inconveniente que deriva da falsa crenza de que nestas estruturas é condenable a reiteración dos elementos comúns ás dúas¹⁰:

⁹ A tendencia da lingua a estender este uso é recoñecida por Hermida (2004b: 81) e Freixeiro (2006²: 133).

¹⁰ Véxase o dito en Hermida (2004b: 197-199).

Enfocados á autonomía persoal e a [á] inserción laboral (XC)
A súa inquedaanza á Consellería de Educación, ao Concello da Coruña e mesmo a [á] Asociación de Pais... (XC)
O desprezo dos aduladores do poder e os [dos] escravos do mercado global... (LV)
Para a mellora da seguridade vial e [das] obras públicas... (LV)

- *Uso dos tempos verbais*

Entre as incorreccións relativas ós tempos verbais cómpre salientar a presenza da perífrase *ter + participio* para indicar unha acción rematada no pasado (*parecen coincidir en que os plans estatais para reducir a siniestralidade en Galicia teñen fracasado XC*), uso en que é competente o pretérito (*fracasaron*); ou a alternancia entre o futuro e o pospretérito para indicar dúas accións posibles que están no mesmo plano temporal: *previsiblemente, o Tratado de Reforma será aprobado... e tomaría [tomará] tamén o nome... (XC)*.

A ausencia do infinitivo conxugado, tanto en casos en que é obrigatorio o seu uso coma naqueles en que é recomendable, é o erro máis común entre os relativos ás formas verbais e tamén o máis condenable na medida en que supón prescindir dunha solución galega diferencial para optar por outra propia tamén do castelán, lingua cunha gran capacidade fagocitadora:

Antes de viaxar [viaxaren] aos seus países, os alumnos recibirán os seus diplomas... (XC)
Animou aos cidadáns a participar [participaren] nos actos... (XC)
A obriga dos cidadáns de cumprir [cumpriren] as ordenanzas... (XC)
Os tres grupos manterán xa o vindeiro venres un encontro para establecer [estableceren] o método de traballo... (XC)

- *Faltas de concordancia*

As faltas de concordancia detéctanse entre o relativo e o seu antecedente, o pronome e o seu referente; e, especialmente, entre o suxeito e o verbo ou entre aquel e o seu predicativo:

580 millóns de euros, ó [ós] que lle [lles] hai que sumar unha partida de 200 millóns... (LV)

Para conseguir unha cooperación completa entre Irán e a ONU que permitan [permita] cancelar ou controlar completamente a política nuclear... (LV)
Pretende frear a industria nuclear do país persa, ante a posibilidade de que poidan [poida] chegar ós coñecementos... (LV)
Trátase de vencer o escollo chino, que é unha aliada tradicional de Birmania... (LV)

- *Outros erros*

Entre outros erros sintácticos paga a pena salientar a aparición incorrecta do determinante identificador *mesmo* con valor déctico, doadamente corrixible cunha coordinación de elementos ou cun pronome posesivo

Ligada ao cumprimento de obxectivos medibles, á responsabilidade da xestión, e á transparencia da mesma (XC) = ... á responsabilidade e á transparencia da xestión / á responsabilidade da xestión e á súa transparencia.
A falta de industria e/ou a promoción da mesma (XC) = a falta de industria e da súa promoción / a falta de industria e/ou a súa promoción.

3.5. Plano léxico

Canto ó léxico, as máis das formas erradas sono por tratárense de palabras procedentes da lingua castelá que teñen unha correspondente correcta en galego. Velaí unha pequena selección das que se atoparon:

XC: *plan* [proxecto], *a continuación* [deseguido], *sondeo* [sondaxe], *frente* [fronte], *sóname* [sóame]; *si* (conx.) [se]; *interés* [interese]; *veintena* [vintena]; *custe* [custo]; *aportar* [achegar, proporcionar]...

LV: *icono* [icona]; *diseño* [deseño]; *amistoso* [amigable]; *inversión* [investimento]; *aportacións* [achegas, contribucións]; *chino* [chinés]; *sureste* [sueste]; *rearme* [rearmamento]; *espoleadas* [esporeadas, aguilloadas]...

RG: *saludar* [saudar], *hombre* (interx.) [home]; *usté* [vostede]; *Dios* [deus]; *averiguar* [pescudar, investigar]; *diputados* [deputados]...

A galeguización incorrecta de castelanismos obsérvase en *orixen* (RG) [orixe]; *reflexado* (XC) [reflectido]; *siniestralidade* (XC) [sinistralidade]; *plantexar* (XC) [presentar]; *desfrutan* (LV) [gozan].

O sintagma *medio ambiente* (XC) é unha redundancia popularizada dende o castelán que se debe resolver co emprego exclusivo ou de *medio* ou de *ambiente*¹¹; *respostar* (XC) é unha forma galega, pero o seu significado de ‘resposta violenta’ de ningún xeito se intúe no contexto en que se introduce: «A Xunta achega unha recente enquisa, Clima Social de Galicia 2007, para respostar a esta cuestión». *Estudios* (XC) era a única solución admitida ata o 2003, que hoxe hai que substituír polo normativo (*VOLGa* 2004) *estudo*; *a partires de* (XC) é un pseudogaleguismo creado na primeira metade do século XX para fuxir da forma propia *a partir de*; *planexar* (XC) é outro pseudogaleguismo que foxe de *planear*, forma propia coincidente co castelán; *non en tanto* (XC) é un invento resultado dunha mala interpretación da composición da correcta *no entanto*. *Ningunear* (XC) é unha palabra de recente creación no castelán sobre a base de ‘ninguno’, que en galego se pode evitar usando formas como *relegar* e *postergar*, por exemplo. A palabra *fueros* é un castelanismo substituíble nas súas acepcións rectas (Seco / Andrés / Ramos 2005) polo galego *foro*.

3.6. Plano estilístico

No plano estilístico son moitos os exemplos que se poderían traer aquí de escollas pouco atinadas, pero como se trata dunha percepción bastante subxectiva, limitarémonos a salientar só algunhas daquelas que revelan un desleixo e unha falta de atención ó escrito. Neste caso están aquelas en que hai repeticións cargantes de estruturas ou de lexemas doadamente corrixibles:

Tanto Filipe Santo como Blick están emigrados en Portugal, como tantos outros caboverdianos. Filipe Santo dedícase tanto á música como ás artes plásticas (LV).

Non é a primeira vez que o alto cargo pretendía cesar no seu cargo (LV).

Antes de viaxar aos seus países, os alumnos recibirán os seus diplomas (XC)

Un primeiro esbozo do borrador do texto (XC)

No programa examinado da *Radio Galega* detectouse unha tendencia á coloquialidade que non é criticable, pero mesmo dentro deste nivel si é censurable o emprego de solucións pouco axeitadas como os castelanismos *bueno* –do que se contaron máis de vinte repeticións–, *o sea*, *se dios quere*, *chívase* e formas pouco recomendables como *verdá*. A pronuncia da conxunción copulativa *e* como unha semivogal que forma ditongo

¹¹ O adxectivo ‘ambiental’ é a forma correcta para o indebido *medioambiental*.

coa vogal inicial da palabra seguinte (*i-esta*) non se debe considerar condenable en ningún dos estilos da oralidade, pero si a súa aparición como vogal (*i non o chamou*).

É criticable, e tamén parece politicamente incorrecto e pouco solidario, que dos catro xornalistas que pronuncian o apelido catalán *Maragall* ningún faga o esforzo de articular a lateral palatal en posición final e todos se contenten con pronunciar a lateral alveolar, desprezando neste punto a imitación do idioma de procedencia –se cadra porque é o catalán– do apelido e optando por seguir o modelo castelán.

Sen dúbida, os erros detectados nos textos informativos, sexan estes orais ou escritos, presentados nunha listaxe como a que se acaba de facer aquí poden chegar a convencer de que o galego dos medios está fortemente deturpado. Particularmente considero que isto non é así: o galego empregado nos medios é basicamente correcto, aínda que hai erros salientables que cumpriría corrixir. O máis preocupante é, sen dúbida, que a maior parte dos erros inciden nos trazos lingüísticos exclusivos e diferenciadores do galego: entoación das interrogativas, pronuncia do [ɾ] e das vogais medias abertas, colocación do pronome, preposición *a* co complemento directo etc.

4. CONCLUSIÓNS

Verbo da presenza do idioma nos medios, cómpre dicir que esta é testemuñal ou residual, afirmación que se sostén mesmo tendo en conta o número de empresas que empregan o galego como canle única de transmisión das súas informacións.

Aínda que coa introdución da lingua propia de Galicia nos medios que se expresan basicamente en castelán se pretenda dar unha imaxe contraria, o comportamento das empresas coas informacións que lles chegan en galego, traducíndoas sistematicamente ó castelán, demostra que son fundamentalmente castelanófilas e profundamente galegóforas. É probable que a posición do galego na sociedade, o propio uso dalgúns dos seus traballadores e traballadoras e, especialmente, a cantidade de cartos que están a recibir da Xunta por manteren esa presenza residual sexan as únicas pexas que lles impiden eliminar definitivamente o idioma de Rosalía das súas páxinas e emisións.

As informacións que optan polo galego como lingua de comunicación teñen un nivel de corrección mínimo. Así e todo, os graves descoidos que se detectan, especialmente nos aspectos que o definen como lingua, poden acabar por alterar a súa evolución espontánea e diferenciada para acabar por subsumila no ámbito do castelán.

BIBLIOGRAFÍA

- Abad de Larriba, A. *et alia* (2007): «Presenza da lingua galega nos xornais de Galicia», en *Longa Lingua* 3 (abril 2007), 30-37.
- Freixeiro Mato, X. R. (2006): *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe*. (Vigo: Edicións A Nosa Terra).
- Gómez Guinovart, X. (2003): «A lingua galega en Internet», en A. Bringas / B. Martín (2003): *Nacionalismo e globalización: lingua, cultura e identidade*. (Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade, 71-88).
- Hermida Gulías, C. (2004a): «Presenza do galego nos medios de comunicación», en X. López (coord.) (2004): *A comunicación en Galicia 2004*. (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 131-148).
- Hermida Gulías, C. (2004b): *Gramática práctica. Morfosintaxe*. (Santiago: Sotelo Blanco).
- López, X. (coord.) (2004): *A comunicación en Galicia 2004*. (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Normas*: Real Academia Gallega / Instituto da Lingua Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. (Vigo: Real Academia Gallega / Instituto da Lingua Galega).
- Seco, M. / Andrés, O. / Ramos, G. (2005): *Diccionario del español actual*. (Madrid: Aguilar).
- VOLGA*: M. González González / A. Santamarina Fernández (2004): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. (A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega).

A lingua da ficción audiovisual

RAÚL VEIGA

Director de cinema

Hai xa algúns anos, alá contra 1999, a Lei do audiovisual, aprobada con plena unanimidade no Parlamento de Galiza, vinculou a actividade do sector á defensa, ilustración e promoción da lingua galega¹. Enumeremos esas referencias:

- O artigo 4.º («Principios xerais da actividade audiovisual») di no seu apartado b) que as actividades recollidas na Lei se basearán no principio da «promoción e a difusión da cultura e *normalización da lingua galega*, así como a defensa da identidade galega».
- No artigo 5.º («Principios xerais da acción institucional»), a Xunta de Galicia recoñece o carácter estratéxico e prioritario do sector audiovisual, instrumento para a *promoción e divulgación da lingua*, como dato de autoidentificación.
- O artigo 6.º («Liñas fundamentais das accións institucionais») sinala, como unha das liñas fundamentais de actuación no sector audiovisual, «favorece-la *promoción da cultura e lingua galega* dentro e fóra de Galicia, en especial naquelas zonas nas que existan comunidades galegas no exterior».

Pasaron case dez anos desde aquel 1999, moito ou moi pouco, segundo se considere, e podería preguntarse un observador se o audiovisual estivo á altura da alta misión que a lei lle asignou entón, ou se os desenvolvementos da lei estiveron á altura dos requirimentos do sector audiovisual. Non é ese o noso tema. Con certeza, o mandato

¹ Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia, *Diario Oficial de Galicia*, mércores, 8 de setembro de 1999, nº 174, p. 11.032. As cursivas nas citacións son miñas.

legal quería responder a unha situación complexa, como complexas son as relacións entre lingua, sociedade e sector audiovisual. Daquela, a pertinencia dunha análise para a que se nos abren varios camiños, que eu vou focar nas páxinas seguintes desde o ángulo da ficción audiovisual²:

1. Así, unha primeira vía tería que levarnos ao proceso a través do cal o idioma vai gañando ámbitos de uso e rexistros expresivos ao longo da época contemporánea. Este proceso coñece agora unha batalla de certo decisiva: a da consolidación do audiovisual como un ámbito cultural propio, no cal a lingua aparece unha vez máis como instrumento formador e signo distintivo da nosa cultura.
2. Postos a reflexionar sobre a lingua da ficción, outra liña de reflexión debe contemplar a relación entre a nosa realidade sociolingüística e a construción da verosimilitude típica do audiovisual, examinando as posíbeis resistencias por parte do público á presentación nos filmes dun universo lingüisticamente normalizado, onde falan galego mesmo aqueles personaxes que na Galiza real non o farían ou non o farían decote.
3. Unha terceira vía de reflexión levaranos ao terreo da relación entre normalización e normativización lingüística, isto é, ao estudo da forma en que os creadores e as ficcións audiovisuais deben entender e aplicar os usos estándares da lingua (usos «correctos») no seu ámbito específico, con atención ao problema da dobraxe, que tanto peso ten no consumo de ficción en lingua galega.

Por suposto, vou abordar estas cuestións desde a miña experiencia como director e guionista de cinema. Non son nin poden ser as reflexións dun lingüista puro ou dun sociólogo da comunicación.

A FICCIÓN AUDIOVISUAL EN GALEGO

Non admite dúbida que o galego, mediante a Televisión de Galicia, ten hoxe unha presenza extraordinaria no audiovisual. Abonda comparar coa prensa escrita. O país (e mesmo a Galiza da diáspora, vía satélite) recibe ao cabo do ano miles de horas de emisión na propia lingua, con resultados moi positivos para a cultura e a comunidade no seu conxunto. Non se trata só dos cambios que este proceso introduciu na percep-

² Este traballo é un desenvolvemento nesa dirección do capítulo «A lingua do noso audiovisual», publicado dentro do Libro Branco de Cinematografía e Artes Visuais en Galicia do Consello da Cultura Galega, Sección de Artes Plásticas, Santiago, 2004.

ción que a colectividade ten de si mesma. Trátase tamén do innegábel desenvolvemento do sector, capaz de producir contidos moi diversos (todos os que demandan as necesidades de programación), creando día a día numerosos postos de traballo e obtendo resultados que causan admiración, mesmo envexa, no resto do Estado, se se considera o peso demográfico e económico de Galiza na Península.

Podemos dicir que a posición da lingua no medio televisivo está ben consolidada, malia algunhas pexas amolantes, que se poden resumir nun punto: a falta de rigor no respecto ao principio de xeneralidade e de calidade da lingua galega, o que institúe unha promoción, tan encuberta como efectiva, da diglosia e da consideración do galego como lingua B. Ben sei que corrixir isto non é doado, aínda que os responsábeis teñan a mellor vontade, pois depende en ampla medida do «factor humano». Poñamos só un exemplo referido a un «show» moi popular que vén ao rego pois ficción é: o «show» dos Tonechos. Deprímeme velos sempre prontos ao emprego do castrapo, e, por fidelidade a un vello humor diglósico, remisos a estenderen unha profesionalidade encomiábel ao uso dun dos seus principais instrumentos de traballo: o idioma. Estou certo de que non habían perder comicidade ningunha se fixesen falar á parella protagonista en bo galego popular³.

Mais esa presenza do galego na televisión, infelizmente, non acha correspondencia no panorama da cinematografía. Cómpre examinar entón as dificultades reais do cinema galego, suxeito, en maior medida aínda que a literatura, a aquilo que fai posíbel a existencia da cultura dentro da sociedade capitalista: ese Baal sen rostro que chamamos mercado. Por outras palabras: o cinema depende directa e indirectamente dun público que alimente a súa existencia social e mercantil, aínda que os poderes políticos poidan exercer, no mellor dos casos, unha acción correctora en defensa dos intereses da comunidade.

Propoñamos unha pregunta inxenua: por que non hai posibilidade de ver cinema en galego de modo habitual se non é na TVG? Calquera podería dar resposta: porque as salas cinematográficas non programan películas dobradas ao galego. Ora, temos un exemplo de contraste, a TVG, que si as programa. Dada a aceptación actual da dobraxe en televisión, habería dificultades intrínsecas para a súa extensión ás salas de cinema? Ningunha. As resistencias veñen, fundamentalmente, das *majors*, isto é, das multinacionais, porque non lles compensa o gasto extra que supón a remestura dos

³ Non resulta convincente o argumento de que esa fala castrapeira forma parte inseparábel da caracterización dos dous personaxes.

filmes e a tiraxe de copias galegas, tendo en conta que as que teñen en español xa lles permiten facer negocio nos territorios das nacionalidades con lingua propia. Os cataláns conseguen ver en catalán uns poucos filmes cada ano. Nós, nin iso. Mais que haxa un cinema dobrado ao galego, con non ser doado, é só cuestión de incentivos, de estímulo aos sectores implicados, de laboriosa negociación e de promoción eficaz. Dígase o que se diga, os custos non son insalvábeis, especialmente nas películas con máis potencial na billeteira, e eses custos reduciranse moito nun futuro próximo cos cambios tecnolóxicos que van afectar a exhibición cinematográfica, i.e., o paso ao dixital, que é xa o marco en que nos debemos situar. Á vista dos hábitos de consumo cinematográfico dos galegos, é escusado subliñar o valor estratéxico da dobraxe das grandes producións internacionais e da súa efectiva programación nas salas en versión galega.

Mais non falemos só de dobraxe, falemos de cinema na propia voz en sentido forte, poñendo outra pregunta: por que non callou na Galiza da Restauración Democrática unha tradición de cinematografía en galego? A resposta devólvenos á singularidade económica do cinema, os fortes investimentos que require, moi superiores aos do teatro, onde esa tradición si quedou establecida sen dúbida ningunha. Se xa non é doado amortizar os custos dunha montaxe teatral en Galiza (de aí a necesidade dun apoio desde a Administración), o cinema galego tense que concibir desde a raíz como cinema para nós e para o exterior, visto que o orzamento dunha longametraxe galega de baixo custo anda polo millón de euros e, en canto se pretende ofrecer valores de produción competitivos, comezamos a contar en dous millóns de euros (publicidade e copias á parte) con clara tendencia á suba, pois as instancias que determinan a viabilidade dun filme, os emisores de TV e os distribuidores estatais, tenden a preferir proxectos de orzamento medio-alto.

E producir un filme, con ser moito, é só unha parte do proceso. Logo hai que facelo chegar ao seu público: promoción, «márketing», con que as multinacionais nos abafan e que lles garanten a súa posición de privilexio no mercado. De aí que os problemas de produción se acompañen e se arredonden cos de comercialización de calquera cinema que non sexa o das multinacionais e as súas subsidiarias no ancho mundo. Reparemos nun cadro tristemente habitual: moitas películas españolas e portuguesas nin chegan a estrearse nas salas, outras con innegábel potencial na billeteira non son defendidas nin apoiadas e, mesmo, películas rendíbeis son retiradas para deixaren paso franco ás producións co selo de Hollywood ou as súas metástases.

Na práctica, como denuncia a industria de todo o Estado, a situación é de rigoroso oligopolio de distribución: os exhibidores (cada vez menos independentes) subordinanse de bo grado ao ritmo que marcan os lanzamentos das multinacionais, saturando

as salas, e, en tales circunstancias, un cinema como o noso non pode competir, aínda que dispoña dun bo produto accesíbel para amplos sectores do público. É a mesma situación do cinema español.

É por iso polo que os custos de produción mencionados deben ampliarse xenerosamente para contemplar unha decisiva partida destinada á promoción, se se quere ter a posibilidade de colocar os produtos no mercado e facerllos chegar ao espectador. E, como resulta obvio, canto máis se incrementa a magnitude dos custos, máis diminúe a capacidade de decisión autónoma dos produtores galegos, arreo compelidos a procuraren alianzas (coprodutores) que faciliten o acceso a un financiamento e unha distribución sempre problemáticas. Pedir que ademais haxa medidas tendentes a evitar o oligopolio de distribución xa parece pedir o imposible.

Fronte a necesidades tan aburantes, a política hexemónica dentro do cinema galego vén sendo o resignarse a rodar a versión orixinal en castelán, procurando valores de produción (actores coñecidos etc.) que aseguren a viabilidade do proxecto, e posproducir logo unha versión galega para a emisión televisiva e a exhibición nalgunhas salas dentro do país (por desgraza, hai nos exhibidores viva resistencia contra o idioma e son poucos os produtores que pelexan por estrear só en versión galega). Mesmo a existencia desa versión galega débese, en xeral, a que é preceptiva para recibir subsidios da Consellaría de Cultura e ao amparo da Televisión de Galicia mediante a participación financeira, a compra de dereitos de antena e o apoio publicitario á exhibición.

Perante os feitos e a súa teimuda consistencia, de nada valería realizar agora unha proclama sobre a necesidade de falarlle a todo o mundo sen deixar de sermos nós, sen deixar de o facermos en galego, e dicir que ese será sempre o desafío aberto a que a cinematografía galega ten que responder para non se diluír.

Na perspectiva de acadarmos algún día esa meta irrenunciábel, a práctica de arestora parece deseñar un modelo máis complexo e máis flexíbel, no cal a rodaxe en lingua galega resulta por si criterio suficiente (mais non estritamente necesario) para determinar a galegitude dunha produción aos efectos de merecer subsidios da Xunta ou apoio da TVG. De acordo con este modelo, na súa interpretación máis favorábel, trataríase de andar dous camiños paralelos. Haberá proxectos que, por razón do seu custo, deban recorrer á rodaxe en castelán ou en inglés con ulterior versión galega e outros que permitan impulsar un cinema galego no sentido forte do termo (con versión dobrada ao castelán para poder recuperar os investimentos). Os dous camiños, se se percorren asemade, poden apoiarse un no outro e apuntar ao común obxectivo dun audiovisual galego propiamente dito.

Hai dous feitos recentes que veñen axudar: por unha parte, o acordo do Ministro de Cultura con ERC e CIU para constituír un fondo específico de apoio á rodaxe en v.o. autonómica a partir de 2009; por outra parte, a intención de TVE de participar en proxectos dese tipo. Mais todo isto, con ser significativo, non rompe a censura económica contra as linguas minorizadas. As axudas públicas nunca poden supor máis do 50% do orzamento dunha longametraxe e o apoio de TVE a películas filmadas en galego suporá que se farían viábeis cada ano un ou, en *annus mirabilis*, dous proxectos en v.o. galega.

Por iso, cando miramos para o presente só vemos dificultades para producir, dificultades para chegar ao público... Un panorama que pon medo. Para non caer no desalento desmobilizador, cómpre facer unha translación «cinematográfica» ao século XIX, un «flash-back» aos primeiros tempos do Rexurdimento, e confrontar a situación da literatura a aquela altura coa súa realidade actual. *Cantares gallegos* (1863) era unha obra-prima e, así e todo, discutiuse daquela, e durante moitos anos, a viabilidade dunha literatura galega. Por iso non estraña que as primeiras longametraxes en 35mm. levantasen tamén a discusión sobre a viabilidade do noso cinema e, máis aínda, se se roda en galego (casos contados: *Sempre Xonxa e Urxa*, de 1989; *A metade da vida*, de 1994; *Días de voda*, de 2002). Por iso terán que pasar os anos, como pasaron na nosa historia literaria, para que a maduración industrial do sector permita a consolidación dun cinema na propia voz. E sen esa maduración industrial non poderá falarse dun cinema na propia voz.

Batemos así co máis xeral problema do cinema dos pequenos países, para o que a resposta da Unión Europea cunha política audiovisual axeitada é débil á hora de defender a expresión plural das comunidades. Abonda con considerar que a UE pretende prohibir os subsidios públicos ao cinema a partir de 2010. De onde, a responsabilidade dos poderes políticos para manter a protección dos cinemas nacionais e conseguir que, en troques, se cumpra a directiva comunitaria que obriga os emisores de TV estatais a investiren en produción independente, e, so outro punto de vista, a atención aos novos formatos de produción e distribución como alternativa de baixo custo no camiño dunha imaxe propia, un cinema que se sitúe, significativamente, dentro do proceso de normalización cultural que vén desde o século XIX e talvez culmine, se culmina, no XXI.

Cando observamos como producen, distribúen e venden noutras latitudes, comprendemos ben que apenas ultrapasamos a idade fundacional. Os nosos produtores, directores, actores, guionistas, as nosas películas aínda están acabando de nacer. Con todo o que se leva feito, seguimos sendo pioneiros. E a poesía dos pioneiros só poden

escribila e facela fermosa os que chegan despois, os que aínda están por vir, para culminaren a tradición que nós estamos fundando. Agora é esgrevio para a maior parte das produtoras encetar unha longametraxe. Quero crer que cada vez será menos difícil, sempre que exista unha vontade política coherente de promover cinema galego. Pois o cinema non vai só: tampouco o galego poderá sobrevivir como lingua maioritaria se non hai unha política de normalización que vaia máis alá da promulgación de leis de dubidoso cumprimento para incidir na vida real.

Sen continuidade e coherencia no apoio público, o sector non ten posibilidade de crecemento sostido durante unha fase que pode durar anos abondos. Os mercados do mundo non nos necesitan e non cabe logo confiar na lóxica espontánea do sistema. Se empurramos agora o noso cinema, será rendíbel e chegará a competir con éxito nos mercados futuros. Precísase só planificación coherente a curto, medio e longo prazo –un longo prazo difícil de casar coas miras do xogo «mediático»– e a súa necesidade dunha foto rápida, un resultado vendíbel xa.

Suposto todo o anterior, e sen afastármonos da relación entre audiovisual, lingua e cultura, como podemos nós, os galegos, facer un cinema competitivo, isto é, un cinema comercial que teña un sostido poder de sedución para o espectador? En parte, quedou dito: con tempo, desenvolvendo as propias forzas, de modo que os nosos produtores, escritores, directores, actores e técnicos vaian facéndose coas claves dun medio tan complexo e tan caro como o cinema. Mais só profundando nas nosas bases culturais, na propia capacidade de expresión (a produción tamén é expresión), no dominio das linguaxes, podemos chegar a esa espléndida obxectividade dos clásicos que, contando as súas historias (historias culturalmente moi específicas), fanas accesíbeis a todo o mundo. Ou o que é o mesmo: a única vía que pode levarnos a ser comerciais é a da calidade orixinal, no sentido do termo que apunta á «orixe», á tradición que debemos construír. Así, con pé nesa tradición, memoria e saber, poderemos facelo máis atractivo e máis ameno porque o faremos mellor.

Mal gañaríamos unha posición nos mercados do mundo se pretendemos calcar en pobre os esquemas do cinema ianqui. A aplicación desas receitas non funciona e ás probas da billeteira remito. É o cepo da uniformidade, do mimetismo, perigo esencial, como dicía Pedraio. Sempre se utilizan as cifras para criticar as apostas pola diferenza e non para constatar o fracaso constante do cinema receptorio. A única posibilidade de competir é ofrecermos algo diferente, non precisamente ir «contra o mercado» senón enriquecer a paleta de opcións de que dispón o público para podermos achar un oco (un «nicho», dise no argot do medio).

O exemplo claro do que estou a dicir é Almodóvar, único director en España cun público fiel que lle permite, película tras película, obter unhas recadacións importantes e sostidas. Almodóvar conseguiu consolidar no mercado unha imaxe de marca que non se salienta tanto por recorrer ás fórmulas de suposto éxito como por intentar (e lograr) personalizalas. Curioso e revelador, porque se dá un fenómeno común a moitas áreas da actividade económica: véndese a diferenza. Mesmo Santiago Segura vende unha, a súa diferenza.

Por iso a nós o que nos acae é a exhaustiva explotación das nosas auténticas armas, o que só nós podemos achegar, as nosas materias primas culturais, isto é, un fondo transpersoal, colectivo, mais que vive no traballo formador de cada suxeito como capacidade efectiva de creación e isto independentemente das estratexias retóricas utilizadas, ora as do modo de representación dominante, ora as do cinema «indy». Referíndome de novo á literatura, vou pór outro exemplo de contraste: a accesibilidade e universalidade dun Cunqueiro e de tantos escritores galegos é resultado da espesura cultural da súa escrita. De onde, conclusión nidia: a comercialidade sostida do cinema galego será función directa da súa singularidade cultural. Sobre o papel da lingua nesa singularidade non cómpre volver insistir.

O GALEGO NA FICCIÓN AUDIOVISUAL

A segunda liña de reflexión que situei ao inicio lévanos a outro terreo. Cando comezou a práctica de dobraxe de producións audiovisuais, o público manifestaba resistencias irreflexivas a que falasen en galego os personaxes de telefilmes situados en países distantes (por exemplo, o J.R. de *Dallas*); mentres, aquel público seguía aceptando acriticamente que puidesen falar en castelán. Era un exemplo da vixencia dos prexuízos diglósicos e máis un caso na longa historia das resistencias á recuperación da lingua. Víase con só observar que a un espectador de Madrid non pode estrañarlle, e non lle estraña, que personaxes de todas as orixes xeográficas falen castelán nunha película, como aceptan, cando len, que todo estea «traducido» á lingua en que se escribe a novela, aínda que os personaxes sexan habitantes dos antípodas ou mesmo extraterrestres.

O curioso é que, máis unha vez, idéntico debate xa tivo lugar na nosa tradición literaria e teatral. Ilústrao o exemplo de *Alén* (1921), comedia dramática de Xaime Quintanilla ambientada en Nova York e con ausencia total de personaxes galegos. Como advertiu Carvalho Calero, a obra naceu co propósito de demostrar que en galego se poden tratar temas non particularmente galegos, algo que hoxe nos semella obvio,

mais que non o era daquela e seguía sen selo para boa parte do público nos primeiros tempos da Televisión de Galicia.

Por iso, un dos logros da TVG foi a institución dunha convención de «dobraxa», vencendo as resistencias diglósicas polo menos parcialmente, a poder de horas de emisión de ficcións que precisaron o deseño de modos de falar para situacións e personaxes que non tiñan un referente na Galiza contemporánea, ou a introdución de moito léxico para realidades que na fala do pobo só coñecían o nome castelán.

A institución desa convención de «tradución» e a posibilidade de construír un universo filmico lingüísticamente normalizado exerceu e exerce efectos moi positivos sobre a realidade, ao contribuír a facer aceptábel a extensión constante dos ámbitos de uso do idioma. A arte, o audiovisual, anticipan así outra Galiza, outro mundo. E é porque a lóxica interna da ficción esixe que todos os personaxes falen galego, mesmo aqueles que na Galiza real non o farían habitualmente ou non o farían nunca. Por aí, o significado e o valor da dobraxe de filmes foráneos ou mesmo propios (se estiveren rodados en castelán).

O poder anticipador da TVG tivo e ten tamén un valor pedagóxico, creador dun padrón imitábel, en dous sentidos: primeiro, axudando á mudanza nas actitudes sociolingüísticas da poboación ao xeneralizar a validez da lingua galega (de onde se deduce perentoria obriga de evitar ambigüidades ou carencias como as que por veces se ven fóra da ficción); en segundo lugar, a TVG impulsou a instalación e a aceptación dun estándar culto –moitas palabras que, hai uns anos, podían «estrañar» ao galego-ouvinte espontáneo cando se introducían na vida cotiá, hoxe xa non estrañan–, pasan sen seren notadas, disólvense no fluxo comunicativo de forma transparente.

Ora, deixando á parte as dobraxes e concentrándonos nas obras de produción galega, batemos, malia todo o andado nesta área (e o mérito debe ir á TVG), cun problema. Os nosos creadores, ao recrearen os usos lingüísticos nun filme, aínda deben enfrontarse cunha persistente distorsión dos mecanismos de produción do verosímil e da creación da «impresión de realidade» no espectador. Exemplo basto: secuencia en que se retrata a vida dunha familia da alta burguesía coruñesa, ou viguesa, ou ourensá, ou simplemente vilega, expresándose en galego con sostida normalidade... En casos como estes precísase un traballo suplementario por parte do espectador, un maior número de asuncións implícitas ou, se se quere formular en termos clásicos, un esforzo extra na «suspensión da descrenza» do espectador para poder cerrar o circuíto da recepción e que así o narrado resulte «críbel» ou, polo menos, aceptábel.

Sobre estes problemas non abundan as reflexións pois, por certo, non afectan ás culturas dominantes (as que delimitan os espazos de reflexión), mais esa é a forma en que o conflito lingüístico se inscribe no ámago da relación receptor-obra, alterando de forma xorda mais constante o pacto perceptivo por virtude do cal o público asiste fascinado á máis perfecta reprodución da vida nunca lograda pola arte. E non nos enganemos: isto afecta de modo máis intenso o audiovisual que a literatura pola diferente forma en que a instancia narrativa se manifesta nas dúas artes. Non quero seguir esta póla e vou simplificar cunha frase: as imaxes falan pero non son ditas nunha lingua concreta. A literatura, si. Aí radica a crucial diferenza entre as dúas artes.

Mais hai tamén no protocolo de recepción que leva o espectador a aceptar un universo normalizado nas obras outra dimensión usualmente non advertida. En secuencias como aquelas a que antes me refería (a da familia burguesísima a falar galego galeguísimo) e, en xeral, na presentación dun universo diexético normalizado, fai falta, dicíndoo cun termo moi cargado de connotacións, un «compromiso» non visíbel do receptor. Utilizo o termo «compromiso» á mantenta porque quero marcar o carácter tamén ideolóxico, e inconscientemente ideolóxico, dese traballo extra do receptor para suturar a verosimilitude. En virtude dese proceso, o receptor, pola súa posición no proceso e con independencia da súa adscripción ideolóxica consciente, pasa a participar dos valores do proxecto emancipatorio galeguista que anticipan nas obras o que aínda non é, unha Galiza onde a lingua ocupa os espazos que debería ocupar. É un efecto estrutural, pois o receptor non pode subtraerse a esa posición sen interromper o visionado ou a lectura, sen distanciarse dela. Mentres continúe a recepción, continúa o efecto ideolóxico anticipatorio e isto, *mutatis mutandis*, tamén pode ser aplicado á literatura. Humoristicamente, e xogando co efecto «V» de Bertold Brecht (o *Verfremdungseffekt* ou *V-effekt*), podemos chamarlle a isto o efecto «G» ou, se preferirdes, o efecto «Gz». É o que unha vez eu chamei «conxura de proscritos», pois todos, autores e lectores, convertémonos, por mor dese efecto, con independencia da nosa vontade, en felices conxurados para a recuperación da lingua e da cultura, polo menos mentres a película non conclúe.

Regresando ao eixe do problema, so o punto de vista dos autores ábrese varios camiños perante a fenda interna na sutura do verosímil ou, se se quixer, na creación do efecto «impresión de realidade»: un, o máis habitual, escurecer a convención de «tradución» e, con apoio na capacidade engaioladora da narrativa, facer aceptábel, «críbel», o que se conta, obviando, a forza de consistencia interna da ficción, se existe ou non unha correspondencia literal do emprego da lingua entre o universo creado e o mundo real; outro camiño, menos andado, pasa por facer pé na cruz do problema e acoller lucidamente o conflito lingüístico e a diglosia no filme para tratalos nunha perspectiva crí-

tica, adoptando unha construción autorreflexiva que non deixe de cativar a atención do espectador, chavella de todas as narrativas.

Terceira, última posibilidade, sería practicarmos un «realismo» basto, acrítico, malinterpretando o modelo de representación dominante no cinema, e facermos películas bilingües que consagrarían o sistema de valores da diglosia e o privilexio do castelán. Mirando outra vez para a nosa historia cultural, retrocederíamos aos tempos da novela *Maxina ou a filla espúrea* (1880), de Marcial Valadares, onde os personaxes falaban de acordo coa súa condición sociocultural (xente do pobo en galego e burguesía de Compostela en castelán), un modelo xa anacrónico en 1880, o ano de *Follas Novas* ou de *Aires da miña terra*, na introdución do cal Curros dissolve con brillantez a oposición entre lingua enxebre e lingua universal. Con semellante cinematografía «bilingüe» perpetuaríamos a repartición desigual dos ámbitos de uso, no canto de cumprirmos a nosa misión de gañar espazo para a lingua no audiovisual e na vida, e desde o audiovisual para a vida.

Cuestión distinta (aínda que relacionada e que vén dereita ao rego) é a da eficacia comunicativa e estética da lingua utilizada na dobraxe de filmes estranxeiros. Se os rexistros daquelas primeiras dobraxes podían resultar por veces non aceptábeis, o problema non estaba (non podía estar) no galego. Radicaba no obvio carácter de traducións que tiñan os textos (cando o procedente é unha reescrita), nos castelanismos fonéticos e prosódicos, nos manierismos herdados da dobraxe castelá, en rexistros lingüísticos incoherentes, escasamente diferenciados, ou que non se daban emancipado do padrón da escrita para ofrecer unha imaxe da lingua oral viva e verosímil. A elaboración dos textos para a dobraxe enfrontábase e enfróntase aí cun non pequeno problema: recrear, nas nosas circunstancias sociolingüísticas, a pluralidade de rexistros que presentan as linguas normalizadas nos universos de ficción dos filmes estranxeiros, tarefa en que a capacidade e inventiva dos tradutores resulta decisiva. Ocupareime doutros problemas desa lingua da dobraxe no curso da sección seguinte.

QUE GALEGO NA FICCIÓN AUDIOVISUAL?

A terceira vía de análise focada ao inicio toca de pleno no vínculo entre normativización e uso da lingua no audiovisual, desde que avanzar no camiño da normalización implicou e implica resolver problemas de normativización puramente lingüística no noso audiovisual de arestora e, especificamente, no ámbito que nos ocupa: a ficción, quer orixinal galega, quer dobrada. As miñas consideracións están baseadas na crenza de que arestora vivimos un momento de transición, se é que en verdade queremos avan-

zar no camiño da normalización. Por dicilo de forma sucinta, creo que o momento actual se caracteriza, ou debe caracterizarse, pola superación da posición tipicamente, obrigadamente defensiva das culturas minorizadas, que, durante a primeira fase da súa recuperación, intentan, ante todo, defender a propia identidade, ameazada secularmente, para irmos máis alá. Isto é, preocupármonos menos polos aspectos formais do estándar do que por darlle vida e vida eficiente a ese estándar e á lingua no audiovisual, tratando de normalizala tamén pola vía de manter unha relación de normalidade con ela.

Unha primeira consideración podería parecer obvia se non tivese que ver cos primeiros principios, isto é, coa relación entre lingua e comunicación audiovisual. É ben sabido que nun filme ou nunha obra de teatro a lingua non debe «ouvirse» por si, non debe estar distraendo a atención do espectador, fóra do caso excepcional en que iso poida formar parte da estratexia do autor. Unha presenza discreta e funcional da lingua, subsumíndose e disolvéndose, trama o seu lugar propio dentro do mecanismo de construción do verosímil, mesmo se este é de tipo autorreflexivo. Por outras palabras: só se a lingua está ao servizo do filme pode o filme facer algo pola normalización da lingua e a plenitude do seu emprego social.

Tratarei de ser o máis preciso que me sexa posíbel pois batemos cun tema delicado, no que cómpre achar o xusto medio: se, por unha parte, calquera laxismo no traballo da lingua está excluído, unha preocupación obsesiva pola normativización levaría a interpretar os diálogos (e a lingua do audiovisual) como locución pedagóxica ou como exercicio académico cando, por definición, este non pode ser o seu sentido. Achariámonos daquela ante unha consideración do idioma autonomizada, desligada do carácter de comunicación estética e da súa inclusión nunha obra de ficción audiovisual, e ante unha escoita por completo allea ao diálogo vivo, fluente, que é o que, en último termo, recrean a ficción cinematográfica ou televisiva. Trátase, en suma, de que a ficción audiovisual encarne sen autocontemplación os padróns normativos e nunca de subtraer o filme ao seu ámbito propio, como se as nosas ficcións tivesen que constituírse nunha especie de curso de galego supletorio. Ora, cursos de galego lévanse feito por milleiros, cos resultados xa sabidos.

Deixo agora á parte a cuestión da validez do marco normativo oficial, tan histórico e tan datado como outro calquera. Referireime a el como espazo da reflexión, aínda que o que direi sería aplicábel *mutatis mutandis* ao modelo reintegracionista se chegase a estar vixente. Pois, para calquera política de normativización, a grande construción é a «lingua estándar», mais o estándar no cinema (como na literatura e en calquera práctica cultural que traballe a lingua con normalidade) vive en estado crítico, facéndose

e desfacéndose, en estado de límite. Farei outro paralelo coa literatura: cando se di que o poeta é *super-grammaticus*, ninguén pensa que os autores deban ignorar olímpicamente os estándares. Pola contra: sobre a base dun fondo coñecemento do estándar, a relación con el do poeta e do filme ten que ser creadora e recreadora (non limitante nin paralizadora), como acontece noutras linguas da nosa veciñanza e en calquera cultura normalizada.

Ocorre ademais que a lingua estándar é sempre un estándar incompleto e en evolución, ás veces rápida, ás veces vagarosa. Entre nós, ten como expresión oficial as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega, mesmo consagrada por lei e publicada no DOG na súa versión de 1982 (pídese agora que tamén se publique no DOG a revisión de 2003, xa unha evolución do primeiro estándar). Ora, como o mesmo título das Normas indica, as prescricións contidas nese texto son de tipo ortográfico e morfolóxico, orientadas á escrita, e só de raro en raro entran na fonética e a fonoloxía. Non temos aínda unha fonoloxía normativa e tardaremos en tela, como consecuencia da lentitude do proceso de fixación dun idioma en vías de normalización (e, se a normalización progresa, igual non fai falta que cheguemos a tela).

Entre tanto, a única autoridade vixente nese terreo é a que nace do diálogo entre os especialistas que teñen mostrado puntos de vista coincidentes nas publicacións de referencia. Mais, como ben se infire, e de retuque, ese establecemento de criterios fonolóxico-fonéticos carece de base legal suficiente para obrigar a ninguén mentres non o formalice e o publique a Real Academia Galega, única institución a que a Lei de normalización lingüística 3/1983 atribúe criterio de autoridade.

Daquela, na nosa historia audiovisual, por pura necesidade, correspondeu á propia TVG o labor de ter que ir dando solucións sobre a marcha ás amplas áreas non lexisladas e aplicar unha fonética normativa, alí onde se aplicaba (non se estendía, nin moito menos, a todas as emisións), e para a que só estaba facultada polo seu poder económico; isto é, a posición da TVG como pagadora das dobraxes que encargaba ou das producións que adquiría (mais case non hai dobraxe nin produción en lingua galega se non as compra a TVG).

Iso trouxo unha mellora nas calidades lingüísticas innegábel, mais tamén unha homoxeneización do estilo e as maneiras e mesmo unha redución da variedade das voces na dobraxe (bastantes profesionais da área deixaron de ser convocados polos estudos para evitaren os custos asociados á eventual repetición dos traballos). Ora, o que nunha fase inicial podía explicarse con carácter transitorio, acabou prolongándose

sen cabo, creando unha situación tan anómala como a que supuña que a autoridade encargada de certificar a calidade lingüística das producións ou as dobraxes fose exclusivamente a TVG e non os profesionais lexitimados para o faceren (os titulados en Filoloxía Galega polas universidades).

Na miña opinión, sería un movemento moi intelixente da TVG mudar esta situación, porque o recoñecemento eficiente da validez desas titulacións en Filoloxía Galega tería a virtude de enriquecer o proceso de incesante autoconstrución da lingua do audiovisual. Pois non é só que, máis alá do obvio (hai vogais que só poden ser abertas ou cerradas, consoantes que só admiten unha articulación en dadas posicións), falte unha fonética normativa. É que parece racional non impor unha única solución fonética cando a fala rexistra diversas posibilidades, sexa por razóns dialectais (das que o *Atlas Lingüístico Galego* ofrece boa mostra) ou de mera oportunidade interpretativa, como as que afectan a entoación ou, madía leva, cando as Normas ofrecen diferentes solucións morfolóxicas aceptábeis. Se queremos en verdade normalizar o idioma, o estándar do audiovisual non pode quedar reducido para sempre á interpretación que del fixo a TVG e supoño eu que nisto estarán de acordo mesmo os lingüistas que traballan na TVG, aos que, por descontado, non estou a criticar aquí.

Porei algúns exemplos de diferente signo para evitar calquera interpretación equívoca da miña reflexión. A ficción está, en xeral, pouco afectada polo incorrecto réxime do pronome átono que se observa por veces (isto é, cando non están lendo) en presentadores, locutores, condutores de programas e correspondentes. Ora, non ocorre o mesmo coa entoación: o ton neutro procurado por unha lingua estándar non pode ser un ton morto, en que non estea presente algún dos variados sotaques característicos do galego ou a amplitude da nosa curva melódica. Mesmo cabe interpretar ese carácter monocrorde como un sutil efecto diglósico: a nosa amplitude melódica non cadraría coa representación espontánea (inconsciente) da lingua «formal» da TV, sobre a que seguiría pesando ás caladas o padrón televisivo do español.

Máis aínda: tampouco podemos lexitimar a variante da gheada que gozou de aceptación nalgunhas series (puro «j» castelán) e que, segundo os especialistas, non pode ser considerada autóctona –a gheada xenuína coincidiría, *grosso modo*, coa aspiración xermánica. Teñamos en conta que, con independencia do debate sobre as orixes da gheada, hai acordo en que a transición do son aspirado tradicional até o «j» é produto dunha interferencia lingüística co castelán. Iso explica tamén a perda de terreo da gheada autóctona fronte a un «j» que de ningún xeito cabe promover.

Pois a introdución, non da gheada senón do que poderíamos chamar «jotada» nas series a que me refiro non supoñía, nin moito menos, a procura rigorosa dunha cor local para a lingua (abondaba observar o incoherencia dialectolóxica dos seseos e da gheada) con resultados verosimilizadores e, por tanto, eficientes en termos audiovisuais. O que se facía era engadir un «j» castelán e un popurrí de seseos a unha lingua de base e intención estándar (en xeral non moi coidada), degradando a imaxe do idioma ao plano do «patois». Como cando na historia das artes da representación se procuraba debuxar algúns personaxes «graciosos» ou «característicos» facéndoos falar con incorreccións –o exemplo máis basto poden ser os indios do «western»– mais podemos remontarnos a creacións como o «sayagués» de Juan del Encina que tanto riso provocaba nos seus auditorios (séc. XV-XVI), ou mesmo evocar a figura tipo do galego na historia do teatro español. Esta última asociación é a máis procedente pois o que se intenta é aproveitar os efectos que produce na audiencia a evocación dalgúns estereotipos da fala popular. Así, o que naquelas series se pretendía potenciación do verosímil resultaba, en realidade, recurso groso á convención e a convencións vellísimas.

Exemplificando en positivo, parece en troques moi lexítimo o uso do seseo (trazo histórico resultante do sistema de sibilantes medievais) ou que os actores, pola súa orixe dialectal ou polas características do personaxe, tendan a realizacións plenamente galegas pero minoritarias ou non consagradas como estándar na práctica normativa da TVG (por poñer só un caso: a articulación da conxunción copulativa como *e* cerrado, ben documentada no *Atlas Lingüístico Galego*, no canto do habitual *e* aberto). É o tan repetido «keep your accent» da tradición anglosaxoa e neses países tan valorado.

Tal diversidade debe ser respectada, igual que cando navegamos terreos tan sometidos a azares subxectivos como é o dos encontros entre palabras, onde a intención do falante impón os ritmos máis variados e variábeis. A natural recreación desa espontaneidade polos actores, de acordo coa situación dramática, non pode ser vista como «falta» ou «descoido». Polas mesmas razóns, é improcedente excluír da ficción audiovisual as irregularidades, vacilacións ou relaxacións propias da fala, pretendendo que a lingua dos filmes teña un carácter modelar e que a variabilidade incesante das realizacións dun fonema (ou dun encontro entre fonemas) se fixe en solucións canónicas prefixadas para cada caso.

Descoñeceríase así a articulación entre fonoloxía e fonética e confundiríase a dimensión vocal da interpretación cunha ortoepia –a parte da gramática que ensina as regras da pronuncia correcta. Mais, ao cabo, o preocupante é que se estenda ao audiovisual unha actitude viciada que puidemos detectar na cultura galega do pasado recente: refírome ao nefasto costume de publicar os clásicos en edicións corrixidas (e ás veces

mal) para adaptalas á normativa vixente por considerar «ilegais» múltiples termos do uso literario histórico, como se os escritores tivesen que coñecer as «Normas» elaboradas medio século despois e as súas obras quedasen degradadas á condición de exercicios escolares por incluíren «hipergaleguismos» que, obviamente, non o eran na norma literaria da época⁴.

Otero Pedraio foi unha das vítimas máis reiteradas de tan inicuo proceder e a gravidade do feito probábao a desaparición progresiva dos textos orixinais (substituídos polo que inicialmente era introducido con tónica modestia como adaptación didascálica) e tamén a estendida tendencia a modificar os textos das reedicións sen sequera facelo constar.

Estas prácticas presentaban todos os síntomas dunha enfermidade cultural, lindeira do noso clásico autoodio. A variabilidade e a falta de «redondez» das realizacións no caso dun filme ou a exploración das múltiples posibilidades do sistema lingüístico no caso das obras literarias, mesmo indo máis alá do sistema, non só son tolerábeis senón dignas de respecto como testemuño dun uso vivo da lingua. Outra vía lévanos á lúgubre cultura dos preceptores, onde o galego corre risco de morrer de mala maneira, finalmente idéntico a si mesmo, perdendo o que as producións estéticas achegan e levan achegando desde o inicio dos tempos aos sistemas lingüísticos de que parten. A necesidade de defender o idioma nunha situación de conflito lingüístico é perentoria. Mais iso non nos pode levar a unha posición na cal os marcos de referencia que construímos se convertan en murallas e entalen a vida expresiva da lingua, tornando en autorrepresión o asedio a que nos somete a presión do castelán. Nos antípodas do «todo vale» áchase un rigor máis esixente, máis largo e profundo –máis fiel ao concepto de comunicación audiovisual galega no sentido propio do termo. A lingua da ficción audiovisual ten que ser unha lingua viva que defenda o estrutural, preserve a variedade e teña capacidade exemplar atractiva. É innegábel que se levan producido melloras, mais cómpre seguir, como pedía Manoel-Antonio, máis alá.

Comprobámolo nun aspecto destes problemas usualmente non advertido: a necesaria integración entre as voces e os restantes fluxos que compoñen o son do audiovisual. De pouco vale un exquisito coidado da lingua se as voces non se integran no mundo do filme. Este aspecto adquire moita relevancia desde que as ficcións chegan aos nosos espectadores sobre todo a través da dobraxe. Nelas ouvimos con desgraciada

⁴ Os «hipergaleguismos» deberían considerarse fenómenos de «norma» no sentido do concepto proposto hai xa moitos anos por E. Coseriu.

frecuencia unhas mesturas de son en que impera a rotura da integración entre voces e ambientes. Soan en primeiro termo as voces (con ecualizacións e reverberacións non sempre felices) e os ambientes e efectos adelgázanse até se converteren en meros signos simbólicos das cousas que pasan pola pantalla. A construción da relación entre as voces dos personaxes e o seu mundo abandónase e cárgase na conta da convención da dobraxe o que é puro descoido, so pretexto de que o diálogo debe resultar audíbel nos contaminados espazos sonoros da audiencia televisiva. Tal presenza abafante da voz minimiza o papel do son non vocal e resulta inaceptábel desde as esixencias estéticas e técnicas de calquera ficción construída con rigor.

A isto súmase un segundo trazo habitual nas dobraxes dos nosos estudos: a sobrecarga de graves no rexistro das voces, provocada pola proximidade dos micrófonos ao aparato fonador dos actores e, secundariamente, polas características das salas de gravación. É outro dos factores que marcan as distancias coa transparencia do son directo e que contribúen, acentuando a convención, a retirarlle forza ao mundo dos filmes.

Podemos afirmar sen esaxero que as prácticas da dobraxe ao castelán se converteron tamén so o punto de vista técnico en modelo consciente ou inconsciente para a dobraxe ao galego, quizá polo estendido tópico de que en España se dobraba moi ben etc., tópicos ou ideoloxemas que convertían en desexábel o que foi primeiro unha imposición política directa do franquismo (lembrems que a práctica da dobraxe naceu por lei), continuou despois sendo imposición debida ao costume creado durante decenios e será sempre unha mutilación brutal da integridade das obras, fóra de excepcionais exercicios de recreación desas obras por vía de transformación ou de parodia –veñen á memoria os traballos de Díaz Noriega.

Mais xa que a dobraxe é un mal inevitábel, cómpre impulsar un modelo que arrecante as prácticas herdadas das dobraxes feitas para o castelán, que evite as traducións pouco elaboradas (non reescritas desde o galego), que teña en conta a integración das voces dos personaxes co seu mundo e que se esforce en recrear a plasticidade e relaxación inherentes ao uso expresivo da lingua. Nesa perspectiva, deberían evitarse os vicios tradicionais da dobraxe; a saber, «acartonamento», afectación, paleta expresiva curta e previsíbel, iso si, con esporádicas ornamentacións compensatorias, riqueza prosódica escasa, hipercharacterización fonética artificial (ou, no extremo oposto, castelanismos fonéticos, por fortuna cada vez menos frecuentes). Cómpre evitar todo iso, obter unha interpretación vocal orgánica, un «menos» que é «moito máis», con vistas a un horizonte superador das prácticas en que a miúdo se viñeron movendo dobradores, técnicos e estudos en Galiza e fóra de Galiza.

Este é un terreo onde os factores de anovamento son difíciles de valorar pois o espectador está vendo paralelamente ficcións dobradas en diferentes momentos do pasado. Ora, admitindo o posíbel erro de paralaxe, creo que o modelo estético e técnico da dobraxe castelá segue marcando o campo de xogo como se a cultura creada no espectador fose incuestionábel e insuperábel, mesmo, ás veces, para cousas que non son dobraxe. Non se me escapa que a tentativa de axustar os custos ten moito que ver con iso, mais a dobraxe ten un valor estratéxico pois é a vía a través da que chegan máis horas de ficción ao espectador.

Ben se entende que tradicións e usanzas teñan o innegábel poder de se autorreproduciren e máis cando anda a determinación económica polo medio; ora, só se os personaxes soan críbeis, cunha verosimilitude alargada, contribuiremos a vigorar unha lingua eficiente para a ficción audiovisual. O contrario significa proclamar a convención cun resultado moi distanciador, prexudicial xa non para o propio filme, senón para a aceptación da lingua estándar por parte do público. Pois, abofé, a xente quere entreterse con ficcións, quere que lle conten contos, quere ser enganada, mais non pode ser que a lingua en que se conta o conto sexa percibida como ficticia ou falsa.

Non se pense que ignoro a dimensión de artificio que a creación de rexistros lingüísticos aceptábeis implica –todo estándar ten algo de esforzada construción. E tamén sei e sabemos da influencia que neste campo teñen actuacións que se sitúan fóra da ficción e mesmo fóra do audiovisual ou simples prexuízos, derivados da nosa situación sociolingüística: para un mesmo público, a convencionalidade da dobraxe castelá, digna de respecto e admiración, transfórmase en artificialidade da dobraxe galega, porque esta contraría a repartición desigual de ámbitos de uso das linguas.

Conclúo, xa. Pola forza do poder máis forte, a comunidade que falaba e mantivo vivo o galego na nosa época contemporánea portábao case como un estigma fronte á presión da lingua da dominación. Entre tanto, os grupos que exercitaban a lingua con consciencia da súa dignidade non conseguían establecer un diálogo fecundo cunha colectividade de autoconsciencia débil, eses espectadores privados de si.

É a posición da literatura galega que xa describiu Rosalía no seu prólogo a *Cantares Gallegos*. Feita desde este país, para este país e por este país, Rosalía proxectaba a súa obra cara a un lector futuro e, certamente, durante moitos anos a nosa literatura foi escasamente lida e non ultrapasou a condición de obxecto curioso, conservado case con desidia.

En múltiples textos dos últimos dous séculos detectamos esa figura: a de estarmos en Galiza sen lugar. Estarmos en Galiza e non comunicar con Galiza, non nos darmos encontrado co país que encarnamos. Fomos longo tempo unha cultura encerrada, vivindo un exilio interior, sen posibilidade de chegar ao seu suxeito último e destinatario.

Agora, morrendo ou transformándose profundamente o que foron signos máis característicos da galegitude, vinculados a un mundo tradicional e rural-mariñeiro, o noso audiovisual diríxese agora a unha sociedade en urbanización inevitábel e por iso debe facer achegas significativas ao proceso a través do cal o país vai dando conta de si, ofrecéndolle novas imaxes de Galiza e novos modelos de identificación.

Cando a forma cultural que maior influencia pode ter e ten decote é, sen dúbida, a audiovisual, o sector adquire un decisivo papel. Comunicando, faremos comunidade. A nosa imaxe e o noso son buscan, coa maduración industrial do sector, un público, un corpo social, unha xente onde encarnar, expresión á busca esperanzada (por veces desesperada) do seu interlocutor. Non podemos acabar sendo cómicos exhaustos na representación dunha cerimonia sen futuro, non podemos claudicar ante o proceso de substitución lingüística e resignármonos a que o galego ocupe un rol só ritual nas producións.

E é que, unha vez máis, o problema do audiovisual non é diferente do da nosa cultura toda. Enfrontámonos cun novo século onde a continuidade da nosa identidade colectiva, tal como a coñecemos, aparece vinculada de pleno á supervivencia normalizada da lingua dos máis, das voces do país de Galiza. Responder ao noso compromiso coa lingua será o mellor modo de sermos fieis ao destinatario, a comunidade escura, por veces invisíbel, que constitúe a xustificación última do noso traballo.

Lingua e cultura na radio.

A experiencia do Diario cultural

ANA ROMANÍ

Directora do Diario cultural da Radio Galega

Con audiencia, con calidade e cunha perspectiva propia. Son os parámetros que na miña opinión deberían articular o uso do idioma galego nos medios públicos de Galicia. A Lei de creación da CRTVG di:

Atribúeselle á Compañía de Radio-Televisión de Galicia a misión de servizo público consistente na promoción, difusión e impulso da lingua galega, así como a atención á máis ampla audiencia, ofrecendo calidade e a máxima continuidade e cobertura xeográfica, social e cultural, propiciando o acceso aos distintos xéneros de programacións e aos eventos institucionais, sociais, culturais e deportivos, dirixíndose a todos os segmentos de público, idades e grupos sociais, e favorecendo activamente a difusión cultural, intelectual e artística e dos coñecementos cívicos, económicos, sociais, científicos e técnicos mediante toda clase de emisións en lingua galega realizadas pola dita Compañía a través das sociedades Radiotelevisión de Galicia, S.A. e Televisión de Galicia, S.A., así como de calquera outra que poida crear no futuro.

E no artigo 16 alude á: promoción e difusión da Cultura e Lingua Galega, así como a defensa da identidade da nacionalidade galega. E o respecto á liberdade de expresión, obxectividade, veracidade e imparcialidade das informacións.

Así pois, a promoción e difusión da lingua galega, defensa da identidade da nacionalidade galega e imparcialidade, obxectividade e veracidade das informacións son os piares que dan contido e fundamento á creación da radio e da televisión públicas de Galicia. Tomando como base eses principios, desde a súa posta en funcionamento

no ano 1985 os medios públicos concentraron en boa medida moitas das expectativas canto aos procesos de normalización cultural e lingüística. Non é asunto desta intervención avaliar o seu cumprimento, senón pór enriba da mesa a praxe e as dúbidas que esa praxe xera nun espazo de información cultural diaria.

Antes permítanseme unhas consideracións xerais respecto a eses parámetros porque é certo que a radio e a televisión veñen operando ao longo destes vinte e dous anos como uns dos máis decisivos axentes normalizadores do idioma na sociedade. Vinte e catro horas de emisión diaria en galego, en todos os rexistros que as necesidades de comunicación dunha sociedade esixe e xera, mesmo naqueles en que o uso do idioma galego foi historicamente máis infrecuente, por non dicir inexistente –estoume a referir por exemplo ao ámbito científico, tecnolóxico, que compete en maior medida a programas especializados–, fan dos medios públicos un dos máis efectivos e visíbeis mecanismos de normalidade lingüística. Nese sentido o labor de revisión, incorporación e adaptación do idioma ás necesidades de todas e todos os seus falantes (ámbitos rurais e urbanos, técnicos e profesionais, persoas maiores e mozas) coa corrección que se esixe a uns medios que deben operar como referentes de lingua é innegable, mesmo a pesar dos riscos de artificio que a creación dunha lingua estándar e especializada pode xerar nunha audiencia que moitas veces di sentirse lonxe dese galego da televisión ou da radio que nada ten que ver co «ghallegho» da súa fala cotiá. A Televisión de Galicia e a Radio Galega conseguiron unha certa normalidade e naturalidade no uso do galego, que non soen raras expresións e palabras que parte da poboación escoitou por vez primeira nos medios. Mais seguramente non radica aí o debate que a lingua dos medios públicos está a xerar, non radica (xa non) no estándar, senón semella na corrección, na pureza e mesmo no «empobrecemento» que desde distintos sectores se subliña con certo alarmismo e preocupación.

DOS MEDIOS EN GALEGO E OS MEDIOS GALEGOS

Os medios de comunicación públicos interaccionan nunha sociedade e vanse configurando en relación dialéctica coas mudanzas e demandas que esa sociedade xera. Coa posta en marcha da Radio e a Televisión de Galicia non só se estaban creando uns medios de comunicación máis que se viñan sumar ao abano da oferta mediática que existía no ano 1985, estíbese creando unha plataforma de comunicación para un país e unha cultura propia. Daquela poderíamos considerar que a radio e a televisión pública non só son medios de comunicación en galego, senón que deberían ser os medios galegos, é dicir, modelos de información e comunicación dun país, e evidentemente o alicerce que sustenta esa comunicación propia é a lingua. Idioma é identidade,

é dicir, modelos e paradigmas propios en correspondencia cunha identidade que historicamente se vai moldeando e construíndo con riscos distintivos. Daquela, como son e como deberían ser idioma e medios que son un e que non sería posible deslindar? Ou por dicilo doutra maneira, que modelo de idioma e de medios se foi consolidando na praxe da Radio e a Televisión de Galicia? Porque lle corresponde seguramente a ambas as dúas seren paradigmas, referentes da comunicación galega, dun modelo de comunicación propio nun idioma consolidado nesa praxe como referente de lingua estándar, útil, necesaria, viva e de prestixio.

Configurar un modelo propio de comunicación e idioma require deseños propios de parámetros informativos, liñas de programación, de estruturas organizativas, de formas de traballo, de profesionalización, desde un profundo coñecemento e análise da historia e o presente dun país, dunha cultura, do idioma en que é. A especialización dos profesionais dos medios de comunicación é unha das grandes carencias do xornalismo actual. E especialización é tamén competencia lingüística. O uso do idioma, a súa riqueza, utilidade, versatilidade, diversidade, eficacia, mesmo a súa creatividade, están ligadas ao coñecemento da materia de traballo (a economía, a política, a ciencia, a cultura) e ao coñecemento das modulacións do idioma neses distintos segmentos da sociedade. Nese sentido, posiblemente é no ámbito deportivo onde é máis evidente o efecto normalizador da radio e a televisión galegas: canear, cartón vermello que non roxo... chegaron a certo estadio de naturalidade. É precisamente nos deportes onde o grao de especialización dos profesionais é maior. Coñecedores da materia e centrados exclusivamente nese ámbito (non é común que un redactor de deportes acuda a unha rolda de prensa sobre política internacional ou sobre orzamentos xerais, por exemplo) coñecen o rexistro do idioma en que se expresan, a súa riqueza léxica, mesmo as xergas. O que acontece na sección de deportes é excepcional; a non especialización dos xornalistas en ámbitos concretos da información é o xeral. É posible que unha mesma persoa teña que atender no mesmo día a informacións de carácter moi distinto. Esta práctica dificulta un coñecemento fondo dos temas, seguimento e análise cunha perspectiva de país e competencia expresiva da lingua nese rexistro. Que profesionais referentes no uso do idioma foron quen de crearen a Radio e a Televisión de Galicia? É preciso, ao falarmos do idioma dos medios, falar dos modelos de comunicación e información, analizar os medios mesmos. Pensar en galego vai moito máis alá da lingua de uso, supón unha perspectiva propia de análise da realidade, non a súa tradución a esa lingua.

DE AUDIENCIAS, IDIOMA E MEDIOS

No contexto actual a utilidade dos medios de comunicación vai ligada a resultados concretos: de audiencia. As audiencias convertéronse en baremo que sustenta programación, liñas informativas, orzamentos... Os medios de comunicación han ser competitivos na diversa e agresiva cartografía mediática. Certamente a audiencia é a razón de ser dun medio de información, mais tamén é certo que esa «razón» xustifica ás veces programación e liñas informativas «deseñadas» na procura de segmentos de poboación masivos que dificilmente terían unha argumentación doutra índole. Os medios de comunicación públicos, cun status distinto das empresas privadas, entran tamén nesa carreira de audiencias, nun difícil equilibrio entre obrigas estatutarias e esixencias de resultados. A uniformidade que se instalou nas empresas da comunicación preside esa carreira. O risco do deseño de modelos e paradigmas diferentes e propios convértese, así semella, en abismo.

As audiencias inducen modelos de lingua. A poboación a que se dirixe un programa inflúe no rexistro lingüístico dese espazo, mesmo pode chegar a ser marca distintiva. Conviría analizar, por exemplo, en que medida a lingua no rexistro máis coloquial, que utilizan espazos como Luar ou o Show dos Tonechos, ten relación directa cos índices de audiencia (estamos falando de dous dos programas de máis audiencia da Televisión de Galicia). Nesa mesma proposta de análise e de dúbidas: en que medida a procura dunha comunicación da radio e a televisión galegas coa poboación do ámbito rural e galegofalante puido definir algúns dos contidos, deseño e rexistro do idioma de programas, ás veces talvez partindo de prexuízos sobre niveis de coñecemento e expectativas dese segmento da poboación? Mais, ata que punto esa audiencia de que depende a valoración concreta de resultados da radio e da televisión públicas consolidou un tipo de programas que mesmo fundou a imaxe «enxebre» e «folclórica» (non sen menos prexuízos ás veces) dos medios públicos? Así pois, daquela, falar do idioma dos medios é falar tamén de audiencias, nun ou noutro sentido: para consolidar rexistros lingüísticos, tópicos, ou mesmo para uniformar modelos. É parámetro de peso nos usos do idioma. Que audiencias deberían fomentar uns medios galegos? Que modelos de medios e que idioma demandan as audiencias da radio e a televisión de Galicia?

DO DIARIO CULTURAL

O Diario cultural é un programa informativo especializado na cultura que comezou as súas emisións hai dezaseis anos, o que o converte nun dos programas culturais máis veteranos da radiodifusión galega e tamén española. O enfoque que define desde os

seus inicios a liña do programa márcao a propia Lei de creación da CRTVG canto a espazo de información, promoción e difusión da cultura galega cunha perspectiva propia.

Cun formato que conxuga a liña dos informativos e algúns aspectos da revista radiofónica, concíbese como unha plataforma singular para a información, o debate, e a divulgación desde o rigor e a amenidade necesarias nun programa especializado. Ao longo de dezaseis anos en antena, o Diario cultural acolleu nas súas emisións os máis destacados creadores e creadoras dos distintos ámbitos artísticos, asistiu ao desenvolvemento de sectores especialmente dinámicos e propónse contribuír a un maior coñecemento das raíces da cultura propia e a súa historia poñendo en relación a cultura galega coas expresións culturais de todo o mundo.

Da experiencia de xa case dezaseis anos en antena pódense tirar moitas conclusións, mais en todo caso a máis inmediata é a necesidade de comezar a cuestionar algúns lugares comúns que existen arredor da información cultural en xeral e da cultura galega en particular, á fin a cultura interesa e non só a públicos minoritarios ou necesariamente especializados. A praxe e os estudos de audiencias nestes anos apuntan a un espectro amplo de oíntes que non necesariamente se restrinxe ao ámbito dos axentes culturais e profesionais dos distintos sectores da cultura.

Un factor importante con respecto á proposta e á experiencia deste programa é que a mensaxe e o discurso se teñen que dar desde a normalidade e non desde a excepcionalidade. A normalidade da cultura que non precisa ser subliñada como galega porque é evidente que a perspectiva dun programa cultural radicado nun país e nun contexto cultural é de feito esa; o mesmo que, se falamos de goberno, o que teríamos que subliñar é español porque o goberno é xa de feito o galego, se falamos desde aquí, e o mesmo acontece co idioma, cando falamos de idioma, estamos a falar do galego, e o que temos que subliñar é español ou inglés ou alemán en caso de referirmos a outra lingua. O Diario cultural é un programa sobre cultura. Obviamente galega, mais non precisa desa aclaración; precisaríaa se fose un programa sobre cultura canadense, iso si sería excepcional, iso si precisaríaa esa aclaración. Son códigos que reflecten referencias, localización, construción identitaria. Nós somos desde a normalidade, non desde a excepcionalidade; o noso código de referencias está situado, falamos desde nós, un nós diverso, magmático, non único.

O formato e o ton do Diario cultural quíxose desde a seriedade, o rigor e o prestixio dun informativo e así se foi construindo ao longo de dezaseis anos. Non é azaroso; obedece a unha intencionalidade concreta: dotar de prestixio os seus contidos. Fronte

a unha visión anecdótica ou lúdica ou familiar ou mesmo que pide permiso para ser da cultura, foise apostando por un ton serio, que demanda polo tanto un rexistro de lingua culta, e o coidado na súa presentación coa mesma relevancia que se de política internacional ou economía se tratase. É certo que o risco foi e segue a ser a imaxe excesivamente «seria» do programa, e é posible que agora, cumprido o obxectivo inicial, vaia modulando o seu ton. Mais foi preciso transmitir que a cultura, e vou subliñar tamén a galega, aínda que se debería presupor que é diso xa do que falo, é cousa seria. Porque é certo que traballamos cunha materia sometida a moitos prexuízos, unha visión secundaria, cotiá, minoritaria e mesmo subsidiaria. Nese sentido cómpre lembrar os mecanismos que operan entre lingua e cultura canto ao prestixio. A lingua de prestixio, tamén na cultura, é o castelán. Vivímolos especialmente nos primeiros anos do programa, o prestixio da cultura é o prestixio do seu idioma. De aí a escolla nada azarosa dun ton serio e informativo que se asocia ao prestixio para falar de cultura.

As escollas de lingua operadas no Diario cultural non son inocentes. A decisión de manter o idioma galego mesmo en entrevistas con persoas non galegofalantes e de fóra de Galicia xerou debates. Non trasladarse ao castelán e, de ter que facelo, optar pola tradución ao galego na súa emisión foi decisión meditada. Tampouco é inocente manter, na medida do posible, a atención máis de proximidade á cultura en Portugal, Brasil ou países da área da lusofonía. Son escollas que definen tamén a perspectiva de lingua na que se sitúa o programa. A procura de interlocutores noutras metrópoles culturais máis aló de Madrid e situarse na rede cultural galegofalante no mundo, con conexións máis directas a informacións e aos lugares onde se xera, son tamén prácticas que apuntan a unha cultura e a un idioma de prestixio, radicado no mundo, nos mundos culturais e útil como lingua de comunicación máis aló dos temas do ámbito xeográfico galego.

Polo demais, ao longo destes anos o Diario cultural foi mudando, igual que foi mudando o tecido cultural galego. As súas voces diversificáronse e os seus contidos ampliáronse na mesma medida en que as propias dinámicas da cultura neste país foron vertebrando territorios e discursos, na mesma medida tamén en que os responsables da emisora pública foron apostando pola necesidade e a continuidade dun programa cultural cunha identidade diferenciada e unha perspectiva propia. Nesa perspectiva diferenciada radica un dos sinais de identidade deste espazo, cunha visión clara da cultura propia situada no mundo e desde a normalidade e non a excepcionalidade. É esa normalidade e naturalidade a que hoxe nos permite situar e atender ao pensamento e a creatividade contemporáneas e as súas redes desde unha perspectiva de análise radicada claramente nunha cultura e nun idioma propio.

O rexistro de lingua selecciona implicitamente a audiencia a que se dirixe. Nese sentido o Diario instálase nun galego culto, de proximidade e permeable cada vez máis ás creatividadeas contemporáneas que usan rexistros vivos do idioma, que apuntan á amplitude e utilidade dunha lingua que se enriquece continuamente por máis que efectivamente asistimos ao mesmo tempo a unha perda de usos, léxico, expresións do galego, especialmente preocupante na sintaxe. Aínda que é certo que algunhas das perdas dun idioma están moi imbricadas coas perdas ou cambios de usos, hábitos, visións do mundo e formas de vida. Un programa cultural ten a responsabilidade e a obriga de amosar en toda a súa amplitude a riqueza dun idioma e tamén ten a responsabilidade de procurar un rexistro culto, vivo e próximo que comunique con distintos segmentos da poboación. Labor difícil que suscita non poucas dúbidas na praxe diaria. Precisariamos de criterios que vaian definindo paradigmas. Mudan as expresións culturais, reactívase a cultura tradicional con visións contemporáneas, tamén o idioma se crea e recrea a memoria e o futuro. Precisamos vivir na lingua, nunha lingua rica, diversa, magmática, non única como ese nós que construímos. Esa é a nosa responsabilidade.

O galego no humor

FEDERICO PÉREZ REY

Asesor lingüístico de series televisivas e guionista de programas de humor

Cun título tan xenérico coma este, poderíamos botar horas e horas falando, poderíamos escribir ringleiras e ringleiras de palabras, poderíamos facer milleiros e milleiros de reflexións, e nunca daríamos acabado. Mais non se trata agora de revisar as diversas manifestacións humorísticas que poidan existir, nin de facer un ensaio antropolóxico, cultural ou social sobre o que é ou non humor galego. Trátase de analizar o papel que a nosa lingua xoga nun terreo tan particular como é o do humor.

Evidentemente, o humor pode manifestarse e transmitirse de moi diversas maneiras. A través da literatura, do teatro e todas as súas manifestacións (monólogos etc.), da banda deseñada, do cinema, da televisión... E nesta última canle é na que nos imos centrar, xa que é o medio en que veño traballando durante os últimos anos, ben sexa como asesor lingüístico, ben como guionista.

Ademais doutras producións non estritamente humorísticas, colaborei en series cun importante compoñente de comedia, así como en programas exclusivamente cómicos. Cando falamos de humor e de comedia, estamos falando tamén de desenfado, de falta de seriedade, dun certo descontrol... E semella como que, no eido da lingua, hai menos límites, isto é, máis licenzas á hora de empregar mecanismos para facer rir. Evidentemente, un programa de humor non é un telexornal, aínda que ás veces teñamos dúbidas. Mais, o feito de que o humor teña ese arrecendo a informalidade, mais non nos exime de empregar o idioma correctamente.

Aínda que é moi complicado definir con claridade un tipo de lingua característica nestas producións, si que cómpre salientar que, de cando en vez, se dan casos que se

acaban convertendo en modelos. Estamos afeitos a oír xente que fala e se expresa coma algúns dos personaxes que aparecen nas series e nos programas da Galega. Cando menos, si que repiten frases ou construcións características deses personaxes. E por que acontece isto? Na miña opinión, esta circunstancia, aparentemente arbitraria ou que pode ter que ver máis con motivos artísticos e de interpretación, vén ser tamén un trazo identificativo, unha característica clara da importancia que o idioma xoga dentro do xénero humorístico. Os espectadores, os oíntes, a xente, en xeral, vense reflectidos no xeito de falar dos personaxes, senten como súas as expresións que escoitan. En definitiva, a fala que se emprega non lles é allea.

Mais, desafortunadamente, non sempre é así. En moitas ocasións, podemos comprobar como o xeito de falar de certos personaxes ou o ton expresivo da propia serie resulta alleo para o espectador. Son eses casos en que, sen saber moi ben por que, non nos identificamos co que estamos a ver. Antes dicía desafortunadamente, porque é este un feito que se vén repetindo durante os últimos anos con moita frecuencia. Agás algunhas producións en que se dan mostras de autenticidade, de frescura idiomática, de dominio do galego, considero que se está a producir unha perda considerable da expresividade que a lingua ten de seu. A cada paso, son máis frecuentes producións en que podemos escoitar calcos do español, traducións literais de expresións alleas ao galego (español, inglés etc.), construcións sintácticas propias doutras linguas... E non sei se é este un problema de dominio do idioma, de rexeitamento, de despreocupación á hora de escribir por parte dos guionistas ou doutros factores que descoñezo. O que si me parece é que é unha situación que non ten moito xeito: estase a perder grande parte da expresividade que o galego ten. E se perdemos isto, non estamos perdendo case todo? Porque unha lingua é algo máis que catro palabras bonitas, é algo máis ca axóuxere, bolboreta...

Mais sigamos polo carreiro da comedia. Para a miña idea, a ninguén se lle escapa que os xéneros televisivos norteamericanos, pasados despois ou non polo filtro español, xogaron e xogan un papel determinante na evolución do galego e da televisión en Galicia. Xéneros como a comedia de situación ou *sitcom*, a *stand-up comedy*, os *late nights* etc. exerceron unha influencia moi importante nas series e nos programas galegos de humor, nalgúns casos, ata o extremo de prescindir do particular xeito que temos os galegos de contar as cousas. E paréceme que isto é un erro, porque o galego ten mecanismos suficientes para ser empregado en calquera rexistro. É máis, non podemos esquecer que vivimos nun lugar concreto, cunha forma de ser concreta, cuns trazos culturais que nos fan diferentes doutras realidades, cunha lingua que reflicte todas esas peculiaridades nosas... E no caso dalgunhas series de humor, bótase de menos todo isto, toda a riqueza expresiva do galego, todos os recursos que posúe para

comunicar e transmitir. Cando falamos de ironía, de retranca, de dobres intencións, estamos falando de maneiras de facer humor moi propias dos galegos. E estas expresións de humor teñen o seu soporte na lingua.

Desde que, aló por 1985, naceu a Televisión de Galicia, foron moitas as producións televisivas que tiveron e teñen como eixo fundamental o humor: series de ficción, programas de humor, concursos, comedias de situación etc. Non fai falta facer agora un recordatorio de todas elas, mais seguro que nos veñen á cabeza exemplos como *Mareas Vivas*, *Pratos Combinados*, *Sitio Distinto*, aquelas primeiras experiencias de Manquiña e Morris con guións de Chichi Campos, *O rei da comedia*, *Pepe o inglés*, *Air Galicia*, *A familia Pita*, *Somos unha potencia*, *Máxima Audiencia*, *Os Tonechos* etc. Entre todas estas producións, sería practicamente imposible atopar un modelo de lingua que servise de patrón, e xa non só no humor, senón no galego en xeral.

Mais gustárame centrarme agora nunha produción que vén formando parte da programación da Galega nos últimos anos e da que se ten falado moito, para ben e para mal. Agora imaxínade: se xuntamos, daquela maneira, un home que fala galego da Mariña lucense e unha muller que se expresa como o fan na comarca de Verín, que nos pode saír de aí? Pois poder pódennos saír moitas cousas, mais a realidade é un fillo que fala con seseo e *gheada*, ademais doutras características propias da zona de Muros. Parece un chiste, non? Pois non, son os Tonechos. Así que, se o que pretendemos é crear un modelo de lingua oral, non son eles precisamente o paradigma.

Dos Tonechos, do seu humor e da súa maneira de expresarse téñense dito moitas cousas. Tanto en foros de internet coma na prensa, puiden recoller algunhas opinións que creo que nos poden axudar a analizar este caso. Aí van algunhas:

Cada vez máis, os humoristas ou pseudo-humoristas que vemos na Televisión de Galicia, por exemplo, se parecen máis com os seus colegas espanhóis. Cada vez mais, renunciam ao noso humor tradicional, retranqueiro ou irónico, cheo de segundas intencións, galego, para caírem no humor español, mais directo e explícito (por dizermo-lo dalgunha maneira), bem diferente.

O caso dos Tonechos é de vergonha, humor vulgar e com um desprezo absoluto pola língua.

Outra opinión que me chamou moito a atención por algunha comparación que fai é esta:

E, dende logo, que quiten os Tonechos. Fomentan unha asociación implícita do galego coa paifocada e o humor máis chocalleiro (coma o de Moncho Borraxo, por exemplo) dificilmente sostíbel hoxe en día. Por moito que no pasado algún asisado comentarista d'A Nosa Terra concluíse que os Tonechos eran a quintaesencia do humor nacionalpopular, só desprezados por señoritos casteláns, imbéciles e escuros.

E, por último, outra achega, nesta caso, máis centrada no aspecto lingüístico, que é o que nos toca:

Personaxes coma os Tonechos e incluso series tipo Pratos Combinados etc. veñen confirmar o parvo que pode parecer un falando galego (cosa que no sucede si hablamos el castellano, claro). Fraco favor lle fan á nosa lingua, dende logo. Polo día, a Xunta inviste na educación dos nosos rapaces e pola noite dálles circo coma no tempo dos romanos. Na TVG temos os dous extremos, o galego aséptico dos presentadores dos telexornais e logo toda esa chabacanería.

Ben, pois, sen entrarmos agora en debates exclusivamente temáticos, sobre calidade artística, sobre o que é ou deixa de ser humor chocalleiro e pailán fronte a humor intelixente, creo que estas consideracións nos dan varias pistas para analizar o galego dos Tonechos. Pode que, como dixemos antes, non haxa unha unificación do idioma debido a que cada un fale segundo se fala na zona de que provén, ou haxa un uso, por veces esaxerado, de castelanismos. Mais, de aí a «manifestar un desprezo absoluto pola lingua», aínda queda moito. Ou acaso a fonética, os usos de construcións propiamente galegas, a fraseoloxía empregada... non forman parte da lingua? A riqueza idiomática e a autenticidade que se desprende do galego dos Tonechos non me parece precisamente que «veña confirmar o parvo que pode parecer un falando galego».

Se algunha crítica se lle pode facer, na miña opinión, ao galego que empregan estes personaxes é a lixeireza á hora de empregar castelanismos. O uso destes non ten xustificación de ningún tipo. Aínda así, gustaríame diferenciar os castelanismos, sobre todo léxicos, que se empregan por falta de atención, por despreocupación, por seren castelanismos moi presentes nos usos cotiáns, daqueles que se utilizan dun xeito máis consciente, isto é, para salientar ou darlle máis énfase ao que se está dicindo. Non é que estes segundos sexan máis perdoables, mais si que forman parte dun xeito de falar moi característico. Digamos que son trazos propios dos personaxes. É máis, aínda que sexan expresións ditas en castelán, soan a galego. E esa é a clave dos Tonechos, que soan a galego. Porque, cando se fala de castelanismos, parece que, unicamente, existen os que son de tipo léxico. E logo a fonética? Sen medo a trabucarme,

atreveríame a dicir que un dos grandes problemas do galego actual é o castelanismo fonético. Cada vez escóitanse con máis frecuencia na televisión casos e casos en que se enuncian palabras galegas con acento español: as vogais medias andan bailando pola palabra adiante e xa non se sabe se son abertas, pechadas ou neutras, os *enes* velares alveolízanse, o *xe* non queda elegante (a non ser que falemos en inglés, claro, que aí si que todo o mundo sabe dicir *She is the one*), a entoación, de Madrid e arredores, e moitos outros exemplos máis. Semella como que a ninguén lle importa, non interesa, só a catro talibáns do idioma e aos lingüistas que traballan nas series e na televisión. Meus pobres, nin que inventaran eles as abertas e as pechadas.

Sei que este comentario final foxe un pouco do que nos tivo ocupados, mais creo que é algo que non cómpre esquecer. Como non cómpre esquecer tamén a esencia dunha lingua, a súa expresividade, a súa autenticidade. Con isto non digo que haxa que rexeitar influencias foráneas, todo o contrario, mais o filtro final ten que ser o galego.

E para rematar, como dixo Castelao nunha das súas *Cousas da vida*, «que Dios vos dea humor, benditiños, e non n'os ollos!».

O modelo de galego na dobraxe

LUÍS IGLESIA BESTEIRO

Autor de series de televisión e de dobraxe

Daría moito que ver un estudo pormenorizado das aptitudes/actitudes dos axentes que participan e/ou inflúen no proceso da dobraxe. Dende os políticos, tecnócratas e empresarios; pasando polos lingüistas; ata os tradutores, directores, actrices e actores.

A orde desta enumeración non é inocente. Os políticos, o coñecemento que teñan e a sensibilidade que demostren da realidade sociolingüística, a súa visión de país, inflúe no perfil dos tecnócratas que escollen para, por exemplo, dirixir a CRTVG. As relacións deste últimos coas empresas, e o papel que lles asignen no deseño do audiovisual galego incide na elección dos creadores, xa que logo no tipo de produto, e ao cabo na configuración do reparto dos distintos traballos audiovisuais.

Pois ben, na construción do oficio da dobraxe escolleuse mal o solar (situación dos estudos de sonorización), non se reparou na calidade dos alicerces (proceso de selección de actores e actrices), elixiuse un modelo que non respondía ás características do país (modelo de dobraxe en castelán), non se supervisou o traballo dos contratistas (control lingüístico) e a especulación (máximo beneficio, menor calidade) engarabitou polas paredes, abriu fendas (problemas laborais) e cando fixo falta apontoar os muros petouse á porta de quen nos quixese valer (Academia, ILG, Mesa...) e máis ou menos dixéronnos que aínda podía ser peor. En definitiva, unha vivenda de protección oficial, á que se lle arranxou a fachada para convertela en casa de turismo rural, e que vai camiño de ser outra das choupanas do audiovisual galego se a vontade política non o repara, e a presión social non o demanda.

Aínda así, falamos dun oficio que foi, polo menos durante un tempo, referente do galego «ben falado», e escola de profesionais que forneceu á Galega de locutores, presentadores, actores, guionistas e mesmo algún director de series de ficción.

Son as luces e as sombras dun oficio na sombra que pode dar moita luz.

O GALEGO NA DOBRAXE

Da dobraxe adóitase falar no verán, aparece agochada nas páxinas dalgún suplemento dominical ou nos programas de tarde de emisoras de radio ou de TV, rodeada de dietas milagreiras, consellos para un correcto bronceado, táboas de ximnasia para descubrir os abdominais que todos levamos dentro... e moito, moito tópico.

Mais a dobraxe, e nomeadamente a dobraxe en galego, é moito máis, é un laboratorio, unha pista de probas onde se pode someter a lingua galega a situacións ás veces case imposibles, e amosarllas ao espectador con total *normalidade*. As posibilidades son tantas como é quen de ofrecernos o cinema ou a televisión.

O oficio da dobraxe en Galicia comezou no ano 1982 na Coruña coa idea de atopar un oco no mercado do vídeo doméstico en castelán. Foise formando un pequeno colectivo ao redor de profesionais de orixe galega retornados de Madrid; nos cursos de formación xuntáronse actores de teatro amador e profesional, locutores de radio, estudantes, profesionais liberais, mais a ningún se lle ocorreu pensar que esa puidese ser unha profesión estable e de futuro.

En 1985, coa creación da CRTVG, aparece a necesidade de dobrar en galego. Por unha banda porque a audiencia está afeita a escoitar as películas dobradas, por outra porque hai que equiparar o galego ao castelán demostrando que se poden desenvolver as mesmas actividades nas dúas linguas.

Mais a profesión empezou pexada. Algunhas das dificultades son comúns á dobraxe en calquera outro idioma. A fundamental é que non se crea, créase. O traballo de construción da personaxe xa está feito, nunha lingua distinta coa súa propia prosodia, ritmo, xestualidade... e os actores e actrices de dobraxe temos que sincronizar o texto traducido cos movementos dos beizos, co xesto, amarrados a unha técnica que xera prácticas negativas. Por exemplo: ao estar pendente do inicio de cada frase, de cada pausa na emisión, é doado «atacar» con demasiada intensidade nas primeiras sílabas variando a tonicidade ou o acento das palabras; ou o excesivo «silabeo», consecuencia dunha mala técnica.

Cando un actor crea unha personaxe parte da chamada «conduta cero», decide cando respira, cando fala, cando e como escoita, que fai ou que deixa de facer, e constrúe esa personaxe a partir das súas experiencias, vivencias, e dos modelos do seu contorno. Daquela resulta máis doado imitar o xeito de falar da xente e adaptalo ao dun mesmo.

Mais houbo circunstancias especiais que fixeron que co tempo a dobraxe en galego tivese que facer un esforzo titánico para acadar un nivel profesional de que sentirse orgullosos. Algunhas as que atinxen a aspectos sociolingüísticos comúns a moitas outras actividades, mais que na dobraxe resultaban especialmente chamativos para a xente do común que dicía cousas como «é que ver unha de vaqueiros en galego...!», e outras derivadas dunha mala planificación.

Localización.- Promoveuse a implantación de estudos de dobraxe na Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. Nin en Lugo nin en Ourense, cidades onde a maioría dos seus habitantes teñen o galego como lingua habitual e onde o substrato parece máis idoneo para que enraice unha actividade vencellada ao noso idioma. Tanto na Coruña como en Vigo a lingua vehicular dentro dos estudos de dobraxe era o castelán. Como curiosidade cómpre destacar que mesmo a razón social das empresas está en castelán: Sonorizaciones del Noroeste, Sonido de Galicia, Estudio Uno de doblaje...

Falta de tradición.- Non temos un galego estándar, algo que semella imprescindible na dobraxe; ao pouco tempo de iniciar esta actividade moitos compañeiros comezan a falar do «galego neutro»; querían emular a dobraxe en castelán e necesitaban un galego «fino».

Cando comeza a dobraxe en Barcelona e Madrid na década dos trinta, o colectivo fornécese de actores e actrices que veñen do teatro profesional, con formación no eido da interpretación, cun estilo declamatorio propio; e aínda que ten que pasar un tempo ata que adaptan esa maneira de facer ao micrófono, polo menos hai unha base sobre a que traballar.

En Galicia a primeira compañía de teatro profesional é o grupo Troula que se crea en 1978. É dubidoso que aínda hoxe en día se poida falar dun teatro comercial no noso país.

A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia comezou a súa andaina no curso 2005/2006 en Vigo. Demasiado tarde.

Tampouco tiñamos especialistas nos distintos oficios que require o proceso da dobraxe:

Tradutores que traballasen a que Cary denominaba «tradución total»:

A peculiaridade da dobraxe é ser un xénero de tradución dotado dunha virtude de fidelidade total. É o único xénero que tivo que respectar tanto o texto escrito como a vida da palabra en toda a súa alma –aparente e secreta– (...) baixo todas as súas formas: articulación, mímica, xestos actitudes...(Cary 1960).

Adaptadores-axustadores

La adaptación técnico-artística consiste en medir los diálogos, ajustándolos lo más exactamente posible a los movimientos de los labios de los personajes de la obra a doblar y a la duración y el ritmo de sus intervenciones, así como a las características idiomáticas y en general al nivel del lenguaje definido y a la intencionalidad de la obra original. (Convenio colectivo estatal de profesionales de doblaje (rama artística) 1993-1995).

Nin, por suposto, directores, actrices e actores, técnicos de son, produtores...

Modelo de referencia.- con estas carencias o lóxico era buscar un modelo de referencia e escolleuse o da dobraxe en castelán; copiouse todo:

A unidade de dobraxe: empregouse o *take*

El take es cada una de las fracciones en que se divide el texto de la obra audiovisual a doblar mediante su marcado pautado previo. El pautado o marcado deberá realizarse teniendo en cuenta criterios interpretativos y funcionales. (Convenio Colectivo Estatal de profesionales de doblaje (rama artística) 1993-1995).

Cada *take* ten un número determinado de liñas e unha duración máxima en segundos. Un actor ou actriz cobra segundo o número de *takes* en que apareza independentemente da extensión das intervencións ou do número delas por *take*. Co tempo as comparanzas cos prezos de Madrid e Barcelona foron inevitables: os colectivos destas cidades intentaron impoñer un convenio estatal, sen repararen na cantidade potencial de espectadores que tiñan as outras linguas do Estado.

Pero había outras opcións en Italia por exemplo, a unidade de dobraxe é a liña. Unha medida moito máis equitativa e que impregnaría a profesión dunha filosofía distinta, evitando seguramente os problemas con colectivos do resto do Estado.

Os horarios: establecéronse dúas convocatorias diarias; cada convocatoria enténdese como unha xornada. En horarios de 8:00 a 14:30 e de 16:00 a 22:30. En Galicia a distancia mínima entre as tres cidades con centros de traballo é de case 100 km; estes horarios reduciron dende o primeiro momento a mobilidade territorial de actores e actrices e, por suposto, dificultaron que xente formada noutras cidades puidese desprazarse para desenvolver esta actividade.

O organigrama das empresas: só nunha empresa houbo axudantes de dirección, que, como o seu nome indica, lle botaban unha man ao director nos labores administrativos para que este centrase a súa atención nas cuestións interpretativas. Ao cabo duns meses cambiouse esta figura pola de axudante de produción, toda unha declaración de principios (máxima produtividade).

A figura do lingüista «en sala» (imprescindible dende o primeiro momento) aparece sete anos despois; até entón unicamente corruxían os textos para que se adaptasen á normativa.

O estilo interpretativo: ao meu entender, a escola de Madrid e Barcelona, que pasa por ser das mellores do mundo, ten grandes virtudes mais tamén algún defecto importante.

A favor: unha técnica moi depurada no que atinxe ao axuste. Algo que repercute no ritmo, na correcta focalización dentro de cada frase e polo tanto nalgún aspecto da sincronía xestual. Cabe recordar que foi unha dobraxe que naceu para as salas de cinema onde o tamaño dos rostros, dos ollos e das bocas fai moito máis evidente a desincronía.

En contra: a teima coas «grandes voces», ata tal punto que a xente do común fala das «voces de dobrador» identificándoas con voces de tesitura grave, timbre claro e unha variación tonal non demasiado pronunciada. Independentemente de como sexan ou de como manexen o instrumento vocal os actores do orixinal, sempre se lles asigna unha destas voces aos protagonistas da película; o antagonista adoita ter unha voz menos «potente» ou máis constringida. É tan evidente a importancia que se lle dá á voz que na mestura final a presenza desta é esaxerada, colocándoa nun primeiro plano que case nunca corresponde ás sensacións acústicas do orixinal.

É unha dobraxe demasiado «correcta», en moitos casos rebáixase a intencionalidade das expresións do orixinal e case sempre se suavizan os estados de ánimo.

Selección de actrices e actores: como é lóxico, se o modelo que se quere copiar é o do castelán, váiselle dar máis importancia á voz que a ningún outro aspecto. E así foi.

Só Imaxe Galega (a primeira empresa coa razón social en galego) priorizaba a lingua como factor de selección; como consecuencia, o abano de voces era moi amplo, o que enriqueceu notablemente os repartos das películas, facéndoas máis naturais. Tamén representou unha excepción no modelo de contratación, xa que aínda que a unidade de dobraxe seguía sendo o «take», o cadro de persoal da empresa era fixo; actores e actrices tiñan asignado un soldo mensual (a fórmula máis estendida é a de contratación por convocatoria ou xornada de traballo). Entre as categorías laborais aparecía o adaptador-axustador, que normalmente era lingüista coa incidencia que isto tiña nos textos.

Os directores e directoras de dobraxe escollíanse entre os mellores intérpretes, fóra de Imaxe Galega; asignábenselles as funcións de axustador-adaptador, de maneira que estes traballos pasaron a formar parte dos emolumentos dun director. Da competencia lingüística de cada director dependía a selección de actores/actrices e o estilo final da dobraxe.

Aspectos técnicos: os técnicos de son tamén beberon da escola de Madrid e Barcelona; as peculiaridades da lingua galega, que adoita perder intensidade nas últimas sílabas de cada frase, segue sendo un problema; pretendíase que os actores nos adaptáramos á maneira de gravar desa escola, mantendo a intensidade ou mesmo subindo o volume nas últimas sílabas: a consecuencia é que se cambiaba a tonicidade das palabras ou que se imitaba a prosodia do castelán.

Premura.- E todo isto dun día para outro; os andeis do Departamento de Programación estaban baleiros, había que empezar a emitir, sen planificación, sen controis de calidade...; nos primeiros anos da TVG chegaron a dobrarse 2.000 horas (agora andamos polas 1.000); había 12 estudos de dobraxe en galego traballando a un tempo (quedan 5); o colectivo de actores e actrices duplicaba en número o actual.

O resultado: unha dobraxe de voces engoladas que intentaban emular os actores de Madrid e Barcelona, traducións cheas de calcos do castelán ou con solucións hiperenxebristas que aínda pesan coma unha lousa na memoria colectiva; en definitiva, un discurso de palabras ás veces galegas, cunha interpretación que ía mellorando co tempo e cunha música que recordaba a mala dobraxe en castelán.

Nos primeiros oito anos de existencia da TVG a cousa non variou moito: algún que outro informe emitido polos lingüistas do Departamento de Produción Allea chamaba a atención do rumbo que levaba o oficio, mais non conseguía influír no proceso.

Foi polos anos 93 e 94 cando se comezou a sistematizar o envío destes informes lingüísticos ás empresas de dobraxe. Informes extensos onde se explicaban pormenorizadamente os erros máis frecuentes tanto de tradución como fonéticos ou prosódicos, coa intención de ir creando un corpus, unha rutina na corrección, e ir limando aos poucos o estilo xeral da dobraxe. Obrigaban a repetir os anacos onde se detectaban os erros, o que se coñece por «retakear». Os retakes (takes repetidos) haillos que pagar ao actor/á actriz e isto incrementaba o custo final da dobraxe do produto ás veces en máis do 30%; obviamente as empresas non querían afrontar este encarecemento, e que se lles ocorreu?:

- a) *Evitar facer as correccións*: poñendo en dúbida o criterio dos lingüistas da TVG, convencendo o cliente de que este incremento nos custos era inasumible. Pero por primeira vez a TVG foi inflexible e aplicou, máis ou menos, a mesma vara de medir para todas as empresas.
- b) *Cargar a responsabilidade nos actores/actrices*: se nós cometiamos o erro, nós mesmos tiñamos que asumir o custo. Sen ter en conta que nunca se nos formara neses aspectos e que nos cursos que as propias empresas organizaban, e cobraban, as cuestións lingüísticas nin se mencionaban.
- c) *Mellorar os controis de calidade*: desde a supervisión dos textos unha vez axustados, até a inclusión do lingüista «en sala» para corraxir o erro no mesmo momento en que se producía.

A resposta do colectivo actoral tamén foi diversa, dende os que pensaban que a inxerencia da TVG era inaceptable, e que cualificaban os lingüistas de ayatolláhs da lingua, até os que ás atoutiñadas quixeron detectar que problemas tiñan e, sen moita axuda, procuraron resolvelos.

Tamén foi unha época convulsa nos aspectos laborais: Madrid e Barcelona intentaban impoñer un convenio estatal, os empresarios galegos apertaban as caravillas na negociación do convenio galego, a TVG reducía o número de horas de dobraxe a case o 50%, e o colectivo foi incapaz de aceptar maioritariamente e organizar un plan de formación de urxencia. Resultado: máis da metade dos actores e actrices de dobraxe tiveron que deixar a profesión.

Desta crise nace, ao entender de moita xente, o período de excelencia na calidade da dobraxe galega.

Mais, que motiva ese cambio na política lingüística da TVG? Pouco máis que a casualidade. Había que axustar orzamentos, rebaixar o número de horas de dobraxe e optimizar os stocks; a xustificación: mala calidade da dobraxe. Constataran ademais que cando en produtos puntuais se supervisaba a calidade lingüística, melloraba a calidade interpretativa; algo lóxico, rebáixase o ritmo de produción, no proceso de ensaio-gravación repítese máis veces o ciclo, o que permite observar e rectificar aspectos que normalmente se ignoran, e na corrección das cuestións fonéticas e prosódicas inevitablemente trátase a técnica e os matices da interpretación.

Este impulso incidiu profundamente no sector: da mellor competencia lingüística de directores e actores derivaba un maior aforro para as empresas, e da calidade dos produtos que presentaban en TVG unha boa parte das horas que lles asignaban anualmente. Xa que logo había que facelo ben.

Os profesionais comezamos a ter peso específico; de feito, fomos bastantes os que nos embarcamos en aventuras empresariais con desigual fortuna. Na actualidade, 3 das 5 empresas que traballan en galego están constituídas por actores ou técnicos.

Mais os cargos políticos, as modas e os tempos mudan. Vivimos de rendas ata que se acabou o interese da TVG, e despois outravolta á travesía do deserto.

Sei que a algúns directivos da TVG lles amola que a xente pense ou diga que non lles preocupa o galego, e teñen razón, a preocupación é algo subxectivo tanto na prioridade como na intensidade. O que é mensurable é a ocupación: canto tempo e cantos medios lles adican ás cuestións relacionadas co idioma galego. Pois ben, no Departamento de Produccion Allea hai **un** lingüista e o promedio de horas de dobraxe diarias é de 8, alén das de produción propia que tamén se deberían supervisar.

Levamos anos escoitando a cantinela de que queren voces novas. Primeiro segan o colectivo, reducindo as horas e esixindo un grao de calidade lingüística que non esixiron na produción propia (dende dramáticos a informativos); e queren voces novas? Permítenlles ou esíxenlles ás empresas que fagan cursos sen artellaren un plan de formación que debuxe o perfil dos novos actores e actrices (incumprindo o convenio colectivo) e logo din que «todo soa igual»?

O propio colectivo da dobraxe, non hai moito tempo, buscou axuda (en vista da degradación na calidade das dobraxes). Un grupo de compañeiros, con probas debaixo do brazo, achegouse á Academia, ao ILG e á Mesa, e aínda que percibiron preocupación, aínda están/estamos á espera da ocupación.

Xa me gustaría que esta frase, que non sei de quen é, fose miña:

«Hai que facer polo presente se, no futuro, queremos ter un pasado de que nos sentirmos orgullosos».

O modelo de galego oral na televisión

LUZ MÉNDEZ

Asesora lingüista - Televisión de Galicia

O título tan amplo que ten esta intervención levou a que se me presentase un dilema á hora de preparala. De que se espera que fale? Do modelo de galego oral que hai na TVG ou do modelo de galego oral que debería haber na TVG?

E a partir de aí xurdiron tamén outras moitas preguntas como: cal é o modelo oral que debe ter un medio de comunicación público? Corresponde co coñecido como «estándar oral» ou «lingua oral culta»? Quen establece ese modelo? A sociedade, unha institución con autoridade, o canon literario? Este modelo pode e debe ser planificado ou nace espontaneamente?

O dilema inicial, que modelo hai ou cal debería haber, penso que naceu de dúas das acepcións da palabra «modelo». Lamento non poder falar do modelo de galego oral que hai na TVG, entendendo ‘modelo’ como arquetipo para imitar. Pero sospeito que ninguén dos aquí presentes espera que o faga.

Podo, con todo, falar do modelo de galego oral que hai na televisión pública desde outra acepción da palabra. Isto é, podo facer un esquema desa realidade complexa para facilitar a súa comprensión e estudar o seu comportamento. E logo de analízalo, proponer un novo modelo que abranga as dúas acepcións, isto é, que ademais poida ser un arquetipo para imitar.

Desde logo, isto último é moito máis complicado e máis polémico tamén, aínda que sospeito que, de calquera xeito, sería inútil desligar as dúas perspectivas.

Pero máis que analizar o modelo desde un punto de vista lingüístico, o que me propoño é facer unhas calas sobre cal é a opinión sobre a lingua televisiva en distintos ámbitos, como se actuou desde a empresa e como influíu iso no modelo actual; e finalmente, enumerar algunhas cuestións que penso que se deben de ter en conta para conseguir un modelo aceptado e aceptable.

A creación da CRTVG hai xa 22 anos supoñía para a lingua algo do que estivera privada desde había ben séculos e cos medios públicos galegos iríase poder demostrar, e divulgar, que o galego é unha lingua apta para ser usada en todos os ámbitos sociais.

Por iso na Lei de creación do ente se estableceu que este ten «a misión de servizo público consistente na promoción, difusión e impulso da lingua galega».

Pero o que non se tivo en conta é que plasmar unha intención non abonda para conseguila e que, por ser o galego un enfermo crónico, tamén había que ilo curando.

O galego estivo ata hai ben pouco nunha situación de inferioridade e de desprestixio. Para curar a diglosia da nosa sociedade había que facer algo máis que decidir levala ao médico. Había que lle proporcionar os remedios. E a falta de planificación lingüística ao longo destes vinte anos é evidente.

Que o galego da TVG non é bo vén sendo unha opinión constante nalgúns foros. Xa ao pouco da nacer a cadea clamaban contra el voces anónimas ou recoñecidas. Supoño que moitos aínda lembran os artigos na prensa que na segunda metade da década de 1980 se queixaban non só do uso e abuso do castelán da TVG senón tamén do cativo galego que se oía nela. É bastante coñecido, por exemplo, o artigo de Alonso Montero «Unha lingua baixo mínimos na hora da televisión», escrito algún tempo despois da creación da CRTVG. Describía alí a lingua da televisión pública como ruín, cativa, mediocre, precaria e emitida desde unha casa allea¹. Acusaba a maioría dos profesionais de falta de autenticidade, de estaren encaixados no seu idioma habitual (o castelán) e de careceren de recursos para improvisar, saber modular e cambiar de rexistro ou encontrar sinónimos axeitados.

A crítica non se dirixía nin a todos os profesionais da televisión, nin só á televisión. Os produtores do discurso oral público galego eran o branco: os políticos, os actores, os profesores...

¹ Apud López Dobao, (1999: 353 e ss.) e Hermida Gulías, (1999: 501 e ss.).

E non foi esta a única vez que Alonso Montero reflexionou sobre o tema². Nin foi o primeiro.

Outras voces coñecidas e recoñecidas coma as das Irmandades da Fala de Galiza e Portugal (*Faro de Vigo*, 21-1-1986), Camilo Nogueira (*La Voz*, 23-3-1988), Beiras (*La Voz*, 13-5-1988), Ferrín – Clube Cultural Adiante (*La Voz*, 22-2-1989, un día antes en *Diario de Galicia*) ou a Mesa Pola Normalización Lingüística (7-4-1989) tamén bateron no galego da televisión³.

Desde o ámbito académico falouse nalgúns ocasións sobre a calidade da lingua da TVG e fixéronse propostas máis ou menos elaboradas e concretas. En ocasións procedían de persoas dalgún xeito ligadas ao medio e ao xornalismo.

X. M. Pérez (1990: 137-141), hoxe xefe de informativos da Radio Galega, escribía na revista filolóxica *Cadernos de lingua* sobre a normalización lingüística na radio e a televisión e achegaba unha serie de propostas e un chamamento «para que os especialistas na materia fagan un esforzo na procura de solucións para os problemas lingüísticos ós que se enfrontan cada día os xornalistas e profesionais da radio e televisión de Galicia». Aínda que no seu artigo X. M. Pérez non fala estritamente do modelo de lingua oral, aínda máis, parece referirse en exclusiva a textos escritos, si apunta a unha serie de cuestións sobre as que habemos ter que volver máis adiante porque non están exentas de interese. Son estas as cuestións: a procedencia da información; a carencia dun libro de estilo e a limitación da creatividade a que se ve sometido o profesional. Paréceme ademais de grande interese o feito de que reclame a presenza dos profesionais dos medios na elaboración do modelo estándar de linguaxe xornalística.

Xosé Soengas (2004: 431-437), xornalista, profesor e antigo decano da Facultade de Ciencias da Comunicación, falaba en 1996 do papel da radio e da televisión galegas na normalización lingüística e denunciaba o pouco coidado que se tivo «en configurar un equipo de xornalistas que dominasen correctamente o galego escrito e oral... pois non se consideraba o dominio correcto do galego un requisito imprescindible para traballar de xornalista ou de locutor-presentador, mesmo contaba máis a telexenia, o timbre de voz ou outros factores alleos ó xornalismo». Engadía ademais que «tampouco se coidou a calidade fonética á hora de selecciona-las persoas que ían facer tarefas

² Véxanse algúns dos seus artigos en Alonso, (1996: 17, 38, 82 e 127). Apud Hermida, (1999: 501).

³ Apud Maneiro, 1993.

exclusivas de locución, unha fonética que estaba chamada a se-lo modelo de referencia do galego normativo».

Mención á parte temos que facer dalgúns comentarios sobre a lingua da TVG recollidos en dous libros de persoas ligadas a responsabilidades na empresa.

Do ano 93 é o libro *A TVG. Unha institución pública imprescindible en Galicia* de Arturo Maneiro, daquela director de Informativos e logo director da Televisión de Galicia, e Alfonso Cabaleiro, daquela redactor xefe e logo director da Radio Galega e secretario xeral de Relacións cos Medios Informativos. Nas poucas páxinas que se lle dedican á lingua nesta obra podemos extraer declaracións tan sorprendentes como que as opinións que se emiten sobre a lingua da televisión «son opinións que van viciadas polo feito de que os colectivos que as sosteñen, case sempre de signo negativo, pretenden tan só presiona-la TVG para conseguir uns ingresos económicos» ou que «coa defensa do idioma galego, moitas das protestas que se reciben están provocadas pola necesidade de amosa-la suposta erudición daqueles expertos que as expoñen nos medios de comunicación» (Maneiro/Cabaleiro, 1993: 63). A defensa en que os directivos da TVG se ampararon ante as críticas que circulaban sobre o modelo de lingua da TVG naqueles tempos está resumida en afirmacións como a de que «está claro que tódolos defectos que se poden dar na utilización do idioma galego na Televisión de Galicia son un fiel reflexo da actitude do conxunto da sociedade galega con respecto ó seu idioma» (Maneiro/Cabaleiro, 1993: 63) ou na de que «quedaron tamén atrás, aínda que non moito, aquelas liortas e desconcertos que provocaban nalgúns galegos oír falar un galego normativizado que non era o mesmo que falaban no seu contorno. Non existía o costume de oír un galego estándar e moitos pensaban que a TVG quería impoñer unha lingua artificial» (Maneiro/Cabaleiro, 1993: 64).

Arturo Maneiro (1993) é tamén autor do libro *Influencia da TVG na promoción do galego*, publicado pouco tempo despois do anterior, no mesmo ano. A obra, moi breve, está enfocada cara á defensa dunha maior dotación orzamentaria da TVG porque, en palabras literais, «de todo o que levamos recollido ata aquí tírase que tan só a Televisión de Galicia é o medio de comunicación con forza suficiente como para implantar definitivamente o galego en Galicia. Non queda ningún outro recurso» (p. 54).

A pesar do título e do que pode parecer polo enfoque, a obra non deixa de ser máis ca unha acumulación de gráficas de audiencias e de porcentaxes de emisión en galego e en castelán dos medios que emiten en Galicia. O tema da calidade da lingua resólvese nunhas poucas páxinas en que se recollen as críticas ao abuso do uso do castelán nos primeiros anos da TVG e algunhas referidas á cativeza do galego televisivo. O autor

deféndese destas críticas alegando que o que hai detrás son intereses de partido, ausencia de datos e descoñecemento dos condicionantes da Televisión porque, segundo el, «non é posible facer unha televisión en Galicia ó gusto de colectivos con intereses lingüísticos moi diverxentes ou mesmo contradictorios, cando non son plantexamentos políticos, como sucede en moitas críticas de lingüístas (sic) militantes de Esquerda Galega, nos que o suposto interese polo galego queda confundido cos seus intereses políticos» (p. 31). Sen comentarios.

Estes dous só son uns exemplos da visión que os responsables da TVG tiñan da lingua naqueles tempos, mais non engano se afirmo que estas ideas foron case xerais nos 22 anos de televisión pública. A lingua apenas era para eles o instrumento que permitía a existencia dunha televisión e todas as preocupacións ao respecto se cinxían a evitar as críticas e a defenderse cos presupostos de que a lingua se adecuaba á normativa (a lingua escrita prima sobre a oralidade) e de que os usos eran un reflexo da realidade lingüística da propia sociedade. Debaixo de todo isto estaba, en certa maneira, o concepto de «bilingüismo harmónico» que o goberno galego defendeu durante moito tempo.

Desde un punto de vista máis estritamente filolóxico, directa ou indirectamente, o modelo de lingua da televisión e, en concreto o modelo de lingua oral, tamén xerou bastante literatura.

Xosé Luís Regueira escribía en 1994 o artigo «Modelos fonéticos e autenticidade lingüística». Neste artigo analizaba algúns trazos do vocalismo galego nos modelos fonéticos dos medios de comunicación «pseudogalegos» como el lles chamaba, e comparábaos, a través dos métodos de análise da fonética acústica, con outros modelos que poderíamos denominar «puros». Aínda que os exemplos que analizaba foran tomados da radio, as súas conclusións sérvennos e pódense resumir nas seguintes:

- As diferenzas entre os modelos comparados veñen dadas polo descoñecemento do idioma e as interferencias co castelán.
- Non se deben desculpar as deficiencias no uso do galego nos profesionais da palabra nin nos profesionais da lingua.
- Entre os responsables dos medios e os dos órganos encargados da normalización lingüística non existe unha conciencia clara da necesidade de utilizar un patrón fonético autenticamente galego.
- Finalmente, alerta sobre o perigo de que este modelo «pseudogalego» espallado polos medios de comunicación se empece a presentar como modelo culto urbano fronte ao galego «da aldea», por considerar este vulgar ou pouco recomendado.

En artigos posteriores sobre o mesmo tema do estándar oral, o profesor Regueira Fernández segue a facer referencia aos modelos de galego oral da TVG e aos problemas que se presentan para mudar estes modelos. Vexamos por exemplo esta cita en que se fai mención das protestas que tamén apareceron na prensa, nesta ocasión nunha liña contraria á das comentadas anteriormente:

De cando en cando saen na prensa as protestas dalgúns profesionais contra os criterios que esixen o galego estándar nas dobraxes cinematográficas para a TVG ou en certos programas desta entidade. As protestas consisten basicamente en deplora-lo excesivo rigor dos lingüistas da TVG («excesivo purismo»), en minimiza-la importancia das deficiencias (por exemplo, tratando de ridiculiza-la insistencia dos lingüistas na pronuncia das «famosas sete vocais», «algo aberrante»), e sobre todo en ataca-la lexitimidade da propia esixencia (alcumándoa de «arma dogmática», «discriminación lingüística», «intolerancia»). De maneira significativa, afirmase que os lingüistas esixen unha pronunciación «muy marcada, que no es la forma de hablar de todos los gallegos» [Regueira, 1994: 870].

Decatámonos, pois, de que, xunto coas críticas ao cativo galego da televisión, foron tamén xurdindo críticas ao intento de que o modelo oral do galego que definise os medios públicos fose un galego auténtico.

Uns anos máis tarde, Regueira (2005) opinaba noutro artigo que a configuración do galego oral formal se fixo con presupostos ideolóxicos que levaron a tomar a lingua escrita como modelo da oralidade culta, presupostos dalgún xeito motivados polo desexo de atraer falantes procedentes do español e que, ao cabo de décadas, esa situación persistía non só en xente allea á lingua senón mesmo entre algúns profesores de galego. Estas afirmacións son plenamente actuais. Hai uns días, nun xornal da Coruña⁴ aparecía este titular: «Os líderes galegos recítanse lectura como remedio para mellorar na fala». A lingua escrita segue a ser o modelo da oralidade culta para a clase social que debería ser a creadora do estándar oral.

Para Regueira (2005: 84), un galego con fonética española é o que se difunde polos medios de comunicación, está mellor considerado e é mesmo imitado por galegofalantes. Para el esta é «unha das razóns [...] polas que algúns actores e dobradores reaccionan negativamente ante as esixencias dos lingüistas da TVG de que se utilice un galego «auténtico» na dobraxe de películas ou de certos programas da cadea».

⁴ *La Voz de Galicia*, 3-11-2007.

Regueira (2005: 85) cre probable que estes profesionais «senten a falta de modelos «dignos de imitar», xa que os modelos de falante «con acento galego» en xeral non teñen esta consideración». Ou quizais porque a ausencia dun estándar establecido os leva a pensar que calquera pronuncia é válida.

Nos seus artigos, Regueira reflexiona sobre o estándar oral e, como parece evidente, non pode deixar de mencionar o papel da televisión pública no establecemento dun modelo de galego oral culto.

O feito de que o conxunto das variedades de lingua oídas pola televisión estean lonxe de poder ser aceptadas como modelo leva implícito a necesidade de enumerar os problemas que dalgún xeito cómpre resolver. Ao meu parecer, queda claro que algunhas das preguntas que me fixen ao principio aínda están sen resposta. Se parece aceptado que o modelo de lingua da televisión pública galega debe corresponder co estándar oral, polo menos nalgunha das manifestacións da televisión (léase, por exemplo, programas informativos ou culturais), non hai resposta para outras cuestións coma aquela de quen establece este modelo. Porque se a resposta é que a creación do modelo de estándar oral lle corresponde a unha determinada clase social culta, alta ou medio-alta, aqueles que nalgún momento son chamados «profesionais da palabra», isto é, os xornalistas e locutores, os actores, os políticos, os profesores... teríamos que admitir a situación actual, resignarnos á evolución que o galego leve a partir de agora e laiarnos polos malos presaxios que parecen planar sobre a lingua.

Se a resposta é que o modelo de estándar oral debe de ser planificado, cousa que eu persoalmente defendo, preséntanse aínda unha serie de problemas meirandes. Porque, quen vai planificar ese modelo? Visto que esa clase social que debería ser a xeradora do estándar, como o foi e o segue sendo naquelas linguas normalizadas, é en moitos casos allea á propia lingua de Galicia, rexeita publicamente os modelos naturais e espontáneos, aqueles máis puros pero tamén considerados «máis baixos» ou «máis rurais» e só é capaz de facer unha aproximación ao modelo culto a través do castelán; se é así, volvemos a estar como estamos.

Se cremos que ha de ser o canon literario, seguiremos incidindo nun dos problemas que se viñeron dando ata agora, a equiparación do estándar oral coa lingua escrita, coa consecuente idea de que calquera pronuncia vale.

Na miña opinión, só se quen establece o estándar oral é unha institución con autoridade na lingua poderemos avanzar algo neste camiño.

A profesora Carme Hermida (1999: 505 e ss.) fai unha proposta xeral a este respecto. Basea este modelo de lingua en sete condicións de partida: 1. Adecuación ao sistema e á norma. 2. Acatamento da normativa. 3. Escolla da variedade diacrónica actual. 4. Superación das variedades diatópicas. 5. Elección do nivel. 6. Escolla do rexistro e 7. Lingua sinxela. Con todo, no seu artigo hai moi poucas referencias directas ao modelo oral, que se limitan aos trazos dialectais do seseo, a gheada, o rotacismo ou o cheísmo.

De novo Xosé Luís Regueira (2005: 87) enumera algúns criterios que se poderían seguir na liña dun «purismo selectivo, dirixido sobre todo a marcar a fronteira co español»; fala en concreto de prescribir un galego con sete vogais tónicas e pretónicas; coa palatal xorda /f/ fronte á despalatalización; con /s/ ou con interrogativas con final descendente. Non obstante, considera que a maioría dos neofalantes non se sentirían motivados para aprenderen estas pronunciacións.

A motivación non debería ser un problema se se cumprisen as propostas negociadas entre TVG e sindicatos no Convenio colectivo, xa que actualmente é obrigatorio, para quen opte a calquera posto de traballo fixo ou temporal, demostrar o dominio oral e escrito da lingua galega; e aquelas categorías profesionais que manteñen unha relación directa co público deberán de superar no concurso oposición unha proba lingüística que será eliminatória (López Dobao, 1993: 39). Mais sospeito que somos moitos os pesimistas con respecto a conseguir cousas que, en principio, parecen doadas.

De calquera xeito, o que precisamos, e con urxencia, é unha descrición do estándar oral galego, á maneira, por exemplo, da que se presenta no *Diccionari ortogràfic i de pronunciació del valencià* publicado no 2006. Alí, no apartado «L'estàndar oral valencià»⁵, en só 16 páxinas, describen unha proposta de pronuncia estándar do valenciano actual dirixida non só a todos os falantes senón en especial aos profesionais dos medios de comunicación e aos docentes, e xunto coas pronunciacións estándar (aquelas propias de todo o territorio e as que teñen un prestixio social amplamente recoñecido), as pronunciacións aceptables (específicas dun ámbito reducido ou que producen alteracións na grafía) mais tamén as consideradas non recomendables no estándar (por pertenceren a un ámbito territorial moi reducido ou estaren pouco prestixiadas polo conxunto da poboación).

⁵ <http://www.avl.gva.es/PDF/Diccionari/Oral.pdf>

Escribía Regueira (1994: 38) que «aínda non contamos cunha descrición suficiente da fonética galega». Pasaron 13 anos. Bastante se debería ter avanzado neste eido. O suficiente, penso, para poder imitar o exemplo valenciano.

Non quero transmitir a imaxe falsa de que sexa fácil establecer un modelo oral de lingua. A determinación dun estándar implica en certa maneira a supremacía dunhas clases sociais sobre outras (Regueira, 2005: 70 e ss.) e leva, en certa maneira, a crear prexuízos sobre as variantes diatópicas. E estes non son problemas exclusivos do galego. En catalán (Aragonés Salvat, 2000: 21-28), por exemplo, enfróntanse ás mesmas dificultades e, ao parecer, non é raro oír frases coma «natros no parlem ni català ni valencià» ou «jo no parlo bé el català», que nos lembran unha falta de autoestima e un complexo de inferioridade que nos son moi próximos. No caso do español, non son raras as queixas á pouca atención que se lle dá nos documentos normativos, oficiais ou non, á descrición da oralidade e á prescrición sobre a pronuncia da lingua (Carbó e outros, 2003).

Falei quizais de máis sobre o que se veu dicindo do modelo de galego da televisión, pero como se traballou, se se traballou, desde a televisión de Galicia na procura dun modelo de lingua oral?

A televisión de Galicia dispón desde os seus inicios da categoría laboral de asesor-lingüista. A descrición das funcións que este traballador debe realizar quedou reflectida no DOG do 3 de xaneiro de 1992 por mor da convocatoria do concurso-oposición público para a provisión de vacantes:

Posúe dominio teórico e práctico da lingua galega e lingüística xeral e desenvolve, coa máxima responsabilidade sobre a lingua no seu ámbito de aplicación, as súas actividades profesionais coa finalidade de garantir unha óptima calidade lingüística das emisións de TVG, S.A. e de RTG, S.A., e máis (sic) das publicacións da CRTVG. Procura que os profesionais teñan un completo dominio oral e escrito do idioma galego.

Impulsa a normalización lingüística na CRTVG e nas súas sociedades...

Fai o seguimento da programación de TVG, S.A., e de RTG, S.A., e tamén das publicacións da CRTVG para avalia-la súa calidade lingüística.

Asesora tódolos profesionais para o correcto emprego do idioma galego (...) ben mediante informes escritos, ben con reunións periódicas cos responsables e profesionais dos distintos programas e publicacións.

Propón e leva a cabo as medidas tendentes a mellora-lo nivel oral e escrito dos profesionais da CRTVG, S.A., TVG, S.A., e RTG, S.A., tanto en emisións e

publicacións coma nas súas relacións laborais e co persoal da empresa e fóra dela.

Asesora na selección de voces e presentadores para os distintos programas de TVG, S.A., e RTG, S.A.

Elabora o material filolóxico de apoio necesario para tódolos profesionais do medio.

Con todo, o traballo destes lingüistas consistiu, basicamente, na corrección de textos escritos (evidentemente para logo seren lidos) e en menor medida na orientación da corrección da oralidade. Nos informativos, durante unha primeira etapa, fíxose seguimento e informe sobre a calidade da lingua mais abandonouse cando se multiplicou a produción informativa; por outra parte, empezouse a facer un labor de control, posterior á elaboración do produto, da dobraxe e dalgunha programación propia e revisábanse e informábanse as dobraxes de filmes e algúns programas. Sempre na medida das posibilidades do escaso número de asesores-lingüistas e non sempre co beneplácito de dirección e profesionais.

Unha boa idea da situación lingüística da TVG, e aínda bastante actual, podémola obter de dous artigos de López Dobao, asesor-lingüista da TVG case desde os inicios do medio.

No primeiro dos artigos (López Dobao, 1993: 27-44), o autor expón a relación entre a lingua e a TVG cunha descrición da situación a partir dos conceptos de normalización (coa análise dos status da lingua interno, externo e de emisión) e o concepto de planificación lingüística, en que avalía os labores de planificación dos primeiros anos. No segundo artigo (López Dobao, 1993: 27-53), continuación do anterior, propón a creación dun Servizo de Normalización Lingüística e intenta definir as súas funcións e a súa estrutura. Son de interese aquí as reflexións que se fan sobre o modelo de lingua en canto que se entende que este modelo pode chegar a converterse en referencia do estándar oral, «o bo falar para o conxunto da sociedade galega», segundo o autor (López Dobao, 1994: 38). Algunha das características xerais que reclama para a escolla do modelo son as seguintes:

- Correspondencia co estándar escrito pero coa flexibilidade suficiente como para que a interacción entre a lingua do medio e os grupos de falantes sexa total.
- Codificación explícita dun modelo global de lingua para todas as emisións da TVG en conexión coas autoridades lingüísticas pertinentes.
- Exposición dese modelo a través de publicacións dirixidas aos profesionais, que abrangan: a) aspectos morfolóxicos e ortográficos que presenten problemas de

aplicación, isto é, nos que se sigan a detectar interferencias lingüísticas; b) cuestións gramaticais problemáticas; c) un corpus léxico e fraseolóxico castelán-galego e monolingüe amplo para a resolución de problemas semánticos ocasionados polas interferencias lingüísticas; e, finalmente d) unha proposta de pronuncia patrón que supere as fragmentacións dialectais e flexible coas variedades xeográficas (López Dobao, 1994: 38-39).

En traballos posteriores, López Dobao (1999 e 2004) volve tratar o tema do modelo do galego oral da TVG ao falar do discurso oral público galego. Deles tamén se poden tirar anotacións interesantes a respecto da consideración que a lingua ten entre os que emiten publicamente en galego no medio, desde a falta de creatividade e a recorrencia a modelos castelás de presentación e entoación ata a curiosa actitude de obviar toda caste de rigor léxico, morfolóxico e sintáctico cando o programa está dirixido a un público máis «rural» ou «popular», que en ocasións supón a esaxeración dun presunto «acento gallego», cando o tipo de programa é humorístico (1999: 360).

E é que os prexuízos lingüísticos, mal que nos pese, non foron desterrados e son os alicerces non só do modelo oral televisivo vixente senón dunha gran maioría dos discursos orais públicos do galego.

Hoxe, trece anos despois destes artigos, vinte e dous, como dixemos, da creación da CRTVG, pensei que me ía laiar de que aínda non existise Servizo de Normalización Lingüística no medio. Afortunadamente, hai pouco máis dun mes creouse este servizo. Habemos de ver agora se realmente se pode levar á práctica na TVG e na RTVG a idea de consolidar un modelo de lingua que poida servir de referente do estándar oral. Precísase tempo e solucionar todos os problemas mencionados que se viñeron resumindo aquí: a carencia da descrición dun estándar oral; as actitudes dos profesionais e dos directivos (e as actitudes dunha parte da sociedade) con respecto ás variedades auténticas da lingua; a catividade do modelo oral das elites (cando estas falan en galego, pois o castelán, mal que nos pese, segue a ser en determinados grupos sociais a lingua elevada); o rexeitamento, evidente en moitas ocasións, das autoridades lingüísticas; etcétera.

E xunto con estes problemas, en certa maneira exóxenos, tamén hai outros inherentes ao medio con que terá que lidar un servizo lingüístico:

- A corrección do texto escrito non garante a corrección do texto oral, pero a primeira non se pode obviar e ocupa moito traballo.
- A xestión da calidade da lingua emitida polos medios audiovisuais veu sendo ata agora corporativa e non colectiva, isto é, os que se debían ocupar da calidade

lingüística do medio eran os lingüistas e non todo o colectivo de redactores, asesores, locutores e directivos. (Pero a pesar disto, existía e existe a idea de que as pautas dunha lingua correcta se deben establecer desde fóra do medio, como demostra a inexistencia ata agora dun Servizo de Normalización ou que se lle encargase a formación lingüística dos profesionais a xente allea á TVG, case sempre sen que os lingüistas planificasen e moitas veces sen sequera estaren informados)⁶.

- O contacto de linguas (especialmente co castelán e, en menor medida, co inglés), por un lado porque a cultura é cada vez máis multilingüe e, por outro, porque unha boa parte da información é tradución de medios máis potentes.
- Ou tamén o conflito que, no traballo diario, se dá entre os asesores lingüísticos, por un lado, e os redactores e os guionistas por outro, en canto á relación entre creación do texto e corrección. A corrección da lingua vese como unha interferencia na creación.

Quero aínda, e xa finalmente, incidir na necesidade de analizar en profundidade a recepción e aceptación do modelo actual de lingua na propia TVG e na sociedade mesmo. Está sen facer unha boa análise sociolingüística dos usos e actitudes ante a lingua dos traballadores e directivos da CRTVG, mais tampouco hai moito traballado sobre como recibe a sociedade os modelos actuais da lingua oral dos medios públicos.

Dúas aproximacións a cales poden ser os resultados témolas en dous traballos xa non moi recentes.

Un é da profesora Noia Campos, que dunha enquisa entre clientes de tabernas do Val Miñor para coñecer que lles parecía o galego da televisión sacou conclusións coma as seguintes:

- Senten o galego da TV como unha variedade diferente e máis valorada que a variedade coloquial.
- A pesar de ser máis valorada, non parecen receptivos a aprenderen este modelo.
- E que, sendo galegofalantes, prefiren ver películas en lingua castelá e non as versións galegas da televisión pública (Noia Campos, 1994: 41-50)⁷.

⁶ Hai poucas semanas, pero xa creado o Servizo de Normalización, no Parlamento galego, logo de preguntar sobre o cativo galego da TVG, indícase que «convén» estudar a creación dun instrumento ao servizo da normalización do idioma na CRTVG ante a perspectiva de reforma da lei do ente público. Preguntámonos, xa que se acaba de crear un, pénsase noutro instrumento alleo á CRTVG?

⁷ Apud. García (coord.) (s/d: 140).

O outro, é da autoría de Xosé Soto Andi3n e Ana Vidal Meix3n [1997]. Nun artigo titulado «Consideraci3ns arredor do Galego no interior da provincia de Pontevedra», entrevistan a falantes de todas as idades de dous concellos pontevedreses para interrogalos sobre os seus usos e actitudes lingüísticas. Á pregunta de «que opini3n lle merece o galego dos medios de comunicaci3n, o galego est3ndar», obtiveron respostas ben significativas, que resumo (Soto e Vidal, 1977: 44-45):

O 50% dos enquisados de m3is idade afirman que o galego dos medios lles gusta menos que o seu, pero ao outro 50% gústalles m3is ou gústalles igual.

Entre a xeraci3n m3is nova (<34 anos), os datos cambian. S3 a un 36,36% dos enquisados lles gusta menos o galego da TV que o da súa zona. Polo tanto, case a un 67% lles gusta m3is ou lles gusta por igual o galego da televisi3n.

Os datos estatísticos veñen apoiados con declaraci3ns que corresponden aos comentarios habituais que acompañaban a resposta á pregunta. Achego dous destes comentarios do grupo de xente nova como exemplo, pero calquera dos demais é sintomático para nos facermos unha idea da complexidade do tema:

O dos medios de comunicaci3n sona (sic) ben, parece un galego m3is fino, non coma o que falamos nós, que falamos a medias.

Paréceme ben o galego da televisi3n, pero nalgúns casos n3tase coma un galego artificial, parece que non falan galego fóra da televisi3n.

Destes últimos traballos p3dese concluír que o modelo actual de lingua da televisi3n est3 bastante valorado (non podemos obviar o poder do medio), mais tamén que a xente sente distante ese galego.

O modelo de lingua da televisi3n, e en concreto o modelo de lingua oral, pode, sen dúbida, chegar a converterse no est3ndar oral do galego como así sucede noutras linguas. O est3ndar é unha marca de clase das elites e aínda que os dialectos m3is desfavorecidos se manteñen porque simbolizan a identidade e os valores que unen un grupo (Regueira, 2005: 78), corremos o risco, e non a moito tardar, de que os rapaces galegofalantes oian na escola, se non o oen xa, que o seu non é o galego correcto.

REFERENCIAS

- Hermida Gulías, Carme (1999): «Un modelo de lingua para os medios de comunicación de masas» en Rosario Alvarez e Dolores Vilavedra: *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Vol.1, 501-518 (Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela).
- López Dobao, X. Antón (1993): «A Lingua galega e a TVG: situación actual e propostas para unha nova política lingüística (I)», *Cadernos de Lingua*, 7, 27-44.
- (1994): «A Lingua galega e a TVG: situación actual e propostas para unha nova política lingüística (II)», *Cadernos de Lingua*, 9, 23-57.
- (1999): «Un Máster de galego na aldea: discursos (e silencios) públicos ó redor do galego oral» en Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra: *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Vol.1, 349-366 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- (2004): «O discurso oral público galego» en Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (editores): *A lingua galega, historia e actualidade : actas do I Congreso Internacional, 16-20 de setembro de 1996*, Vol. II, 297-306, Santiago de Compostela / [organizado polo] Instituto da Lingua Galega (Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega).
- Maneiro Vila, Arturo (1993): *Influencia da TVG na promoción do galego*. (Santiago de Compostela: Edicións Lea).
- e Cabaleiro Durán, Alfonso (1993): *A TVG, unha institución pública imprescindible para Galicia* (Santiago de Compostela: Edicións Lea).
- Pérez, X. M. (1992): «A normalización lingüística na radio e a televisión de Galicia. Propostas dun xornalista», *Cadernos de Lingua*, 6, 137-141.
- Regueira, X. Luís (1994): «Modelos fonéticos e autenticidade lingüística», *Cadernos de lingua*, 10, 37-60.
- (1999): «Estándar oral e variación social da lingua galega», en Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra: *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor*

Xesús Alonso Montero, Vol.1, 855-875 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

- (2005): «Estándar oral», en Rosario Álvarez, Henrique Monteagudo (editores): *Norma lingüística e variación: unha perspectiva desde o idioma galego*, 69-95 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua).

Soengas Pérez, Xosé (2004): «O papel da televisión de Galicia e da Radio Galega na normalización lingüística», en Rosario Alvarez Blanco, Francisco Fernández Rei, Antón Santamarina (editores): *Congreso Internacional «A lingua galega, historia e actualidade» (1º. 1996. Santiago de Compostela). A lingua galega, historia e actualidade: actas do I Congreso Internacional, 16-20 de setembro de 1996, Santiago de Compostela*, Vol. I, 431-437, [organizado polo] Instituto da Lingua Galega (Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega: Consello da Cultura Galega).

Internet (últimas consultas: 8/11/2007)

Aragonés Salvat, A. (2000): «La llengua oral i la proposta d' estàndard», en *Jornades de la Secció Filològica de l'Institut d'Estudis Catalans a Tortosa (4 i 5 de juny de 1999)*, 21-28 (Barcelona-Tortosa: Institut d'Estudis Catalans-Ajuntament de Tortosa):

(<http://www.alcanar.com/entitats/cel/hemerotecaaragonesiec.rtf>)

Carbó, C.; Llisterri, J.; Machuca, M-J.; de la Mota, C.; Riera, M. e Rios, A. (2003): «Estándar oral y enseñanza de la pronunciación del español como primera lengua y como lengua extranjera», *ELUA, Estudios de Lingüística de la Universidad de Alicante* 17, 161-180:

(http://liceu.uab.cat/~joaquim/publicacions/Carbo_et_al_ELUA03.pdf)

López García, X. (coord.) (s.d.): *Tres décadas de televisión en Galicia. Cronoloxía e posicións perante o desafío dun novo modelo audiovisual*. (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega): (<http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/television.pdf>)

Soto Andión, X. e Vidal Meixón, A. (1997): «Consideracións arredor do galego no interior da provincia de Pontevedra», en *Actas do SIB 1999*, 834-859: <http://webs.uvigo.es/ssl/actas1997/05/Soto.pdf>

Un cadro teórico para as relacións da Galiza co resto de países de fala galego-portuguesa

ÂNGELO GONÇALVES VICENTE

Ex-coordinador do Observatorio Galego da Lusofonía e asesor da Fundación Via Galego

1. INTRODUCCIÓN

As persoas galegas que falan galego poden entenderse facilmente coas persoas que, repartidas por catro continentes, falan calquera das variantes do portugués ou galego-portugués¹, constituíndo isto unha vantaxe que pode e debe ser de proveito para a Galiza. Esta é unha posíbel formulación da idea en que nos últimos tempos se teñen inspirado declaracións de persoas ligadas a sectores diversos, actividades como os Cantos na Maré ou Ponte nas Ondas, a creación de departamentos organizacionais como o Observatorio Galego da Lusofonía ou a Oficina de Información Xuvenil Transfronteiriza, do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional e da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade respectivamente, e mesmo organizacións específicas, como a Fundación Via Galego.

A tal idea, no entanto, non veu acompañada do desenvolvemento dun *corpus* teórico sistemático e completo que axude a dar sentido e orientar as iniciativas inspiradas nela, ben como a facilitar o seu estudo e avaliación², de modo que os axentes protagonistas das tales iniciativas carecen con frecuencia dun discurso que poida ser visto

¹ Con *galego-portugués* ou *fala galego-portuguesa* désígnase neste artigo o conxunto de variedades lingüísticas oficialmente coñecidas como galego e portugués na actualidade. Procúrase deste modo un concepto con que se referir de modo sintético o tal conxunto de códigos, pois que haberán de ser referenciados con frecuencia neste artigo, e con que se enfatizar a súa proximidade, se non identidade, con frecuencia descoñecida para a poboación galega e non galega.

² O que non significa que non se teñan feito contributos do máximo interese. Véxase, por exemplo, Camilo Nogueira (2006: 7-10) ou Jorge R. Gomes (2006: 105-106).

como o suficientemente sólido, desenvolvido e convincente, deixando así de angariaren os apoios necesarios, en cantidade e calidade, para garantiren a continuidade e mesmo ampliación das accións encamiñadas neste sentido. Este artigo pretende ser unha achega, modesta e limitada, que axude nalgunha medida a construír ese necesario cadro teórico, partindo da experiencia e reflexión acumuladas polo autor no traballo desenvolvido nos últimos anos en dúas das institucións a que se facía referencia no parágrafo anterior: o Observatorio Galego da Lusofonía e a Fundación Via Galego.

Dúas son as preguntas esenciais a que esta achega quere axudar a responder, por as considerar da máxima urxencia. A primeira pode formularse deste modo: *Interésalle á Galiza facer o esforzo de se relacionar co resto de territorios de fala galego-portuguesa?* Verase que a resposta desde o cadro teórico proposto é afirmativa e ten a ver co Resultado Estratéxico, como aquí se vai chamar, esperábel. A segunda pode enunciarse así: *Asumindo que á Galiza lle interesa facer un esforzo para se relacionar co resto de territorios de fala galego-portuguesa, como se pode promover ese relacionamento entre os poderes públicos e sociedade civil galegas?* Neste caso, como tamén se verá, a resposta consistirá na proposta dun traballo de Sensibilización forte.

Por clareza expositiva prefírese comezar por responder esta última pregunta, sendo conveniente advertir que, desta maneira, o presente artigo e o cadro teórico desde el proposto non ficarán plenamente xustificados nin poderán ser totalmente comprendidos até a súa lectura completa.

2. CADRO TEÓRICO PROPOSTO

Considérase conveniente proceder xa a unha exposición sintética das variábeis que compoñen o modelo teórico que se propón aquí, ben como a relación que entre elas se presume. Deste modo espérase facilitar o acompañamento do resto do artigo.

As variábeis son as seguintes:

- a) Sensibilización dos poderes públicos e sociedade civil galega³ en relación á vantaxe que comporta a proximidade ou identidade lingüística galego-portuguesa e en re-


³ En diante, os poderes públicos galegos e a sociedade civil galega serán referidos como *axentes galegos*. Inclúense baixo este concepto, pois, empresas, organismos públicos autonómicos e locais, asociacións culturais e de veciños, persoas físicas, universidades, sindicatos, organizacións ambientalistas...

- lación aos resultados positivos que cabería esperar do seu aproveitamento. En diante, esta variábel será referida co termo sensibilización.
- b) Relacionamento entre a Galiza e os demais países de fala galego-portuguesa. En diante, esta variábel será referida co termo relacionamento.
 - c) Resultado do relacionamento entre a Galiza e a galegofonía⁴. En diante, esta variábel será referida co termo resultado.

No que di respecto ao modo de se ligaren as variábeis entre si presúmese que, *ceteris paribus*, a maior Sensibilización tende a favorecer un maior Relacionamento que, por súa vez, orixina e/ou intensifica o Resultado que, ao ser esencialmente positivo, reforza a Sensibilización por dúas vías: a) dando máis argumentos aos axentes sensibilizadores e b) gañando novos apoiantes na Galiza para se promover a Sensibilización. Convén esclarecer, en relación a esta vía b), que se presume que aqueles axentes galegos que participan no Relacionamento e, por tanto, comprobán de modo inmediato o Resultado, fican máis intensamente persuadidos do interese de ambos e resulta máis fácil, deste modo, que participen, de maneira máis directa ou indirecta, no proceso de Sensibilización.

No Cadro 1 pode verse unha síntese gráfica da relación que se presume entre as variábeis.

Cadro 1: esquema do cadro teórico proposto. Fonte: elaboración propia



⁴ Con *galegofonía* ou *países galegófons* faise referencia no presente artigo ao conxunto de territorios nos que o galego-portugués ten unha presenza relevante, para o que se toman aqueles en que goza da consideración de lingua oficial: Angola, Brasil, Cabo Verde, Galiza (na España), Guiné-Bissau, Macau (na China), Mozambique, Portugal, São Tomé e Príncipe e Timor Leste. A escolla destes conceptos no sitio dos máis habituais *lusofonía* e *países lusófonos* estimábase preferíbel aos efectos do presente artigo por: a) Evidenciar de modo máis inmediato a ollos galegos a proximidade ou identidade lingüísticas entre a Galiza e os demais territorios de fala galego-portuguesa e, deste modo, visibilizar mellor o elemento basilar sobre o que asenta o cadro teórico aquí proposto, esperando deste modo facilitar a comprensión do artigo. b) Considerarse máis adecuado o prefixo *galego-* do que *luso-* ao ter orixe xeográfica a realidade lingüística que neste artigo se denomina de galego-portugués no Reino da Gallaecia entre os séculos VIII e IX (Eduardo Lourenço, 1999: 177-178, Júlio Rocha, 1997 ou X. Ramón Freixeiro, 2006: 17) e non na Lusitania. c) Ter sido xa utilizado o concepto galegofonía con denotación semellante á aquí atribuída en Júlio Rocha (2007: 30-34) ou Russel Hamilton (1991) facendo referencia a un artigo de Pires Laranjeira.

3. SENSIBILIZACIÓN

Como se explicaba no anterior apartado, a Sensibilización consiste en trasladar aos axentes galegos: a) que a lingua galega permite unha sinxela comunicación con axentes de países de fala galego-portuguesa, e que isto, con outros trazos singulares da Galiza, vén a colocar os axentes galegos nunha situación de vantaxe, en relación aos axentes da maioría dos países do mundo, que lles facilita a posibilidade de obteren unha serie de beneficios (o Resultado) en caso de concretizaren esa facilidade comunicativa (a través do Relacionamento); b) que do Relacionamento cabe esperar unha serie de consecuencias (o Resultado) desexábeis para a Galiza en xeral e para os axentes directamente participantes en particular.

Presúmese que estas dúas dimensións, que serán examinadas con máis pormenor aquí, constitúen incentivos positivos que, trasladados aos axentes galegos, contribúen para a súa participación no Relacionamento. Deste modo, a Sensibilización, como se suxería no apartado anterior, correlaciónase positivamente co Relacionamento.

A transmisión das dúas dimensións cognitivas que envolve a Sensibilización é realizada polos *axentes sensibilizadores*: organizacións, departamentos e mesmo individuos dedicados de modo monográfico ou eventual, profesional ou non, a promoveren a Sensibilización desde e para a Galiza. Aínda que non é obxecto deste artigo analizar en maior medida os axentes sensibilizadores, si se estima necesario advertir da importancia de se proceder a tal estudo, a fin de se coñecer de que tipo de axentes se está a falar e, por tanto, de que motivacións os impulsian, de modo a se estar en disposición de intervir eficazmente na continuidade e mesmo intensificación do traballo de Sensibilización.

A partir de aquí, estímase que as cuestións fundamentais en relación á Sensibilización que, por o seren, han de ser colocadas no presente apartado son tres: 1) *Que modelo de sensibilización será conveniente empregar para que a Sensibilización poida ser máis eficaz no seu obxectivo de promover o Relacionamento?*; 2) *En que consisten exactamente a vantaxe internacional e o Resultado positivo en relación aos que deben ser sensibilizados os axentes galegos?*; 3) *A quen debe ser dirixida a Sensibilización?* Se ben que non se tratará aquí de responder completamente as tres cuestións, como se verá e xustificará nos parágrafos seguintes.

3.1. Que modelo de sensibilización empregar para a Sensibilización?

No que atinxe ao modelo de sensibilización a propor desde este artigo, pártese da consideración de que calquera sensibilización pode ser de dous tipos: débil ou forte. Na sensibilización débil, os axentes sensibilizadores limitáanse a pór en coñecemento dos sensibilizábeis unha serie de cognicións teóricas de que estes non dispuñan antes. Na sensibilización forte, os axentes sensibilizadores, ademais, outorgan o apoio necesario para proporcionaren aos sensibilizábeis as ferramentas precisas, ou algunhas delas no mínimo, para que poidan comprobar de modo máis sinxelo a veracidade das cognicións novas transmitidas. Deste modo, presúmese que os axentes sensibilizábeis obxecto dunha sensibilización forte optan en maior medida por comprobaren a veracidade das cognicións teóricas transmitidas na sensibilización, polo que, de modo agregado, acumulan máis cognicións de tipo práctico, que reforzan as de tipo teórico. Así, un conxunto de axentes sensibilizábeis sometido a unha sensibilización forte acaba máis sensibilizado do que un grupo semellante sometido a unha sensibilización débil. A sensibilización forte, pois, resulta máis eficaz.

Para comprender mellor a diferenza entre sensibilización débil e forte, acudírase a un exemplo. Imaxínese que unha persoa (*P*) está persuadida da utilidade de acudir a un ximnasio para combater o *stress*, e considera conveniente convencer un grupo de amigas (*A1*, *A2*, *A3* e *A4*), que padecen *stress*, de que acudan a un ximnasio para que o poidan combater e aumentaren a súa calidade de vida. *P* poderá escoller entre dúas estratexias: simplemente transmitir a *A1*, *A2*, *A3* e *A4* a súa convicción sobre a ligazón positiva entre acudir a un ximnasio e combater eficazmente o *stress*, esperando que iso sexa suficiente para que algunha delas o comprobe; ou, ademais, suxerirlles os ximnacios máis próximos e con mellores ofertas, ofrecerse a emprestarlles roupa deportiva para as primeiras semanas e mesmo proporse acompañalas no día da inscrición para lles presentar algunhas persoas no ximnasio escollido. Presúmese neste artigo que existen máis posibilidades de que *A1*, *A2*, *A3* e *A4* acudan a un ximnasio na segunda estratexia, que representa unha sensibilización forte, do que na primeira, que representa unha sensibilización débil. Deste modo, cunha sensibilización débil todas fican a coñecer a relación positiva entre acudir a un ximnasio e combater eficazmente o *stress*, máis, por exemplo, só unha acumula a este coñecemento teórico a experiencia corroboradora del, por terse decidido a acudir a un ximnasio para o comprobar (sensibilización = 4 con cognicións teóricas + 1 con cognicións prácticas). Cunha sensibilización forte, ás catro persoas co coñecemento teórico cabe acrecentarlles máis de unha con coñecemento empírico, reforzador do teórico (sensibilización = 4 con cognicións teóricas + >1 con cognicións prácticas). A sensibilización agregada, pois, resulta máis intensa cunha sensibilización forte.

Aos efectos do presente artigo, unha Sensibilización forte pode significar, para alén da transmisión aos axentes sensibilizábeis da vantaxe competitiva en que os coloca o idioma galego no plano internacional e dos resultados positivos que cabe esperar do seu aproveitamento: ensinar as diferenzas gráficas e fonéticas entre os *standard* galego, portugués e brasileiro a fin de se facilitar aínda en maior medida o aproveitamento da proximidade ou identidade lingüística; promover estudos de mercado para sectores específicos galegos nos países galegofonos; achegar os primeiros contactos ou crear escenarios en que estes se poidan producir etc.

3.2. Vantaxe internacional e Resultado positivo

No que di respecto á vantaxe internacional da Galiza perante a galegofonía, pártese de que non todos os países se relacionan de modo igualmente fácil e estreito e de que existen factores identificábeis que potencian ou dificultan as relacións entre países, podendo afectar isto, en maior ou menor medida dependendo dos factores considerados, a todas as dimensións da relación actual ou potencial: política, económica, cultural e social. Deste modo, se un *País1* dispón dunha serie de trazos singulares que considera que o diferencian positivamente dos demais países á hora de se relacionar cun *País2* e consegue que ese *País2* perciba esas singularidades positivas, o *País1* conta cunha vantaxe á hora de competir con outros países para se relacionar co *País2*. A maior ou menor intensidade desa vantaxe depende da importancia atribuída polos axentes do *País2* ás singularidades diferenciadoras do *País1*.

Neste artigo sostense que a Galiza está en situación de vantaxe internacional potencial perante os países da galegofonía. Que pase de potencial a actual depende de que a Galiza faga visíbeis na galegofonía os trazos que a singularizan positivamente, o que en certa medida se considera que depende do propio Relacionamento, pois no contacto directo entre axentes galegos e do resto da galegofonía algún deses trazos ficará inexorablemente patente e haberá, ademais, boas ocasións para visibilizar outros. Expóñense a seguir os trazos que se consideran fundamentais á hora de singularizar a Galiza positivamente perante os demais países de lingua galego-portuguesa. Advírtese, ademais, que estes trazos fundamentais varían en función de se se fala de Portugal ou do resto de territorios.

Comécese polo trazo fulcral que sitúa a Galiza en posición de facilidade relacional con todos os países galegofonos: a lingua galega. A lingua galega actual, considérese idéntica ou semellante á portuguesa, permite unha comunicación fácil coas persoas que empregan calquera outra das variantes do galego-portugués. Sendo a lingua un

elemento fundamental nas relacións predominantes nos días de hoxe, sexa entre institucións, empresas ou persoas, esta constitúe unha vantaxe de primeira orde que apenas poden igualar os demais países de fala galego-portuguesa en todo o mundo.

Haberá quen poida pensar que a importancia do idioma non é a defendida neste artigo, na medida en que os axentes que concretizan as relacións no plano internacional normalmente dominan o inglés, de maneira que a Galiza non tería unha seria vantaxe en relación ao resto de países do mundo. A isto pode responderse, en primeiro lugar, que o inglés non está completamente estendido polo mundo, de maneira que para concretizar calquera tipo de parcería cun país de fala non inglesa é moito probábel que antes ou despois o dominio do idioma local sexa necesario ou, no mínimo, vantaxoso. En segundo lugar, e máis importante, estímase que o feito de dous potenciais colaboradores de territorios diferentes usaren a mesma lingua ou linguas tan semellantes como para se comprenderen sen grandes inconvenientes, permite que máis facilmente se estableza entre eles a confianza e mesmo cumplicidade tantas veces necesarias para que as colaboracións cheguen verdadeiramente a se implementaren con éxito e poidan prolongarse no tempo.

Visto xa o trazo positivamente diferenciador da Galiza perante o conxunto dos países de lingua galego-portuguesa, enúncianse a seguir aqueles trazos específicos que cumpren a mesma función para Portugal ou para o resto de países galegófonos.

No caso de Portugal estímase que á facilidade comunicativa cabe acrecentar, fundamentalmente: a proximidade xeográfica, que abarata os custos relacionais derivados de contactos, transportes de mercadorías, viaxes etc.; a proximidade cultural, incluíndo aquí a importancia do pasado común coa rexión norte de Portugal.

Táboa 1: trazos que singularizan a Galiza positivamente en relación a Portugal

Fonte: elaboración propia

	Facilidade comunicativa	Proximidade xeográfica	Afinidades culturais
Galiza	v	v	v
España	x	v	x
Resto de países galegófonos	v	x	v
Resto do mundo	x	x	x

No caso do resto de países e territorios galegófonos, á lingua cabe acrecentar outros dous trazos esenciais: o feito de a Galiza ser un país rico, que envolve complementa-

riedades en relación aos que non o son, esencialmente derivadas dun presumíbel maior adianto en determinados sectores de interese para os potenciais parceiros galegónos (turismo, pescas, tecnoloxías etc.); o feito de non ter sido metrópole do imperio portugués, que pode significar a inexistencia, no caso galego, de prexuízos negativos e temores que si poden existir en relación a Portugal nas súas vellas colonias (Medeiros, 2006; 22-23).

Táboa 2: trazos que singularizan a Galiza positivamente en relación ao resto de países galegónos excepto Portugal

Fonte: elaboración propia

	Facilidade comunicativa	País rico	Non metrópole imperial
Galiza	v	v	v
Portugal	v	v	x
Resto de países galegónos	v	x	x
Resto do mundo	x	x	x

Mercé destes trazos xenéricos, e aínda doutros, caso de se abordaren as vantaxes da Galiza con maior profundidade e en relación a cada un dos países galegónos, estímase que a Galiza conta cunha posición de partida potencialmente vantaxosa á hora de establecer parcerías con cada un dos países de fala galego-portuguesa. Este é un dos elementos en relación aos que sensibilizar os axentes galegos para os animar a se relacionaren de modo máis intenso co resto de países galegónos.

O outro elemento en relación ao que sensibilizar os axentes galegos constitúeo, como se refería anteriormente, o Resultado positivo esperábel do Relacionamento. Ao Resultado será dedicado un apartado específico do presente artigo, de modo que se considera desnecesario tratalo aquí.

3.3. A quen debe ser dirixida a Sensibilización

Non se pretende no presente artigo dar resposta a esta cuestión, por se considerar que excede con moito a súa intención. Vese oportuno, no entanto, facer algunha precisión ao respecto.

En primeiro lugar, os axentes sensibilizadores necesariamente han de seleccionar sectores de axentes ou até axentes galegos concretos a que se dirixir de modo prioritario.

Isto porque a cantidade de recursos que se precisarían para promover unha Sensibilización dirixida a todos os axentes galegos (institucións públicas autonómicas e locais, empresas, asociacións culturais, asociacións de veciños, universidades, museos etc.) sería excesiva para calquera axente sensibilizador. Ademais, tendo en conta que cada axente que participa na Sensibilización dispón duns recursos limitados e que, sexa público ou privado, a súa continuidade como tal axente sensibilizador depende, en última instancia, da súa capacidade de obter un Resultado que poida ser visto como suficientemente proveitoso, cabe prever que lle sexa conveniente garantir, no posíbel, unha boa produtividade sensibilizadora; quere dicir, os axentes sensibilizadores para subsistiren han de conseguir unha relación aceptábel entre unidade monetaria investida en Sensibilización e Resultado obtido. A aceptabilidade desta relación dependerá dos obxectivos marcados polo propio axente sensibilizador e/ou pola entidade, sexa a que esta for, de que depender.

Deste modo, ben desde os propios axentes sensibilizadores ou ben desde outras instancias deben establecerse e aplicarse criterios de selección dos sectores e axentes galegos que potencialmente teñen máis Resultado positivo a gañar, a fin de contribuír para que o Resultado sexa o maior e mellor posíbel. Isto exige coñecer, a longo prazo e en cada momento, os puntos fortes e fracos da Galiza e do resto de países galegófonos, a fin de se identificaren potenciais complementariedades, onde resultará máis fácil promover con éxito o intercambio simbiótico. Por outras palabras, o traballo de Sensibilización e, consecuentemente, o Relacionamento e o Resultado deben ser constantemente orientados por estudos que establezan a estratexia e a táctica máis adecuadas á hora de a Galiza se relacionar co resto de territorios da galegofonía.

4. RELACIONAMENTO E RESULTADO

Por Relacionamento enténdese neste artigo calquera tipo de contacto, físico ou non, entre axentes da Galiza e axentes de calquera outro país de fala galego-portuguesa, por se considerar que todo contacto con estas características contribúe para a obtención do Resultado. Desta maneira, fan parte do Relacionamento: a colaboración de asociacións galegas e doutros países galegófonos para a organización de festivais; a xeminación entre concellos galegos e doutros países galegófonos; a participación de autoridades galegas en foros internacionais de carácter galegófono, como as cimeiras da CPLP; a competición das seleccións galegas con outras seleccións galegófonas; a realización de negocios económicos de empresariado galego co doutros países galegófonos; un bate-papo virtual entre unha persoa galega e unha brasileira etc.

Todo tipo de contactos incluídos no Relacionamento xeran unhas consecuencias, tanxíbeis e intanxíbeis, para os axentes galegos envolvidos e mesmo para outros non directamente envolvidos no Relacionamento. Unhas son negativas e outras positivas. Imaxínese, por exemplo, un festival de música rock organizado por unha asociación cultural portuguesa e outra galega. A parte galega acumularía consecuencias negativas: a má calidade da equipa de son traída de Portugal ou a falta de seriedade dunha das bandas portuguesas participantes, por exemplo. Mais tamén acumularía consecuencias positivas: o bo convivio coas persoas da asociación cultural portuguesa, o coñecemento de grupos portugueses interesantes e profesionais con que contar para futuras ocasións ou a boa cantidade de diñeiro recadada no festival. Todas estas consecuencias tanxíbeis e intanxíbeis do Relacionamento para a parte galega son o que neste artigo se denomina resultado.

O Resultado pode ser dividido en dúas clases: o Resultado Específico e o Resultado Estratéxico. O Resultado Específico inclúe todas as consecuencias tanxíbeis e intanxíbeis derivadas dunha actividade de Relacionamento concreta. O Resultado Estratéxico é constituído por conxuntos ou categorías de consecuencias específicas, que se veñen a reforzar co desenvolvemento de máis actividades de Relacionamento. O Resultado Específico beneficia os axentes directamente envolvidos na actividade que os orixina ou un sector moito concreto nun momento determinado; o Resultado Estratéxico ten un beneficio máis dificilmente delimitábel nos axentes concretos atinxidos e pode prolongarse no tempo de modo indefinido. Precisamente por iso, o Resultado Específico interesa nomeadamente aos axentes galegos envolvidos nunha actividade de Relacionamento concreta. O Resultado Estratéxico pode dicirse que interesa á Galiza no seu conxunto.

A diferenza entre as dúas clases de Resultado pode ser mellor entendida cun exemplo. Obsérvese a Táboa 3.

Na Táboa 3 tómanse dúas posíbeis actividades de Relacionamento e algunhas das súas eventuais consecuencias ou Resultado. Propóñense actividades promovidas por axentes semellantes, políticos ambos, para que resulte máis simple que o Resultado Específico redunde en ambos os casos nalgunha consecuencia estratéxica coincidente. As categorías de Resultado Estratéxico que aparecen na táboa son algunhas das propostas no presente artigo, como se verá.

Obsérvese que se prevé que non todo o Resultado Específico dea lugar a Resultado Estratéxico. Na actividade de Relacionamento 1, as consecuencias específicas 1.1, 1.3, 1.6 e 1.7 non teñen, segundo a táboa, consecuencias estratéxicas. Na Táboa 3

Táboa 3: exemplo de dúas actividades de Relacionamento e do seu posíbel Resultado

Fonte: elaboración propia

Actividades de relacionamento concretas	Exemplo de Resultado	
	Resultado Específico positivo	Resultado Estratéxico positivo
1. Encontro máxima autoridade deportiva galega e angolana para tentaren organizar xogo de fútbol Galiza-Angola	<p>1.1. Acordo para a celebración do xogo de fútbol</p> <p>1.2. Repercusión mediática en AngolaPress e en De Luns a Venres</p> <p>1.3. Réditos políticos para a autoridade participante e para o goberno galego de que fai parte</p> <p>1.4. Simpatía mutua entre autoridade galega e angolana e conseguinte dispoñibilidade para futuros acordos ou alianzas</p> <p>1.5. Intercambio de experiencias en relación ás políticas públicas relativas ao deporte</p> <p>1.6. Boa impresión, por parte da autoridade galega, en relación á beleza do lugar de encontro</p> <p>1.7. Satisfacción nas persoas que fan parte da selección galega de fútbol</p>	<p>- Maior proxección internacional da Galiza (1.2)</p> <p>- Maior peso político da Galiza (1.4)</p> <p>- Clase política galega mellor capacitada (1.5)</p>
2. Participación da Presidencia da Xunta da Galiza nunha cimeira da CPLP	<p>2.1. Repercusión mediática en: La Voz de Galicia, El País, Jornal de Notícias, A Folha, A Semana e Notícias Lusófonas</p> <p>2.2. Réditos políticos para a autoridade participante e para o goberno galego de que fai parte</p> <p>2.3. Gaño de contactos e simpatías con algunhas das máximas autoridades políticas da galegofonía</p> <p>2.4. Satisfacción por parte da Presidencia co desenvolvemento da cimeira</p> <p>2.5. Constatación por parte da Presidencia da utilidade da lingua galega á hora de se comunicar con outras persoas de fala galego-portuguesa. Nomeadamente as de fóra de Portugal</p> <p>2.6. Intercambio de experiencias políticas en relación a temas diversos</p>	<p>- Maior proxección internacional da Galiza (2.1)</p> <p>- Maior peso político da Galiza (2.3)</p> <p>- Maior e mellor consideración da lingua galega na Galiza (2.5)</p> <p>- Clase política galega mellor capacitada (2.6)</p>

pode comprobarse tamén que unicamente son expostas as consecuencias das actividades que se consideran positivas, non incluíndo ningunha negativa. Isto quere reforzar a idea de que o Resultado ha de ser predominantemente positivo, para o que se considera que contribúe de modo decisivo a escolla informada dos sectores e axentes galegos a sensibilizar que se explicaba no apartado 3.3, ben como o propio criterio dos tales axentes.

Convén acrecentar agora que a Sensibilización debe trasladar aos axentes a sensibilizar, en función da súa natureza, aquela parte do Resultado previsíbel que se considere que poida resultarlles máis estimulante. *A priori*, é esperábel que o Resultado Específico previsíbel, como xa se referiu, sexa de maior interese para os axentes a sensibilizar, por estar constituído de consecuencias específicas que afectan de modo directo os axentes participantes. Por isto, probabelmente a Sensibilización debe enfatizar esta dimensión do Resultado, sen deixar de transmitir tamén a sensación de que participando no Relacionamento os axentes galegos están a axudar o País no seu conxunto, pois contribúen para o Resultado Estratéxico.

5. RESULTADO ESTRATÉXICO

O Resultado Estratéxico está constituído, como se vía no apartado anterior, por unha serie de categorías relativamente amplas que supoñen beneficios para a xeneralidade da poboación galega, vindo así a explicar o potencial interese da Galiza en aumentar o Relacionamento. No presente apartado asúmese que existe unha parte do Resultado Estratéxico previsíbel, deducíbel, o que envolve tamén a previsibilidade de determinadas consecuencias específicas⁵. Son, pois, os argumentos que aquí se expoñen algúns dos que poden ser utilizados na Sensibilización. Son tamén, estes e os que se acrecentaren no futuro ao Resultado, en última instancia, os que xustifican o esforzo teórico deste artigo, ben como o esforzo práctico, a impulsar desde o sector público e a sociedade civil galegas, que desde aquí se suxire. Con estes argumentos, que non pretenden ser todos os argumentos, mais si unha parte significativa, quérese axudar a responder unha das preguntas colocada na Introducción do presente artigo: *Interésalle á Galiza facer o esforzo de se relacionar co resto de territorios de fala galego-portuguesa?*

⁵ O Resultado será mellor coñecido e máis fácil de prever, nas súas dúas dimensións, consoante o Relacionamento se produza en maior medida e se promova o estudo das consecuencias del derivadas. Tamén contribuirá neste sentido o coñecemento acumulado polos estudos orientadores da Sensibilización referidos no apartado 3.3.

Antes de expórense as consecuencias estratéxicas que se presumen previsíbeis no presente apartado, convén advertir que o grao de abstracción a utilizar podería ser diferente do aquí empregado, de maneira que, por exemplo, algunhas delas poderían subsumirse nun enunciado máis abstracto, ou descompórense en varios máis concretos. O criterio que aquí se segue consiste en utilizar o grao de abstracción que a xuízo do autor resulta adecuado en cada caso para se atinxir unha exposición o suficientemente clara e portadora dos argumentos que se estiman de maior interese⁶.

Destarte, a parte do Resultado Estratéxico que se estima oportuno referir no presente artigo está composta polas categorías a seguir:

a) Maior proxección internacional da Galiza

Considérase que dalgunhas das actividades de Relacionamento se derivarán consecuencias específicas que poden resumirse so a epígrafe *repercusión mediática*. A tal repercusión mediática, é esperábel, terá lugar no mínimo en medios de comunicación dos territorios involucrados nas actividades de Relacionamento: Galiza e o país ou países parceiros correspondentes en cada actividade específica. Ademais, tamén resulta esperábel que normalmente se refira a orixe xeográfica dos axentes involucrados nesas actividades. Deste modo, a referencia a Galiza en medios de comunicación estranxeiros aumentará, promovendo así unha maior visibilidade internacional do país.

Será importante que os axentes galegos involucrados en actividades de Relacionamento que atinxan repercusión mediática fagan visíbeis, cando tiveren oportunidade, trazos propios e singularizadores da Galiza: utilización da lingua galega, promoción da Galiza como terra de bo viño, visibilización da raigame céltica de músicas tradicionais galegas, do potencial de construción naval etc. Isto axudará a sensibilizar os países galegófonos en relación a determinados sectores de produtos da Galiza potencialmente interesantes para eles. Deste modo, por exemplo, se a Presidencia da Xunta da Galiza se reunir coa Presidencia da República de Mozambique e despois compareceren ambas en galego-portugués, dando así a ver que esa foi e é a lingua habitual e normal de relación entre a Galiza e Mozambique, resultará despois máis natural e previsíbel para a cidadanía mozambicana ver unha feira do libro galego en Maputo, a capital do país.

⁶ Este modo de proceder envolve unha deformación do Resultado Estratéxico determinada pola formación e experiencia de quen o expón, sendo por isto altamente recomendábel que a tal clase de Resultado sexa abordada desde autorías con diversas traxectorias persoais e académicas.

Do mesmo modo, asumindo que, *ceteris paribus*, as persoas tenden para comprar aqueles produtos de que teñen máis cognicións e máis positivas do que aqueles de que teñen menos cognicións e menos positivas, e asumindo tamén que o coñecemento do país de orixe e da súa reputación fan parte desas cognicións, a maior proxección externa da Galiza cabe prever que contribúa positivamente para as exportacións galegas ao facer máis coñecida e previsibelmente ben vista a orixe do produto galego, a Galiza.

b) Maior peso político da Galiza

Considérase que dalgunhas actividades de Relacionamento van derivarse consecuencias específicas como: simpatías e amizades entre axentes, gaño de contactos, establecemento de acordos vistos como beneficiosos polas dúas ou máis partes envolvidas etc. Estas consecuencias específicas deben incidir positivamente na percepción da Galiza, por parte dos demais países galegófonos, como parceiro, camiñándose así na dirección do establecemento de relacións estreitas ou preferenciais entre determinados axentes ou mesmo sectores galegos e do resto da galegofonía. Isto terá maior relevancia se se producir entre axentes políticos ou axentes económicos de importancia.

Canto máis visíbel for a boa relación da Galiza cos países galegófonos naqueles foros en que se discuten asuntos que afectan algún dos países galegófonos e dos que a Galiza, dun ou outro modo, fai parte, cabe esperar que tamén será máis probábel que se queira recabar o apoio de determinados axentes galegos que, en caso de se discutiren asuntos que tamén afecten a Galiza, terán a posibilidade de faceren visíbeis os intereses galegos.

Por outro lado, aínda non contando directamente coa participación de axentes galegos no tipo de foros referidos no parágrafo anterior, estes, mercé dos seus contactos co país galegófono envolvido nas discusións do tal foro e da posición de máis ou menos relación preferente que deles se derivar, cabe esperar que poidan exercer unha maior presión indirecta para incidir nos termos e no resultado da negociación.

c) Clase política galega mellor capacitada

Dalgunhas das actividades de Relacionamento en que participen axentes políticos galegos prevese que se deriven consecuencias específicas como: coñecemento de problemas políticos non existentes na Galiza, mais que poden aparecer no futuro;

coñecemento de institucións políticas non existentes na Galiza, mais potencialmente interesantes para a Galiza; coñecemento de políticas públicas non ensaiadas na Galiza para atacar problemas xa existentes na Galiza, etc. Estes e outros tipos de cognicións semellantes que a clase política galega gañe coa súa participación no Relacionamento estímase que contribuirán positivamente para que a clase política galega dispoña de maiores coñecementos políticos á hora de encarar determinados problemas na Galiza, de modo que estarán en disposición de dar mellores respostas.

d) Aumento de vendas de cultura en galego

Dalgunhas actividades de Relacionamento en que participen axentes galegos prevese que se deriven consecuencias específicas como: venda de libros en galego, venda de teatro en galego, venda de banda deseñada en galego etc. Dun máis intenso Relacionamento cabe esperar unha ampliación notábel do mercado potencial para o produto cultural que incorpora de modo importante a lingua galega e que, doutro modo, fica restrinxido ao mercado galego, que é pequeno.

A maior ou menor intensidade desta consecuencia estratéxica, quere dicir, as maiores ou menores vendas de produtos culturais en lingua galega dependerán basicamente (tirando os factores de márketing que determinan o éxito de vendas de calquera outro tipo de produto: boa escolla do público albo; tolerancia do produto na cultura local; exhibición do produto en lugares onde o público albo o poida ver; etc.) de que se saiba facer ver a inexistencia de grandes dificultades lingüísticas e tamén de que se asocie a Galiza con prexuízos positivos, como «terra de produtos de calidade». A isto debe contribuír a consecuencia estratéxica que con anterioridade se denominaba Maior proxección internacional da Galiza.

e) Maior e mellor consideración da lingua galega na Galiza

A esta consecuencia estratéxica contribuirán consecuencias específicas como: utilización da lingua galega para a comunicación con axentes da galegofonía, visibilización pola poboación galega, en xeral, da utilidade comunicativa internacional da lingua galega a través da cobertura mediática de determinadas actividades de Relacionamento, percepción pola poboación galega xeral de persoas en todo tipo de situacións socioeconómicas e profesionais a empregaren unha lingua moito semellante da galega ou a mesma etc. Estímase que estas e outras consecuencias específicas contribuirán para a asociación de prexuízos positivos en relación ao idioma galego na Galiza, o que debe incidir positivamente na considera-

ción do idioma e, por consecuencia, no seu uso en todos os ámbitos e na súa escolla para a transmisibilidade interxeracional.

f) Mellor aproveitamento do tempo de lecer pola poboación galega

A esta consecuencia estratéxica contribuirán consecuencias específicas como: a execución dun concerto por un músico galegófono na Galiza, a representación dunha obra teatral dun autor galegófono na Galiza, o descubrimento dun estilo de música previamente descoñecido, o descubrimento dun artista plástico previamente descoñecido etc. Este tipo de consecuencias contribúe para a mellora do lecer da cidadanía galega de dous modos: a) ampliando e diversificando a axenda cultural, permitindo así escoller entre unha maior variedade de espectáculos e, deste modo, ampliando as posibilidades de realizar unha escolla o máis satisfactoria posíbel; b) ampliando o coñecemento cultural da cidadanía galega, dotándoo así dunha maior capacidade para consumir produtos culturais que lle sexan o máis satisfactorios posíbel.

g) Maior capacidade para coñecer e aproveitar oportunidades de negocio no estranxeiro

O maior Relacionamento co resto da galegofonía, nomeadamente cando envolver axentes económicos e políticos, unido ao seu maior estudo, levará a un maior coñecemento da galegofonía, incluíndo os seus mercados, de modo que será máis fácil detectar as oportunidades de negocio por parte do empresariado galego, ben de modo directo, participando en actividades de Relacionamento, como encontros de empresarios galegos e doutros países galegófonos, ou ben a través dos axentes sensibilizadores que, como se vía no apartado 3.3 do presente artigo, realizarán ou recibirán estudos da galegofonía a fin de aproveitaren en todos os ámbitos as mellores oportunidades de Relacionamento, de maneira que alí onde existir unha boa oportunidade de negocio cabe esperar que os axentes sensibilizadores identifiquen e sensibilicen ao respecto os axentes galegos que a puideren aproveitar.

6. CONCLUSIÓNS

A Galiza, desde que orientada polo coñecemento de si propia e dos demais territorios galegófonos, pode esperar consecuencias positivas, específicas e estratéxicas, do establecemento de relacións coa galegofonía, do Relacionamento. Por outro lado, o establecemento das tales relacións, ben como o seu aproveitamento, vense facilitados polo feito de os axentes galegos seren habitualmente coñecedores da

lingua galega e por outros trazos que contribúen para colocar a Galiza en posición de vantaxe relacional cos territorios galegofonos perante outros países que carecen das tales características vantaxosas. Deste modo, parece recomendábel promoverse o Relacionamento.

A tal promoción do Relacionamento haberá de ser feita a través dun traballo de Sensibilización, que atinxirá maior eficacia se for de carácter forte, e determinar con éxito aqueles sectores e aqueles axentes de cuxo envolvimento no Relacionamento caiba esperar máis e mellor contributo para o Resultado. Isto dependerá de que os axentes sensibilizadores conten en todo momento con información completa sobre a Galiza e o resto da galegofonía, ben como con capacidade para procesar a tal información.

Finalmente, e aínda que con certeza son moitos os elementos apuntados na proposta de cadro teórico aquí realizada que requiren de maiores desenvolvementos, considérase oportuno destacar dúas dimensións que se estiman de especial relevancia:

- a) A primeira é a relativa aos axentes sensibilizadores, cabendo abordar asuntos como: Quen son? Que os motiva? Que tipo de sensibilización promoven? Que axentes galegos son prioritariamente albos das súas actuacións? Son prioridades adecuadas? Respondendo estas ou aínda outras preguntas, mellorarase a capacidade de incidir na intensidade da Sensibilización, ao se poder promover a aparición de novos axentes, ou de aumentar o traballo dos xa existentes, ou de conseguir que o traballo xa existente dea mellores frutos, por ser máis acertadamente dirixido.
- b) A segunda é a que fai referencia aos estudos tácticos e estratéxicos da galegofonía, apuntados aquí como necesarios para garantiren o maior e mellor Resultado. Neste caso cabe notar a importancia e premencia de estes seren desenvolvidos, visto haber xa axentes a traballaren na Sensibilización e quizá non sempre contando coa información necesaria para orientaren os seus esforzos. Este tipo de estudos debería axudar a dar resposta a cuestións como: Que países e/ou sectores da galegofonía resultan de maior interese para o Relacionamento por caber esperar un mellor Resultado? Cal é ese Resultado? Que axentes galegos deben participar en que actividades de Relacionamento?

7. BIBLIOGRAFÍA

Barreto Rocha, Júlio César (1997): *O Brasil fala a lingua galega*

<http://www.udc.es/dep/lx/cac/sopirrait/sr044.htm>

Barreto Rocha, Júlio César (2007): «Filologia política na Amazônia brasileira», *Longa Lingua* 8, 32-36.

Nogueira Román, Camilo (2006): «220 millóns», *Tempo Exterior* 12, 5-10.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006): *Lingua, nación e identidade*. (Santiago de Compostela: Laiovento).

Hamilton, Russel (1991): «Lusofonia, Africa, and Matters of Languages and Letters», *Hispania* 74, 3: 610-617.

http://www.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/01475176655936417554480/p0000019.htm#I_24_

Lourenço, Eduardo (1999): *A Nau de Ícaro, seguido de Imagem e Miragem da Lusofonia*. (Lisboa: Gradiva).

Pacheco Medeiros, Paula Cristina (2006): «Lusofonia: discursos e representações», *O Cabo dos Trabalhos: revista electrónica dos programas de mestrado e doutoramento do CES / CEUC / FLUC*, 1.

http://cabodotrabalhos.ces.uc.pt/n1/documentos/200611_lusofonia_discursos_representacoes.pdf

Rodrigues Gomes, Jorge (2006): «A lusofonia como um factor valorizador da cultura tradicional galega e as suas potencialidades económicas», *Cultura tradicional e desenvolvimento rural*, 105-106.

As noticias en galego

MIGUEL TÚÑEZ LÓPEZ

Facultade de Ciencias da Comunicación

Universidade de Santiago de Compostela

O índice de presenza do galego na prensa é testemuñal. E na radio (agás nos medios públicos) podería dicirse que é circunstancial. A última medición en que participei pechámola o 23 de decembro de 2004, aínda que a análise de contido cualitativo e cuantitativo dos xornais se realizou mediante tres baleirados completos –e posterior análise– de todas as cabeceiras galegas de información xeral editadas nese momento –11 xornais e un total de 22 edicións– cunha mostra representativa e aleatoria¹ durante os seis primeiros meses de 2003².

O resultado é que só cinco de cada cen páxinas publicadas pola prensa editada en Galicia están en lingua galega (o 5,11%), unha proporción que é maior na superficie publicitaria (supera o dez por cento sobre a superficie publicitaria total, 10,44%) que na redaccional (non chega ao catro por cento, 3,69%).

Pasando estes números a letras podemos tirar algunhas conclusións:


- Se tivésemos un xornal de cen páxinas só con información, só tres e media estarían en galego.
- Se tivésemos un xornal con cen páxinas de publicidade, dez e media estarían en galego.

¹ Un día por semana, de forma consecutiva (martes dunha semana, mércores da seguinte...), con comezo aleatorio na primeira semana de xaneiro.

² Tuñez (2004), A lingua das novas, en http://www.xornalistas.com/documentacion/interior.php?txt=doc_publicacions&lg=gal.

- É dicir, as empresas, en xeral, confían máis que as empresas xornalísticas no uso do galego para vehiculizar as súas mensaxes á sociedade.

Imaxe N.º 1: superficie ocupada pola información e pola publicidade en galego, en *A lingua das novas*, (Túñez 2004)



Quero tomar este panorama cuantitativo só como referencia de partida porque nas intervencións programadas nestas xornadas hai outros oradores que teñen abordado o tema en profundidade. Permítanme, pois, que aproveite este encontro para compartir con vostedes tres reflexións que creo que poden axudar a explicar por que segue a darse esa presenza testemuñal do galego nos periódicos de Galicia. Son tres reflexións non concluíntes derivadas de investigacións sobre a prensa que teño dirixido e das que, aínda que algunha aínda está en fase de publicación, gusto de compartir con vostedes nestas xornadas da Universidade da Coruña.

1. A LINGUA É UN SOPORTE DA INFORMACIÓN, NON UN ELEMENTO.
2. A LINGUA NON ESTÁ NAS PRIORIDADES DE DEMANDA SOCIAL AOS MEDIOS.
3. A LINGUA ESTÁ FÓRA DAS ESTRATEXIAS DE MERCADO DAS EMPRESAS XORNALÍSTICAS, QUE NON A CONSIDERAN UN FACTOR DESTACADO POLAS AUDIENCIAS PARA FIDELIZARSE A UN PRODUTO.

1. A LINGUA É UN SOPORTE DA INFORMACIÓN, NON UN ELEMENTO

Non hai un criterio identificable na escolla de galego ou castelán como vehículo informativo, o que impide identificar unha estratexia lingüística nos medios mais aló de dúas variables: a necesidade de manter porcentaxes mínimas e o nivel de autonomía do redactor (dentro das normas editoriais de cada empresa).

Fóra de periódicos en que algunha circunstancia os anime a presentaren porcentaxes concretas, a escolla aparece vinculada a tópicos de fontes e temas, mais non é un desexo de reconstruír a realidade en galego.

É dicir, non se ten en conta que o referente lingüístico está nos receptores (destinatarios do produto informativo), á marxe da referencia idiomática da fonte. Alguén que quere acceder á actualidade en galego quere unha narración en galego á marxe dos acontecementos que se desenvolvan na lingua. E o mesmo en castelán. Porén, a decantación dos medios prodúcese na atribución lingüística en función do emisor informativo ou, como moito, das actividades dos actores sociais que habitualmente usan a lingua, o que xera identificacións estereotipadas.

É certo que se gañan ámbitos, como a sección da web da CE en que xa se inclúen novas en galego³ mais as intencións declaradas sobre o valor real do galego na información ás veces quedan moi lonxe do que é o seu auténtico uso. Miren come se presentaba a noticia:

A lingua galega vén de dar un paso máis no camiño de recoñecemento como lingua cooficial no ámbito europeo. Desde agora, toda a información vinculada con Galicia e Europa poderá ser difundida en galego e castelán, na web da Comisión Europea.

Unha información sobre un proxecto europeo de cooperación en Tanzania, no que participa a Dirección Xeral de Cooperación Exterior, abre este servizo para a difusión de información bilingüe en galego e castelán. A partir de agora, a actualidade de Galicia en Europa contará con este espazo no que tamén terán presenza outras noticias das comunidades autónomas españolas, en catalán e éuscaro.

Comparen co que ofrecía a web hai menos de 48 horas: unha única información bilingüe sen actualizar ou ampliar en dúas semanas⁴

³ «A través de Europa – Noticias de los Estados miembros», en <http://ec.europa.eu/index.es.htm>

⁴ <http://ec.europa.eu/news/around/archives.es.htm>. Captura feita o 7 de novembro, ás 19.21 horas. Información en galego datada do 26 de outubro.

Imaxe N.º 2. <http://ec.europa.eu/index.es.htm>, en *A través de Europa – Noticias de los Estados miembros*. Versión na rede o 7 de novembro

Políticas de la UE

Al servicio del ciudadano

Posibilidades de financiación

Trabajar en la Comisión

Legislación

Publicaciones de la UE

Quién es quién

Cómo localizarnos

Prensa

Blogs

Artículos por temas

A través de Europa

– Noticias de los Estados miembros

1 2 3 4 5 6 7 8 9

06/11/2007

Una exposició mostra l'aportació de la UE als municipis catalans

Què ha fet la Unió Europea pels municipis de Catalunya i com aquests municipis han contribuït a construir Europa. Aquest és el trajecte, en dues direccions, que mostra l'exposició "Municipis que fan Europa" organitzada per la Diputació de Barcelona.

26/10/2007

La Unión Europea financia un proyecto de cooperación en Tanzania, tras identificación de la Xunta de Galicia, que evalúa los recursos hídricos de las comunidades rurales del distrito de Same

Este proxecto liderado por Enxeñeiros Sen Fronteiras, tivo o apoio doutras comunidades autónomas. Unha vez realizadas as tarefas de indentificación, acadou o financiamento do programa Water Facilities da Unión Europea, que pretende duplicar a súa poboación beneficiaria. Este proxecto liderado por Ingenieros Sin Fronteras, tuvo el apoyo de otras comunidades autónomas. Una vez realizadas las tareas de indentificación, consiguió la financiación del programa Water Facilities de la Unión Europea, que pretende duplicar su población beneficiaria.

10/10/2007

Sharing the sights and sounds of Europe

2. A LINGUA NON ESTÁ NAS PRIORIDADES DE DEMANDA SOCIAL AOS MEDIOS

Hai unha investigación aínda inédita en que nos diriximos a 999 alumnas/os dos 7 campus galegos para intentarmos identificar as súas preferencias canto aos contidos mediáticos e as ausencias que detectaban na prensa. Alén dun primeiro inquérito a eses 999, seleccionamos cerca de 500 para unha segunda fase do estudo⁵.

Nesta fase, durante dous meses puxemos cada día nas conserxarías das súas facultades un exemplar de *La Voz de Galicia* e creamos un enderezo web a que cada alumno (identificado con clave persoal) accedía para anotar o tema que lle parecera máis importante dos publicados cada día. A este grupo de case 500 fixémoslle unha segun-

⁵ Investigación desenvolvida desde o Grupo de Investigación Novos Medios e financiada pola Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia. En fase de publicación.

da enquisa a través de cuestionario remitido por correo electrónico no que queríamos saber o seu grao de confianza na prensa e as características que debería ter o seu xornal ideal.

As preguntas do que botaba a faltar no periódico eran abertas. Non había ítems-guía porque queríamos pulsar as preocupacións do colectivo estudado e categorizar despois. Os universitarios pídenlle á prensa máis compromiso e que explore novas maneiras de facerse máis participativa deixando espazo ás opinións e debates dos cidadáns. As mozas e os mozos galegos queren un medio que saia á rúa, que recolla as denuncias cidadás, os temas de debate social, que dependa menos do discurso das elites económicas e políticas e recupere a súa vocación de servizo público. E consideran necesario que os xornais permitan o diálogo, a interactividade que agora xa ofrecen outros medios, especialmente Internet...


Mais nin unha soa resposta demandou máis galego, aínda que traballamos cun grupo da elite intelectual de Galicia, xa que todos estaban no ensino universitario.

Nós interpretamos esta ausencia como unha evidencia de que a lingua non está nas prioridades sociais de demandas aos medios. Non é o noso labor profundar pero, se se nos permitir a licenza de dubidar en voz alta, seguramente sexa unha resposta global que tamén sirva para explicar como inconscientemente a lingua está en algo así como nun estadio de apatencia máis que de necesidade: agradezo as informacións en galego pero as necesidades básicas de información están satisfeitas coa información en castelán que recibo.

Os resultados de traballar con cincocentos universitarios apuntan que a lingua é un engadido, mais non unha prioridade. É como se cada entrevistado dixese: *Como lector, detecto carencias temáticas porque hai demandas persoais de información que non cobren os medios: máis ciencia e tecnoloxía, máis lecer, máis cultura, deportes máis diversificados e algo menos de política... pero non identifico como disfunción ou desequilibrio a oferta case monolingüística en castelán.*

Isto levounos a remitir un terceiro cuestionario de que xa obtivemos un baixo nivel de resposta. Eran un par de cuestións sobre o galego. As respostas redúcense a: o idioma non inflúe na compra ou na escolla de xornal aínda que, se me pregunta, coido que debería haber máis galego que castelán nas páxinas dos diarios de Galicia.

Imaxe N.º 3: influencia do soporte lingüístico nas preferencias dos lectores




Para a maioría dos mozos participantes na investigación (62%) o idioma predominante do xornal non é determinante á hora de leren ou de mercaren o diario; é dicir, importa máis o que se conta que o idioma en que se conta.

Que catro de cada dez (38%) aseguren que inclúen o soporte lingüístico entre as variables que condicionan a súa escolla informativa obriga a revisar a decantación idiomática en favor de galego ou castelán para poder interpretar correctamente este dato: a práctica totalidade dos que din que o idioma inflúe decántanse por pedir maior presenza de galego nos xornais.

É máis, cando se lles solicita que sitúen de 1 a 10 como debería ser a presenza de cada unha das dúas linguas (1, todo castelán, e 10, todo galego) case a totalidade dos que din que lles inflúe a lingua que se use como soporte decántanse por unha resposta numérica superior a 5, é dicir, favorable ao galego.

Imaxe N.º 4: preferencias de equilibrio lingüístico dos contidos



Sobre o (des)equilibrio lingüístico, dous de cada dez (22%) dos enquisados cre que a proporción do castelán sobre o galego debería ser superior á metade do xornal, mentres que a metade dos que responderon ao inquérito (49%) pensan que o galego debería superar o castelán nas páxinas dos xornais. Aínda máis, algo máis da metade dese 49% considera ademais que o xornal debería estar escrito integramente en galego.

3. A LINGUA ESTÁ FÓRA DAS ESTRATEXIAS DE MERCADO DAS EMPRESAS XORNALÍSTICAS, QUE NON A CONSIDERAN UN FACTOR RENDIBLE

A maior irrupción no panorama periodístico galego non vén da man das edicións territoriais de cabeceiras estatais, senón da presenza de diarios gratuítos nas principais vilas porque son unha aposta empresarial nova que busca facerse cun segmento de público a través da propia oferta do seu produto. Parte de cero e quere conseguir afianzarse como xornal co aval do diario que regala á audiencia, polo que é de supor que tenta facer un produto cos ingredientes máis favorables para conseguir que ese índice de aceptación sexa o máis elevado posible.

Resulta case obvio dicir que os gratuítos non son un fenómeno local, nin europeo, senón mundial. E case en simultáneo. Arrancou en Suecia con *Metro*, pero mentres en Europa empezaban a estenderse cabeceiras como *Metro* ou *20 minutos*, en Estados Unidos tamén comezaban a popularizarse outras como *Express* ou *AM Journal Express*. É un modelo en auxe que non só coincide coa perda de vendas e lectores da prensa tradicional senón que está a mudar os hábitos de consumo mediático.

Os resultados do *Estudio General de Medios* (EGM) son clarificadores. En 2006, por primeira vez un diario de información xeral supera en número de lectores as cabeceiras deportivas, que mantiñan o liderado de seguidores. E as cabeceiras de difusión gratuíta están na listaxe dos dez xornais máis lidos. O fenómeno vén algo así como unha reconciliación das audiencias cos medios informativos impresos e mesmo, nunha lectura optimista e positiva, canaliza cara ao papel o sector de buscadores de información que satisfán as súas necesidades de estaren ao día nos xornais electrónicos que se difunden na rede.

En Galicia o fenómeno non é moi distinto, aínda que pode ter as súas particularidades, sobre todo pensando en que os hábitos de lectura dos galegos xa están en certo modo instalados na gratuidade da prensa a través da consolidación do periódico (unha ou varias cabeceiras á vez) como cortesía de todos e cada un dos establecementos de

ocio de Galicia. Bares e tabernas son auténticos lugares de culto como referencia indisoluble do costume de lectura diaria dos xornais.

Imaxe N.º 5: fonte: EGM. Elaboración propia

Diario	Período Controlado: Abril 2006 / Marzo 2007	Período Controlado: Outubro 2006/Maio 2007
<i>20 minutos</i>	2.368.000	2.373.000
<i>Marca</i>	2.302.000	2.337.000
<i>El País</i>	2.099.000	2.182.000
<i>Qué</i>	1.881.000	1.883.000
<i>Metro</i>	1.674.000	1.674.000
<i>El Mundo</i>	1.438.000	1.443.000
<i>Adn</i>	1.152.000	1.268.000
<i>As</i>	1.024.000	1.067.000

Os diarios gratuítos comezan a repartirse en Galicia tres anos despois da súa aparición en España. A primeira cabeceira en Europa é *Metro* e a pioneira no Estado español é a que hoxe coñecemos como *20 minutos*. En Galicia arranca *Metro*, dous anos despois de facelo noutras cidades. *Metro Directo* iniciou a súa traxectoria en España en agosto de 2001 nas rúas de Madrid, Barcelona, Sevilla, Zaragoza, Málaga, Valencia, Alacante e Cidade Real. En Galicia pon o primeiro pé a través da Coruña o 18 de novembro de 2003⁶. Santiago de Compostela e Vigo foron os seus seguintes obxectivos en xaneiro de 2005 e en xaneiro de 2006 nas cidades de Ourense, Lugo e Pontevedra.


Os gratuítos chegaron ás cidades galegas de modo case silencioso. No mundo empresarial non espertaron receo inicial porque non se acababan de ver como competidores sólidos nun mercado xa de por si moi fragmentado en máis dunha ducia de cabeceiras locais de información diaria. Agás a participación de *La Voz de Galicia* en *Adn*, non

⁶ «O día 18 de novembro do ano 2003 os diarios gratuítos chegaron a Galicia. Aínda que a cidade herculina non ten no seu sistema de transporte o metro, agora conta cunha edición do gratuíto *Metro A Coruña*, con Lía Santiso como xefa de redacción dun produto que está resultando un éxito nas grandes cidades onde xa leva algún tempo implantado (Madrid, Barcelona, Sevilla...)». López García, Xosé, *Os medios impresos, Informe A comunicación en Galicia 2004*, Sección de Comunicación, Consello da Cultura Galega, 2004, p. 12.


houbo reacción con proxectos diarios ata que o *Grupo Progreso* decide saír con *De luns a venres* para tratar de posicionarse en dous campos desocupados da prensa en Galicia: os gratuítos, sen cabeceiras diarias de referencia, e o galego, coa única proposta no quiosco de *Galicia Hoxe*.

Dos xornais que controla a *Oficina de Justificación de la Difusión* (OJD) a finais de 2006, entre os que non está nesa altura *De Luns a Venres*⁷, hai máis lectores dos gratuítos que dos de pago.

Imaxe N.º 6: comparativa de difusión dos diarios de pagamento e dos gratuítos en Galicia, por cabeceira. Fonte: OJD. Elaboración propia



Imaxe N.º 7: comparativa de difusión global dos diarios de pagamento e dos gratuítos en Galicia. Fonte: OJD. Elaboración propia



⁷ Estaba a saír á rúa nese mes de decembro de 2006.

Imaxe N.º 8: cifras de difusión da prensa en Galicia. Fonte: Costa/Túñez (2006)⁸

DIARIO		XULLO 05 / XUÑO 06	XANEIRO 06 / DECEMBRO 06	MARZO 06 / DECEMBRO 06	XANEIRO 06 / DECEMBRO 06
<i>ADN</i>	A Coruña	24.853		23.851	
	Vigo	29.317		28.448	
	GALICIA	54.170		52.299	
<i>20 Minutos</i>	A Coruña	26.846	26.907		
	Vigo	27.675	27.747		
	GALICIA	54.521	54.654		
<i>Que</i>	A Coruña	29.862			29.859
	Vigo	29.845			30.079
	GALICIA	59.707			59.938
<i>Metro</i>	GALICIA	35.734			37.374
TOTAL PRENSA GRATUÍTA		204.132			

Quere isto dicir que estamos a falar de 4 cabeceiras estatais que distribúen cada día máis de 200.000 exemplares e que contactan con entre 1,5 e 2,5 galegos por exemplar... Mais de 200.000 novos xornais que buscan mercado cun produto en que de cada 100 páxinas que reparten hai máis de 99 en castelán.


⁸ Costa, Carme / Túñez, Miguel: «Prensa gratuita y de pago en Galicia. Características, difusión y tendencias». Comunicación no VI Congreso de Comunicación Local, Castelló de la Plana-13, 14 e 15 de decembro de 2006, actas en trámite de publicación pola Universitat Jaume I.

Ese intento de posicionarse no mercado con produto gratuíto fai destes xornais un interesante obxecto de estudo lingüístico. Non tanto na análise cuantitativa (en que tamén entraremos) coma na cualitativa. Trátase dun modelo baseado na territorialización de contidos, cunha política lingüística editorial flexible para adaptarse aos gustos ou ás preferencias de cada territorio e dese modo conseguir una permeabilidade (un nivel de aceptación maior).

E aí o galego non só leva as de perder nas edicións galegas, fronte ao castelán, senón tamén nas comparativas con edicións doutros ámbitos territoriais do Estado. Pero, imos por partes. Revisemos os resultados dunha investigación, aínda inédita, sobre as cinco cabeceiras que se distribúen gratuitamente en Galicia no período laborable de luns a venres. Cunha mostra de estudo son 141 exemplares correspondentes a edicións da Coruña, Vigo, Galicia, Cataluña, Madrid ou Barcelona do mércores 11 de abril ao venres 27 de abril. As calas previas fixéronse con exemplares do 24 e 25 de abril; o pre-test pasouse coas edicións do 11 de abril e as medicións limitáronse a un período dunha semana comprendido entre o xoves 12 e o mércores 18 de abril de 2007, ambos incluídos.

A información está practicamente toda ela en castelán nos gratuítos estatais, con incorporación dalgúns textos en galego que estatisticamente non son apreciables. É unha estratexia empresarial axustada a cada territorio que non resiste unha comparativa con outras zonas do Estado, como as edicións para Cataluña. E, loxicamente, a edición é cen por cen en galego na información que ofrece o gratuíto que se edita nesta lingua.

Imaxe N.º 9: galego nas publicacións diarias gratuítas que se distribúen en Galicia, agás *De Luns a Venres*




Na publicidade hai máis unanimidade lingüística en torno ao castelán e o galego segue a ser testemuñal en todas as cabeceiras, independentemente do nivel de presenza maior ou menor da publicidade local ou xeral. Cando xorde, o dinamizador son as institucións publicas.


Non todas as edicións dos xornais son integramente en español pero as publicacións que se fan en Galicia son case que monolingüísticas en español. A presenza do galego na información limítase a frases de persoeiros coñecidos, aos que se lles respecta a lingua en que se expresaron cando fixeron as declaracións que se publican, ou a algún artigo de colaboradores aos que se lles permite usar o galego, e as reseñas sobre a programación do día na TVG.

Con todo, o galego ocupa o 0,84 da superficie media do xornal, da que á información corresponde o 0,2% e á publicidade o 0,64%. Non fai falta análise estatística para ver o que fan os mesmos medios con outras linguas neutros mercados:


Imaxe N° 10. Galego no gratuito *Adn*




Imaxe N° 11. Galego no gratuito *Metro*



Imaxe N° 12. Galego no gratuito *20 minutos*



Imaxe N° 13. Galego no gratuito *Qué!*



Imaxe N.º 14: contidos en galego e catalán no gratuito Metro

Els catalans volen viatges a mida
En disca amb els quingens últims

Portes obertes a la Diputació

300 Las obras del

Tras el rastro de la parea

A Coruña Conocer la ciudad

Raban 45.000 € de un banco

300 Las obras del

Tras el rastro de la parea

A Coruña Conocer la ciudad

Raban 45.000 € de un banco

Ronaldo, en Vigo

O meu libro 'Clio nas ondas' é como un diário persoal amuñado

300 Las obras del

Tras el rastro de la parea

A Coruña Conocer la ciudad

Raban 45.000 € de un banco

metro

Imaxe N.º 15: contidos en galego e catalán no gratuito adn

Metro nocturn
ELSUBURBA OBRIRÁ TOTA LA NIT AQUEST DISSABTE

ACCEPTA CON EL DECIMO

En Terra de Miranda
Roque sufre un accidente cuando pasea por el bosque

adn

adn


Imaxe N.º 16: contidos en galego e catalán no gratuito 20 minutos




Seguramente esta irrupción dos gratuítos foi unha grande oportunidade perdida para o galego; mais querendo facer unha lectura en positivo, a súa irrupción motivou a aparición desa segunda cabeceira diaria en galego⁹, *De luns a venres*, que mantén un estándar de calidade aceptable, incorpora innovacións estéticas na liña de alixeirar o produto e facelo máis atractivo visualmente que caracteriza os gratuítos; abandona a interacción coa rede e mantén a vertebración ancorada en modelos tradicionais mais non decae os nos niveis de profundidade informativa (aínda que, iso si, son bastante superficiais en todos eles), comparte os problemas de entrada no mercado local da publicidade, evidencia dificultades maiores para estar na rede de distribución das campañas das entidades nacionais e reflicte que hai marxe para unha maior presenza do local.

⁹ O día 21 de decembro de 2006, con sede central na cidade de Santiago de Compostela.

Imaxe N.º 17: ámbito territorial da información en *De Luns a Venres*. Elaboración propia



Imaxe N.º 18: a lingua da publicidade en *De Luns a Venres*. Elaboración propia



Imaxe N.º 19: contidos en galego e catalán no gratuito *Qué!*

ESPAÑA NO AUMENTARÁ EL NIVEL DE ALERTA A PESAR DE LOS ATENTADOS

ESPAÑA NO AUMENTARÁ EL NIVEL DE ALERTA A PESAR DE LOS ATENTADOS

PALSON
pequenos electrodomésticos
El regalo más brillante.

PALSON
pequenos electrodomésticos
El regalo más brillante.

Qué!

Falta por ver se a reacción empresarial ao galego ten continuidade na reacción social de aceptación do produto (gratuíto ou de pago), deixando de considerar a lingua como mero soporte para vela como un integrante máis do produto informativo e mesmo como un dos seus referentes de calidade ou como un dos indicadores capaces de configurar actitudes de consumo ou non consumo.

As tres reflexións que compartía con vostedes ao principio condénsanse, se queren, nesta última diapositiva. A publicidade en catalán en Cataluña e en castelán en Galicia.

Non é que a lingua non sexa valor engadido, é que as empresas non llo recoñecen porque non teñen presión do mercado e o mercado non ten interiorizado o galego como unha prioridade de demanda. O que non sei é como rompemos esta espiral para deixar de arrancar con balances de (des)equilibrio lingüístico do 5% en xeral e do 3,5% na información a que me refería cando comezaba a falarlles.

Bos días e moitas grazas

A negación do arquetipo

(A escrita: función social e agonía)

XOSÉ CARLOS CANEIRO

Escritor e articulista na prensa diaria

Minhas donas e meus señores:

Permítanme explicar en primeiro lugar o frontispicio desta conferencia que, por herético, talvez non sexa intelixible: A negación do arquetipo (escritura: función social e agonía). Tres sintagmas resultan enigmáticos. En primeiro lugar; arquetipo; en último, agonía; e, anteriormente, escritura. Tres palabras que non poderei explicar con máis tino que aquel que empregaban algúns personaxes escasamente expresivos de William Faulkner, é dicir, só poderei facelos semanticamente aptos dende a imaxe e non dende a concreción. Foi Faulkner, aínda que non veña ao caso, un mestre do inexpresable, que por non expresar foi incluso capaz de facer da «non expresión» un acto artístico. O silencio participa da estética. Beethoven e Mozart defenderon tal postura e o mestre Antonio Gamoneda, en privada conversación, confesoume que deixou de escribir durante dez anos porque descubriu que o silencio tamén podía resultar revelador. O silencio non é habitual no noso país, senón o ruído da inxuria e da calumnias. Claro que vostedes saben coma min que os escritores, no decurso da historia, estamos definidos e defendidos pola nosa obra e non por outros ruídos mediáticos, hábiles para o presente pero inútiles para o tempo e a memoria. Decía, antes da digresión, que Faulkner converteu o silencio en acto artístico. Pero de «actos artísticos» quero imaxinar que falarei máis adiante. Agora quedo co título da conferencia e con este «trílogo», desculpen o exceso, que planea no meu pensamento: arquetipo, agonía e escritura.

Arquetipo, como saben vostedes, vén a ser o prototipo ideal das persoas ou das cousas. Platón contounos moitas argucias (porque todo Platón é unha argucia) en torno ao

arquetipo. Pero a Platón apenas o len no actual sistema educativo que tende a minimizar o pensar, a sublimalo, para erguer o pendón da información e do banal coñecemento. O pensamento, hoxe, importa menos que a información. Así nos encontramos unha sociedade moi informada que reflexiona con mesquindade. Unha sociedade irreflexiva que, por irreflexiva, deixou de valorar todo acto artístico que vaia máis alá do evidente. A educación preocúpame tanto e descreo tanto do actual sistema educativo que o escepticismo, ao meu pesar, vén revelándose no meu adentro como unha doenza crónica. As humanidades perderon lugar e o hipertexto da internet conquistou os homes e mulleres do planeta global. A internet, cos seus sucesivos enlaces e «links» (palabra horrenda), obríganos á irreflexión. É unha opinión persoal, certamente, que calquera de vostedes pode rebater. Pero por persoal, e rebatible, quero expoñela no preámbulo desta serie de subxectividades que se enredan en torno ao «trílogo» de que anteriormente falaba. O arquetipo, dicía. E dicía de Platón. El aplicou tal nomenclátor ás Ideas, é dicir, aos modelos perdurables das cousas. Era, o arquetipo, o espello das ideas sempre inmutables e perfectas. Eu pretendo negar o arquetipo, o modelo pensado, o prototipo ou tipo supremo. Non creo que sexa unha tarefa fácil e, fundamentalmente, sei que non é un acto politicamente correcto. Non me importa. Dende hai anos tendo a facer do librepensamento un modo de ser e estar. Non estou ao servizo de ningún público nin de ningún goberno. Estou, simplemente, ao servizo da miña arte. Porque os escritores somos artistas. Artistas agónicos, no sentido unamuniano do termo, que pelexamos constantemente en contra das circunstancias. Agonía, xunto con arquetipo, era unha das tres palabras que me preocupaban no inicio. Non preciso aclarar máis o seu significado. A literatura resulta agónica porque é unha loita constante, corpo a corpo e alma por alma, coa actualidade que marca modas e ritmos creativos. As modas e as múltiples imposicións do sistema mediático tenden a converternos en instrumentos ao mester do establecido e non, como debe ser, en reactivos contra a estulticia que impera na nosa existencia. A literatura debe ser insurxente e rebelde, sempre. De non ser así convértese en panfleto ao albur dos tempos e as súas actualidades. Insurxente e rebelde quere ser, tamén, esta conferencia. Agardo que a súa tolerancia sexa o antídoto, talvez, contra a miña impertinencia.

A última palabra, escritura, explicitouna mellor que ninguén o imprescindible Jorge Luis Borges, ao que tampouco len os nosos discentes. O mestre arxentino dixo: a literatura é un acto de fe. Literatura ou escritura, permítanme que as utilice como termos homólogos. Escribir é pensar que a literatura pode cambiar o ser humano, o existir do ser humano. Non falo de colectividades, senón de individuos. A gran literatura cámbianos. A literatura nimia serve unicamente para perder o noso tempo co afán banal do ocio. A sociedade do ocio. É a nosa. Ocio para sobrevivir. Ocio para despensar, descreer, desexistir. O ocio é o grande inimigo da escritura de que falo e de que quero

falar. Ela, e non outra causa, é o móbil que repousa detrás de todas as intencións do artista auténtico. A literatura vai máis alá do divertimento aínda que unha das condicións sempre necesarias para facer literatura, ou para facer novelas, sexa divertir. O gran Henry James apostaba por textos que relatasen, e a expresión é literal, «historias interesantes». As historias interesantes non exclúen o coñecemento do mundo e do ser humano, a linguaxe non-coloquial, a disposición orixinal dos argumentos, a prospección metafórica... e tantas outras realidades que dende a miña condición de escritor inadaptado defendo como consustanciais á literatura. Ela, dixen arriba, é o móbil que repousa detrás de todas as intencións do artista auténtico.

Terrible imposición: artista auténtico. Quen é artista? Como ser artista? Que universidade ou academia nos aprende a materia humoral da arte? Consagrarse á arte é coñecer que a procura da beleza, da voz propia e emotiva, é o único fin que perseguimos os que dedicamos a nosa vida á confección de literatura. O demais resulta anecdótico. Podemos cambiar o individuo, pero non podemos cambiar a sociedade. Non vou recorrer aos tópicos para fundamentar o meu discurso. Non vou dicir o que tantos dixeron: a imposición ideolóxica merma o poder revelador da arte auténtica. Non vou significar que o dogma é contrario á liberdade e que, polo tanto, todo o dogmático resulta aniquilador. Só quero nesta reflexión afirmar o que dende os meus inicios como escritor proclamo: o artista, como tal, débese á súa arte... nada máis. Sei que pode parecer confuso e escasamente comprometido tal ditame, pero tamén sei que só dende a arte o escritor pode **ser en esencia**, ou sexa, existir. E como o que nos reúne neste foro é o idioma, o seu uso e desuso, a súa función nos medios de comunicación, permítanme aclarar que os escritores son simplemente un dos múltiples factores, talvez o menor, que pode influír no seu prestixio e relevancia. Resulta lóxico: se o escritor non ten prestixio, a lingua en que escribe tampouco pode telo. É unha proposición simple e, como a maioría das proposicións que pronuncie nesta sesión, discutible en superficie e profundidade. Nos últimos anos vivimos con estupor a dilapidación de fondos públicos en mausoleos, esa é a exacta palabra, que non van rendibilizar en absoluto o noso valor cultural. Megalomanías pensadas por un presidente democrático que fixo da democracia un feudo; megalomanías continuadas, por ignorados motivos, por aquelas e aqueles en que algúns depositamos a nosa esperanza. Falo da Cidade da Cultura, efectivamente. Dende unha posición intelectual non se pode defender tal desatino. Calar fronte a unha afronta de tal magnitude é tamén un delito. Vou recordar o vello Bertolt Brecht cunha cita tópica pero, a pesar de todo, pertinente: «O que non se decata é un necio. O que se decata, e non actúa, é un criminal». A Cidade da Cultura é unha das maiores estafas que ten sufrido, curiosamente, a cultura do país. Unha afronta, enorme. A Cidade da Cultura nada ten que ver coa cultura propia. Iniciouse á marxe dela e á marxe dela continúa. A cultura é outra cousa. Está nas rúas e

nos centros de ensino, onde cada vez resulta máis difícil establecer unha relación afectiva e efectiva dos mozos coa nosa lingua. Está, a cultura, nos centos e centos de bibliotecas que apenas contan con usuarios e que, non obstante, seguen a ser o xermolo onde agromará a excelencia do futuro. Manter un desastre desta magnitude semella un ataque directo, voluntario ou involuntario, contra todo o que se leva sementando dende o inicio da época aperturista e democrática do recente século. Unha democracia pola que berraron os devanceiros. Unha democracia desnaturalizada e desvirtuada na que o pobo, como un personaxe de Orwell, segue a ser dirixido e estacionado na estación de ningunha parte polos estraños seres que nos administran e condicionan (o poder real segue a ser o poder económico). E digo «estraños seres», descúlpenme o exabrupto, porque teño a sensación de que o poder vai por un lado e o pobo vai por outro. A sensación de que os que mandan, elas e eles, mandan en función duns intereses ocultos que eu non quero supoñer nin supoño. E cito de novo o dramaturgo e poeta alemán: «Sobre todo examinen o habitual. Non acepten sen discusión os costumes herdados. Fronte aos feitos cotiáns, por favor, non digan ‘É natural’. Nunha época de confusión organizada, de desorde decretada, de arbitrariedade planificada e de humanidade deshumanizada... Nunca digan ‘É natural’, para que todo poida ser cambiado.» Un esperaba, na súa inocencia, que a orde natural das cousas anunciada e executada polo goberno conservador da anterior Galicia, mudase. Non foi así. Seguimos pelexando contra nós mesmos. Con acritude, con sectarismos, con demagogia barata, con adoutramento catecúmeno, con dogmatismo... con camiños que non conducen a ningunha parte e que parecen propios de tempos pasados, tristísimos, e non deste presente que todos desexamos de progreso e tolerancia e liberdade.

Creo que no noso actual sistema sociocultural, ou sociolingüístico –para ser máis preciso– hai moitas cousas que deben ser cambiadas. A promoción do idioma non consiste unicamente en campañas de márketing que empuxen os galegos a falaren e escribiren na lingua de seu. A promoción do idioma debe comezar polo respecto exhaustivo á Lei de Normalización Lingüística en todos os eidos, e no ensino principalmente. Non podemos consentir que todo o que gañamos con leis que defenden o galego –tantas– sexa obviado, por desidia, con inintelixible permisividade. As leis debemos respectalas, sen dúbida, pero debemos fundamentalmente cumprilas. Porque resulta que observamos que as administracións respectan o idioma e, non obstante, as administracións consenten a transgresión dunha lei fundamental para desenvolvernos como pobo. A promoción do idioma noso debe iniciarse no prestixio dos activos culturais que ten o país, especialmente os escritores, escasamente valorados e utilizados polas institucións para conseguiren os seus fins. Quero dicir e digo, ben alto, que confío na Lei do libro. Pero esa confianza vén determinada pola necesidade. O pro-

blema do noso país non é a lexislación, a estas alturas moi consolidada e homóloga das leis máis vangardistas de Europa, o problema do país está na execución lexislativa. Levar a efecto as propostas lexislativas. O Consello Asesor do Libro non só debe asesorar, senón implicarse na práctica. Quero dicir que os especialistas, escollidos pola Administración, teñen o deber de vixilaren a posta en práctica das leis. E se esas leis non son cumpridas deben dimitir. Abenzoado verbo: dimitir. A dimisión segue a ser o asunto pendente dos altos mandatarios que nos administran. Conxugar tal verbo con rigor e sen vaidade é a tarefa que nos resta.

A promoción do idioma está no feito do valor do idioma, non na súa exclusividade. Pensar que a estas alturas do partido o único idioma que se fale en Galicia sexa o galego é, créanme, unha inxenuidade. Pero o galego non ten por que desaparecer, nin infravalorarse. Para que o galego posúa a altura que todos desexamos é necesario, e perentorio, que se prestixie como lingua de uso común e tamén de uso culto. En galego hai que escribir textos que se traduzan, que rentúen socioloxicamente (permítanme a expresión) para un idioma que cada vez está máis protexido pero que, curiosamente, progresivamente é menos utilizado. En que fallamos? Non creo que falle o presente, senón a historia. Rebelarse contra ela na actualidade resulta anacrónico. A historia dita o seu devir e nós, por dignidade, debemos preservar a nosa outra historia. A que non queremos perder: a historia do corazón.

Teño escoitado moitas definicións do idioma, dende os que o cualifican como símbolo esencial, como representación, ata aquelas e aqueles que pretenden condicionalo como único risco identitario. Eu creo que o idioma é un sentimento, non coñezo unha aproximación máis concisa. Polo tanto vai máis alá do símbolo e da identidade. Pero o idioma non pode ser un cárcere, ergástula de que non poidamos nin queiramos saír. Hoxe resultaría fatuo, reitero, pensar que o galego pode ser o idioma único que se fale no país. A sociedade desenvólvese nos dous idiomas cooficiais e os individuos, que son os que conforman a sociedade, fan o mesmo. O que estou a declarar sei que non resultará do agrado de todos os presentes e sei, tamén, que resultaría máis correcto certificar neste foro unha ansia polo monopolio do galego. Non o vou facer porque a inocencia (etimoloxicamente o «non coñecer») resulta tamén lesiva para os intereses dos individuos e do seu futuro. Preservar o galego é unha obriga. Preservar a liberdade, tamén. Sabemos que os inimigos do galego utilizan con frecuencia a voz «liberdade», con tanta frecuencia que en moitas ocasións resulta ridícula nos seus labios. Pero os que non somos inimigos do idioma tamén debemos utilizar tal sintagma: liberdade. Os inimigos do galego protestan polos decretos que defenden o idioma e, no entanto, nunca protestaron pola implantación de terceiros idiomas (o que tampouco sería xusto). Non protestaron cando a nosa lingua sufriu persecución, e agravios. Nin protestan

cando a liberdade dos que queren un ensino en galego para os seus fillos se ve conculcada.

Outra das escusas que esgrimen a miúdo os inimigos do idioma é a súa normativización: os enfrontamentos entre lusistas e ortodoxos, entre reintegracionistas e integrados. Permítanme declarar, con vehemencia e certa soberbia, que non coñezo un argumento máis falaz. As normativas fixan regulamentacións, normas. As normas non fan idioma e as normas non marcan uso. Sempre encontrarán vostedes, mesturadas, estas dúas palabras á hora de combater o galego: a liberdade e a norma. Prégolles que non se fíen daqueles que reiteradamente as utilizan. Hai unha terceira palabra referencial: Constitución. A Constitución, imaxino que a de 1978, é unha das primeiras lanzas que se recolle para escarnecer o contrincante na disputa idiomática. Acódesse á Constitución con violencia, incluso. Non se fai referencia a ela cando outras das súas proclamas son transgredidas. Permítanme poñer algúns exemplos que estarán agora no caletre de todos: a igualdade entre homes e mulleres, *verbigratia*. Ou o dereito ao traballo, sen que se invoque á Constitución cando o INEM proclama os índices de paro. Ou o dereito á vivenda, que vai moito máis alá das medidas subvencionadoras que o goberno de Madrid, cunha política errada, leva a cabo nestes días. A Constitución debería servir tamén para garantir a pervivencia dos idiomas minorizados, e non minoritarios, como o galego. E merece ser invocada tamén en tales circunstancias. Polo demais convén declarar que as normas xurídicas que gobernan o uso das linguas foron refrendadas no período democrático. A Lei de normalización lingüística e o recente Decreto polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo deben cumprirse, simplemente. Cumprirse, reitero. A Lei e o Decreto son o verdadeiro espello democrático da cuestión lingüística na sociedade, pois foron sancionados polos máximos órganos de representación da cidadanía: o Parlamento e o Goberno saído das urnas. O demais é o antidemocrático ou anticonstitucional e, xa que logo, censor e intolerante.

Non obstante, reitero, non vou facer deste argumento o fío da miña conferencia. Só quero falar dende o punto de vista dun escritor, que é o único que son. Non son, polo tanto, nin moralista nin paladín das moitas éticas que conviven neste bosque de faunos. Aos escritores defínenos a nosa obra, non a nosa postura moral. Son escritor, reitero, e a miña obra literaria está exclusivamente redactada no idioma de Nós. Non creo que por este feito a miña obra literaria sexa máis moral que a doutros galegos que escolleron outra opción idiomática para a súa expresión artística. O idioma non fai nin mellores nin peores os textos. Igual que o pensamento correcto ou incorrecto do autor non debe recalar en valor engadido, ou subtraído, ao valor literario. Nós non somos garantes da pervivencia do idioma, como durante tantos anos quixeron significarnos, somos simplemente escritores que escribimos en lingua galega. Nego,

pois, o arquetipo: o modelo que nos considera fundamentos do uso e valor do idioma. A nosa función é outra. Moito menos revolucionaria. A función real do escritor é darlle cabida á arte neste mundo banal, vulgar, e mediocrizado. Creo que ao longo dos anos nos escritores galegos, é dicir, os escritores que escriben en galego, caeu maior responsabilidade que esa que en rigor lles corresponde: a causalidade artística. Tanto peso acabou por afogar algúns autores, e autoras, en discursos ideolóxicos fatuos e certamente lesivos para a propia arte. O grave problema das literaturas ideoloxizadas é que en múltiples ocasións desvíanse, ou son desviadas, da realidade (e a pesar de que queren facer da realidade social, ou política, o seu centro motriz). Explícome. As ideoloxías desvirtúan a función artística que, per se, nutre a súa condición nos territorios ficcionais e non nos espazos obxectivos. A Álvaro Cunqueiro non lle interesaba ideoloxizar a Selva de Esmelle, senón facela fermosa con instrumentos fónicos e semánticos, as palabras. A Blanco-Amor, na súa ideoloxizada *Xente ao lonxe*, non lle pesou máis o argumento político que o argumento artístico. E a grandeza de Ferrín, que é o noso autor historicamente máis ideoloxizado, non se oculta polas súas metáforas independentistas. Non obstante, e isto é o que máis me perturba ultimamente, as ideoloxías tomaron ao asalto a novelística máis recente con argumentos guerracivilesco deplorables. Declárome canso da guerra civil e os seus repetidos esquemas maniqueos. O atroz maniqueísmo que unha vez tras outra algún dos nosos máis reputados autores, ignoro o motivo, itera e reproduce. Serei cauto e non citarei algunha desas novelas, pero imaxino que a intelixencia dos presentes permite enxergar as miñas inclusións e exclusións. A literatura, nin a galega nin outra, non está feita para o adoutramento nin para o dogmatismo. O dogma, teño sinalado en múltiples ocasións, resulta contrario ao librepensamento ou á liberdade de conciencia do ser humano. O dogma minoriza, vulnera e degrada a extrema condición de insurxencia en que debe moverse a creación artística. Reitero, a literatura que este autor propón é insurxente. Ou resistente. Debe resistir fronte ás proclamas da comodidade e debe vivir, e sobrevivir, cunha semántica distinta á semántica do coloquial. Os significados literarios non son os significados da realidade, senón do que habita a outra parte da realidade, o seu envés. Este é o motivo polo que teño declarado en múltiples ocasións o meu desprezo da linguaxe denotativa e informativa, tan modélica e habitual na narrativa contemporánea. Será, na miña opinión, a linguaxe connotativa e metafórica a que deba regresar ao actual discurso literario para devolverlle vigor e presenza na historia da literatura.

Non quero centrar as miñas reflexións espirais na ideoloxía, nin nas súas presións, pois dende hai anos sosteño que o exceso ideolóxico lastra o presente e futuro das nosas letras, o seu peso específico. Quero regresar ao fundamento da miña conferencia: a negación do arquetipo; ou sexa, a necesaria consideración do escritor como

creador á marxe dos didactismos e as didácticas. Nos últimos anos semellan camiñar parellos dous conceptos non necesariamente tautolóxicos. A magnanimidade e a galeguidade. Escribir en galego converte en seres excepcionais os que practican tal hábito e, na súa contra, significa como malévolos os escritores galegos que escriben en castelán. Incluso máis, rara vez se utilizan as mesmas varas de medir. E iso é o que fundamentalmente me encrespa, encoleriza. A literatura galega, se quere ser grande, debe estar escrita con ambición de grandeza. Non con ambición de correccionismo político. Débese, polo tanto, aos principios que xeran e producen o canon literario e non a criterios acordos coas modas. A última moda na nosa literatura é o guerracivilismo, dixen. Destestable na miña opinión, debo reiteralo, polo simplismo maniqueísta que traza as súas diéxeses e fíos argumentais. O silencio da crítica especializada, a universitaria, con respecto a estes modismos nefastos prodúceme pavor. O aplauso reiterado dalgúns conspicuos próceres do sistema, asómbreme (quero dicir que me aprofunda na escuridade: as sombras de que tanto falaron os mestres Fole e Dieste). Sinalo habitualmente que o tempo ha de poñer cada obra no lugar que xustamente lle corresponde. Ao tempo encomendo estas palabras contracorrente. Esta oposición frontal a que o sistema literario galego, carente de públicos amplos, sexa condicionado por referentes afectivos. É dicir, que sexa a proximidade emocional do autor a que condicione a opinión dos que deben vulgar a obra. Isto ten sucedido de modo común na diacronía de todas as literaturas. Na nosa, pola carencia de públicos amplos (reitero) esta predisposición afectiva ten consagrado as medianías de modo fraudulento. Dixen e digo, como o admirado Francisco de Quevedo: «No he de callar por más que con el dedo,/ ya tocando la boca o ya la frente,/ silencio avises o amenazas miedo...»

Outro dos defectos que teño sinalado, en contra do sistema literario galego, fai referencia á inflación de literatura infantoxuvenil que padecemos. Algúns autores chegaron á seguinte conclusión: se o que máis se le é literatura xuvenil, fagamos literatura xuvenil. Literatura da inmadurez. Literatura inmadura (desculpen a hipérbole... pero permítanme, por favor, a discrepancia). Incluso máis, aquí ten maior prestixio social o que escribe historietas de adolescentes que aquel ou aquela que pasa anos, e máis anos, edificando textos que poidan ter cabida na magna historia da literatura. Falo da literatura sen adxectivos, ou sexa, a grande literatura. Sei que non é correcto o que digo, pero conviría repensar o papel da literatura infantoxuvenil nas nosas Letras. E digo por que. Porque se durante tantos anos de lecturas oficiais e obrigadas non conseguimos levantar o idioma, senón ao revés (porque esa é a realidade estatística), teremos que concluír que os beneficios non son tantos como lle supoñemos a este tipo de literatura. A que maior prestixio social outorga, reitero. A que leva os autores aos centros de ensino. A que visibiliza. A literatura que existe, pois.

Esta é outra das razóns, por non dicir a fundamental, que me preocupa nesta exposición: a función social da escritura. Gustaríame trasladar o discurso ao noso ámbito, o galego, por posuír condicionantes e características que o particularizan. En primeiro lugar convén aclarar que nós sufrimos unha historia distinta á doutras literaturas. Ese período que vimos denominando «séculos escuros» alongouse en demasía no noso territorio. Marcounos, significounos no silencio e rompeu a brillantez dunha literatura que non tiña parangón na Europa protorrenacentista. Posteriormente sufrimos unha declinación económica/social que non sufriron as culturas catalá e española por exemplo. E carecemos, por riba, dunha burguesía que alimentase o vigor dos signos identitarios. A literatura estivo ao servizo do idioma, e non ao revés. Esa é a maior eiva que observo cando quero enxergar o pasado de Nós, da nosa literatura. Ela, como actividade artística, debe estar próxima a outros obxectivos. O labor do escritor non é estar ao servizo da lingua, nin da nación. O labor principal do escritor, na miña sempre discutible opinión, é estar ao servizo da excelsitude e perdurabilidade da arte.

Velaquí o epítome de toda a miña obra: escribo con intención pura e exclusivamente artística. Consagrarme á arte é o modo máis honesto que coñezo para servir o meu país. Claro que a estas alturas do partido xa me sobran as servidumes. Acostumo observalas decotío no labor de moitos dos meus colegas, entregados ao postulantismo político, á defensa das siglas e non á defensa da individualidade. A literatura é un labor profundamente individual, e desculpen que a miña opinión contradiga o marxismo histórico e as doutrinas sociais que deixou en herdanza. Cando a arte intenta tornarse colectiva perde o seu único punto de referencia: a liberdade. Arte en liberdade, creación en liberdade, escritores en liberdade. Parece unha palabra gastada. De tan usados, determinados conceptos perderon valor diferenciador. Desafortunadamente. As diferenzas de criterio e as diferenzas de facto son necesarias para a supervivencia dunha cultura minorizada (e non minoritaria, apunto de novo) como a galega. Polo tanto sexan benvidas as diversas opcións artísticas persoais e, tamén, a diversidade asociativa. Atrás quedaron, imaxino, as vellas propostas da «fronte cultural» única. O verbo empregado, créanme, é absolutamente intencionado: imaxino. Non sexa que algún preboste da nosa cultura intente reaccionar, ou sexa, volverse reaccionario, e primar a unicidade e homologación en contra da diversidade e heterodoxia. O pensamento único é a peor serpe á que se enfronta o escritor. O pensamento único é unha derivación do pensamento débil que ten popularizado a industria editorial de modo alarmante. Ambos confluírían no que eu quero chamar **pensamento previo**, é dicir, o que resulta latente antes da destrución do pensamento como tal e, polo tanto, do individuo como centro e motor da historia. Unha situación similar estámola a vivir estes días en torno á educación e ao sistema educativo. A nova Lei de Educación pon en valor os valores, permítanme a redundancia. Pero os valores perderon vigor na

sociedade actual. Incluso diría máis, estamos a cuestionar seriamente a pervivencia do sistema educativo tal e como o coñecemos ata agora. A escola corre risco de desaparición, e falo da escola no sentido lato e amplo da palabra. A escola, o instituto, a universidade... deben cambiar para sobreviviren a estes malos tempos que vivimos. En Estados Unidos xa experimentan con alumnos que non acoden ao seu centro educativo de referencia. Para aprehender contidos neste mundo globalizado abonda cun óptimo programa informático e unha estratexia eficaz. O titor, antano referente socrático, pode pasar a ser un ente cibernético perfecto. Deshumanizado, pero perfecto. Esa perfección de que tanto nos falaron Orwell, Huxley, Bradbury ou Philip K. Dick con aquela frouxa novela titulada *Soñan os androides con ovellas eléctricas?* que, a pesar da súa escasa estatura, deu lugar a unha das películas máis reveladoras, por metafórica, da contemporaneidade, *Blade Runner*: Película distópica, se me permiten o termo. Foi John Stuart Mill quen nos falou na fin do século dezanove de tal concepto. Distopía en contradición coa utopía que estudara Tomás Moro. Distopía para significar tamén esta actualidade que banaliza o sistema educativo, o impulso esencial da arte, o valor –reitero– dos valores. Négame a que a miña, a nosa, sexa a sociedade contraria da sociedade ideal. A distopía fronte á utopía. Négame a crer que a excelencia e a sabedoría e o humanismo –que nunca poderá ser substituído por un ente cibernético– non teñan presenza e vixencia na Galicia contemporánea e futura.

Non hai nada máis necesario para Galicia que a heterodoxia. Aos escritores non nos quedou máis remedio que opoñernos á política opresora da anterior Administración e debemos ser cautos, porque esa é a nosa función, á hora de repartir aplausos á Administración actual. Os intelectuais non estamos para a dádiva nin para o encomio constante, aínda que a prensa de Madrid que edita en Galicia, cos seus columnistas, tome empeño no contrario. O intelectual débese á reflexión crítica e, a ser posible, lúcida e novidosa. Nada máis lonxe do que está a suceder actualmente no noso país. De modo recorrente observamos que a aquiescencia e a servidume é o motivo constante da nosa intelectualidade: outrora crítica e agora submisa e sometida. Non acerto a comprender os motivos de tal cambio. Se me permiten o personalismo direilles que eu intento estar onde sempre estiven: habitando a rebeldía, a disidencia... e a resistencia, tamén. Velaquí o papel que debe xogar o escritor actual. Velaquí a negación do arquetipo que veño anunciando dende que comecei esta reflexión urxente. O arquetipo é unha etiqueta. E as etiquetas son os obxectos máis sinistros que eu coñezo, e vou dar fe do mesmo, en primeira persoa e con vehemencia.

Estou etiquetado como soberbio, petulante, pretensioso, vaidoso e moitos máis adxectivos que non anoto. Algúns deles promocionados por algúns colegas de baixo rango (moral e estilístico) que, faltos de talento, se dedicaron nos últimos anos a

faceren do insulto contra a miña persoa un modo de vida. Dende hai anos pido que se me xulgue unicamente pola miña obra literaria pero os necios e estólidos, na súa necidade e estolidez, seguen a considerarme por unha imaxe predeterminada que eu nunca quixen determinar. Non me importan os agravios que teño recibido, ningún deles. Incluso máis, creo que é un honra ser mal considerado nestes tempos en que as maiorías, todas elas, teñen tan boa consideración de si mesmas. Esta traxedia iniciouse hai xa sete anos, cando «sufrín» a desfortuna de ganar dous premios o mesmo día. Dende aquela tiven que soportar todo tipo de agravios, vía internet ou vía crítica sebosa e repugnante. Nunca se argumentou aquela guerra que se emprendeu contra min e que, vou confesalo neste foro, case consegue eliminarme. Por fortuna non foi así. E, como ven, sigo tan iconoclasta e soberbio, petulante, pretencioso e vaidoso como sempre. Sigo coas miñas etiquetas colgadas da lapela, para que me distingan aqueles que a falta de obra consistente e vigorosa gastan o seu tempo deostando, aldraxando e ignominando os outros. Teño por honra pasar por «un ser de desconfianza» do nacionalismo, onde militei con carné nos anos difíciles, por escribir algunha columna en castelán ou por criticar algúns modos de facer política. «Un ser de desconfianza» para o socialismo, por non aliñarme coa cohorte de intelectuais orgánicos e a súa prensa oficial. E adversario declarado do conservadorismo, por razóns obvias e que dende hai anos, con nome e apelidos, veño patentizando en *La Voz de Galicia* (diario en que teño o privilexio e a honra de escribir e que fai do seu título, *La Voz de Galicia*, o seu constante principio existencial). Non me quere ninguén, imaxino que vostedes tampouco. Pero presumo de escribir libremente o que creo que debo escribir. Eu non escribo para que me amen (xa saben, son un ser incorrecto). Non escribo para que me amen... como afirman a maioría dos meus colegas. Eu escribo porque amo a literatura. Escribo sen estar atado a outra sigla que non sexa a miña liberdade de conciencia. Loitando, contra o tempo e contra as modas, para que a miña literatura poida desafiar o tempo e as modas. Esta e non outra creo que é a función social da escritura que eu quixen significar nesta serie de pensamentos, en fío, ou en río. Desculpen o caos. Afirman os físicos que do caos, da desorganización do universo, naceu a terra. Velaquí o meu desexo, que a terra siga a nacer. Que non deixe de nacer nunca. Miñas donas e meus señores, moitas grazas.

A lingua galega na prensa: unha singradura de presenzas e ausencias.

O caso dos primeiros textos en galego na prensa do século XIX

ROSA ANEIROS

Escritora e técnica do Consello da Cultura Galega

Señor Emprantador da Gazeta de Santiago: Eu quixera espricarlle ben craramente canto se folga ó meu corazon co á millor das novidades que teño visto na miña acordanza: falo da orde que veu para que as aldeas escollan Jueces á seu gusto, é para botar por terra todas esas gavelas con que nos esmagaban desde hay tanto tempo un fato de señores que eran mais ríspitos para nos, que os mesmos reis. Eu non sei falar con retrónicas, porque non andiben na escola dos jasuitas, que, si non son novas de camiño, din que foron moy guapos para os rapaces, que tiraban deles grandes poetas; é sobre todo, que na quel tempo andaba ó mundo moy acougado; ben que si nosos páis foron tan bos, non sei eu como non saliron os fillos mais arrellados: ó que me fai pensar, que sempre oubo traballos no mundo, é tamen bestas no tempo dos jasuitas. Mais, sexa como for, ó que eu quero, é darlle á vm. as albrizas do ben que nos fan as Cortes, tirándonos de un cautiverio, que pouco lle marra para ser ó do anamigo malo; é para esto, é decerlle catro cousas que sente ó meu corazon, direillas de calquera xeito, mais que digan que somos gallegos é no nos entendemos.

Así comeza o primeiro texto publicado en lingua galega na prensa de Galicia. Foi escrito por R. González Senra e publicado na *Gazeta Marcial y política de Santiago* o 5 de febreiro de 1812. Non pensen que tardou tanto. A prensa editada en Galicia acababa de nacer da man de *El Catón Compostelano* en 1800, apenas doce anos antes, e só catro anos antes, en 1808, vían a luz os primeiros diarios editados no país ao abeiro da guerra napoleónica. O 29 de setembro, tamén de 1812, Xan de Mingucho escribe un artigo comunicado unha vez máis na *Gazeta marcial y política de Santiago de Compostela*. Comeza así:

Sr. D. Redactor da Gazeta Marcial.= Muy señor mio é grande amigo: O moito cariño que lle tomei po los seus escritos, faime ter á gana ó menos de velo, xá que po la vergonza non podó ir á vila á falalo. Eu solle Xán de Mingucho, que vivo no lugar dos Abruños, é escribólle ésta po lo que levo dito, á mais porque oín decer que moitos levan correspondenza con bustede sin verse. Eu, aunque son borrico sin poderme explicar como quixêra, por non ter á sabenza estrutiva, no me faltan os sentidos pra diferenciar é conocer as cousas. Elle tanto ó que lle me alegra oír os seus discurrimentos da Gazeta, que con licencea de Dios é de sua mercé, teño mexâdo nos gregescos algunhas veces, por ver tantas craridades como dice, que sin carantóna podemos dicir agora, é sin medo. Si bustede soupera como lle saben á certos lagartos arnales, é que cara lle poñen, tamen se habia de rir; eles rabéan coa gazeta, pero ó mesmo tempo estoupan por vela. Moito tiña que decerlle sobre desto é outras cousas; pero oxê non podó, porque estou de mal xâcer, porque nesta noite pasada unhas malas almas me esfolaron seis carballos que tiña moy estimados, como ó están facendo á outros moitos, solo por vender á casca ós coireiros das frábecas.

Por que nacen estes textos neste momento histórico e non antes ou despois? Os primeiros anos do século XIX estiveron marcados en España polas encarnizadas disputas entre absolutistas e liberais, entre os partidarios dos privilexios estantíos do Antigo Réxime e os avogosos da Constitución. Era o momento de verter sangue e tinta polas ideas defendidas, de aferrarse a un réxime feudal que non acababa de morrer ou de gastar ata o derradeiro alento polo soño da liberdade e da igualdade encarnados na Carta Magna de Cádiz. En Galicia, esta batalla ideolóxica foi encabezada por homes que asumiron a defensa acérrima dunha ou doutra ideoloxía. Manuel Pardo de Andrade, Sinfiriano López, Juan Ventura, o impresor Rey, Sebastián Iguereta ou Antonio Benito Fandiño dende o bando liberal e Freire Castrillón, Manuel Martínez ou Juan Chacón dende o absolutista fixeron das primeiras décadas do século XIX un apaixonante período de controversia ideolóxica que se materializa en conflitos sangüentos e en batallas nas páxinas da prensa acabada de nacer. Uns e outros –liberais e absolutistas– descubriron axiña o poder dos novos púlpitos de papel e non renunciaron ao seu poder comunicativo.

O CONTROVERTIDO INICIO DO SÉCULO XIX NO PAPEL

Esta efervescencia política e social tradúcese, tras o primeiro momento álxido da loita antinapoleónica, en mensaxes encontradas, insultantes, agresivas e condenatorias que enchen as páxinas das primeiras cabeceiras galegas. *El Sensato, Gazeta Marcial y*

Política de Santiago, El Heráclito español y Demócrito Gallego, El fiscal de los jueces ou a Estafeta de Santiago constitúen algunhas das cabeceiras testemuñas da loita ideolóxica entre os partidarios dos dous bandos enfrontados. A prensa, que se estreara co discurso doutrinal en *El Catón Compostelano* e pasara xa polas arengas contestatarias da Guerra da Independencia, aséntase nas primeiras décadas do século XIX con mensaxes puramente opinativas onde tiña máis cabida o discurso ideolóxico panfletario ca o ámbito noticioso, cinguido a apuntamentos de carácter bélico e político. Aquí aparecen os primeiros textos en galego na prensa periódica marcando xa a tendencia do que vai ser o desenvolvemento posterior da nosa lingua nos xornais.

Os modelos discursivos responden ás necesidades do emisor e do receptor e, neste proceso, o valor da lingua galega resulta clave. O abano de tipoloxía de mensaxes que encontramos neste período é diverso. Atopamos o enxalzamento dos valores patrios fronte aos franceses, presentes en textos dialogados e poemas que chaman á loita contra os invasores galos. Atopamos os diálogos creados polos liberais para avogar pola causa constitucional, pola redución do poder do clero e pola libre constitución dos concellos. Atopamos os diálogos escritos polos absolutistas para criticar a libertinaxe dos liberais, a aldraxe a que someten os cregos e a súa falta de valores morais. Atopamos a poesía áulica que gaba as figuras monárquicas e motiva o pobo á súa admiración. Atopamos as frases e os artigos comunicados presentes na prensa galega escrita en castelán que figuran asinados por labregos e dos que, pola contra, coñecemos a súa autoría culta. Atopamos, en definitiva, todas as modalidades expresivas que viron a luz en galego nas primeiras décadas do século XIX e que supoñen un periplo polos avatares sociopolíticos que sacudiron a Galicia coetánea. A súa importancia comunicativa resulta crucial pola vontade manifesta dos promotores de divulgar información e influír con ela no estado de opinión dunha poboación cada vez máis protagonista no desenvolvemento dos acontecementos históricos.

Cada modalidade expresiva contempla unha finalidade diferente auspiciada por persoas de diversa índole pero, en xeral, os textos do século XIX ofrécennos creadores e públicos de condición dispar. Deste xeito, sempre se trata de redactores cultos, unha minoría letrada en castelán, que emprega o vehículo da lingua galega para dirixirse a unha poboación maioritariamente analfabeta e galegofalante. A dicotomía existente entre as condicións sociais do emisor e do receptor provoca que os intereses dun e doutro non sexan coincidentes e mesmo sexan opostos. Algúns autores chegan incluso a falar dun claro abismo entre promotores de periódicos a inicios do século XIX e a opinión pública dominante. Os emisores, pertencentes a clases con recursos, son escasos e utilizan habitualmente para o rexistro culto escrito a lingua castelá. Porén, nas primeiras décadas do século XIX encontramos algúns promotores que, coñecendo

a barreira lingüística que supón o descoñecemento do castelán pola maior parte do seu público obxectivo, deciden facer uso da lingua maioritaria, o galego, para difundir a súa mensaxe. Con todo, non abonda co uso do galego escrito para chegar á poboación porque estes textos teñen que chegar a persoas que non saben ler. Para superar esta eiva, estes promotores deciden utilizar uns modelos expresivos que faciliten a lectura en voz alta e motiven á conversación. Non se trata só de que sexan reproducidos senón de que inciten ao debate e, para iso, preséntanse como diálogos ficticios de pretendida aparencia real. A busca da verosimilitude reflíctese a través de textos ateigados de referencias de tipo escénico, acontecementos políticos coetáneos e citas de personaxes da vida pública da época que procuran unha empatía co receptor. A finalidade propagandística resulta máis que evidente pola temática abordada e polo ton dialéctico de gran parte dos textos escritos en galego na primeira metade do século XIX.

AS FÓRMULAS DIALOGADAS

Para isto, unha das modalidades expresivas máis utilizada nas primeiras tres décadas do século XIX para a escrita en lingua galega, e aquí descúlpenme unha pequena digresión, foi a fórmula dialogada. Baixo a aparencia de verosimilitude e transcripción fidedigna da realidade, preséntansenos uns diálogos (insertos na prensa da época ou en folletos propios) en que contertulios ficticios abordan diversos asuntos da vida relixiosa, política e local da época. A pugna liberal-absolutista que sacode a primeira metade do século XIX español está presente nestes textos anónimos que foron escritos para seren lidos en voz alta e contrarrestar así o poder comunicativo dos púlpitos relixiosos nunha sociedade que demandaba cada vez máis protagonismo de seu.

Falamos dunha modalidade expresiva que está presente tamén na prensa, tanto en lingua galega como en castelá, especialmente en cabeceiras como a *Gaceta Marcial y Política de Santiago* ou o *Boletín Oficial de A Coruña* onde se publican varios diálogos. Os anos 1820 e 1836 foron os de maior éxito na publicación de tertulias. Así, en 1820 ve a luz «La tertulia en la Quintana», «Diálogo entre Dominjos e Farruco sobre administraron de xusticia da súa aldea» e «Sigue la tertulia en la Quintana». No ano 1836 publícanse «Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco y Freitoso» (setembro de 1836); «Tertulia de Picaños» (31/10/1836); «Diálogo segundo en la Alameda de Santiago» (15/11/1836); «Sigue la Tertulia de Picaños» (15/12/1836); «Diálogo tercero en la Alameda de Santiago entre los mismos Cristovo, Farruco y el cura consabido» (31/12/1836); «Parola que houbo entre Goriño, Antelo, Farruco Allende e Antón Térela a tarde de carta feira d'a outra semana n'a taberna de

Cacheiras, relatada ó pé da letra por un urbano que á oeu agachado tras d'unha pipa; ó que viña de camiño (1836); «A tertulia de Concheiros. Diálogo entre Pascual, Basilio, Alberte y un cura» (data dubidosa) e «Encuentro y coloquio que tuvieron na pontella da Chainsa, cercana a la vila de Noya, Gurumete, Pedro de Atanasio e Pepe Alonso, o día 13 de novembro de 1836 en que se nombrou o Auntamento Costitucional» (1837). Son en total once tertulias editadas en folletos de seu –ás que hai que sumar outros diálogos como os poemas de Vicente Turnes, «O preiteante» de Gómez de Ferrol ou «Espello de diputados» de Florencio Pol e aqueloutros publicados na prensa– que nos permiten establecer parámetros comunicativos comúns.

A proximidade emocional co receptor é lograda mediante recursos relacionados coa lingua, coas referencias locais e co perfil *rústico* dos personaxes, así e como mediante a introdución de anécdotas cotiás na conversa. Todos estes factores producen no público unha sensación de credibilidade e verosimilitude que sitúan, por un lado, os protagonistas como persoas humildes, honradas e dignas e, polo outro, os curas, alcaldes e letrados como auténticos amantes do bo vivir e defensores da antiga lei. As tertulias galegas dos anos 1820 e 1836 non só se redactaban coa finalidade dunha lectura colectiva senón que pretendían fomentar as conversas na rúa. As diferentes versións achegadas, o carácter dialóxico e mesmo a controversia exposta nalgunha tertulia favorecen o debate entre os cidadáns. Debemos ter presente que ata ese entón as decisións de transcendencia política tomábanse en altas esferas. Logo da guerra da Independencia e a proclamación da Carta Magna de Cádiz, o cidadán percibe que a súa opinión tamén conta e decide tomar a palabra. Pero para a participación na vida social e política fai falla unha educación e, en certa maneira, un *convite* para esta que sexa efectiva. Os liberais defenden nas tertulias a liberdade de expresión e proclaman o dereito de se pronunciar sobre diferentes aspectos políticos e relixiosos ás persoas consideradas *rústicas*, é dicir, posúan ou non «retrónica». Estes diálogos escritos, ademais de informar, fomentan a discusión política, o que nos leva novamente a afirmar que a estratexia de comunicación dos seus promotores é non só premeditada senón produto dunha intelixente reflexión sobre o poder da comunicación na sociedade incipiente.

O VERDADEIRO PULO: O TÍO MARCOS DA PORTELA

O legado destes textos protoxornalísticos do primeiro terzo do século XIX será herdado corenta anos despois pola primeira gran cabeceira escrita en galego: *O Tío Marcos d'a Portela*. En 1876 Valentín Lamas Carvajal decidiu publicar un semanario na nosa lingua que recollese a fonda tradición popular oral e estableceu os seus contidos a

partir de parrafeos co que pensaba chegar máis doadamente ao seu público obxectivo. A creación dun personaxe, o *Tío Marcos*, o carácter dialóxico ou o emprego da lingua galega son algunhas das características que, nunha primeira aproximación, amosan a pegada das tertulias galegas dos anos 1820 e 1836. Mais contra finais xa do século XIX, a prensa presentaba ideas e tamén literatura. O Rexurdimento non sería tal se non tivese a prensa como vehículo expansivo dos poemas e de breves relatos que botaron dende mediados do século XIX as sinaturas do cego Turnes, os irmáns Camino, Lamas Carvajal, Pondal, Curros ou Rosalía, na boca das xentes. A concepción xornalística dos autores deste tempo e das súas posibilidades adoutrinadoras e divulgativas acadara o seu primeiro cumio coa publicación do xa citado *O tío Marcos da Portela* en 1876, a primeira publicación integramente en lingua galega. Os seus parrafeos non deixaron indiferentes a ninguén e a súa influencia sería relevante noutras publicacións que xurdiron na época seguindo o seu exemplo, como *A Fuliada* de Betanzos (1883) e da Coruña (1887-1888), *O Galiciano* de Pontevedra (1884-1886), *A Tía Catuxa* de Pontevedra (1889-1891), *A Monteira* de Lugo (1889-1890), *O Labrego* de Lugo (1891-1893), *As Burgas* de Ourense (1894-1895). Antes, *O Seor Pedro*, *O vello do Pico Sagro* e as tertulias e diálogos da Quintana e da Alameda alertaran das posibilidades da difusión no papel da lingua, dos versos e, tamén, do discurso político. Se a poboación non estaba preparada para ler a prensa, habería quen lla lese. A importancia do papel periódico como divulgador sería, xa, imparabile.

Mais non só en Galicia a prensa en galego vive a finais do século XIX un pulo considerable a partir do éxito d'*O Tío Marcos da Portela*. O día 5 do mes de Santiago de 1885, a cidade da Habana contempla o nacemento do primeiro xornal galego na emigración. É *A gaita gallega* promovida Manuel Lugrís Freire e Armada Teixeira. A publicación di na súa primeira tocata:

O renacemento literario de Galicia vai collendo noas forzas, y-a nosa lingua ocupa hoxe un posto brillante entr'as rexionales

e

(...) Nosoutros pensamos qu'a lingua qu' enxendrou o portugués e castellano; a lingua que a-o sigro XIII é XIV estivo en uso n-as Castelas, e casi n-a' España enteira, com'a mais própea pr'o linguaxe d'as musas; a lingua en qu' Alfonso o sábeo escribeu as mais brandiñas cántigas, a língua co'a que Curros Enriques fai despertar n-o peito o santo entusiasmo pol-a pátreia e Rousalía Castro fainos ouir a parola d'os anxeleños; a lingua en qu' as noxas nais nos insinaron a sentir as primeiras emocións; i a lingua é dina, é merecente de que teña n-o Novo Mundo un periódico escrito sosmente n-ela.

«Nosoutros que adouramos á nosa terra con verdadeiro amore; nosoutros, os gallegos de Cuba que seguimos c'ó cariño d'un bo fillo todol-os xeitos que tom'a rexeneración d'a pátreas; -nosoutros non podemos por méenos qu'axudar, c'ó qu'as nosas pequenas forzas poidan, á erguer d'a deixadez enque por longo tempo estivo, a docina fala d'os nosos abós. -E de moita importancia pra nosoutros o protexela: verbo divino enque coñecemos os primeiros e mais ledos sentimentos cando picariños; acento brando n-o que aínda viven as nosas santas tradicións; úneca nota qu'ó corazón d'ó emigrado atopa pra lembrar a quirida terra; lingoa doce en que se reflexa o noso xenio; enque ruxe a harmonía d'os regatos e se sente a vaga melancolía d'a Suevia; o deixala n-o olvido é aldraxarnos a nosoutros mesmos, é renunciar por comrepto a que sea un feito o que pra moitos é un tolo desexo». (*A gaita gallega*. Tocata primeira).

A explosión de cabeceiras en lingua galega foi esmorecendo co comezo do novo século pero, aínda así, tivo fitos significativos como a creación d'*A Nosa Terra* en 1907. A creación das Irmandades da Fala en 1916 anovou os azos para as publicacións periódicas en lingua propia e con ela toma folgos *A Nosa Terra* e *Nós* (cuxo primeiro número se datou en Ourense o 30 de outono do 1920, co subtítulo *Boletín mensual da cultura galega, órgano da sociedade galega de publicacións 'Nós'*). A aparición destas cabeceiras supón o primeiro grande alento de modernidade para as publicacións en lingua propia. Con *A Nosa Terra* entra de cheo a opinión e a información e tamén un compromiso firme cos problemas acuciantes do país. Da man de *Nós*, convertémonos en referente para Europa, convertémonos como o desexo de Risco nunha célula de universalidade, en que a cultura e a identidade propia se reafirman grazas a compartirmos a literatura e os estudos de antropoloxía, lingua, xeografía ou historia co resto dos intelectuais europeos que se traducen nas súas páxinas. Vicente Risco, Otero Pedrayo, Castelao, Cuevillas, Cebreiro, Victoriano Taibo, Losada Diéguez, Cabanillas, Vilar Ponte, Couceiro Freixomil foron algúns dos egrexios artistas que cultivaron as súas páxinas.

Con esta arela nace *Nós* o 30 de outono de 1920:

Pra ledicia de todos e pra ensino de moitos sae oxe *Nós*. É a ansia qu'oxe sinte Galicia de vivir de novo, de voltar ó seu ser verdadeiro e inmorrente, a evidencia lumiosa do mañán, o que nos fai sair. Temos unha fe cega, asoluta, inquebrantabel na vitalidade e no xenio da nosa Raza, e mais na eficacia do noso esforzo pra levala ó acomprimento do seu fado gregorioso. Oxe chegou á vida na nosa Terra, unha xeneración que se deprocatou do seu imperioso deber social de crearen pra sempre a cultura galega. Endexamais foi meirande a nosa

actividade creadora. Nós ven a recoller todos ises esforzos d'integración da Patrea galega no seu xa rico polimorfismo. (...) Nos ha ser un estudio piedoso e devoto, cheo de sinceridade, de todol-os valores galegos: dos nósos valores tradicionás, e mais dos valores novos que cada día estanse creando na nósra Terra. Nós ha ser a repersentación no mundo da personalidade galega na súa ansia de s'afirmare coma valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra. Nós ha ser a afirmación para sempre do verdadeiro ser de Galizia, do Enxebrismo, no que ela tén, debe e quere persistire. O Enxebrismo é a nosa orixinalidade específica, a nósra capacidá de creación, o nósro autóctono dinamismo mental. Querendo suprimir entremediaros antr'o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, Nós abre as súas páxinas a prestixiosas personalidades estranxeiras que contan de nos honrar co'a sua colaboración e tamén ha informar ó púbrico galego do movemento das ideas no mundo civilizado. Nada mais. E ós que s'asombren da nósra confianza, da nósra firme ledicia ó principiar o traballo rudo, hémoslle decir que temol- a evidencia de sermos os milleres, os mais doados, os mais fortes; de que total-as forzas do esprito están conosco, d'equé imos trunfar por sermos nós, por sermos galegos, e por seren o Tempo e o Mundo os que o piden... Nós conta achar agarimo e xenerosa axuda en todol-os que sintan d'iste xeito. A todol-os que nos lean. Saúde e terra.

Mais, xusto cando xorde esta nova xeración de visionarios que quixo situarnos no mundo. Xusto cando a prensa estaba a vivir un momento crucial de consolidación dos espazos informativos e non só de opinión. Xusto cando nacían novas modalidades expresivas como a reportaxe ou a *interview* ou as enquisas, a liberdade de expresión fica dramaticamente truncada pola guerra civil de 1936. A partir de aí, o silencio interior e o éxodo, principalmente alén mar. Pero non ficamos calados ante a barbarie. *Nova Galiza* nace en Barcelona en 1937 pola forza dos escritores galegos antifascistas exiliados en Cataluña. Sería unha das primeiras publicacións nadas no inminente exilio. Mais, cos anos e a distancia, xermolarían moitas máis, entre elas *Galicia Emigrante* de Luís Seoane, *Adiante* (Bos Aires, 1954), *Vieiros* (México, 1959) ou *A Nosa Galiza* (Xenebra, 1967). A experiencia mediática ampliaríase ás iniciativas nas ondas radiofónicas. Entre elas podemos sinalar *Sempre en Galicia*, emitida en Radio Carve de Montevideo dende 1950, *Galicia Emigrante* (Bos Aires) ou o *Galician Programme* da BBC.

Bos días galegos, eiquí Sempre en Galicia. A continuación, a muiñeira de Chantada. Así comezan dende hai máis de cincuenta anos as emisións en galego dunha hora de duración no Río da Prata. Aínda hoxe, o programa nacido da man de Lois Tobío e

Xesús Canabal, entre outros, continúa a deitar as nosas palabras no neboeiro do inmenso mar sudamericano.

A TRANSICIÓN

Na Galicia de aquén mar a aparición da revista cultural *Grial e Terra e Tempo* viñeron a romper un silencio que se prolongou durante case catro décadas de réxime franquista. En 1976, xa rematada a ditadura, naceu en Santiago de Compostela *Teima*, o primeiro semanario de información xeral escrito completamente en galego; e, pouco despois, volveu á vida *A Nosa Terra*, dirixida por Margarita Ledo Andión. A estreada democracia permitiu que abrollasen numerosas revistas escritas na lingua de Galicia, como *Encrucillada*, *A Trabe de Ouro*, *Agália*, *Andaina*, *Dorna*, *Artesán* ou *Tempos Novos*, mais houbo que agardar case vinte anos antes de que aparecese un xornal de información xeral. *O Correo Galego*, primeiro e único diario de pago impreso que emprega a lingua galega en todas as súas follas, édítase na capital de Galicia dende o 6 de xaneiro de 1994 e a súa posta en marcha constitúe unha das iniciativas máis firmes dos últimos anos a prol da normalización lingüística. Dende o 17 de maio de 2003 a cabeceira denomínase *Galicia Hoxe*.

Hoxe en día, é *Galicia Hoxe*, o único dos trece diarios¹ que se editan en Galicia que emprega o galego en todas as súas páxinas. No caso dos gratuítos, a situación é moi similar, e só *LV. De Luns a Venres* –pertencente ao Grupo El Progreso e publicado por primeira vez o 21 de decembro de 2006– aposta pola lingua galega para achegarlle a información aos seus lectores. Con respecto ás publicacións periódicas, cómpre salientar a existencia de tres cabeceiras de información xeral –*A Nosa Terra*, *A Peneira* e *Tempos Novos*– e dúas de carácter cultural –*Grial* e *A trabe de ouro*– escritas integramente en galego. O semanario *A Nosa Terra* pasou por distintas etapas dende os seus comezos como voceiro das Irmandades da Fala ata o seu renacemento a finais da década dos setenta. Na actualidade, édítase en Vigo e afronta a celebración do seu centenario con importantes cambios de deseño e coa posta en marcha dunha edición dixital diaria.

¹ Os xornais que se editan en castelán en Galicia son *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Atlántico Diario*, *El Progreso*, *Diario de Pontevedra*, *La Opinión de A Coruña*, *Diario de Bergantiños*, *La Región*, *Diario de Arousa*, *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol* e *El Correo Gallego* (do mesmo grupo editorial que *Galicia Hoxe*).

Por outro lado, existe unha gran vitalidade da prensa comarcal, con moitas cabeceiras que aparecen e desaparecen. Así, os datos do Arquivo da Comunicación de Galicia do Consello da Cultura Galega indican que un 48,7% das publicacións periódicas galegas teñen unha distribución a nivel de barrio, local, comarcal ou parroquial, por oposición a un 51,3%, cunha difusión provincial, galega, estatal ou internacional, inda que estes datos debemos tomalos con precaución, pola fragilidade que caracteriza estes microespazos, en que as publicacións desaparecen, rexorden ou son substituídas por outras novas con certa frecuencia. No panorama xeral destas publicacións de proximidade, convén destacar que o perfil da publicación periódica local en Galicia é o dunha revista escolar, de periodicidade anual e escrita en lingua galega. Os principais editores de publicacións periódicas en Galicia son as institucións públicas, que están detrás dun 54,45% das publicacións, mentres que un 45,54% son de titularidade privada. Os centros educativos, os concellos, os museos locais e as fundacións públicas representan os principais promotores públicos, mentres que no ámbito do privado destaca o esforzo que levan a cabo as asociacións culturais, os clubs deportivos ou os partidos políticos. Curiosamente, é neste ámbito onde a lingua galega vive con maior forza, xa que unha parte importante destas publicacións son monolingües en galego ou bilingües cunha alta porcentaxe de galego nas súas páxinas.

Mais non só os medios impresos verán a multiplicación, aínda que tímida, da lingua galega nas súas páxinas como referente informativo e de opinión. Os medios públicos audiovisuais, particularmente a Televisión de Galicia, serán os grandes difusores da lingua propia. O 25 de xullo de 1962 TVE efectúa a primeira retransmisión televisiva dende Galicia con motivo das festas do Apóstolo en Santiago de Compostela, mais non será ata o tamén 25 de xullo de 1971 cando se inaugure o Centro Territorial de Televisión Española en Galicia con sede na compostelá rúa do Vilar. O director en funcións era Fernando Cubedo. Pero haberá que agardar tres anos máis, ata o 16 de agosto de 1974, cando comece a emisión de *Panorama de Galicia*, para poder termos un informativo diario en lingua galega. Once anos máis tarde, o 24 de xullo de 1985, inaugúrase a TVG, que emite en horario reducido, e o 1 de setembro dese mesmo ano comeza a programación da televisión pública de Galicia. Uns meses antes, en febreiro de 1985, fora a Radio Galega quen romperá as ondas do aire coa emisión de contidos informativos en lingua galega. Antes, Radio Galicia permitíranos escoitar a voz de, entre outros, Antón Fraguas na nosa lingua. Coa transición democrática, varias emisoras públicas locais comezan timidamente a empregar a lingua do país. Se no ámbito público o emprego da lingua galega é maioritario –a pesar de que o recorte de programación propia en TVE-G diminuíu drasticamente a emisión de contidos en galego– no ámbito privado as tornas viran en sentido contrario. Moitas das televisións locais emiten os seus contidos principalmente en galego. Ademais, o denominado «apagón

analóxico» dos vindeiros anos e a eclosión de canles televisivas farán que o tempo de emisión en lingua galega non medre porcentualmente e fiquen reducidos a un reduto do espectro televisivo correspondente ao eido público.

Pero a pesar do panorama certamente preocupante dos medios considerados tradicionais, parece que será Internet quen procure fornecer máis contidos en galego para o futuro. *Vieiros*, inaugurado o 24 de febreiro de 1996, é xa un medio de comunicación dixital de referencia para os internautas galegos e ofrece novos servizos e xerando os seus propios contidos informativos. En outubro do ano 2000, apareceu na rede *Culturagalega.org*, o portal especializado en cultura do Consello da Cultura Galega. A combinación de información e entretemento, a divulgación do galego ou a aposta polas novas fórmulas de comunicación en Internet son algunhas das súas claves. Ademais de *Vieiros* e *Culturagalega.org*, outras publicacións dispoñibles na rede, escritas completamente en galego, son as edicións dixitais d'*A Nosa Terra*, *A Peneira*, *O Sil* ou *Código Cero*. En realidade, a presenza do idioma en Internet nos últimos anos está a multiplicarse grazas á proliferación de bitácoras que, ademais de *desinstitucionalizar* o seu emprego e afastalo de políticas públicas, conseguiron que o idioma chegase ata lugares e ámbitos temáticos antes inexplorados. Precisamente é neste ámbito que anda a facer as beiras entre o privado e o público onde parece decantarse o maior número de alegrías para a vitalidade mediática do idioma galego. As bitácoras persoais deitan nas súas páxinas contidos informativos e abren as vías ao denominado periodismo cidadán. O intercambio de fluxos comunicativos multiplicouse vertixinosamente nos últimos anos grazas á opción lingüística privada dos usuarios. Sen subvencións nin a cambio de publicidade, centos de usuarios ou blogueiros decidiron abrir o seu mundo ao infinito empregando como canle de comunicación a lingua galega. E veñen demostrando que a opción dunha lingua concreta non restrinxe o ámbito de comunicación senón que vén sendo apoiada por millóns de internautas en todo o mundo. Se xa a experiencia de *culturagalega.org* evidenciaba un número importante de visitas dende os lugares máis distantes do mundo, os comentarios e proliferación de páxinas persoais en lingua galega sacoden a xeografía planetaria sen restrición de fronteiras ou usos horarios. A experiencia da revista *RenovaGaliza* ou do sitio *Fillos de Galiza* fai que, como lembraba Débora Campos, a autora do blog *fiosinvisibles.blogspot.com* elaborado integramente en lingua galega dende Bos Aires, e citando a Manuel Rivas:

Por iso e dunha vez hai que pensar en romper certos nichos mentais e comezar a pensar que o mapa de Galicia é o mapa mundi

Efectivamente, talvez teñamos que comezar a pensar na divulgación da lingua galega non só a través dos medios tradicionais senón a través da rede fundamentalmente; e nese océano inmenso que é o mundo onde deitar os nosos propios tramallos, a lingua galega pode ocupar un lugar fundamental como lingua de comunicación non só dos galegos do aquín mar senón dos galegos espallados por todo o mundo, ben sexa polas correntes migratorias que nos precederon ou pola diseminación laboral actual.

Así, no post de fiosinvisibles do 22/08/2007 liamos:

Futuro perfecto

Volto con esta teima de socializar a miña ignorancia. A semana pasada, nas *Xornadas Buenos Aires Gallega: Inmigración, pasado y presente* asistín con moito interese á ponencia do director do departamento de Lingua e Literatura galega do Instituto Santiago Apóstol de Bos Aires e profesor de galego na Universidad de Belgrano, Carlos Rodríguez Brandeiro, quen chamou a atención sobre o pouco que se fala galego na cidade de Bos Aires. Entre outras cousas, Rodríguez Brandeiro dixo:

«Na diáspora, a lingua galega non xoga na actualidade o papel que lle corresponde. A negación cara ao seu uso (ata por persoas que a dominan), a autocorrección permanente debida á falta de autoestima, a falta de convencemento persoal e o momento que transitamos na nosa historia social emigrante deben ser revisados».

«A maior parte das variadas iniciativas para dar a coñecer a nosa cultura, todas elas dunha importancia capital, esquecen en gran medida o vehículo propio de comunicación: clases de gaita e percusión ou clases de baile tradicional onde a lingua de relación nunca é a galega; ciclos de cine galego onde a presentación da película realízase en castelán ou, tamén, esas películas son emitidas no idioma de Cervantes cando existe a versión no de Rosalía; conferencias sobre Galicia para un público galego, en castelán. E poderíamos seguir. Son estas as estratexias que nos permitirán sobrevivir cultural e socialmente na emigración cando deixou de achegar novos referentes?»

«Lograr que eses fillos, fillas, netos e netas de emigrantes galegos volvan mostrar interese polo achegamento á cultura dos seus devanceiros, conseguir que o apego á lingua de orixe non descenda de xeito tan drástico conforme avanzamos na liña do tempo e abrir unha senda para que eses descendentes poidan

involucrarse en maior ou menor medida coa esencia natural das súas orixes debese ser unha actividade urxente e capital».

Nesta beira do océano, o xornalista Marcos S. Pérez Pena deitaba no seu blog *zerovacas.blogspot.com* unha reflexión sobre o papel dos medios e Reganosa en Ferrolterra na que abordaba a cuestión do periodismo cidadá e o rol das bitácoras e medios en Internet.

A sociedade de información escolleu ás macroempresas de comunicación coma dirixentes, ideolóxica, política e economicamente. En consecuencia, a información ficou reducida a un negocio e a unha arma de presión.

Iso é o que provoca o inicio do asalto cidadán aos medios. Os cidadáns comezaron a percibir que os medios de comunicación estaban cada vez máis lonxe dos seus problemas e preocupacións, que as decisións editoriais tomábanse cada vez máis lonxe igualmente, que os xornalistas cada vez contaban con menor autonomía, e que a credibilidade e a transparencia dos medios cada vez quedara máis debilitada.

Agora, nos blogs, nas redes de información e nas comunidades virtuais escóitanse as voces dos cidadáns e dos políticos libremente, sen a intermediación dos grandes grupos de comunicación. Agora xa non é necesario atravesar gatekeeper ningún. O obxectivo deste proceso é descentralizar o debate, multiplicar os centros de poder e axentes políticos, para combater a concentración de influencia en mans dos partidos, grandes empresas, lobbies e grupos de interese institucionalizados ou apoiados nunha forte base económica. A rede facilita a organización e a comunicación interna dos colectivos de cidadáns críticos, a posta en común de informacións de interese e o debate de propostas. Asemade, fortalece a influencia que exercen sobre os medios e, sobre todo, a visibilidade social destes grupos, e a súa comunicación con outros grupos, co seu entorno e coa sociedade no seu conxunto.

Na rede estanse rompendo os muros de silencio erguidos polos grandes medios de comunicación e polos grandes partidos. Blogs, medios electrónicos, estanlles dando voz aos cidadáns, están axudando a manter vivo un debate que moitos querían soterrar. Durante algún tempo caéramos nunha espiral de silencio, na que malia unha opinión case unánime da cidadanía a prol do traslado da regasificadora ao Porto Exterior, dábase por suposto que o tema non xeraba controversia. O proceso da espiral de silencio ten lugar cando nun intre deter-

minado unha posición sobre un asunto é percibida pola sociedade como maioritaria. Esta posición maioritaria pode non ser real e ser simplemente unha percepción xerada polas estratexias dos medios de comunicación. Isto leva aos seus partidarios a manifestar publicamente as súas opinións e aos seus detractores a manter silencio, evitando dar a súa opinión, até que nun proceso de espiral o punto de vista apoiado mediaticamente chega a dominar a escena pública, mentres que o outro desaparece da conciencia pública ao enmudecer os seus partidarios. Superado o control mediático, a espiral comeza a perder forza e a rachar. O pobo fala.

Talvez a espiral de silencio de que nos falaba Noelle-Newman e recupera Marcos S. Pérez Pena debamos empregala tamén como metáfora non só para falarmos dos temas silenciados senón da lingua silenciada. E talvez o que non conseguen as subvencións e os anuncios institucionais si o poidamos conseguir os falantes, aqueles que un día foron só receptores e poden ser agora tamén emisores. Aqueles que non teñen por que trabar a lingua por imposición editorial porque teñen unha canle de comunicación propia en que se expresar. A lingua galega, como acabamos de ver, buscou ao longo da súa historia espazos de comunicación nos que se dirixir aos receptores. En función das necesidades comunicativas existentes en cada época, a lingua galega ocupou diferentes publicacións, distintos rexistros, distintos soportes e distintas palabras para se dirixir ao seu público obxectivo. Así, os textos en lingua galega de inicios do século XIX optaron polo galego para se dirixir a un público na súa maioría analfabeto e buscaron as claves da oralidade para transmitir ideoloxía nun tempo de profunda controversia política e social. Buscaban influír e transmitir confianza aos receptores. Buscaban transmitir os beneficios da constitución liberal. Logo, o galego tróuxonos a controversia do ferrocarril e a guerra contra os tributos e os caciques. Eran os parrafeos do *Tío Marcos da Portela*, do *Seor Pedro*, do *Galiciano* ou do *Vello do Pico Sacro* a finais do século XIX. Nos anos vinte do século XX a lingua galega serviu para demostrarnos que nós, tamén, eramos Europa e podíamos achegarnos á produción intelectual galega sen complexos absurdos. Tamén, con *A Nosa Terra* e nalgúns artigos do *Galicia* de Paz Andrade veu a modernidade a falar dos problemas do agro, da pesca, da educación, da política galega e de Madrid. Coa emigración, primeiro coa súa sangría demográfica e coa guerra civil que bota do país os intelectuais máis concienciados co uso do galego; despois, a lingua galega estoura na radio e nas publicacións impresas europeas e americanas para fortalecer a identidade propia fronte ao desarraigo. Na Transición os medios buscaron a lingua para contaren outra realidade distinta á que nos condenara o réxime ditatorial precedente.

Para que nos serve a lingua galega no abrollar do século XXI? A quen nos diriximos? Quen forma ese gran tecido comunicativo de receptores e emisores? As necesidades comunicativas son distintas ás que nos acompañaron noutros momentos da nosa historia. Hoxe parece imposible pensar na comunicación sen nos referir a Internet e á comunidade cibernética. Pois é aí onde a lingua galega debe ocupar o seu lugar de comunicación. Mais non debemos resignarnos a iso. Non temos por que. Os estudos sobre usuarios feitos pola administración e polas universidades levan anos demostrándonos que a lingua galega pode comunicar. Que non existe tal rexeitamento por parte dos lectores de prensa ou os espectadores. A experiencia da radio e da televisión galegas así o poñen de manifesto. Pero segue a existir medo, un medo empresarial que non ten xustificación á vista dos estudos e que, aos poucos, os usuarios debemos ir matando. Vaia paradoxos, medo á lingua, medo á lingua que nos permite comunicarnos. Cómpre romper as barreiras e parar o continuo descenso de uso da lingua galega nos medios, particularmente nos impresos. É responsabilidade de todos, non só da administración e, canda ela, das subvencións. Porque se unha lingua que sufriu tantos avatares ao longo da súa historia sobreviviu na rúa e nos medios foi porque é necesaria, porque serve para comunicar e porque é canle substancial de comunicación entre os receptores, entre os falantes, entre nós, os galegos que temos como xeografía xa non esta beira do Padornelo senón o mapa mundi. E, xogando co último fenómeno publicístico que rompeu a barreira do estritamente promocional para ir ao eido identitario, *a lingua galega, non é fea, é riquiña*. Así pois, vivamos como o que somos, galegos.

E remato como comecei, lembren, coa carta do 29 de setembro de 1812 Xan de Mingucho na *Gazeta marcial y política de Santiago de Compostela*:

Sr. D. Redactor da Gazeta Marcial.= Muy señor mio é grande amigo: O moito cariño que lle tomei po los seus escritos, faime ter á gana ó menos de velo, xá que po la vergonza non podo ir á vila á falalo. Eu solle Xân de Mingucho, que vivo no lugar dos Abruños, é escribolle ésta po lo que levo dito, á mais porque oín decer que moitos levan correspondenza con bustede sin verse. Eu, aunque son borrico sin poderme expricar como quixêra, por non ter á sabenza estrutiva, no me faltan os sentidos pra difrenciar é conocer as cousas. Elle tanto ó que lle me alegra oír os seus discurrimentos da Gazeta, que con licencea de Dios é de sua mercé, teño mexâdo nos gregescos algunhas veces, por ver tantas craridades como dice, que sin carantoña podemos dicir agora, é sin medo.

Moitas grazas

Función dos medios de comunicación no prestixio do galego

XURXO SOUTO

Director de programas da Radio Galega

Saúde e océano! Quero expresar a miña gratitude e alegría por ser convidado a achegar a miña experiencia a estas xornadas. E por poder facelo aquí, neste Paraninfo, co mar da Marola ao fondo, símbolo por excelencia dos camiños do océano e da propia dimensión cosmopolita da cultura galega.

Antes de entrarmos no miolo da cuestión, cómpre facer algunhas consideracións previas:

1. A primeira é unha verdade de pata de banco: os medios de comunicación prestixian as linguas (como o fan a literatura, os ensaios técnicos ou os tratados xudiciais)
2. O galego ten éxito nos medios de comunicación. Ou dito doutro xeito, existen colectivos, audiencias potenciais –sexan galegofalantes, ou non– desexosos de consumiren (utilicemos esta expresión gremial) contidos audiovisuais en galego.

Ao redor desta lingua non existe ningún tipo de estigma ou pecado orixinal que impida o seu triunfo nos medios de comunicación. É máis, as experiencias que aquí quero compartir indican xustamente todo o contrario.

3. E se a presenza do galego –e dun galego propio– non avanza máis nos medios é por unha dinámica de «preguiza social», sustentada nunha similar preguiza –cando non clara indiferenza– na dirección política das administracións que deberían tela impulsado.

1. A PREGUIZA SOCIAL

Na chamada *transición española* o conxunto da sociedade fixo un exercicio de autocrítica. Puxo en cuestión a formación recibida nos anos do franquismo e esforzouse en descubrir outras realidades ideolóxicas e lingüísticas invisíbeis para a ditadura. Entón o galego agromou nos medios de comunicación impresos. Tivo presenza nas emisoras de radio privadas, tamén nos centros territoriais da radio e da televisión española en Galiza. E dese mesmo pulo social naceu a demanda colectiva que propiciou a creación dunha radio e dunha televisión pública galega.

Despois deste grande exercicio de autocrítica e de catarse, segundo o impulso social se foi neutralizando, a presenza do galego foi recuando nos medios privados. Se os seus editores son maioritariamente castelanfalantes, por que ían apostar polo uso do galego –fóra de recunchos subvencionados– cando a propia dirección política deste país non lideraba esa demanda social?

Preguiza social e falta de decisión política que instalou o desleixo tamén nos «novos» medios públicos. Así a radio e a televisión galega, dun xeito tácito, foron renunciando aos poucos á función para que foran creados –convertérense no canon, nun referente culto da expresión oral do galego– para utilizaren a lingua dun xeito cada vez máis ritual, onde os castelanismos léxicos, fonéticos e sintácticos campan con preocupante normalidade.

Todos coñecedes esta triste realidade: como a lingua galega desaparece dos beizos de moitos profesionais destes medios conforme se apaga a luz vermella do directo. Ou o grande paradoxo que senten os alumnos nas visitas escolares á Televisión de Galicia: «...mais se aquí todo o mundo fala castelán!».

2. DOS TÓPICOS MENTIREIROS

Esta *perguiza social* (e falta de decisión política) perpetúa ademais determinados tópicos sobre as posibilidades do galego como lingua de prestixio, prexuízos que ficaron asentados no conxunto da sociedade durante os longos anos de educación franquista.

Son tópicos mentireiros que funciona como verdades absolutas, mais que desaparecen inmediateamente cando se cuestionan e se lle dá á lingua galega unha oportunidade de ser protagonista.

Poño un exemplo axial: ese prexuízo que di que «o galego non vende», «o galego non serve para o publicidade». Sen demostración empírica ningunha, levados unicamente pola inercia máis provinciana, aceptouse tal argumento como un axioma. Tan grande é a súa forza, que mesmo a televisión pública que ten por lei o galego como lingua vehicular, fai unha paréntese das súas obrigas neste eido e ofrece a posibilidade de emitir publicidade en castelán.

Ai!, tópicos mentireiros! Tras aceptar, sen o cuestionar, durante moitos anos que «o galego non vende», resulta que unha axencia de publicidade se decide a subverter o tópico, converte o prexuízo en argumento e –oh sorpresa!– acada un éxito extraordinario. Refírome ao «Vivamos como galegos» da cadea de supermercados Gadis –a quen cito como homenaxe–, a campaña de maior éxito do momento.

Mais este tabú fundamentado na nada, como outros que atentan contra o prestixio do galego, alén de mentireiro é interesado. Serve para sustentar unha cosmovisión antiga, conservadora, en que fiquen perpetuada a posición de inferioridade desta lingua.

Porque o galego *vende*, e moito. Iso sábeno todos os publicistas. Reparade neste dato, na campaña publicitaria máis importante: no momento de pedir o voto, todos acoden ao galego. Está presente até nos textos dos carteis en que aparece a imaxe de Mariano Rajoy, a quen nomeo expresamente como paradigma do político que nunca utiliza esta lingua nas súas declaracións públicas.

Ollade se o galego ten prestixio, se o galego *vende*, que mesmo serve –tamén nos carteis de don Mariano Rajoy– para mudar gobernos.

3. UN EXEMPLO, O QUE TEÑO MÁIS A MAN

Formulada a primeira parte da tese, *a ausencia de estigmas ao redor do galego*, tentarei demostrar a segunda parte dela: *a súa condición de lingua verdadeiramente triunfadora nestes medios*. Para isto acudirei aos únicos argumentos que realmente domino, isto é, á miña propia experiencia.

Confeso, de entrada, que inicio unha tarefa ben agradábel. Poucas veces estiven diante dunha audiencia tan ampla e competente á que non lle fica máis remedio que escoitar a miña vida. Mais destes case vinte anos como traballador de radio, prensa e televisión estou certo que –e isto dígoo con humildade– poderei ofrecervos algúns datos de interese.

No ano 87 principiei a colaborar coa Radio Galega. Alí comprobei a inmensa potencialidade da radio como elemento normalizador da lingua. E, tamén, precisamente porque o elemento vehicular é a propia lingua galega, a súa potencialidade para crear novos contidos especialmente atractivos para a audiencia, en lugar das consabidas réplicas provincianas dos espazos de éxito das grandes emisoras do Estado.

Velaí unha mostra destas capacidades: para compor a banda sonora dunha radionovela, «Os Frigoristas», creamos un conxunto, Os Diplomáticos de Monte-Alto, que acadou puido acadar certa sona—como logo outros compañeiros do «bravú»—grazas á proxección «pangalaica» que lle estaba a dar a radio pública.

Deseguido—no ano 89—tiven a sorte de ser convocado por Antón Reixa para participar como redactor nun programa televisivo que faría historia: «Galicia, Sitio Distinto».

Diante da concepción xeral—outro tópico escuro—de que a televisión de Galiza só podía encher os seus *magazines* con contidos de corte etnográfico ou tradicional—amén de lle pór alfombra vermella ás vellas glorias da canción española cando recalaban por acó—, con Sitio Distinto o galego gañaba definitivamente no eido da televisión espazo para a modernidade.

Resumo o ambiente visual: publico a comer churrasco nun contorno bélico post-industrial, iluminación de vangarda, grupos de rock enriba dunha batea, entrevistado e entrevistador a manter unha parolada desde cadanseu auto de choque.

Con este programa Antón Reixa e o seu equipo trasladaron á linguaxe da televisión a mesma operación subversiva de prestixio do galego que xa ensaiaran antes cos Re-sentidos no eido da música. Anos aqueles en que os «gurús» insistían—seguimos con tópicos escuros—en que o galego non valía para o *rock&roll*.

Técnicas de vangarda na iluminación, realización, deseño de decorados etc. e irrupción do poder creativo da cultura popular expresada en galego, invisíbel até o momento nese contexto de modernidade. Unha verdadeira descarga de enerxía que provocou a empatía da audiencia, e o escándalo, digámolo claramente, das mentalidades máis puritanas.

Yusu Ndur, pai da nova música africana, e o Cazote de Fonfría, tocador de *trompas* da Fonsagrada, sentados en cadanseu auto de choque... Insisto, con «Galicia, Sitio Distinto» o galego chegaba e triunfaba no eido da modernidade en clave televisiva. Graváronse trece programas; por desgraza, nese momento a Televisión de Galicia decidiu non seguir apostando por tan fecundo camiño.

Cómpre continuar, pois, coa miña viaxe profesional en que unha e outra vez fun testemuña dos triunfos nos medios da lingua galega, cando fica liberada desa lea de prexuízos e se lle dá a oportunidade de ser protagonista.

Despois doutras ocupacións, no ano 92 principiei a traballar como *guionista* do programa Luar da Televisión de Galicia. Non é este o momento para entrar polo miúdo na análise dese espazo, con facetas ben interesantes que moitas veces non se consideran. Só quero darvos testemuño dunha verdadeira revolución de orgullo que de novo ten como argumento a lingua –e a música– galegas.

Volto aos prexuízos. Eis esoutro tópico escuro que proclama que nós non somos *un pobo divertido, que non temos querenza natural para o espectáculo, ao contrario do que acontece con outras colectividades, velaí, por exemplo, Andalucía, onde en cada casa hai un artista*.

Non podemos ser un *pobo de artistas* cando durante moitos anos a primeira condición para subir a un escenario era mudar de lingua. Mais que acontecería se á xente do común nos desen a oportunidade de nos expresar con naturalidade, tamén neste eido, no idioma que nos é propio?

Tal situación, insisto, foi a que vivín como espectador privilexiado no Luar da Televisión de Galicia. Falo de Mercedes Peón, e dos artistas populares, nomeadamente vidos das aldeas, que cada semana nos presentaba neste espazo. Ao comezo, naquelas señoras pandeireteiras todo era timidez. Lóxico; a pesar de que a Televisión de Galicia xa levaba moitos anos de existencia, era unha situación totalmente nova para elas. Mais unha vez que se situaban no medio da escena, e recibían a mesma iluminación que Camilo Sesto ou Miguel Bosé, púñanse crechas, afoutas e conquistaban o público co seu talento. Até entón, así o dicía Mercedes e outros estudosos da música tradicional, era difícil atopar artistas na aldea que che quixesen aprender estas músicas. A partir deste triunfo televisivo resultou que toda a xente veterana sabía cantar, sabía bailar, todos sabían tocar a pandeireta. En resumo, somos un pobo de artistas, mais fixo falta que a lingua galega agromase na televisión para que acadásemos conciencia deste patrimonio colectivo. Unha realidade que se continúa amosar, afortunadamente –e con grande éxito de audiencia, por certo– semanalmente no programa «Alalá» da Televisión de Galicia.

Nese tempo tamén, ollando de esguello o equipo que traballaba na mesa do lado, fun testemuña doutra revolución de prestixio e orgullo para a lingua galega. Refírome ao «Xabarán Club».

Máis unha vez voltamos á cuestión dos prexuízos. Após moitos anos de existencia, a Televisión de Galicia decídese por fin a gravar unha serie de videoclips de grupos que cantan en galego. Esta idea elemental –para un medio creado precisamente para a difusión desta lingua– provocou toda unha revolución sonora, cun éxito importantísimo, especialmente entre a xente nova. E creou a banda sonora con que medrou toda unha xeración –galegofalante ou non– que incorporou esta lingua ao seu patrimonio emocional, cargada de connotacións positivas, ou o que é o mesmo, cargada de prestixio.

Até o de agora falei dos medios públicos e das súas potencialidades. Dou un chouto e paso a outro territorio, creo, de especial interese na cuestión que nos ocupa: a radio privada. No ano 94 fun convidado a facer un programa en Radio Coruña, emisora asociada da cadea SER.

A un prexuízo xeral (o galego non pode funcionar na radio privada, pois non é unha lingua atractiva para a publicidade), sumábase estoutro prexuízo localista: un programa de radio en galego na Coruña tiña de ser un fracaso porque a imaxe pública di que esta é unha cidade monolingüe en castelán, na que o galego non lle interesa a ninguén etc., etc.

A pesar de tanto agoiro, «A Tropa da Tralla», así se chamou o espazo, foi para nós –Sofía de Labañou e quen vos fala– unha experiencia marabillosa que se estendeu dez anos no tempo. O mérito do seu éxito –falo con absoluta sinceridade– non estivo tanto nas persoas que realizabamos o programa, senón nos responsábeis da emisora, que obviaron tanto prexuízo e simplemente se decidiron a facelo. Unha xanela –a da radio privada en galego– que segue aberta e na que anuncio grandes triunfos a quen se decidir a ocupala. Porque, insisto, hai unha parte ben importante da sociedade que debece por ouvir radio en galego.

Unha boa radio que reflecta, por exemplo, unha realidade invisíbel até o momento para a maior parte dos medios: a dimensión da Coruña como cidade galegofalante. Nos dez anos da «Tropa da Tralla», a través das chamadas dos ouvintes, agromou en nós outra cidade, absolutamente descoñecida. Principiando pola propia toponimia do contorno. *Eis, por exemplo, o Gueivouteiro, o Xogadoiro, as Corredoiras, a Rabaleira... nomes dalgunhas das pedras percebeiras que rodean á Torre de Hércules.*

E cómpre de novo mudar de póla. Porque no ano 2005, no comezo da décimo primeira temporada da «Tropa da Tralla», tiven de deixar este espazo de Radio Coruña para me incorporar, como xefe de programas, á Radio Galega.

Voltei a sentir, noutra posición, o potencial infinito que ten a radio pública para contribuír ao prestixio do galego. A capacidade para crear modelos propios con contidos diferentes que enguedellen a audiencia, a inmensa potencialidade para contribuír, en materia de comunicación, a artellar o país.

Considerade este paradoxo: unha rapaza de Verín recibe, por diferentes medios, informacións diarias do que acontece en Londres ou Barcelona, mais élle practicamente imposible coñecer o que sucede en Viveiro, por exemplo. E un rapaz de Viveiro está en materia de información moito máis perto de Madrid ou Nova York que do propio Verín. Velaí un eido de comunicación elemental que terá que liderar a Radio Galega.

A carón das posibilidades, existen tamén graves problemas estruturais. A famosa *preguiza social* instalada en parte da redacción, que condena o galego á condición de lingua ritual. Ou o *compostelanocentrismo* alimentado durante moitos anos, que reduce a acción da Radio Galega, en materia de entrevistas, opinións, comentarios –e por ende, de audiencia– ao *hinterland* da cidade de Santiago.

Mais a potencialidade está aí, e cando se poñen en funcionamento estes valores acádanse grande logros. Velaí o «Diario Cutral» que dirixe Ana Romaní. Un programa *histórico* cargado de prestixio, que lidera, como auténtico referente, a información cultural deste país.

Outra experiencia: o *Apologhit*, primeira lista na procura da canción de verán en galego. A pesar de todos os agoiros que seguen a afirmar que a música nesta lingua non interesa, o primeiro ano presentáronse 35 cancións. Na segunda edición chegamos aos 52 candidatos, con máis de 200.000 descargas en internet.

Eis, até o momento, *a historia da miña vida*. Grazas pola vosa paciencia. Destas experiencias só tirarei unha conclusión: a presenza do galego en espazos subvencionados onde aparece tratado dun xeito paternalista, como unha lingua que precisa de mimo e coidado, non axuda en nada a aumentar o seu prestixio.

Cando, polo contrario, os contidos de maior interese agroman nos medios expresados nesta lingua, o triunfo na audiencia é total e o efecto de normalización inmediato.

Fiquemos, pois, con este retroso, o único vieiro real de futuro: non se trata de facer radio, televisión, prensa escrita ou vía internet en galego. O obxectivo será que a radio, a televisión, a prensa escrita ou vía internet feita en galego sexa a mellor. Xa sei que é unha meta aparentemente demasiado ambiciosa. Mais diante de tanta *preguiza social* cómpre, neste terceiro milenio, voltar a principiar a revolución da utopía.

Lingua, literatura e medios

SUSO DE TORO

Escritor

Unha lingua é linguaxe, non pode deixar de selo ou se transforma nunha insignia ou nun fetiche. E a linguaxe é o lugar onde existe a nosa conciencia persoal e tamén o lugar de encontro da nosa conciencia coas dos demais humanos, a linguaxe forma unha conciencia compartida. Ou conciencias compartidas, pois a linguaxe existe como linguas. E as linguas teñen un carácter duplo, encerran e mais abren, crean un espazo propio, unha comunidade lingüística e cultural, crean autoidentificación, e tamén son o instrumento para saír de si, para comunicarse con outras comunidades lingüísticas. Os intérpretes, os tradutores, sempre van diante acompañando os exploradores que buscan abrir o territorio.

Deberamos preguntarnos con toda humildade, pois a humildade é o único camiño para o coñecemento, se a nosa lingua serve ben ao carácter de linguaxe.

Desde logo que ten sido lingua plena para a nosa comunidade humana durante séculos, mais a eses séculos chamámoslles con boa razón «séculos escuros». E fórono non só para as letras senón tamén para toda a vida mesma do país, son un período en que a Galiza sobreviviu baixo a forma dunha terra sometida e espoliada, anuladas as súas posibilidades de desenvolverse e sen elites dirixentes. A nosa lingua sobreviviu entre nós como fala e como tal ten sido útil aos seus falantes, unha comunidade sometida ao atraso. Mais, e agora? Que relación mantén a nosa comunidade humana coa lingua que ela mesma noutro momento creou?

Coido que, como país, estamos a debater o que facer coa lingua. O noso país está nun momento en que toman forma, en que cristalizan, as transformacións socioeconómicas

que se veñen dando de xeito acelerado desde os anos setenta e especialmente desde a entrada en Europa. Os cambios soterrados están agora a facerse visíbeis e a Galiza estase reorganizando interiormente como país. Se somos unha miga optimistas podemos pensar que é o comezo dunha época en que nos empezamos a autogobernar efectivamente, a crear unha dirección nacional, a ter un rumbo. E consonte coa remodelación e creación dun novo «hardware» estase reformulando a nosa identidade e a linguaxe social, un novo «software». A lingua que fala a sociedade forma parte dos elementos básicos dese seu «software».

Estamos xusto no momento histórico en que estamos a calibrar que decisión tomar respecto da lingua, e a que se tome agora pode ser definitiva, sobre todo no caso de que decidamos deixala quedar porque entendamos que nos resulta un impedimento. Ese debate xordo anda en toda a nosa vida política e social e reflíctese de xeito destacado nos medios de comunicación

A nosa lingua, como todas, non só é un instrumento que habita no presente, trae memoria. A lingua ten interiorizada a historia das xeracións de falantes, as súas achegas e tamén as súas carencias. A nosa sociedade mantén unha relación ambigua, ambivalente, pois o noso pasado cáusanos ansiedade. Dunha banda os galegos temos conciencia de sermos un «nós», un «nosoutros», mais o argumento dese nós é a memoria de traballos, privacións e desprezos padecidos.

Algún día habería que considerar o papel que tivo a literatura e as ideoloxías do galeguismo en configurar esa memoria colectiva, en que medida o noso pasado non é peor que o doutros pobos que non teñen, en troques, configurada unha imaxe de si. Porque puidese ser que a literatura e o galeguismo en xeral, aínda que non triunfase como movemento político liberador quizais tivese un éxito ideolóxico notábel, un éxito en configurar a nosa imaxinación colectiva ao redor da opresión histórica sufrida. Outra cousa é se configurou unha imaxe de nós que agora nos estea a resultar positiva ou útil. O caso é que a nosa lingua contén e tráenos esa memoria incómoda. Si, a lingua tráenos autoidentificación, mais é unha autoidentificación incómoda, pois os contidos que nos trae refugámoslos.

Doutra banda, na nosa lingua tampouco se nos ofrecen espellos en que nos queiramos mirar, non se nos ofrecen modelos para ser. Todos construímos a nosa identidade nunha dialéctica entre a conciencia do que somos e a imaxe do que queremos ser. En galego temos modelos de fracaso, mais non temos modelos de éxito: non hai elites instruídas en galego, non hai elites dirixentes en galego (Porque tampouco non as

hai). Non temos modelos que ofrecer en galego; pola contra, a vida social e os medios ofrecen abrumadoramente modelos en castelán.

A mesma lingua mostra esas carencias. O noso país non viviu como tal o humanismo renacentista, a imprenta, a Ilustración... Na nosa lingua non se pensou o mundo alén dos límites da vida labrega e a das clases traballadoras, non se filosofou, non se investigou... Os niveis da vida social propios das clases dirixentes dun país normal e as experiencias e reflexións da vida culta non ocorreron en galego. Esa carencia ten tamén a nosa literatura, apenas temos pasado propio con que dialogar. O grande momento da literatura na nosa lingua está na Idade Media, cando a literatura culta é fundamente arquetípica, unha literatura arcaica que pouco lle di á xente de hoxe. Carecemos do gran momento que transformou as culturas occidentais, o Renacemento e mais o Barroco, cando o ser humano toma conciencia de si, da súa condición de criatura soa. A base da cultura occidental, da nosa contemporaneidade.

Asemade, a nosa creación literaria, sexa en libro ou sexa escrita para teatro ou televisión, ten que suplir as eivas, os baleiros da existencia da lingua galega na vida social, con elipses ou falsificando a realidade social, lingüística. A literatura en galego non pode facer a mímese da vida social, pois esta non transcorre en galego normalmente. Os escritores que fan ficción coas tácticas do realismo traducen a realidade ao galego, como se a nosa realidade social fose unha realidade estranxeira. Se quixésemos representar a realidade de modo realista teríamos que representala en dúas linguas. Realmente o realismo é imposible na literatura galega.

Pregúntome que operación mental fan os nosos lectores cando representamos nunha ficción a unha profesional cualificada ou a un empresario destacado falando na súa casa en galego coa súa dona ou cos seus fillos. Quen le sabe que iso non é real, mais nós esforzámonos en que sexa verosímil. Que operacións mentais fai quen le? Que pensa de nós, de quen escribe como real algo que sabe que é falso? De que maneiras afecta isto a nosa literatura?

Ademais desa carga ideolóxica inmanente, tamén trae ideoloxía explícita. Pois as linguas sen estado están estigmatizadas de seu, condenadas ideoloxicamente, por cuestionaren as situacións lingüísticas establecidas son sinaladas como «políticas», e no noso caso a súa defensa é tamén política, ideolóxica. A lingua galega é ideoloxicamente galeguista, máis aínda, é nacionalista. Para ben ou para mal, isto hoxe é así.

Dun modo máis específico ese galeguismo ten uns trazos marcados: é a concepción do país nacida tras o cataclismo da guerra e no medio dun sistema totalitario como foi

o franquismo. O corte coa cultura republicana fixo que o galeguismo renacesse no interior daquela Galiza aterrorizada, amputada e empobrecida cuns trazos conservadores e, sobre todo, aspirando meramente á resistencia, a reivindicar a lexitimidade e a dignidade de «o noso» e a conservar a lingua e a esencia da nosa idiosincrasia colectiva. No fondo ese programa histórico para o país e para a lingua é o que aínda pervive no galeguismo, que non conseguiu crear outro novo. Mais non é posíbel conservar; a medio prazo as cousas que se queren conservar perecen se non se actualizan. Só se conservan como adornos.

O caso é que a lingua está deixada basicamente ao coidado e nas mans dos nacionalistas galegos, que loxicamente son os usufrutuarios e propenden a sentírense detentadores do dereito moral sobre ela. Mesmo a entenderen que a lingua é o que lles proporciona a súa identidade política mesma. Unen o seu destino ao da lingua e o destino da lingua ao seu.

É evidente que esa relación entre lingua e ideoloxías é consecuencia da nosa dura historia, na que só o galeguismo foi a súa defensa, e que é preciso romper esa relación para que a lingua sexa asumida por todos, para que deixe de ser nacionalista e pase a ser nacional.

Así pois, o repertorio de contidos de memoria, a imaxe que nos achega para autoidentificarnos e a ideoloxía manifesta que connota a nosa lingua non a sitúan no centro da sociedade actual nin parece o lugar por onde avanzar cara a un futuro que a nosa sociedade busca agoniadamente.

Aínda diríamos que eses mesmos contidos semellan ser refractarios aos medios. Ou os medios refractarios a eses contidos.

Porque os medios teñen vida propia, son seres vivos. Ou quizais todos eles formen un ecosistema, un cosmos autónomo con leis propias. Non é certo que os medios sexan reflexo da realidade. Como o espello do conto de «Alicia a través do espello», son un mundo aí tras o vidro. Un mundo que vampiriza a realidade para existir, mais con vontade e necesidades propias.

Con todo, os medios son indicativos do momento que vive a sociedade, coas súas relacións de poder internas. E tamén da conciencia que esa sociedade ten de si propia. No fondo das cousas, cando nós, os preocupados pola lingua, a minoría que tratamos destas cousas, os galeguistas, falamos de «Lingua e medios de comunicación» hai algo de degoxo e mesmo de desesperación, pois sabemos que estamos a tratar do campo en que se dá a batalla decisiva e que é un campo moi difícil.

Os medios impresos, os xornais, son veteranos, teñen a memoria de décadas e décadas e expresan o «statu quo» de cando naceron: o galego era falado, non escrito. No uso do galego non só consideran factores comerciais, é que toda a súa esencia e cultura de empresa vai en contra do seu uso. Hai o caso mesmo dalgún xornal que ten teorizado explicitamente contra o galego e animado campañas contra el.

Temos ensaios, mais fálтанos a experiencia dunha aposta empresarial seria que se anime a editar un xornal en galego. É moi posíbel que nun prazo de dous ou tres anos exista o mercado para que sobreviva por medios propios un produto profesional, non marcado política ou ideoloxicamente.

Mais o centro do sistema dos medios hoxe é sen dúbida a televisión e, conectada a esta, a Rede. E aí só temos unha canle, a TVG.

A TVG, en sendo a única canle en galego, aparece así como a representación do mundo desde a nosa lingua e iso resulta catastrófico para a mesma lingua. Malia os esforzos nestes dous últimos anos por reformar e compensar a programación, a realidade humana e cultural que representa non anda moi lonxe da realidade social maioritaria, unha sociedade inculta e desvertebrada, sen espazos sociais cultos nin dirección nacional. É unha canle sociolóxica, e a súa programación loxicamente límitanos ás demandas dunha imaxinada audiencia maioritaria. E aí o galego aparece como unha fala interna entre nós, unha simulación de lingua normal, unha fala interior ao sistema lingüístico «verdadeiro», o do castelán. Aparece como unha lingua autorreferenciada e que comunica contidos locais.

É ben difícil escapar a iso, pois o galego encóntrase efectivamente no espazo político, social, cultural, humano do castelán, unha grande lingua no mundo falada por moitos millóns de persoas en moitos estados en dous continentes, con grande tradición culta e gran dinamismo. E a sociedade galega partilla a súa vida cultural, social, familiar, económica co resto da sociedade española, de maneira que é difícil separar un dominio lingüístico propio. Tamén é certo que temos proximidade, mesmo veciñanza e irmandade lingüística co portugués-brasileiro, mais a separación dos estados e da vida cotiá dificulta que sexa un espazo que amplifique a nosa vida lingüística. Aínda así, está totalmente sen andar ese camiño de que só podemos obter beneficios; o galego non está soíño no mundo, debemos ver a nosa complexidade non só cos seus problemas, tamén coas súas posibilidades: somos cidadáns do noso país, dun estado e temos un contexto lingüístico moi rico.

Mais a maioría social, o público maioritario, pode ser utilizado para anular o conxunto do país, pois unha sociedade non está formada por unha maioría, senón por moitas minorías. E as maiorías adoitan conformarse na dialéctica coas minorías, imitándoas, aprendendo delas ou rexeitándoas. Son precisas as minorías. Precisamos televisión para minorías, unha segunda e mais unha terceira canle en galego dirixidas a sectores máis esixentes.

Do mesmo modo que precisamos como mínimo unha ou dúas cadeas de radio que satisfagan as demandas das minorías cultas. Unha con programación musical culta e outra con informacións sociais, económicas, científicas...

A lingua galega, para existir, debe procurar satisfacer as demandas dunha sociedade complexa, como xa é a nosa e como cómpre para existir nacionalmente, autocentradamente, con dirección histórica. Iso quere dicir satisfacer non só un público maioritario senón tamén unha cidadanía culta, informada e que vive o seu tempo. Esa cidadanía culta debe poder vivir en galego. O galego debe planificar o espazo para que exista esa minoría que vive en galego e que poida ser o modelo para o que olle o resto da sociedade. Mentres iso non exista o galego non terá futuro.

